PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 45 VI lexislatura Serie Pleno

Sesión plenaria
12 de decembro de 2002

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

Punto único.- Mocións de censura:

— De once deputados e seis deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para esixi-la responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Emilio Pérez Touriño como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia (doc. núm. 6901).

Publicación da moción: BOPG núm. 248, do 3-12-2002.

— De trece deputados e catro deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para esixi-la responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Xosé Manuel Beiras Torrado como candidato á Presi - dencia da Xunta de Galicia (doc. núm.7274).

Publicación da moción: BOPG núm. 251, do 7-12-2002.

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Mocións de censura. (Punto único da orde do día.)

De once deputados e seis deputadas, pertencentes ó G.P. dos Socialistas de Galicia, para esixi-la responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Emilio Pérez Touriño como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

De trece deputados e catro deputadas, pertencentes ó G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para esixi-la responsabili - dade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Xosé Manuel Beiras Torrado como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

Presentación da moción e defensa do programa de goberno polo candidato: *Sr. Pérez Touriño (S). (Páx. 3288.)*

Presentación da moción alternativa e defensa do programa de goberno polo candidato: *Sr. Beiras Torrado (BNG).* (Páx. 3304.)

O señor presidente anuncia que a sesión se retomará ás catro da tarde coa intervención do señor presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 3328.)

Suspéndese a sesión.
Retómase a sesión.

Intervención da Xunta: *Sr. presidente da Xunta de Galicia.* (Páx. 3328.)
Intervención do candidato: *Sr. Pérez Touriño (S).* (Páx. 3338.)
Intervención do candidato: *Sr. Beiras Torrado (BNG).* (Páx. 3342.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rego González (S)* (Páx. 3350.), *Sr. Suárez Canal (BNG)* (Páx. 3355.) *e Sr. Pita Varela (P).* (Páx. 3361.)

Resposta do candidato: *Sr. Pérez Touriño (S).* (Páx. 3366.)
Resposta do candidato: *Sr. Beiras Torrado (BNG).* (Páx. 3374.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: *Sr. Rego González (S)* (Páx. 3377.), *Sr. Suárez Canal (BNG)* (Páx. 3379.) *e Sr. Pita Varela (P).* (Páx. 3381.)
Intervención da Xunta: *Sr. presidente da Xunta de Galicia.* (Páx. 3383.)

O señor presidente informa de que, de acordo cos artigos 90 e 92 do Regulamento da Cámara, a votación das mocións de censura será pública por chamamento e anuncia que terá lugar ás 11. A continuación, concédelles ós candidatos unha rolda de intervención para peche. (Páx. 3384.)

Intervención do candidato para peche: *Sr. Pérez Touriño (S).* (Páx. 3384.)
Intervención do candidato para peche: *Sr. Beiras Torrado (BNG).* (Páx. 3387.)

O señor presidente suspende a sesión ata a hora fixada anteriormente para a votación. (Páx. 3392.)

Suspéndese a sesión.
Retómase a sesión.

O señor presidente anuncia que a votación será nominal e pública por chamamento, explica o procedemento que se ha de seguir para realizar esta votación, e pídelle ó señor secretario que saque ó chou o deputado polo que vai comeza-la votación. De acordo co sorteo efectuado, a votación comezará polo deputado señor Pose Mesura. (Páx. 3392.)

Votación:*Votos a favor da moción, 34; votos en contra, 41.*

Por tanto, queda rexeitada a primeira moción de censura que foi obxecto de debate e votación. (Páx. 3393.)

O señor presidente anuncia a votación da segunda moción de censura, na que se seguirá o mesmo procedemento, e pídelle ó señor secretario que saque ó chou o deputado polo que vai comeza-la votación. De acordo co sorteo efectuado, a votación comezará polo deputado señor Ferreiro Abelleira (Páx. 3393.)

Votación: Votos a favor, 34; votos en contra, 41. (Páx. 3394.)

Por tanto, queda rexeitada a segunda moción de censura que foi obxecto de debate e votación. (Páx. 3394.)

Remata a sesión ás once e dez minutos da noite.

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Preside o presidente do parlamento, acompañado de tódolos membros da Mesa, que é asistida polo oficial maior e pola letrada señora Rodríguez Carro.

Ocupa a Presidencia o señor presidente da Xunta acompañado de tódolos conselleiros.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

O señor secretario da Mesa dará lectura á orde do día.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente): Moitas gracias.

Punto único. Mocións de censura.

Moción de once deputados e seis deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para esixi-la responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a don Emilio Pérez Touriño como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia (documento número 6901; publicación da moción no BOPG número 248, do 3 de decembro do 2002).

Moción de trece deputados e catro deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego para esixi-la responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a don Xosé Manuel Beiras Torrado como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia (documento número 7264; publicación da moción no BOPG número 251, do 7 de decembro do 2002)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor secretario

Moción de once deputados e seis deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para esixi-la responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a don Emilio Pérez Touriño como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia

Moción de trece deputados e catro deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego para esixi-la responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a don Xosé Manuel Beiras Torrado como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da moción e a defensa do seu programa de goberno ten a palabra o candidato señor Pérez Touriño.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor presidente, señoras e señores deputados, señorías, diríxome hoxe á Cámara, e, a través dos representantes da soberanía popular, a tódolos cidadáns de Galicia, porque creo que é necesario esixirlles responsabilidades ó presidente da Xunta e ó seu Goberno, porque creo que chegou a hora de cambia-lo rumbo, de gobernar Galicia doutro xeito.

Presento esta moción de censura en nome do Partido Socialista de Galicia desde a lealdade e o respecto á cidadanía, que con coraxe e sacrificio, con dignidade e orgullo, levantou a súa voz nas rúas de Compostela reivindicando un futuro digno para este país; un pobo que librou un combate heroico nas rías, para defendelas coas súas mans e protexelas da marea negra, para salva-las súas facendas e o patrimonio natural máis prezado, fronte ó desamparo e ó abandono dos gobernos de Galicia e de España.

Quero empezar rendendo unha humilde homenaxe ó pobo de Galicia, ás xentes do mar, que deron unha lección cívica, que foron capaces de substituí-la acción do Goberno ausente e dimitido das súas responsabilidades e dun presidente que lles deu as costas cando máis se precisaba. O seu pronunciamento civil pacífico, esa inmensa marea humana construída con dignidade e con coraxe, fixo saltar polos aires a resignación e o inmobilismo que desde o Goberno inocularon vostedes durante anos nas veas do noso pobo, abrindo camiños á Galicia da esperanza. Señor Fraga, eles, a cidadanía, fixéronlle a censura coas súas mans; eles, a cidadanía, retiráronlle a súa confianza. Estragou a súa credibilidade, non pode vostede seguir gobernando; vostede debe dimitir e darlle a palabra ó pobo de Galicia.

Quero tamén que as miñas primeiras palabras vaian dirixidas ós miles de voluntarios anónimos que nos devolven a esperanza e nos reconcilian e nos reencontran co mellor da civilización: a solidariedade e a unión dos pobos; que nos fan ve-la luz entre a desesperanza e a frustración causada por

tanta neglixencia e irresponsabilidade, por tanta desinformación, ocultación e engano.

Presento esta moción de censura desde a lealdade e o respecto ás institucións e ó Parlamento, Cámara de soberanía popular, para que a democracia, para que a política, non se afunda co *Prestige*, para restablece-la confianza e mante-la dignidade como país. Estivemos sen rumbo, sen dirección e sen Goberno, tan á deriva coma o buque, señorías, toda Galicia e tódolos cidadáns. De primeiras, as xentes do mar sentiron rabia, ansiedade e frustración; sentiron o desamparo e o abandono dos gobernos en medio da gran catástrofe, mais foron quen de transformar con coraxe cívica en mobilización e enerxía positiva, en dignidade compartida, toda a rabia que tiñan acumulada.

Véñenme á memoria os versos de Rosalía de Castro: "Unha vez tiña un cravo cravado no meu corazón". Velaí as raíces, as causas últimas polas que plantexámo-la reprobación e esixímo-la responsabilidade do presidente e do seu Goberno; cun profundo sentimento de tristeza, desde a dignidade e desde a ética, só desde un compromiso, desde o compromiso co meu país, coas súas xentes, xustamente desde a responsabilidade e a lealdade que lle faltou a vostede, señor Fraga.

Desde logo, os socialistas non imos culpa-lo Goberno de que se producira o accidente nin de que os ventos tomasen unha ou outra dirección, pero si esixímo-la responsabilidade do presidente e do seu Goberno pola falla de dirección e de liderado diante desta crise, polo intolerable abandono das súas responsabilidades, pola incapacidade técnica e política que amosaron, pola manipulación da información e polo uso consciente e reiterado da mentira, señorías, nun intento inicuo de enganar un país ó cal vostede e o seu partido, señor Fraga Iribarne, consideran coma un feudo medieval habitado por vasalos submisos, incapaces de pensar e de ve-la realidade por si mesmos.

A nosa moción de censura demanda responsabilidades a un presidente da Xunta empeñado en eludilas, en mentir e en oculta-la realidade, e que parece sobre todo preocupado por desculpa-la neglixencia e a insensibilidade do Goberno do señor Aznar.

Queremos esixir explicacións pola falla absoluta de previsión, pola inexistencia dun plan operativo de emerxencia, pola descoordinación e a falla de medios, pola desinformación, pola descoordinación completa, polo atraso na solicitude de axuda internacional e mesmo polo seu rexeitamento, pola decisión de converte-lo *Prestige* nunha regadeira de chapapote e por tardar máis de tres semanas en poñe-los medios materiais e humanos mínimos para evitar que a catástrofe chegara ás Rías Baixas do noso país. Pero a nosa censura vai máis alá da crítica ás decisións tomadas. A nosa censura vai dirixida a un presidente que cometeu unha grave irresponsabilidade política: o desprezo e o abandono do seu país e dos seus cidadáns nunha das peores situacións de crise da historia da nosa democracia. Esta moción de censura quere se-la expresión dun clamor social contra un presidente que en plena crise, coa marea negra chegando e invadindo a Costa da Morte, marchou para Aranxuez a cazar perdices coa nobreza.

Cando o Goberno galego opta desde o principio por minimiza-las consecuencias da marea negra intentando convertela nun simple vertido, cando o presidente desaparece e a primeira decisión que se toma é a de manipular e oculta-la información, cando se actúa con descoordinación e con prepotencia, o que nos corresponde é, desde o Parlamento, exerce-la función constitucional do control da acción do Goberno; esa é a nosa pa e esa é a nosa obrigación, para esclarecer totalmente os feitos, para saber qué pasou e por qué pasou, para valora-los efectos económicos, sociais e medioambientais desta catástrofe, cos obxectivos finais de esixi-las responsabilidades e de ofrecerlle á sociedade saídas e alternativas, propoñendo iniciativas que permitan palia-la catástrofe e afronta-la grave crise de lexitimación política que esta crise trouxo consigo.

Presentamos esta moción de censura porque queremos que a democracia funcione e que o Parlamento recupere un lugar central na vida institucional e na vida política de Galicia, ese lugar, señorías, que vostedes lle negaron opoñéndose á celebración dun pleno extraordinario para debater sobre a catástrofe e adopta-las medidas urxentes para as que saben ben que contarían coa nosa colaboración desde o primeiro momento.

Sabemos perfectamente cál vai se-lo resultado aritmético desta moción de censura. Xa vostede, señor Fraga, o mesmo día que a presentamos, adiantou que non ía prosperar. Pero fágase cargo, señor presidente, entenda, tente entende-lo

problema, de que non se trata xa de perder ou de gañar unha votación, ese é un problema sen importancia nun momento coma este, cun país que está atrapado pola desolación e pola rabia, cunha sociedade que se sente inxustamente desprezada, maltratada e enganada, cun pobo que asiste atónito e estarrecido ó terrible espectáculo do chapapote ateigando praias e cantís, matando e envelenando todo o que atopa ó seu paso. Esa é a verdadeira derrota, unha derrota de todos, ese é o resultado que de verdade nos importa, e polo que vimos aquí debater con vostede e esixirlle as responsabilidades por esta derrota de todos, do país, que lle devolva, señor Fraga, a dignidade ó país.

Deixe que os galegos falen. ¡Convoque as eleccións! Ogallá non tiveramos que presentar nunca unha moción de censura por un motivo coma este. Ogallá douscentos mil galegos, chegados de tódolos recantos do país, non tivesen razóns para manifestarse baixo a choiva, pacificamente indignados, practicamente en autoconvocatoria, o pasado 1 de decembro nas rúas de Santiago, berrando "¡nunca máis!" e esixindo a dimisión dos responsables de que o accidente do *Prestige* se acabase convertendo nunha desgracia colectiva.

Non, non fomos alí nin vimos aquí a pescar en río revolto nin temos ningún interese en alimentarnos das mentiras que vostedes mesmos producen, pero temos como oposición unha función política que cumprir neste Parlamento e temos un compromiso co noso país, coa nosa natureza, co noso mar e cos nosos concidadáns, vótennos ou non nós voten, con todos.

Presentamos esta moción de censura porque non estamos dispostos a consentir que co *Prestige* se afundan os valores da política democrática, porque non imos permitir que a actuación irresponsable dun goberno que sementou os xermolos do caos político e da pobreza e da deterioración abra un abismo entre as institucións e os cidadáns, porque nos negamos rotundamente a que o desprestixio e a deslexitimación social caian sobre a democracia e o autogoberno de Galicia que tantos sacrificios lles custou conseguir a milleiros de galegos, á cidadanía deste país. O noso papel, a nosa intención, é reconducir cara á normalidade a perigosa sensación de desgoberno que estes días pasados se apoderou de Galicia, por iso hoxe censurar ten a pretensión única de construír e de evitar que rompa a esperanza de dous millóns e medio de galegos.

O pasado día 13 de novembro o petroleiro *Prestige,* cargado con 77.000 toneladas de fuel, sufriu un accidente a 33 millas da nosa costa. Este sinistro acabou converténdose na maior catástrofe económica, medioambiental e social da historia recente de Galicia. Para que isto ocorrese tivo que media-la neglixencia, a irresponsabilidade e a incompetencia da acción do Goberno da Xunta e do Goberno de España. Aínda á espera de cómo se desenvolvan os acontecementos nos próximos días, a catástrofe alcanzou xa dimensións xigantescas e está a provocar unha marea negra aínda máis poderosa, a da indignación social de todo un pobo que asiste menos que impotente a un novo desastre medioambiental no noso país.

No día de hoxe, pendentes aínda do destino das miles de toneladas vertidas polo *Prestige* no seu descontrolado periplo polas augas galegas, pendentes aínda de saber qué vai ocorrer co fuel que queda no barco afundido, pódese facer un inventario provisional e unha breve previsión sobre os efectos desta grandiosa catástrofe. A marea negra provocada polo *Prestige* afectou a zonas de importantísimo valor ecolóxico, a maior parte delas protexidas e catalogadas polo seu interese medioambiental, paisaxístico e faunístico. A costa afectada posúe, ademais, unha extraordinaria riqueza de peixes, moluscos e crustáceos de gran valor comercial. Vai ser moi difícil que Galicia recupere totalmente a riqueza ecolóxica do seu litoral despois da catástrofe do *Prestige*. Os biólogos auguran a extinción de varias especies do medio mariño e calculan que morrerán, a causa do vertido, millares de paxaros.

O impacto económico da catástrofe é difícil de avaliar porque non pode reducirse á perda da renda dos traballadores directamente afectados, vai moito máis alá, pois afecta ás actividades das empresas auxiliares e de transformación e ó conxunto do sector de servicios, que se vai resentir pola perda de ingresos das familias de tódalas zonas afectadas. Esta catástrofe terá, sen dúbida, un impacto moi negativo na economía do país porque lesiona gravemente un dos nosos sectores productivos básicos e porque ademais incide na zona máis dinámica de Galicia, que é a nosa costa. O litoral e as rías galegas, en canto a lugares de referencia turística, poden verse tamén afectados por esta desfeita, e os mercados veranse danados pola diminución na imaxe dos nosos productos do mar e do noso patrimonio natural e paisaxístico.

As perdas para as persoas que viven directamente do mar non rematarán cando se levanten as restriccións para traballar nestas actividades. A diminución do poder adquisitivo dos mariñeiros, dos mariscadores e de tódalas persoas que desenvolven unha actividade directa ou indirectamente relacionada coa actividade pesqueira empeorará a situación de desaceleración económica, demográfica e de emigración que está a sufri-lo país. As consecuencias que a medio e longo prazo poida ocasiona-lo vertido sobre a saúde da poboación son, por agora, desgraciadamente descoñecidas aínda, mais de todos é sabido que o derivado do petróleo transportado polo *Prestige* presenta un alto nivel potencial de toxicidade, é de moi baixa calidade e ten unha elevada capacidade contaminante.

Esta é a situación, señorías, na que, coma quen di, de súpeto, se ve sumida Galicia. Toda a crise do *Prestige* caracterizouse pola decisión do Goberno de desinformar, de oculta-la información e de minimiza-las consecuencias do que estaba a suceder. Desde o primeiro momento o Goberno tentou engana-la cidadanía. Tardaron tres horas en informar do accidente, e a partir de aí iniciaron unha campaña brutal de desinformación, de negación da realidade, na que se ofreceu durante todo o tempo información contradictoria e na que se pretendeu convence-los galegos de que a situación estaba controlada e de que o buque non estaba a verter fuel. Só así se explica que vostede mesmo, señor Fraga, o día 15 de novembro afirmase que xa pasou o perigo máis grave. ¡O día 15!

A xestión desta crise provocou que a cidadanía perdera a confianza no Goberno, porque os cidadáns galegos eran conscientes da magnitude do problema, e porque aínda que nos medios de comunicación vostedes se empeñaron reiteradamente, sistematicamente, en nega-la existencia da marea negra, os propios cidadáns estaban a tocar e a recolle-lo chapapote coas súas propias mans. Cando isto ocorría, e cando todo, desde as condicións meteorolóxicas ata os informes técnicos facían prever que o desastre ía a máis, a moito máis, o señor Rajoy declaraba o día 21 de novembro que non habería máis vertidos do combustible e que non habería ningún perigo de que a marea negra chegase ata as Rías Baixas.

Vostedes non só deixaron desamparados e abandonados os galegos diante da catástrofe senón que intentaron enganalos, convencelos de que a realidade non era como verdadeiramente era. Nesta crise vostedes levaron ata un punto extremo, esperpéntico, a súa confianza na manipulación informativa, na creación artificial dunha realidade falseada a través do estricto control partidista que exercen sobre os medios de comunicación públicos, ós que unha vez máis puxeron en evidencia, botando sobre eles a noxenta tarefa de transmitirlle á cidadanía as súas mentiras e os seus intentos trapalleiros de oculta-la verdade. ¡Como non recordar aquí que hai só poucos días o vicepresidente Rajoy reducía as toneladas diarias de fuel que seguen a saír do *Prestige* a *"unos hilillos como de plastilina que al contacto con el mar se solidifican"*, rememorando aquel ministro da UCD que ó falar do aceite de colza envelenado atribuía todo a "*un bichito que al caer al suelo se muere".* A memoria dos galegos regresaba de golpe ás imaxes esperpénticas do franquismo e do tardofranquismo, desde a *Escopeta nacional* ó baño de Palomares, pasando pola colza, señorías.

A política de manipulación informativa do seu Goberno, señor Fraga, e do Goberno do seu amigo, o señor Aznar, superouno nesta ocasión tódolos límites e converteuse nunha das causas principais da indignación social, tal e como se puxo de manifesto repetidamente nestas tristes xornadas que estamos a vivir. Ademais da desinformación, a actuación dos responsables políticos da Xunta de Galicia e do Goberno de España estivo caracterizada desde o primeiro momento pola descoordinación, faltaron protocolos de actuación, material de protección, loita contra o fuel, persoal técnico preparado, e sobre todo responsables que tomasen as decisións convenientemente asesorados. O fío conductor da crise foi a descoordinación entre as diferentes administracións –concellos, Comunidade Autónoma e o Estado– e a ausencia dun centro coordinador responsable e verdadeiramente operativo, con persoas responsables á súa cabeza. Se non fose porque estamos ante a maior catástrofe que asolou Galicia nos últimos anos, case sería de risa e de rexoubeo o feito de que nas reunións da Delegación do Goberno nas que se adoptaron as decisións co director da Mariña Mercante non houbese planos nin mapas da costa galega; e os técnicos estranxeiros nin tiñan interlocutores, simplemente porque non había quen falase en inglés. Mesmo parece benévolo cualificar de terceiromundistas situacións coma esta.

Esa descoordinación, ese caos técnico e administrativo, ese caos político, é a causa de que aínda hoxe non recibisemos, señorías, unha explicación convincente de por qué o *Prestige* emprendeu unha viaxe entolecida polo océano

durante sete días, sen rumbo definido ó longo de máis de 400 quilómetros, indo de aquí para aló, ó mesmo tempo que ía sementando tras el unha mancha de fuel que acabaría asolagando case todo o litoral galego, desde Ortigueira ata Santa María de Oia, e que xa contamina tamén as costas de Portugal, Asturias, Cantabria e o País Vasco. Deberiamos poder saber se a decisión de remolcar erraticamente o buque avariado cara á alta mar foi unha decisión dos expertos ou se foi unha decisión política. E deberiamos poder saber tamén quén propuxo esa decisión, quén a tomou e con qué asesoramento, señorías, se houbo propostas alternativas, se se tivo en consideración a opinión doutros técnicos que vaticinaron, e que desgraciadamente acertaron, que o que se estaba a facer, dadas as condicións meteorolóxicas e a fenda aberta no medio do buque, era a peor de tódalas opcións posibles, de tódalas decisións.

Catro días despois do accidente, cando a primeira marea negra empeza a cubri-la Costa da Morte, o ministro de Fomento, Francisco Álvarez Cascos, atópase de caza no Pirineo de Lleida; o ministro de Medio Ambiente, Jaume Matas, descansa no Coto de Doñana acompañado polo director de Protección Civil de Galicia, e o presidente da Xunta de Galicia dá curso tamén á súa afección cinexética nun couto de Aranjuez, acompañado por outros membros do seu Goberno, entre os que figuran o conselleiro de Medio Ambiente, Carlos del Álamo, e o de Política Territorial, Xosé Cuíña. Mentres, o ministro responsable de Pesca, Arias Cañete, asegura que a rápida actuación das autoridades evitou unha catástrofe ecolóxica, e o delegado do Goberno, Arsenio Fernández de Mesa, di que o petroleiro xa non verte e que o fuel vertido ata o momento se afundirá e se solidificará no fondo do mar.

En Fisterra, en Muxía, en Laxe, en Camariñas, en Carnota, en Corcubión, en Malpica, ninguén recibiu ningunha instrucción oficial, e son os alcaldes e os voluntarios os que empezan a organiza-lo labor de limpeza en medio dunha patética falla de medios materiais. Dous días máis tarde, a véspera da ruptura e do afundimento do *Prestige,* prodúcese outro feito escandaloso: o Goberno, nun intento pueril, incualificable, de sacudi-lo problema de enriba, afirma que o *Prestige* é agora un problema de Portugal, dictame que desde logo non acepta en absoluto o Goberno luso, que deixa ve-lo seu malestar pola actuación torpe, por cualificala suavemente, e inconsistente do Goberno de España. O día en que o barco se afunde, Rajoy declara que *"las cosas han salido razonablemente bien"*, señorías. Despois, durante oito días, Portugal e Francia advirten de que se están a detectar novas manchas de fuel, moi amplas e densas, no lugar do afundimento do barco, e mesmo ofrecen imaxes tomadas por satélite que confirman estas aseveracións. As autoridades españolas e galegas empéñanse unha vez máis en nega-la evidencia, en oculta-la evidencia. O día 26 de novembro Arias Cañete di que non hai risco de catástrofe e ó día seguinte, xa con 400 quilómetros de costa cubertos de fuel, o señor Aznar afirma que o seu Goberno actúa con rapidez e con coordinación. Nese momento, a credibilidade do Goberno central e do da Xunta diante da opinión pública é xa practicamente nula, só algúns medios de comunicación privados e organismos como o Instituto Hidrográfico Portugués merecen a confianza da xente, da cidadanía.

A situación xeoestratéxica de Galicia converte as nosas costas en zona obrigada de paso e de comunicación marítima entre a Europa do norte e as rutas do sur. As políticas postas en práctica polo Goberno do Partido Popular, esquecendo a obriga de garanti-la seguridade do seu territorio e dos seus cidadáns, deixando políticas públicas básicas en mans da iniciativa privada, está a conducir en tódolos ámbitos ó desmantelamento dos servicios públicos, ó desarboramento do Estado, e realmente a política que no fondo está detrás da incapacidade de reacción do Estado, da ausencia de Estado que sentiron os cidadáns de Galicia, de España e de toda Europa, esa política de abandono e de desprestixio do público, ten tamén o seu reflexo na reducción das flotas e dos recursos que deben facer seguras as nosas costas, desmantelando o Servicio de Salvamento Marítimo e a Inspección de Buques, así como o esquecemento das medidas e dos materiais de carácter preventivo necesarios para poder afrontar con algunha garantía emerxencias tan graves como a ocasionada polo buque *Prestige*.

Esta situación púxose dramaticamente en evidencia a partir do día 13 de novembro. Ó día seguinte do accidente, o Ministerio de Fomento, que di facerse cargo da situación, anuncia que xa dispón de 7,8 quilómetros de barreiras, 14 skimers e 23 tanques de almacenamento. Esas existencias mínimas, ridículas, constitúen todo o material dispoñible no territorio de España, un dos países que ten máis quilómetros de costa de toda Europa. E o 17 de novembro, cando a catástrofe xa era un feito incontestable, estaban instalados 6 qui-

lómetros de barreiras. Entre tanto varios países, como o Reino Unido, Italia, Francia ou Alemaña, ofrecen os seus equipamentos, pero o peor é que o Goberno español, coa prepotencia que o caracteriza, e especialmente ó seu presidente, non se digna nin sequera contestar ata moitos días despois. Sete días despois do accidente, os concellos, as confrarías e as asociacións ecoloxistas denuncian publicamente a falla de medios e a desorganización das actividades de limpeza. Os afectados e tódalas persoas que están a colaborar para palia-lo desastre vense condenados a limpa-lo fuel coas súas propias mans e a almacena-la substancia recollida, altamente tóxica, nos seus peiraos, diante das súas casas, a alimenta-los voluntarios e a facerse con materiais de recollida con cargo ós seus propios medios económicos –xa de sobra afectados polo parón na actividade laboral–, a autoorganizarse eles mesmos pola ausencia de coordinación e de involucración das administracións públicas.

A solidariedade e a conciencia duns cidadáns, desesperados pero teimudos na defensa do seu mar, é a que está a levar á práctica as actuacións necesarias, onte e hoxe, ocupando o lugar dunha administración desaparecida, que non só elude as súas obrigas senón que segue a afirmar que todo está controlado, que a coordinación é perfecta e que hai medios de sobra para aborda-la desfeita. E nisto aparece o presidente da Xunta, xa de volta da súa xornada de caza en *La Flamenca,* dicíndolle ás xentes da Costa da Morte que el trae os cartos e que llos vai repartir; coma se fosen del, coma se se tratase dunha graciosa e compasiva doazón do gran patrón e non unhas compensacións establecidas legalmente, un dereito das persoas afectadas, con ese populismo barato que ás veces pon tanto empeño en practicar. E, confundindo a sinxeleza e a proximidade cunha especie de groseira autocompracencia, engade: "*Y si hace falta, me vuelvo a bañar, como en Palomares"*. Señor Fraga, vaia bañarse ás Cíes, ¡vaia alí! Mentres tanto, por pistas, camiños e areais de Bergantiños e da Costa da Morte deambulan equipos de traballadores de Medio Ambiente sen saber moi ben qué facer, sen instruccións claras e sen obxectivos concretos. Faltan colectores, ferramentas, traxes de auga, luvas, máscaras. O Exército fai unha aparición esporádica en Camelle, pero os soldados teñen que esperar horas para que lles subministren o material co que poder traballar. Só despois da manifestación do 1 de decembro nas rúas de Compostela, da visita do Rei e das denuncias reiteradas dos medios de comunicación independentes, comeza a entrega de traxes e luvas e conséguese unha implicación crecente do Exército nas tarefas de limpeza.

O día 22 de novembro, ante as denuncias pola falla de material que impide canaliza-la riada de voluntarios, e ante a preocupación mostrada pola xente das Rías Baixas ante unha posible chegada do fuel ó sur de Galicia, o presidente Fraga declara: "As Rías Baixas son as máis seguras, pero xa están tomadas tódalas precaucións", e garante pas e colectores onde faga falta. Son as palabras, por fin, do presidente Fraga.

O día 3 de decembro, segundo tiña advertido o Instituto Hidrográfico Portugués, en contra dos prognósticos da Xunta e do Goberno central, o fuel chega ás Rías Baixas. Os mariñeiros das rías de Arousa, de Pontevedra e Vigo, que desde había días se decataran de que a propaganda e a información falsa da Xunta e do Goberno central non tiña nada que ver coa realidade, procederon a autoorganizarse, sen esperar xa nada dunha administración pública da que só tiñan noticias, e falsas, a través dos medios de comunicación públicos. Botando man do único que tiñan, da súa carraxe, do seu enxeño e das súas propiedades, nunha fazaña conmovedora pola que tódolos galegos nos sentimos á vez humillados e orgullosos, a xente das rías saíu ó mar en centos de pequenas embarcacións propias a protexe-las costas de todos, a recoller 1.500 toneladas de chapapote polos máis variados medios, mesmo coas propias mans. Os habitantes das rías, sen distinción de ideas nin de idades nin de ocupacións preguntan desesperados: ¿Onde está o Estado, señorías? ¿Onde está a Xunta? ¿Onde está o Exército? ¿Onde están os medios prometidos? Faltan ata colectores nos que deposita-lo chapapote recuperado do mar. Unha imprevisión que impediu que a actuación popular fose aínda máis eficaz en lugares, por exemplo, como a Illa de Arousa. As imaxes desta inconcibible situación dan a volta ó mundo e son portada nos principais xornais españois e europeos, para vergoña dos gobernos galego e español e para orgullo, polo seu comportamento, pola súa dignidade, pola súa coraxe, do pobo galego.

As barreiras anticontaminantes chegan ás Illas Cíes e á Illa de Ons cando o dano xa está feito. Ata o día 4 de decembro o Ministerio de Defensa non mobiliza o Exército en operativos de asistencia de brigadas de limpeza. O presidente Fraga e o ministro de Fomento recoñecen implicitamente a

falla de medios que ata ese momento negaran. Fraga di que se solucionaron os problemas de material que había nalgunhas zonas e Álvarez Cascos admite que se dispuña de poucos medios para facer fronte a unha traxedia desta magnitude. Quen segue nas nubes é o ministro Matas, o ministro de Medio Ambiente, quen declara que hai material de sobra para afronta-la limpeza da costa galega. O presidente da Xunta, o señor Fraga, o vicepresidente primeiro do Goberno, o señor Rajoy, e mailo presidente do Goberno, o señor Aznar, tardaron case un mes en recoñece-la carencia de medios e a descoordinación dos seus respectivos gobernos na toma de decisións para atalla-lo desastre que se aveciñaba.

Os socialistas valoramos favorablemente este cambio de actitude, porque, como xa dixemos, o máis importante en momentos de crise é dicirlle a verdade á xente. A única dúbida que nos queda –e trátase dunha dúbida máis que razoable– é que vostedes só empezan a dici-la verdade cando xa é imposible ocultala, cando xa tódolos cidadáns coñecen a través dos medios de comunicación independentes a visión da propia realidade, as dimensións catastróficas que acadou a traxedia do *Prestige.* A vostede e ó seu Goberno, tamén ó señor Aznar e ó seu Goberno, a sociedade galega ofreceulles estes días un grande exemplo, unha gran lección: mariscadores, mariñeiros, mulleres e homes de tódalas profesións, de tódalas idades, organizándose cos seus propios e cativos medios para tratar de frea-lo que semellaba imparable, para protexe-lo propio e o de todos, porque as nosas rías e as nosas costas son patrimonio do conxunto dos cidadáns, e atreveríame a dicir, señor Fraga, que patrimonio dos cidadáns de todo o mundo, patrimonio natural de valor incalculable que nós, os galegos antes ca ninguén, témo-la obriga moral de protexer e de preservar para as xeracións futuras. Por iso, quero agradecer e felicitar, con toda a miña humildade e coa miña emocionada admiración, a tódolos homes, a tódalas mulleres, relacionados ou non coa actividade mariñeira, a tódolos voluntarios chegados de Galicia, de España e do mundo enteiro, que estiveron ou están aquí pelexando para mingua-lo impacto do desastre. E ós mariscadores e ós mariñeiros das Rías Baixas quero dicirlles que forman parte xa, para sempre, do máis fermoso patrimonio mundial, o patrimonio do talento e do corazón, o patrimonio da dignidade.

Para os socialistas o exercicio do autogoberno é poñerse á fronte da solución dos problemas do país, especialmente en situacións de crise, levando ata as últimas consecuencias, señor Fraga, o exercicio das competencias propias derivado do Estatuto de autonomía e esixindo con firmeza o cumprimento efectivo das competencias dos demais. E o seu Goberno, señor Fraga, nin exerceu as súas competencias nin lle esixiu ó Goberno central que exercese as súas co rigor, coa firmeza, coa determinación política, coa coraxe e coa dignidade necesarias.

Señor Fraga, vostede non estivo á altura das circunstancias. Vostede deulle as costas a Galicia nos momentos máis decisivos da crise. Vostede faltou á verdade reiteradamente. Por iso agora os cidadáns xa non é que non o crean, é que nin tan sequera o escoitan, señor Fraga. Por iso vostede non pode seguir á fronte do Goberno, non está en condicións de gobernar Galicia, non está en condicións de lidera-la tarefa de reconstrucción e de recuperación do país que necesitamos lograr e alcanzar desde a unidade. Non ten vostede dereito a condenarnos á desesperanza e á frustración. Non pode facer vostede de dique de contención da marea humana que xestionou esta crise. Non pode ser, señor Fraga, o obstáculo para que Galicia saia adiante. Hoxe vostedes, o Goberno con vostede á fronte, son un goberno esclerotizado, representan o pasado do pasado. Por iso, señor Fraga, desde a dignidade, e por respecto ó seu pobo, debe vostede dimitir, e con vostede o seu Goberno, para devolverlle a dignidade ó país e a palabra ós cidadáns. Convoque vostede as eleccións.

Os socialistas compartímo-la indignación do conxunto da sociedade galega polo sucedido durante estas semanas, pero as nosas obrigas non rematan na expresión parlamentaria desta indignación. Ante a falla de iniciativa do Goberno, a nosa censura quere, ademais, dar resposta e propoñe-las actuacións diante da catástrofe. Os socialistas queremos deixar claro diante da cidadanía que a situación é moi grave e que aínda pode empeorar, como ben se ve cada día que pasa. Razón de máis para que o conxunto da sociedade galega apoie esta decisión coa coraxe e coa esperanza, como fixeron os mariñeiros das rías nas xornadas do 2 e do 3 de decembro. Eles, a cidadanía, o pobo, son o exemplo que hai que seguir.

Estamos ante o maior desastre ecolóxico, económico e social da nosa historia, ¡o maior da nosa historia! A catástrofe do *Prestige* afectou ó corazón, ó centro neurálxico de Galicia: ó noso mar, ó noso litoral, ó ecosistema formado polas nosas rías, que son xeradoras de actividade e de

emprego para milleiros e milleiros de familias galegas que dependen directa ou indirectamente do mar, que acollen no seu seo centos de comunidades locais que conforman esa Galicia costeira e emprendedora, columna vertebral do noso país; a súa biodiversidade constitúe a base dun patrimonio natural de valor incalculable; a súa riqueza paisaxística é a fonte orixinaria do noso principal atractivo turístico; a nosa cultura, o noso ser, a nosa identidade como país confórmase arredor do mar, por iso resulta máis dolorosa para a cidadanía, máis incomprensible e máis indignante a falta de sensibilidade por parte dos gobernos, dos dirixentes nas súas actitudes e nos seus comportamentos, que ó final é o que marca a política e a diferencia en política: as actitudes e os comportamentos dos dirixentes, dos gobernantes, nos momentos difíciles, nos momentos de crise, igual que nunha cidade, igual que nunha familia. Aí é onde se ve e se mide a capacidade de compromiso, de lealdade e de respecto á cidadanía dun goberno, dunha administración pública.

Temos, pois, que plantexárno-la superación desta crise, a recuperación e a reconstrucción de Galicia desde a autocrítica e desde a humildade dos dirixentes políticos, desde a convicción de que estamos ante unha tarefa de tal magnitude e de tal calado que será necesario comprome-tel-las mellores enerxías do país cun novo Goberno, coa oposición e con tódalas institucións á fronte para saír desta situación, unidos na tarefa nacional da reconstrucción do país. Trátase de reconstruí-la Galicia danada no seu tecido máis vital e máis sensible, de trazar un camiño de desenvolvemento sostible, de facer realmente efectivo o *Basta xa,* o *Nunca máis*. Estes son os retos e os desafíos que temos que gañar, é necesario abri-la porta á Galicia da esperanza.

Catro eixes ou principios teñen que orienta-la acción dun novo goberno, dun goberno que exerza e que represente outra forma de ser, outra forma de actuar, outra forma de goberna-lo país. Que sexa o primeiro eixe, o primeiro principio, o exercicio pleno do autogoberno de Galicia coa asunción na práctica cotiá da máxima responsabilidade política e ética no liderado do país; en suma, a superación da catástrofe e a cooperación leal cos sectores afectados e cos seus alcaldes; a información, a veracidade e a transparencia na xestión da crise, dos recursos e das axudas; a defensa dos intereses de Galicia, dos galegos, por riba de calquera consideración de partido ou dunha mal entendida e submisa aceptación de xerarquías competenciais, desde un goberno unido e coordinado en todo momento.

O presidente do Goberno de Galicia adquiriu unha responsabilidade que non ten ninguén: ser leal ata o final e defender ata o final os intereses dun país, os intereses de Galicia. Ese é o compromiso, señor Fraga, que vostede traizoou, no que vostede non estivo á altura das circunstancias. Esa é a causa última da nosa reprobación e é a necesidade pola que milleiros de cidadáns responsables berran pacificamente tódolos días nas rúas de Galicia: "Dimisión, señor Fraga". Se fose presidente do Goberno galego, convocaría a tódalas forzas políticas, sociais e económicas do país, solicitaría o apoio da sociedade galega, convocaría a cidadanía para transmitir seguridade, confianza, futuro e esperanza no país; e desde o primeiro día demandaría a implicación efectiva, real, verdadeira, do Goberno de España e do Goberno de Europa con Galicia e cos galegos. ¡Que lonxe debe de esta-lo Goberno que os cidadáns merecen e que Galicia hoxe necesita da falta de sensibilidade e da soberbia que durante estes días vostedes amosaron, do control da información, do apagón informativo que tivo que denuncia-lo Colexio de Xornalistas, da vulgar manipulación da información e da estratexia –estratexia, si, señor Fraga–, ben coñecida por vostede, de ocultación e de engano! ¡Que lonxe debe de estar da descoordinación, e máis aínda, da disputa e das pelexas internas de grupos e de familias que paralizaron e bloquearon a indispensable acción do Goberno da Xunta de Galicia!

O segundo eixe, o segundo principio, é o establecemento dunha economía e dunha política de austeridade, de rigor, pola que os esforzos e as prioridades converxan na mesma dirección, no mesmo sentido, na mesma orientación: reconstruí-lo país no seu tecido máis danado e máis sensible, afectado ese tecido, e garanti-lo futuro e o desenvolvemento do conxunto do país, empezando polas zonas máis débiles. Ante todo, o primeiro e o máis inmediato é articula-las axudas para tódolos sectores e para tódalas persoas afectadas, directa ou indirectamente. Para recupera-lo país e supera-la catástrofe temos que asumir todos esforzos e sacrificios. Pero o primeiro en dar exemplo ten que se-lo Goberno, teñen que se-los dirixentes políticos, ten que se-la política, ten que se-lo Estado. Hoxe a cidadanía necesita ver que o Goberno da Xunta de Galicia, ese novo Goberno que necesitamos, fai política doutra maneira e dá o primeiro paso, é o primeiro en dar exemplo de austeridade e de rigor. Por iso propoño a eli-

minación dos gastos de propaganda e publicidade política e institucional cunha lei que os regule, cunha lei que os prohiba en determinadas condicións.

Señorías, estes días –permítanme unha paréntese– aínda, cando un pon os medios de comunicación, a radio en particular, ten que escoitar –permítanme que lles conte isto, que non é unha anécdota, señor Fraga– un anuncio pagado con diñeiro dos mariñeiros da Costa da Morte, pagado co diñeiro da xente que está sacando o chapapote do mar, pagado cos impostos de tódolos cidadáns, un anuncio do conselleiro de Ordenación do Territorio, o mesmo que o acompañaba a vostede na cacería en Aranjuez, que –antes de que se aproben os presupostos, antes da aprobación da Cámara, que os imos debater a próxima semana– se vangloria de que a súa consellería é a que máis crece, o duplo de tódalas consellerías do país. Ese é o Goberno que ten Galicia, un goberno que está noutra batalla, un goberno que goberna daquela maneira, un goberno que dilapida e que está no combate da súa sucesión, señor Fraga. ¡Este é o Goberno que a crise fai saltar polo aire! ¡Este é o desgoberno que ten o país!

¿Como podemos vivir esta situación, a de ter que poñer unha radio e escoitar cómo un conselleiro vai ter un presuposto que aínda non ten, que non foi debatido na Cámara, pero que é o mellor que ten, que é o mellor do mundo, que crece máis que tódolos demais –el, que é o bo, que é o chamado–? Non me importa o exemplo concreto, o que me importa é o fondo da cuestión. Esta é a situación real de desgoberno que ten este país e que está detrás de toda a catástrofe que acabamos de padecer, que acaba de suceder. Eliminación, si, dos gastos de publicidade institucional, dos miles de millóns de pesetas que estamos dilapidando. Eliminación e redución ó máximo desa administración paralela, inútil e clientelar, empezando polas fundacións comarcais. Unha a unha hai que pechalas, porque hai recursos, porque hai prioridades, porque o país está en situación de crise.

Un novo goberno ten a obriga moral e ética de darlle resposta a esa situación. E, digo máis, propoño e plantexo a revisión inmediata do proxecto da Cidade da Cultura, para o seu reaxuste e para a súa reprogramación. Propoño a revisión inmediata dese proxecto. Non podemos permitirnos hoxe, hoxe menos ca nunca, o dispendio de máis de 360 millóns de euros no que comeza a ser un dos maiores desaguisados e fracasos da xestión do Goberno Fraga. Sen un proxecto definido, sen contidos ben delimitados, a fastosidade e a grandilocuencia dunha operación realizada en termos dos desexos do seu presidente, estase convertendo nun desvarío orzamentario, nun auténtico desvarío, nun dos grandes fracasos e nun dos *sinsentidos* da época do señor Fraga. Revisemos, reprogramemos e reaxustemos ese proxecto para poder atender, para poder orientar, para poder darlle a prioridade real, e que a cidadanía saiba que de verdade estamos en disposición de rectificar e de traballar na dirección correcta. Mal podemos esixir, que é de toda xustiza e rigor, o compromiso e o pleno apoio do Goberno de España a un plan global de recuperación e de reconstrucción de Galicia, e, máis alá, a necesaria implicación da Unión Europea, se non dámo-lo primeiro paso e asumimos con rigor o control do noso gasto público, a súa aplicación correcta e a redistribución nun pacto que propoño de toda Galicia co mar e coas súas xentes, co Goberno da nación, co Goberno do país á fronte.

O terceiro eixe, o terceiro principio, é substituí-lo principio de beneficencia e a indemnización soamente temporal polo da completa recuperación dos danos e o desenvolvemento sostible para a reconstrucción do país. Hai que supera-la concepción do Estado benefactor, repartidor de subvencións, que busca ocultar con presteza, ocultar rápido, o conflicto social e amortecelo co tempo. Hai que substituír esa concepción da beneficencia por unha estratexia de rigor na cuantificación, na recuperación e na indemnización de tódolos danos ás familias e ós sectores da actividade afectados, así como das inmensas lesións que hai ó patrimonio natural, que son de dominio público e que, polo tanto, nos afectan a todos. Non debemos facer deixamento dos dereitos, nin dos privados nin dos públicos, e téñense que paga-los deixamentos dos deberes baixo o principio de que "quen contamina paga". Basta xa de *laissez faire, laissez passer*; basta xa de deixar facer, de deixar pasar; basta xa dese neoliberalismo máis duro que está detrás do que nos está a suceder nesta catástrofe de país.

O eixe principal da nosa actuación política neste senso ten que se-lo de esixir desde Galicia que a Unión Europea, ademais de mellorar e aplicar canto antes toda a normativa relacionada coa seguridade no transporte marítimo de cargas perigosas, acorde aplicar decididamente o principio de que "quen contamina paga" e que se establezan as condicións de garantías por parte dos armadores para que, en caso de catás-

trofe, sexa máis custoso o acto de contaminar cá prevención da contaminación. O mercado dos combustibles e o do seu transporte é un mercado moi duro, no que se move como peixe na auga o capitalismo máis depredador. Por iso é necesario introducir garantías, para que os custos derivados de facerlles fronte ós efectos da contaminación producida por un desastre ecolóxico sexan maiores có custo dos avais e dos seguros esixidos ós armadores. Temos que ser conscientes de que tódolos países do primeiro mundo, e moi especialmente Europa, dependemos de xeito principal deste tráfico de combustibles, e de que pola nosa situación xeográfica privilexiada, por moito que se afaste o corredor e que se melloren as medidas de seguridade no tráfico marítimo –que tamén–, dificilmente deixaremos de estar expostos a que se poida producir un accidente. Por iso desde Galicia, señor presidente, vostede debería se-lo primeiro en esixir e en liderar esta política. Temos que esixirlle á Unión Europea que implante o principio de tolerancia cero fronte á contaminación. Esa é a única garantía real de fondo, tolerancia cero fronte á contaminación, na que nos temos que involucrar tódolos grupos políticos da Cámara, na que se ten que involucra-lo presidente co Goberno de Galicia á cabeza. E temos que reclamarlle ó Goberno de España –¡si, ó Goberno de España!– que esta debe de ser unha prioridade da súa política europea. E lamentamos profundamente que tanto a señora Loyola de Palacio como o propio señor Aznar anden polas ramas con acordos bilaterais e de moi dubidosa eficacia e que non afronten de verdade o que é o xerme dunha política de seguridade marítima que preserve de verdade as costas do país, as costas galegas, de futuros desastres.

Un dos aspectos máis graves da catástrofe do *Prestige* é que golpea a economía máis sensible, máis dinámica, do noso país: a costa, o litoral, e, polo tanto, o conxunto da economía galega. Por iso consideramos que non podemos quedar en axudas máis ou menos xenerosas, senón que temos que mobilizar tódolos recursos posibles de tódalas administracións públicas, ¡de todas!, para abordalo, e propoño un plan global de recuperación económica e medioambiental de Galicia. Temos que actuar con ambición e co obxectivo de que o país dea un salto cualitativo e desenvolva novas posibilidades.

Propoñemos, propoño, reclamar coa máxima celeridade e coa máxima firmeza o establecemento de axudas europeas para afronta-la crise. Alemaña, no caso dos anegamentos do verán pasado, adoptou unha actitude firme. O seu presidente á fronte, coas botas postas desde o primeiro día, adoptou unha actitude firme que permitiu que o Pleno do Parlamento Europeo tratase o tema das axudas inmediatamente despois da catástrofe que acababa de sufrir Alemaña. Unha actitude, por certo, que contrasta lamentablemente coa minimización e coa estratexia da minimización do desastre tomada polo Goberno de España, polo Goberno do señor Aznar. Parece que esa minimización contaminou tamén os responsables comunitarios, que se limitaron polo de agora a presentar un paquete lexislativo que ten o fin de saír ó paso das acusacións dos medios de comunicación europeos.

Os socialistas demandamos que o Goberno español empregue o mesmo rigor e a mesma firmeza có Goberno alemán, có seu presidente, e que solicite que as axudas pasen a tratarse en toda a súa amplitude nun pleno específico do Parlamento Europeo, coa participación da Comisión e do Consello, como se fixo con Alemaña recentemente. É imprescindible esixir de inmediato que o Goberno de España solicite para estes efectos a declaración de zona catastrófica, xa que foi a actitude firme, señorías, a actitude decidida, dos gobernos de Centroeuropa, dos gobernantes dos estados centroeuropeos afectados polos anegamentos, a que provocou que a cuestión fora tratada inmediatamente e que se creara o Fondo de Solidariedade para casos de Catástrofe en setembro, un mes despois, practicamente mes e medio despois, do que acababa de suceder en Centroeuropa.

O Fondo de Solidariedade foi creado a raíz das inundacións de Centroeuropa e está dotado anualmente cunha cantidade de 1.000 millóns de euros. Aínda que este fondo está concibido en principio para catástrofes naturais, non exclúe para nada outro tipo de desastres, e, se non, debe ser modificado ou debe crearse outro fondo para situacións como a que acabamos de sufrir. Ese fondo, que debe de solicitalo o Estado español, é imprescindible, nun prazo que xa está sobrepasado de forma inmediata, e que permitiría cubri-los gastos ocasionados polos servicios de voluntarios sobre o terreo, as infraestructuras de prevención, a protección inmediata do patrimonio medioambiental e a limpeza inmediata e a fondo das zonas sinistradas.

Reprogramación dos fondos estructurais. Propoño que o Goberno lle demande á Comisión a reprogramación dos fondos estructurais do marco comunitario de apoio para Galicia,

baseándose no mecanismo recollido no Regulamento para cando se produzan cambios importantes na situación social e económica no mercado de traballo. Esta reprogramación permitiría a flexibilidade na distribución dos fondos asignados, incluída a posibilidade de utiliza-la reserva operativa, o 4% da dotación de 1999-2006, para cada estado membro, así como a reducción dos requisitos en materia de cofinanciamento do coesforzo.

Fondos de Cohesión. Propoñemos que o Goberno de Galicia solicite participar no Fondo de Cohesión de ámbito estatal destinado a financiar proxectos de infraestructuras de transporte e de medio ambiente, os dous elementos principais desta catástrofe, demandando ademais unha protección estable, permanente e estructural do noso litoral e das súas zonas máis sensibles e máis delicadas, e medidas concretas destinadas a exercer un maior control sobre o tráfico marítimo e a dotación de barcos anticontaminación no caso das infraestructuras de transporte. E propoñemos utiliza-lo BEI, o Banco Europeo de Investimentos, pois o Goberno español e a Xunta de Galicia poden reclamar a través deste banco préstamos a longo prazo, a trinta anos, ó 5% de interese, destinados a reconstruí-los danos ocasionados.

É o momento, señorías, de que un novo Goberno de Galicia, outra maneira de gobernar, rompa ese corsé, ¡agora si!, do déficit cero, e que faga un esforzo de endebedamento extraordinario, razoable, elemental, para que o país poida recuperarse e poida saír adiante co esforzo de toda a cidadanía, pero tamén de Europa e de España.

No ámbito da recuperación e da protección medioambiental non se trata de que con motivo da catástrofe ecolóxica causada pola marea negra do *Prestige* se actúe illadamente, con medidas paliativas de carácter parcial, de carácter puntual. Trátase de poñer en marcha un proxecto máis ambicioso, de carácter integral, de prevención, recuperación, protección e posta en valor do territorio costeiro do país, no marco do desenvolvemento socioeconómico caracterizado pola súa sostibilidade e por medidas de prevención e de protección que garantan o papel do territorio costeiro no desenvolvemento de Galicia no futuro.

Na última década, tan só na última década, a Unión Europea sufriu unha media dunha marea negra ó ano, máis de 450.000 toneladas de combustible foron vertidas nas augas europeas. Polo contrario, trala experiencia do afundimento do *Exxon Valdez* en Estados Unidos produciuse unha reacción social, unha reacción política e unha reacción normativa de tolerancia cero de cara á presencia nas costas norteamericanas de buques que non reúnan os niveis de calidade requiridos, o que determinou que en Estados Unidos ata o de agora estean fóra de perigo. Por iso propoñemos, primeiro, demandar da Unión Europea que se teñan en conta como prexudicados por desastres medioambientais tódolos sectores afectados, directa ou indirectamente, e o conxunto do país pola perda do seu patrimonio natural. Temos que plantexar unha indemnización como país, como todos, como público en conxunto pola perda do patrimonio natural, que é de todos, para garanti-lo mantemento das rendas dos directamente afectados, para combate-la perda de posición e o descrédito nos mercados, para que se limpen as zonas afectadas; pero, ademais, que o contaminador pague tódolos gastos e o dano causado ó patrimonio natural.

Por este motivo propoñemos que a responsabilidade do Fondo de Compensación de Danos para a Contaminación de Hidrocarburos, o chamado Fidac, ou do armador, sexa, como en Estados Unidos, ilimitada. Que, primeiro, ben o Fidac ou ben con garantía do armador, se constitúa de entrada con 1.000 millóns de euros; que, en segundo lugar, o armador responda ilimitadamente para complementa-los danos que non cubra o fondo e que para poder transitar polas 200 millas da Unión Europea teña un representante no seu territorio ó que se lle poidan esixi-las responsabilidades civís pertinentes e necesarias.

En segundo lugar, propoñémo-la constitución inmediata dunha comisión interadministrativa para poñer en marcha tódalas medidas necesarias para palia-los danos ocasionados polo sinistro e para a creación urxente do consello fiduciario do vertido do *Prestige*, unha axencia pública ou un organismo autónomo do que formen parte as administracións central, autonómica e local, que centralice, simplifique, coordine e permita a protección dos intereses sociais dos afectados e a reclamación das administracións contra os responsables deste atentado e os seus aseguradores. Este consello fiduciario, esta axencia pública, funcionaría como canle directa de reclamación para xestionar a curto e medio prazo os anticipos que se lles dean a tódolos afectados para afronta-las consecuencias da catástrofe nas súas rendas, nas súas actividades, medios de producción, obrigacións fiscais, etc. Estas

reclamacións a través da axencia pública do consello fiduciario do vertido do *Prestige* permitirían afronta-los gastos relativos á defensa de tódolos colectivos de damnificados, de forma única e de forma coordinada, de forma razoable, facendo unha fronte organizada, propia dun país moderno que non os quere deixar tirados, dispersados, en fila india diante dun batallón de aseguradores, de avogados, de intereses corporativos ocultos que van terminar por desface-la posibilidade de que isto sexa algún día indemnizado.

O consello fiduciario cuantificará as reclamacións tendo en conta as previsións dos gastos durante os vindeiros quince anos. A posta en marcha deste consello permitiría compensa-los ingresos deixados de percibir por tódolos traballadores e empresas do complexo mar-industria, os do complexo de turismo e de lecer, os gastos ocasionados en campañas de promoción e recuperación da imaxe de marca, dos asociados ó control sanitario e ambiental e ó control dos futuros vertidos e dos asociados á recuperación do patrimonio natural e da Rede Natura. O consello –creado en Estados Unidos derivadamente da *Oil Polution Act*, a lei americana contra a polución do ano 1990, despois do *Exxon Valdez*–, xestionaría, ademais, que todo o conxunto da sociedade, a través das administracións, poida reclamarlles por vía xudicial ás aseguradoras, ó Fidac ou a calquera outro axente físico ou xurídico os danos causados.

En terceiro lugar, estaría un plan integral para a recuperación que contemple a limpeza e a retirada do material contaminante das costas galegas, a descontaminación das zonas e dos hábitats afectados pola marea negra, a rexeneración e a recuperación medioambiental das zonas costeiras, o saneamento integral das rías e a aplicación das normas de protección das rías que non temos, a ampliación do Parque Nacional das Illas Atlánticas, a revisión e a ampliación dos espacios incluídos na Rede Natura e a posta en marcha dun programa para a eliminación de residuos orixinados pola marea negra mediante sistemas compatibles coa protección do medio ambiente. En particular, propoño a declaración da Costa da Morte como espacio natural protexido para garanti-la xestión sostible dos seus recursos, para o seu desenvolvemento, o que supón a súa especial protección medioambiental e paisaxística, así como tamén supón os programas de apoio ó desenvolvemento e á reactivación social, demográfica e económica imprescindibles para facer efectiva, posible e viable a sostibilidade do desenvolvemento da Costa da Morte.

En cuarto lugar, estaría a creación dun equipo multidisciplinar formado por investigadores das universidades galegas, esa enorme riqueza que hoxe está sen utilizar do Consello Superior de Investigacións Científicas en Galicia, dos investigadores das universidades de Galicia, do Oceanográfico, do Instituto de Investigacións Mariñas, do conxunto de departamentos que hai e que teñen unha gran capacidade de investigación en tódolos ámbitos preventivos e de reparación que teñen relación con esta catástrofe e que aínda hoxe non foron realmente convocados nin se lles está dando a oportunidade nin os quere escoitar o Goberno da Xunta de Galicia, que é a competente directamente na materia sobre o labor que eles fan.

Hai que crear un equipo multidisciplinar formado por todos eses investigadores, co obxectivo inmediato de avalia-lo impacto ambiental, e propoñe-las accións necesarias para a recuperación dos espacios naturais afectados pola marea. Este equipo sería o xermolo do Centro de Investigación en Ciencias Medioambientais con vocación de centro de excelencia, de referencia europea e mundial, que en cooperación coas universidades do conxunto do país e coas empresas do sector, ademais de cos institutos científicos e de investigación, desenvolvese programas científicos de investigación –en cooperación con outros países–, de prevención do medio mariño, de recuperación de espacios afectados polos vertidos, de loita contra a contaminación de mareas e costas, e de actuación tamén en situacións de emerxencia.

É necesario poñer en marcha un plan de actuación global de recuperación económica, de reconstrucción nacional, de loita contra a catástrofe, que deberá comezar pola elaboración, en colaboración cos concellos do país, dun censo de persoas e de zonas afectadas no que aparezan reflectidos os sectores directamente afectados por ese censo: pescadores, mariscadores, acuicultores, vendedores de productos do mar, redeiros, poxadores, comercializadores, transformadores, transportistas, fábricas de conxelados, fábricas de xeo; e os indirectamente afectados como o comercio, o turismo e os servicios, que desenvolvan a súa actividade na zona afectada e que acrediten unha diminución de ingresos en máis do 25%. Este plan contemplará axudas directas ós afectados ata a recuperación da actividade; un fondo especial de bolsas para garanti-la formación dos fillos das familias afectadas; medidas fiscais como a renegociación de créditos persoais e

hipotecarios a custo cero para axusta-los seus prazos e cargas á capacidade real e económica dos afectados.

Faise absolutamente imprescindible un plan en defensa do emprego nestas comarcas, un plan que apoie, coordine e impulse iniciativas locais de emprego, dado que o paro é un dos principais problemas da nosa comunidade e é o principal problema de gran parte das zonas afectadas; medidas de promoción, de formación, de axudas en transporte, de aluguer de vivenda para facilita-la mobilidade xeográfica, así como medidas de conciliación da vida laboral e familiar e de fomento do autoemprego.

Aínda que os danos máis importantes se localizan en zonas directamente afectadas pola marea negra, hai tamén efectos considerables sobre áreas e actividades moito máis amplas. É necesario, polo tanto, poñer en marcha un auténtico programa de modernización e de mellora da competitividade dos sectores productivos con medidas destinadas a compensa-las perdas de renda debidas ó cesamento da actividade pesqueira e nas empresas dedicadas á subministración e á transformación dos seus productos, así como á reparación de danos nas instalacións afectadas; establecer medidas compensatorias nas outras actividades moi directamente afectadas, como o turismo e os servicios relacionados; construír estímulos especiais de promoción de actividades que promovan empregos alternativos para diversifica-la actividade económica e fomenta-la integración dos sectores productivos básicos e a integración vertical destes.

É ademais fundamental un programa, un plan, de promoción turística de Galicia, co obxecto de diversifica-la oferta: promoción interior e exterior de Galicia, turismo cultural, turismo de cidades, turismo náutico, e de recupera-la imaxe de Galicia como destino turístico de gran calidade.

Galicia necesita, precisa tamén, neste momento, dun plan, ademais dese plan de reactivación económica, dun investimento público adicional que adiante a mellora da accesibilidade interior e exterior do país e que contribúa así a facer de Galicia un territorio máis competitivo e aberto para crear e para traer novos investimentos ó noso país, priorizando a vertebración territorial, priorizando o reequilibrio territorial, priorizando a competitividade tamén e a cohesión coas zonas costeiras afectadas, mellorando a conexión de Galicia coa cornixa cantábrica mediante esa autovía do Cantábrico que nunca chega, de forma que se melloren as comunicacións das zonas máis afectadas pola catástrofe: vía de alta capacidade, autovía entre Carballo e Fisterra, conexión da rede de cidades por vías de alta capacidade, desdobramento dunha vez das vías rápidas do Salnés e da Barbanza e ampliación e mellora das infraestructuras portuarias.

Non se trata de facer aquí un catálogo nin un elenco de tódalas medidas de infraestructuras de comunicación, de transporte, que son necesarias, pero si de deixar claro e dito que é necesario un auténtico programa de choque, de reactivación económica, de apoio á modernización dos sectores e de impulso das infraestructuras físicas que permitan que a costa do noso país salve desde aquí a súa situación, en gran medida aínda, de illamento e de incomunicación non acorde coas alturas do século XXI nas que estamos.

Como cuarto eixo, nin desgracias inevitables nin catástrofes naturais imprevisibles, señorías. Temos que corrixir radicalmente as graves improvisacións, as carencias de medios e de recursos e a actual desprotección das nosas costas co desenvolvemento de medidas de prevención que fagan posible o "Nunca máis" que berra a cidadanía nas cidades do noso país. Galicia, *finisterrae* continental, mar Atlántico, secularmente costa de alto risco, nos últimos trinta anos do século pasado padeceu ata sete accidentes de buques. ¿Que temos que facer? No inicio do século XXI, utiliza-los medios e os recursos tecnolóxicos do século XXI, con políticas públicas dun Estado que queremos sen graxa pero musculoso e forte para dar respostas, para darlles confianza e seguridade ós cidadáns, sobre todo nas situacións de crise. Estamos a sufri-las consecuencias de desarbora-lo Estado, de desmantela-lo Estado, de non crer na política, de non crer nas políticas públicas. Estamos a sufri-las consecuencias precisamente dese pensamento, desa acción política, desa forma de gobernar e desa forma de dicir que non cre no Estado, que cre que o mellor que pode face-lo Estado é que adelgace e que desapareza só en mans da iniciativa do mercado.

E hoxe, na situación de crise, de catástrofe, cando a cidadanía lle reclama seguridade e confianza á Administración pública, ¿onde está o Estado? ¿Que temos que facer no inicio do século XXI para recuperar tódalas políticas públicas

que garantan que xustamente a prevención é posible, necesaria, indispensable, para que a cidadanía poida ser, para que a riqueza se poida crear, para que os mares sexan seguros, para que de verdade poidamos exercer con dignidade e libremente o traballo, e o traballo das familias? ¿Que temos que facer no marco do século XXI, no inicio do século XXI, para que Galicia poida cambia-lo rumbo e o seu destino, hoxe marcado pola maior catástrofe ecolóxica e social da súa historia, e se faga verdade o "Nunca máis"?

Temos que implicar a España, temos que implicar a Europa. Nós sómo-los primeiros interesados en que realmente se entenda a catástrofe como de ámbito español e como de ámbito europeo. Esta non é unha catástrofe de Galicia, é unha catástrofe en Galicia, pero é unha catástrofe de tódolos galegos, de tódolos españois e de tódolos europeos. Atrevinme a dicir antes que afectaba ó patrimonio da humanidade, ó medio ambiente, ós recursos naturais que temos obrigación de entregar e de permitir que gocen deles as xeracións que nos van suceder. Temos que implicar a España e a Europa. Temos que afrontar con determinación e con vontade política a necesidade de cambiar radicalmente un modelo de transporte marítimo internacional que dá cabida, que acolle no seu seo, ó capitalismo máis depredador, incompatible cos intereses xerais e coa protección, a seguridade e a preservación do medio ambiente, e aplica-lo principio de tolerancia cero ós contaminadores, como xa expuxen anteriormente.

Temos que facer un maior e máis fiable control do tránsito das mercadorías perigosas. Respecto das condicións de seguridade dos propios buques: dobre casco, tripulacións, os dispositivos de control de tráfico, afastamentos, separación dos perigosos e o seu seguimento telemático, as auditorías e sociedades de clasificación que funcionen efectivamente, e os medios dos estados membros para as inspeccións de control efectivas en tódolos portos e fondeadoiros da Unión Europea.

Por último, temos que dispor dos plans de emerxencia e de resposta operativa, con medios e recursos propios, do actual desenvolvemento tecnolóxico. Plan de conxunto que no ámbito de Galicia ten que dimensionarse tendo en conta as excepcionais circunstancias de alto risco que vimos soportando historicamente e que ten que incluír plans de ría e plans de porto de refuxio ou acollida.

En concreto, propoño, primeiro, a radicación en Galicia da Axencia de Seguridade Marítima e a súa inmediata posta en marcha.

Segundo, un centro nacional de formación na loita contra a contaminación mariña radicado en Galicia, que imparta as técnicas de traballo e organizativas para garanti-la súa eficacia.

Terceiro, a elaboración dun plan operativo de emerxencia que prevexa autoridade única; coordinación administrativa –central, autonómica e local– para a óptima operatividade dos servicios de prevención e de actuación en caso de continxencia; dispositivos ou protocolos de actuación en caso de vertidos contaminantes; revisión do Plan nacional de servicios especiais de salvamento da vida humana no mar e de loita contra a contaminación do medio mariño en vigor; instalación de depósitos de material específico, de protección da costa e de loita contra a contaminación; barreiras de protección –absorbentes, skimers– en distintas zonas do litorial galego que permitan a acción inmediata en caso de accidente; que se prevexa persoal especializado para o adestramento dos efectivos humanos susceptibles de actuar no litoral contaminado; plans operativos en cada ría e determinación de portos de refuxio ou acollida.

Cuarto, dotación permanente en Galicia de dous remolcadores de alta potencia, superior ós 20.000 CV, e un buque succionador con capacidade de recollida e almacenamento de hidrocarburos.

Quinto, dispositivo de buques de salvamento, unidades pesadas polivalentes capaces de afronta-las continxencias dun rescate marítimo, dun incendio ou dunha actuación contra a contaminación no mar.

Sexto, dotación suficiente do número de inspectores de portos –hoxe en desmantelamento– para facer efectiva a inspección ininterrompida durante todo o ano ata conseguir un nivel de inspección do cento por cento dos buques; é dicir, tolerancia cero en canto ó incumprimento das normas de seguridade no transporte marítimo; revisión do Dispositivo de Control do Transporte Marítimo de Fisterra, referido ós buques-tanque de transporte de mercadorías perigosas ou contaminantes, para a súa extensión e afastamento co obxecto de detecta-la súa posición e o seu estado en todo momen-

to, mellorando os sistemas de situación terrestre no litoral de Galicia para que os devanditos buques establezan a súa posición cun medio complementario ós sistemas instalados a bordo, de xeito que se poida facer un seguimento telemático da súa posición en todo momento.

Señorías, a crise do *Prestige* evidenciou o que os socialistas vimos denunciando desde hai uns meses: que temos un Goberno ausente, paralizado, interino, bloqueado, que non é capaz xa de imaxinar e de facer viables as solucións para os problemas do país, cun presidente do Goberno que non está en condicións de gobernar e cuns conselleiros en situación de provisionalidade, en precario, á espera dunha remodelación anunciada con tres meses de antelación, en plena loita intestina pola sucesión do presidente e cos ollos postos obsesivamente na recuperación municipal do poder nas cidades.

Mesmo chega vostede, señor Fraga, a utilizar algunhas consellerías do seu Goberno como unha plataforma para lanzar candidatas ás alcaldías de grandes cidades que se dedican desde esas consellerías a face-la súa particular campaña electoral municipal, despreocupándose das tarefas propias do seu cargo. O seu, señor Fraga, é un goberno lastrado por estas circunstancias, un goberno dedicado á propaganda e á foto. Aí, no seu Goberno, si que hai unha loita permanente pola foto. E ¿como non a vai haber se ten a medio Goberno e a medio Partido Popular de Galicia pendente dun fío, facendo todo o día quinielas sucesorias, cuns conspirando contra os outros, facendo e desfacendo alianzas e *bandeirías*, cos seus amigos e inimigos de Madrid ó axexo, participando tamén dese xogo sucesorio máis propio dun principado de opereta ca dun país moderno? ¿Quen pode dedicarse a gobernar con verdadeira dedicación nunha situación deste tipo?

Todos estes condicionantes foron acentuando os defectos que o seu estilo de gobernar nos deixou ver nos últimos tempos: falla de confianza nos cidadáns e nas súas capacidades, medo ó debate público e á transparencia, consolidación e expansión dunha rede clientelar, e, por suposto, a creación dunha realidade virtual e enganosa, puramente propagandística e autocelebrativa a través dun control sectario dos medios de comunicación públicos e do intento de control dalgúns medios privados. Esta maneira de facer ou de non facer, ou, como di a xente, de facer que se fai, púxose dolorosamente en evidencia xa hai un par de anos cando o seu Goberno se viu desbordado polos temporais e pola crise das vacas tolas. Aqueles sucesos deixaron ver unha preocupante incapacidade do seu Goberno para afrontar unha situación de crise e de dificultade. Daquela, a moi escasos meses das eleccións, a sociedade galega asistiu perplexa a unhas actuacións gobernamentais que, lonxe de resolver ou de darlles solución ós problemas, os agudizaba aínda máis con cada decisión que tomaba, danando seriamente os intereses dos sectores afectados. O pobo galego, sen embargo, hai un ano, decidiu outorgarlle de novo o seu apoio, como se valorase aquelas erráticas actuacións como feitos illados que nunha nova situación semellante non terían que volver reproducirse.

Esa confianza, señor Fraga, está hoxe esnaquizada, o problema que en maior medida pode lastra-lo camiño galego cara á recuperación do país é de natureza profundamente política. Temos que, entre todos, iniciar unha nova andadura con maiores dificultades que antes, pero temos que sacar conclusións que nos permitan orientar e mirar cara ó futuro con esperanza, aínda sabendo que o camiño que hai que percorrer será difícil; e por iso todos temos que arrima-lo ombreiro. Ó longo do último mes, púxose de manifesto de forma máis descarnada que é imprescindible outra forma de gobernar en Galicia. Ó longo da crise do *Prestige* quedou patente que Galicia necesita un goberno eficaz e próximo á cidadanía. Trátase de cambia-la vella política pola hexemonía social dos espacios e das institucións sociais máis dinámicos, polo protagonismo da sociedade civil, desa Galicia emprendedora que sente asfixia e desconfianza en relación cos asuntos públicos e que foi quen de plantarlles cara ós gobernos ineficaces coa súa presencia nas rúas e de loitar contra a marea negra cos seus propios medios e coas súas propias mans.

Señorías, falo dos obstáculos que non deben de existir para a necesaria e imprescindible transparencia nas decisións políticas e económicas para evita-las fortes restriccións ó control do Executivo polo Parlamento, un Parlamento que nos últimos días estivo máis morto que vivo, que foi incapaz, pola negativa do Grupo Parlamentario do Partido Popular, de celebrar un pleno extraordinario para tratar un feito tan extraordinario como a catástrofe que está a padecer Galicia. Os intentos continuados de bloquea-los mecanismos sociais a través das redes clientelares arredor do poder e a subordinación da Administración local teñen que desaparecer do país, teñen que desaparecer. Este país que ten demostrado

nas rúas e no seu comportamento cívico, na súa coraxe democrática, nesta loita exemplar da que temos que sacar leccións e conclusións desde a política, desde o Parlamento, desde o liderado político que se nós ten encomendado, esta cidadanía, acábanos de dar unha gran lección. A primeira é a necesidade de eliminar, de facer desaparecer, ese tipo de comportamento político de desconfianza e de afastamento da cidadanía, de poñer diante de si, entre os gobernantes e os gobernados, paredes, murallas insalvables, de desconfiar permanentemente dos alcaldes, da Administración local, xulgándoos coa lupa da cor política que ten aquel que foi elixido polo pobo en nome, en representación, de toda a cidadanía. É preciso un cambio de enfoque, de posicionamento, de relación entre o poder político e democrático e a cidadanía para supera-lo paternalismo, as políticas de tutela e as políticas de subordinación da sociedade civil. Debemos de avanzar no establecemento de novas regras de xogo que abran as portas a novas formas de facer política e de gobernar en Galicia, un impulso, no fondo e na forma, de rexeneración democrática deste país.

Señorías, a falla absoluta de previsión e da existencia dun plan operativo de emerxencia, a desinformación e a mentira, a descoordinación permanente, decisións non ben explicadas e aínda hoxe non ben xustificadas, son as responsables de que as nosas costas teñan un insólito escenario de desolación e de morte que traspasa fronteiras e provoca reaccións de pesar e de indignación e manifestacións de solidariedade e de colaboración en todo o mundo.

Señor presidente, vostede, o máximo responsable dos destinos desta comunidade, o mesmo día que a marea negra chegaba ás costas galegas optou por ausentarse para practica-la caza xunto con outros membros do seu Goberno nunha afamada *finca* próxima á capital de España, abandonando así a súa responsabilidade e a xestión do que se estaba a percibir xa daquela como a maior catástrofe ecolóxica da historia de Galicia. Mentres, o seu Goberno actuaba dando paos de cego ante unha situación de consecuencias impredicibles, que ademais, segundo tódolos informes, podería diminuír radicalmente a súa magnitude se se tomasen outro tipo de decisións.

Cando se confirmou a súa presencia na cacería madrileña, señor presidente, optou directamente por non dici-la verdade, negando o evidente e mesmo descualificando os que denunciamos e denunciaron a súa irresponsabilidade como gobernante. Despois, coma se non pasase nada, mantivo a súa axenda institucional, asistiu a unha xornada sobre empresas petrolíferas, inaugurou a sede do Partido Popular en Camariñas, viaxou a Portugal a recibir un premio gastronómico e desprazouse a Madrid a presentar un libro de receitas de cociña: ese é o abandono, o volvérlle-las costas ós cidadáns e a Galicia, do presidente do noso país.

Prodúceme un inmens desacougo compara-lo seu comportamento individual, señor Fraga, o do seu Goberno e o do Goberno do señor Aznar, co comportamento da sociedade galega, da xente nestes días aciagos. Desa comparación inevitable emerxe a sensación dunha enorme, dunha insalvable, disparidade entre a valía dos cidadáns e a valía do seu Goberno. Este Goberno non é representativo da actitude, da capacidade, da madurez, dunha cidadanía que está a asombrar a España e a Europa, esa cidadanía cara á cal tanto vostede coma o Goberno que preside mostraron unha falla absoluta de solidariedade, unha total carencia desa sensibilidade mínima que ten que levar un gobernante a estar ó lado dos seus concidadáns cando chegan as horas duras, non só cando toca celebra-la victoria electoral e a gaiteirada na praza do Obradoiro, non só aí. Ninguén lle ía reprochar que lle sacasen fotos no peirao de Muxía, na lonxa do Grove ou na illa de Ons, señor Fraga, e, se alguén o facía, a vostede ¡que máis lle daba se sabía que estaba cumprindo co seu deber!

Señor Fraga, señores conselleiros, señores deputados do Partido Popular, ¿son conscientes vostedes da tristísima sensación de abandono, de soidade, de desprezo, de maltrato, de engano, de impotencia, de frustración, que sufriu este país por mor do accidente dese buque maldito? ¿Son vostedes conscientes? ¿Cren vostedes en conciencia, coa conciencia na man, coa man no corazón, que estiveron á altura das circunstancias, que fixeron o que tiñan que facer? Señores do Goberno, señor Fraga, ¿creo vostede en conciencia?

Señor Fraga, eu non lle vou pedir que dimita argüíndo que foi de caza mentres chegaba a marea negra, sería demasiado fácil, é unha decisión que xa tería que saír de vostede, que vostede xa tería que tomar, *motu proprio*, pola súa propia dignidade. O que eu lle pido é que considere os intereses de Galicia e que se decate de que vostede xa non está á altura da cidadanía, que se dea conta de que xa non ten a súa confianza, de que vostede e o seu Goberno, e tamén o

Goberno central, decepcionaron profundamente este país. Pídolle que repare en que nestes momentos vostede e o seu Goberno son un chapapote político que tapona as enerxías e a emerxencia dun pobo que si estivo á altura das circunstancias, que si fixo o que tiña que facer e que demostrou que outra Galicia é posible, unha Galicia maior de idade, consciente, capaz, libre, imaxinativa, emprendedora e orgullosa de si mesma.

Acabo. Os catro eixos que desenvolvín e os compromisos que anunciei pódense resumir nun só: gobernar Galicia doutro xeito; caracterizado polo respecto e a confianza, pola proximidade e a transparencia, pola eficacia e o consenso. Debemos empezar por aí, confiando máis nos cidadáns deste país, escoitando a xente e despois actuando, liderándoo dunha maneira diferente. A autoridade do Goberno da Xunta de Galicia terá que basearse nun profundo respecto á súa sociedade civil, ós cidadáns de Galicia, ó Parlamento que os representa, á Administración local, coa que deberá cooperar lealmente. O Goberno de Galicia deberá busca-la unión dos galegos e dos seus territorios arredor dun proxecto común de progreso, mirando o futuro con confianza. Estou convencido de que esta proposta, unha nova forma de ser e de actuar, é a que máis lle convén á Galicia do século XXI, é a que milleiros de cidadáns reclaman hoxe en Galicia; e a eles, señor Fraga, a eles lles corresponde a palabra.

Señor presidente, en nome desa Galicia distinta e posible, téñolle que dicir: déixeo xa, retírese, descanse, lea, escriba e cace. Agradecémoslle os servicios prestados, pero non se empeñe, non insista, pois todo ten un tempo e todo ten un límite; o único que lle queda por facer, se segue no Goberno, é estraga-la súa imaxe e a súa traxectoria, señor Fraga.

Señor presidente, disolva a Cámara e convoque eleccións, déalle a palabra ós cidadáns, que o pobo galego decida, que a cidadanía que demostrou a súa capacidade e a súa madurez en horas de desgoberno, en horas de crise, teña a voz e a oportunidade de decidi-lo seu futuro, de decidi-lo camiño da recuperación e da reconstrucción nacional do noso país. Galicia necesita abri-la porta á esperanza, Galicia necesita dun goberno capaz e forte, dun goberno para o futuro, dun goberno para todos, para os cidadáns e para o país. Señor Fraga, déalle vostede a palabra ó pobo de Galicia.

Máis nada e gracias, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Touriño.

Rolda de presentación da moción alternativa e defensa do seu programa de goberno para o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente desta Cámara, señorías, señor presidente da Xunta de Galiza, descúlpenme, primeiro de todo, por contribuír a prolongar unha sesión continuada da maneira en que o Regulamento da Cámara establece a ordenación do debate, sen tan sequera un hiato entre as dúas intervencións, a do portavoz socialista e a miña, para podermos atender o que Ortega chamaba "líquidas urxencias".

E permítanme comezar co que puidera ser un relato de Julio Cortázar, "Á deriva". O mércores 13 de novembro do 2002, ás 15.00 horas, o petroleiro *Prestige*, de bandeira de Bahamas, armador grego e fretador anglosuízo, sofre unha vía de auga mentres navega a 30 millas ao oeste de Fisterra, procedente de Lituania e con destino –suposto– a Xibraltar. O buque é un monocasco de 25 anos de idade. Estas condicións excluiríano da navegación nas augas territoriais dos Estados Unidos de Norteamérica, primeira potencia mundial. E transporta 77.000 toneladas de fuel pesado, un derivado do petróleo particularmente tóxico pola súa riqueza en hidrocarburos poliaromáticos e persistente pola lentitude da súa degradación no mar.

A vía de auga causa unha escora a estribor de 25 graos, posteriormente compensanda enchendo tanques de lastre de babor. Esa sobrecarga e a forza das ondas provoca a progresiva deterioración do casco. Ese mesmo día fracasan os intentos de enganche por parte dos remolcadores españois debido ao forte temporal e a carencias graves na cuberta do buque, e o temporal achega o barco cara á costa de Muxía. A Delegación do Goberno en Galiza informa de que a situación está controlada.

O remolque. O barco continúa á deriva e ao día seguinte está só a tres ou catro millas de Muxía, da pedra de abalar. O releo no prezo do remolque entre as empresas implicadas atrasa aínda máis o rescate. A mañá do xoves 14 comeza o remolque para afastar o petroleiro en dirección noroeste. Sabemos só que o sábado 16 o práctico do porto da Coruña se ofreceu ao delegado do Goberno de Galiza para atracar o barco na dársena coruñesa en catro horas; non sabemos en

cambio por qué se tomou a decisión do rumbo noroeste e continuou.

Na mañá do venres 15, cando o barco se atopa a unhas 60 millas ao noroeste de Fisterra, nun lugar onde as condicións oceanográficas –corrente chamada "de Nadal" ou "de *navidad*"– fan practicamente imposíbel que un eventual vertido ameace as costas galegas ou as da Península, os remolcadores viran de rumbo, diríxense ao sur, ao revés, achegándose de novo á costa. A decisión foi tomada polo armador e as empresas de rescate, que cobran entre o 30% e o 50% do valor da carga, se esta se recupera. Non existe explicación oficial congruente de por qué o Goberno español permitiu esa decisión.

Pode parecer sorprendente que os remolcadores *Ría de Vigo*, propiedade do señor Fernández Tapias, e *Alonso de Chaves* traballen ás ordes das compañías de rescate e non do Goberno español ou da Xunta de Galiza, pero cómpre recordar que o servicio está privatizado e a transacción comercial, é dicir, a soberanía do mercado, ten prioridade fronte á soberanía nacional galega ou do Estado español. Curiosamente, o señor Rajoy faría logo acusacións de falta de patriotismo, pero non aos propietarios dos remolcadores que perpetraron o "paseo", senón á oposición, por exercérmola.

O Goberno español tamén podería apresar o barco, sendo unha ameaza ecolóxica evidente, que vai vertendo fuel ao seu paso, e podería facelo con moitísima máis razón que a que poden esgrimir Marrocos ou Canadá, se é o caso, para apresar pesqueiros galegos, que os apresan. E podería recuperar o rumbo inicial para afastar o barco de terra. Ningunha fonte informou sequera de tal posibilidade, curiosamente.

O capitán acabaría sendo detido, pero non cando apagou as máquinas e deixou o barco á deriva achegándose á costa, senón tres días despois, cando a detención non afectaba xa ao rumbo do petroleiro. O estado do barco empeora, a vía de auga ten 40 metros e afecta a dous tanques de fuel.

A fin de semana do 16 ao 17 unha maré negra asola a totalidade da Costa da Morte, desde Fisterra ata preto da Coruña e afecta uns 200 quilómetros de costa. O fuel alcanza nalgunhas zonas un espesor de ata tres metros. A Delegación do Goberno minimiza a importancia do vertido. O ministro de Agricultura declara entón, día 16: "*La rápida intervención de las autoridades españolas, alejando el barco de las costas, ha permitido que no temamos una catástrofe ecológica ni grandes problemas para los recursos pesqueros".* ¡Que lucidez! *¡Genial!,* e non está no *trullo* este ministro, nin sequera destituído, nin dimitiu. ¿Cabe máis indecencia?

O ministro de Medio Ambiente afirma o día 21: "El Gobierno ha actuado con diligencia. *Nosotros hemos seguido esto desde el primer momento"* –día 21–. *"El director general de Costas está aquí desde el sábado"*. Di que *"desde el sábado"*. O accidente tivera lugar o día 13. Nin tan sequera o director xeral de Costas estivo aquí ao día seguinte.

Cando finalmente o señor Fraga se incorpora ao seu posto, coido que declara –as transcricións dos medios non son incorrectas–: *"Estoy donde tengo que estar, Dios y Santiago nos van a ayudar"*. Trátase, quizais, da máis sincera das declaracións, considerando os medios técnicos dispoñíbeis para combater a maré negra.

Diversos altos cargos do Goberno do Partido Popular afirman que a situación é un vertido, non unha marea negra. O alcalde de Muxía, primeira vila directamente afectada, cuberta de piche, tamén se nega a empregar o termo "maré negra".

O luns 18, remolcado polo xigantesco buque chinés *De Da* e recibindo ordes do armador, o *Prestige* diríxese ao sudoeste.

O delegado do Goberno en Galiza informa por primeira vez das coordenadas exactas nas que se atopa o barco e afirma que corresponden xa a augas portuguesas. En realidade, trátase da zona portuguesa de salvamento marítimo e non das súas augas xurisdiccionais, pero o delegado non distingue esas cousas superferolíticas. ¿Para que? Total, non ía tomar ningunha decisión se estivese nas xurisdiccionais, nas de soberanía ou no que fose. En realidade, o que ocorre é que, en cambio, o Goberno portugués si envía a corveta *João Coutinho*, que paga o *comboio,* e o Instituto Hidrográfico Portugués anuncia que o buque cambia de rumbo cara ao noroeste.

O delegado do Goberno, que viña afirmando que o transvasamento non podía realizarse a menos de 120 millas da

costa en virtude dun documento asinado entre a compañía de rescate e a Administración española –transvasamento hipotético para pasar o fuel do buque sinistrado a un buque que o recollese–, recoñece, entón, ante o cambio de rumbo, que non existe tal documento senón só un acordo verbal co armador e a compañía para afastar o petroleiro do litoral galego. ¡Xa se ve cómo o afastaron! Sexa cal sexa o motivo do cambio do rumbo final, a situación tería sido aínda peor, polo menos para as Rías Baixas, se o afundimento se producise máis ao sur, pois as dúas primeiras mareas negras que se desprazaron en dirección nordeste, tocando a Costa da Morte, luxando a Costa da Morte, terían entrado directamente nas Rías Baixas.

Lamentabelmente, a parte externa das Rías Baixas non se libraría dunha terceira maré negra posterior os días 4 e 5 de decembro. Hoxe está entrando outra maré negra para acó das Cíes e para acó de Ons, e non sei se tamén para acó, para dentro, de Sálvora.

O afundimento. O martes 19 de novembro, co mar en *calma chicha*, o *Prestige* parte en dous, e as dúas metades afúndense, unha tras outra, a unhas 140 millas ao oeste das Cíes, no paralelo das Cíes, tras levar estendido un regueiro de 400 quilómetros de fuel, cantidade que se estimaba daquela entre 10.000 e12.000 toneladas.

Ao día seguinte, a Axencia Espacial Europea difunde unha imaxe satélite na que se aprecia que o afundimento causa o vertido dunha importante cantidade adicional. A elocuencia da imaxe satélite non fai variar a actitude das autoridades españolas, que minimizan a importancia da catástrofe. O delegado do Goberno declara: "*A ojo de buen cubero el petrolero pudo perder entre 3.000 y 4.000 toneladas de fuel".* Eran de 10.000 a 12.000, pero había un informe confidencial do Goberno, que o delegado coñecía, que xa cuantificaba en 20.000 toneladas o fuel vertido. ¡Marabilloso!

Pois, por riba, a raíz do afundimento das dúas partes do petroleiro, enúnciase unha curiosa especulación teorética, convertida en norma de catecismo nos beizos do señor Rajoy e do señor De Mesa: "Os tanques van permanecer intactos a máis de 3.000 metros de profundidade, e o fuel solidificarase, sendo practicamente descartable" –cita textual– "que o combustible saia dos tanques". Aválase esa especulación oficial citando un investigador do CSIC, señor Cortés Arroio, e ocúltase a opinión asisada dos científicos do Instituto Español de Oceanografía, que son amordazados e silenciados. A opinión dos do Instituto de Oceanografía era que os tanques rebentarían antes de que o barco chegase ao fondo e que unha masa de ducias, de miles, de toneladas non se solidifica de súpeto nin en cuestión de horas nin de días.

A información veraz chega de Portugal e Francia, países "incivilizados". Fronte a estas especulacións, a información obxectiva provén de Portugal, para empezar. O Instituto Hidrográfico Portugués colocara dúas radio-boias de deriva sobre a mancha principal e difunde predicciónns da súa traxectoria en función da meteoroloxía, que se obstina –esa metereoroloxía– en achegar a mancha cara ás nosas costas.

En Internet, o Cedre francés e o propio Instituto Hidrográfico Portugués proporcionan información que non teñen ou non dan as autoridades españolas de Madrid, nin as da Xunta de aquí, aínda que sabemos hoxe que investigadores cataláns lle ofreceron á Administración modelos predictivos, similares aos portugueses, sen éxito.

Os concellos da costa, desde o de Vigo ata o da Coruña, denuncian que non son informados da situación e traxectoria das manchas. Ante a falta de información veraz, cunde alarma nas confrarías e sucédense reaccións desesperadas. Os barcos de pesca saen a axexar no horizonte, os mariñeiros confeccionan barreiras artesanais e os voluntarios saen a limpar as praias sen os mínimos medios, sen coordinación oficial e sen asesoramento oficial.

Días despois aparece unha empresa intermediaria, Tragsa, coa potestade exclusiva para contratar os voluntarios, e a Consellería de Medio Ambiente simultaneamente expulsa das praias os voluntarios sen papeis, como os emigrantes magrebís. O delegado do Goberno ordena que se disolva o dispositivo de limpeza organizado polo Concello de Ferrol sen establecer ningún dispositivo alternativo. ¡¿Para que?, os ventos ían soprar do nordés e levar a mancha para África, que alí non importa, ou para Portugal! Pero pararon.

O mesmo Instituto Hidrográfico é o que ten que informar o venres 22 da aparición de novas manchas no lugar do afundimento, mentres o Goberno español, embarcado na súa teoría da solidificación dentro de tanques intactos, nega a existencia de fugas e especula que poden ser barcos oportunistas

os causantes das novas manchas –xa se sabe, para limpar sentinas–.

O vicepresidente Rajoy achega a súa propia visión, e durante seis días mantén que as novas manchas son combustíbel do barco, non parte da súa carga. O petróleo chegou polo sur ata Corrubedo, e polo norte ata cabo Prior. Os quilómetros de costa afectados se achegan xa aos 400, e algunhas autoridades empezan a preocuparse polo problema.

O conselleiro de Pesca salta a consigna inicial e declara: *"Una marea negra es una marea negra y es muy difícil de atajar"* –verdade–. Tres días despois, anuncia algunhas opinións máis interesantes: *"No podemos traer un barco*" –de recollida de petróleo– *"para un accidente aislado"*. De feito, ten razón, un barco como o *Aillette* francés recolle unhas 400 toneladas diarias, polo que un só é claramente insuficiente. Cómpre ter moitos máis, tiña razón o conselleiro, non podemos ter un barco só.

Ábrese unha nova fronte, comeza a aparecer fuel no fondo. O martes 26 aparecen nasas pretoleadas na ría de Muros, e, ao día seguinte, noutro extremo da zona afectada, arrastreiros de Burela, que traballan a profundidades de entre 100 e 500 metros, traen as artes danadas polo visguento hidrocarburo. O fenómeno é consecuencia típica do proceso de avellentamento dos hidrocarburos no mar, e parece que nin o delegado do Goberno nin o señor Rajoy nin o señor Aznar nin o presidente da Xunta nin ninguén, nin os científicos, que seica o asesoran, do CSIC –por certo, un que falaba esta mañá apelidábase Lora Tamayo; eu coidaba que Lora Tamayo era ministro franquista e que xa non estaba na política–... Desculpen, ás veces cómpre defenderse da cólera exercendo o sarcasmo.

O fenómeno é típico do proceso de avellentamento dos hidrocarburos no mar. A tona de fuel comeza por perder os compoñentes máis volátiles, logo os solúbeis e logo os máis degradábeis. Todos estes compoñentes son os de menor peso molecular. Como consecuencia, aumentan a densidade do que queda da mancha. Este proceso é particularmente rápido no caso do fuel pesado, que é o producto neste caso, xa de por si cunha densidade próxima á da auga do mar. A da auga do mar é de 1,03. Houbo asesores técnicos que dicían que a densidade da auga do mar era 1. ¡Claro!, esa é a da auga, non da do mar. E saíu polos medios de comunicación. Serán expertos do CSIC de Madrid, que deben de medir a densidade da auga do mar no estanque do Retiro.

Deste xeito despréndense as partes máis densas que "bombardean" o fondo ao seu paso. Durante este proceso créanse acumulacións de fuel que navega entre augas, especialmente en condicións de forte hidrodinamismo, como son as correntes deste tempo. Iso acelera a velocidade de degradación do fuel, pero, en troques, a mancha deixa de ser visualmente localizábel desde a superficie e tamén pasa a afectar os organismos que viven na columna de auga. Nos mapas que difunde a Xunta de Galiza este fuel non aparece, porque están feitos só con fotografías aéreas, non están detectados con boias.

As súas predicciónns baséanse unicamente nos prognósticos de vento, sen ter en conta as correntes, que en cambio si son utilizadas no modelo matemático de predicción dos portugueses. –Ao CSIC seica o van poñer a funcionar agora, mañá, é un plan.–

Os primeiros datos públicos da composición do fuel proporciónaos o instituto francés, Cedre, e o xoves 28 o Instituto Hidrográfico Portugués localiza dúas novas manchas de dous quilómetros cadrados cada unha no lugar do afundimento.

Na semana seguinte os acontecementos precipítanse. O luns día 2 a Consellería de Pesca marca de súpeto na súa páxina *web* unha mancha de ducias de quilómetros cadrados que toca o cabo Corrubedo e que se estende ata a boca da ría de Arousa. O fuel tinxe as primeiras localidades da ría, que alberga a maior concentración mundial de producción acuícola mariña e que estivo indefensa durante trinta anos, como veremos, non só agora. Sucédense as escenas dos mariñeiros tratando de recoller petróleo con troeiros desde os seus barcos, e o martes 3 unha imaxe de satélite mostra unha nova mancha sobre as coordenadas do punto de afundimento do petroleiro. Ese mesmo día o señor Rajoy declara que non hai novas fugas de fuel do barco afundido. Esa mesma mañá a forza pública impedira que un buque con xornalistas zarpase para fotografar a mancha, non fose que puidesen desmentir ao señor Rajoy e confirmar ao Instituto Hidrográfico Portugués.

A pesar da prohibición de sobrevoar a zona do vertido, un piloto portugués contacta coa torre de control do aero-

porto de Santiago, tentando avisar de que a mancha se atopa xa nas proximidades do Parque Nacional das Illas Cíes. Obviamente, o Goberno xa o sabe, pero a noticia transmítese só por Internet de boca a boca.

Sen constancia oficial do petróleo nas rías. Os días 4 e 5 o petróleo chega ás illas de Sálvora, Ons e Cíes, e entra nas bocas das correspondentes illas das correspondentes rías de Arousa, Pontevedra e Vigo. O 80% do perímetro de Sálvora, o 70% do de Ons e o 30% do das Cíes resultan afectados, mentres *flotillas* de pesqueiros combaten a mancha por dentro das Cíes e na ría de Arousa. Mentres isto ocorre, o señor Rajoy declara: *"No tengo constancia de que el fuel haya entrado en la ría de Vigo"*. Non tiña constancia. Con excepción dun barco do Instituto Oceanográfico de Vigo, ningún barco de ningunha institución pública colabora na limpeza. O Estado está desaparecido, as súas cabezas están ocupadas en cacerías, presentacións de libros, entregas de premios ou vacacións na neve. Medra a indignación popular. O alcalde de Ribeira, señor Torres Colomer, foi increpado, e mesmo cun conato de agresión, en Aguiño. O ministro de Medio Ambiente cambia de plans e desprázase a Salvora, directamente en helicóptero, sen embarcar no Grove, como tiña previsto. Transmítese a sensación de desamparo e abandono do poder central e a carraxe pola manipulación informativa dos medios públicos. Eses días, o telediario de Televisión Española informa: *"El ejército estuvo combatiendo la catástrofe desde el primer día; alcaldes agradecen los medios aportados y los estiman suficientes; avalanchas de voluntarios de todo el Estado se desplazan a Galicia para colaborar en tareas de limpieza"*. O que non conta é que, naturalmente, son rexeitados polos servicios oficiais.

A realidade no fondo do mar tampouco pode ocultarse por máis tempo. A negación española desa realidade enfróntase abertamente coa información oficial do Goberno portugués, avalada tamén pola ministra francesa de Ecoloxía, que afirma que o fuel segue a saír do buque afundido. O día 5 saen á luz por fin as imaxes do *Nautille*, mostrando chorros de fuel pastoso saíndo da proa do barco afundido. O fuel desafía o seu destino de converterse, segundo o señor De Mesa, en *adoquín*. O señor Rajoy cualifica de *hilitos* esas fugas e os redactores da Televisión Española revolucionan o concepto de estado sólido na física. Xa non se pode negar que o fuel sae, trátase agora de minimizar as fugas.

Un dato histórico: o 5 de agosto de 1983, naufraga, fronte a Sudáfrica, o petroleiro español *Castillo de Bellver*, con 250.000 toneladas de cru. A corrosión dos seus tanques provocou, once anos despois, un novo escape de cru. De feito, o petróleo non se degrada dentro dos tanques, pero o metal si que se vai corroendo. Por certo, que no fondo do mar si que existe osíxeno, en contra de opinións de expertos oficiais en non se sabe qué, e, polo tanto, as láminas de metal enferrúxanse e acaban por rachar ao longo do tempo.

Este relato –imaxinario, de ficción, de Cortázar, don Julio– remata o 6 de decembro: nin previsión nin medios, e o fuel non se disolve na mentira oficial. Ata aquí a crónica dos feitos dun desastre anunciado que por si mesma resulta estarrecedora e inconcibíbel nun estado membro da Unión Europea e situado entre as dez primeiras potencias industriais do mundo.

Mais eu quixera, xa en nome do BNG, denantes de proseguirmos, facer unha primeira glosa deste relato en claves de análise sociopolítica. As causas profundas deste desastre radican, por unha banda, nas pautas de conducta dos grandes centros de decisión dentro das relacións entre os poderes económicos e políticos no contexto da globalización ultraliberal e, pola outra, na irracionalidade social da lóxica mercantil de asignación e avaliación de recursos que reduce a cero o valor do extraordinario ecosistema litoral galego.

A traxedia que está a padecer Galicia pola catástrofe do *Prestige* encaixa como un perfecto caso práctico de horror na perversidade da forma de globalización ultraliberal que levan tempo a denunciar e combater todas as mentes lúcidas e honestas do planeta e mais unha miríade de organización sociais e cívicas en todo o mundo, e que teñen a súa expresión máis cabal no Foro Social Mundial de Porto Alegre e nas correspondentes edicións continentais, como o Foro Social Europeo, recentemente reunido en Florencia con presencia participativa de ducias, e ata de milleiros, de cidadáns de toda Europa. Unha enorme arañeira de empresas domiciliadas en paraísos fiscais, monstros xigantes de especulación financeira, magnates, armadores e fretadores de buques que practican impunemente a piratería camuflados baixo bandeiras de conveniencia, e así seguido, constitúen un xigantesco poder fáctico que decide e actúa á marxe e por riba dos poderes políticos dos estados máis potentes e mesmo pon *en jaque* o poder político do conglomerado de estados máis

poderosos da terra, despois de Estados Unidos, como é a Unión Europea –xa o veremos despois–, coa inestimábel colaboración do Grupo Popular europeo de toda Europa.

Nestas condicións, o poder político, sempre mediatizado polos grandes poderes económicos, fica agora reducido a unha grotesca caricatura de tal cousa. Pasamos todos os días de cada ano a proclamar a vixencia da democracia mentres teimamos en ignorar que os grandes poderes económicos que toman as decisións máis determinantes para a vida dos cidadáns en todo o mundo actúan á marxe de calquera caste de control democrático e son capaces de poñer de xeonllos os poderes políticos elixidos democraticamente polos cidadáns dos diversos estados. Baixo o eufemismo da liberdade de empresa e o dogma da soberanía do mercado, 36 buques cargados de productos perigosos, moitos deles en deficientes ou ata pésimas condicións de seguridade, transitan cada día fronte ás costas galegas seguindo o mesmo itinerario que acababa de percorrer o *Prestige*, primeiro para abaixo, logo para arriba, e despois para abaixo outra volta, deitando un regueiro de "merda" –como din os mariñeiros– ao pé dun dos tesouros da natureza máis excepcionais de todo o planeta Terra. Nin a Unión Europea nin o Goberno español, non digamos xa a Xunta de Galiza, exerceron o poder para impedilo ou remedialo. Ningunha das decisións cruciais foron tomadas polos poderes políticos galegos, españois ou europeos, todas foron adoptadas por poderes privados, que actúan con inmunidade e impunidade política, por individuos e organismos que os cidadáns non poden someter á censura democrática nin obrigar a dimitir nin castigar. Aínda que teñen eses poderes, naturalmente, os seus *testaferros* na política sabemos todos quén son, e de qué ideoloxías. E todas esas decidións foron tomadas en razón de cálculos e releos do negocio mercantil, desde o remolque á marcación do rumbo inicial e mais ao posterior cambio de rumbo, que trouxo a peste negra ás costas de Galiza.

E neses cálculos de negocio criminais neste escenario, os únicos que non tiveron opción a negociar, a poñérenlles prezos aos intereses, foron as xentes que viven do mar na costa galega, e os cidadáns galegos todos, titulares soberanos e conservadores do preciosísimo ecosistema do noso litoral.

E isto lévanos á segunda consideración enunciada ao comezo desta glosa dos feitos: á indefensión do ecosistema e da riqueza natural da beiramar galega dentro da lóxica implacábel da globalización. Na lóxica da economía mercantil levada ao paroxismo no actual proceso da globalización ultraliberal, o ecosistema litoral galego é un recurso natural que non se contabiliza en termos económicos pola simple razón de que non entra directamente como tal no mercado, non circula nas operacións mercantís e, por tanto, o mercado non lle atribúe un prezo; mesmo a contaminación só se contabiliza polo que custa combatela, non polo custo ecolóxico-económico da contaminación.

"O que contamina paga", dise. ¿Que paga? O custo das indemnizacións ou reparacións, non o valor da natureza destruída. Incluso se dá o contrasentido de que mentres o destrago do medio ambiente equivale a unha perda de riqueza para a colectividade humana, os artefactos producidos para paliar eses destragos ou sanear o medio ambiente contaminado contabilízanse como formando parte do PIB, do producto interior bruto, e, por tanto, canto máis se contamine e máis artefactos se fabriquen maior será a medra do producto interior bruto do país. Esa é a irracionalidade profunda de todo isto. Sei moi ben que non estou na universidade, pero non está de máis que os representantes electos da cidadanía pensen cáles son as raíces e a explicación científica de tantas cousas que nos despistan.

No mercado só entra quen ten diñeiro para pagar ou poder para cobrar, quen ten diñeiro para mercar ou poder para vender a un prezo que lle compense o esforzo de producir o que vende, e, se non, que lles pregunten aos mariñeiros sometidos á poxa á baixa nas lonxas e ao monopolio dos carburantes que precisan para os seus barcos. Do mesmo xeito que os etíopes non entran no mercado dos automóbiles porque non teñen cartos para mercalos, non son unha demanda solvente, o ecosistema do litoral galego non entra no mercado tampouco porque nin os mariñeiros nin ninguén pode vendelo. Só poden vender os productos vendíbeis que obteñen preservando ese recurso natural, e soamente eses productos vendíbeis –peixes, marisco, etc.– se reproducen se se preservan todos os demais elementos do ecosistema que non teñen valor mercantil. Por iso mesmo se aos mariñeiros lles destrúen ese ecosistema, ese medio natural indispensábel para a súa vida, non poderán mercar outro para substituír o destragado. E non poderían facer iso, por moitos cartos que tivesen, a diferencia do que poden facer, se teñen cartos, se perden as redes no mar ou se se lles afunde o barco. O ecosistema non é un valor mercantil, e por iso o mercado

non lle atribúe ningún valor. Por iso ten que ser a sociedade, que non se move só por valores económicos e mercantís, quen lle atribúa valor ao ecosistema, e ten que ser a organización política da sociedade, ou sexa, o Estado, quen exerza o poder e mais a Administración quen o xestione, avalíe e preserve e garanta a defensa do medio natural e do ecosistema, neste caso o das augas do litoral e a beiramar de Galicia.

E velaquí a primeira atrocidade deste evento: que as institucións políticas da nosa sociedade, tanto no nivel do poder autónomo –o Parlamento e a Xunta– como do poder central –Cortes e Goberno español–, mantiveron indefensa ata hoxe a inigualábel riqueza natural da Galiza costeira. Un Estado e uns poderes políticos que adoitan falar a cotío da incultura dos paisanos galegos cando os mariñeiros non respectan algunha veda ou cando os labregos non limpan os montes, ¿que aberración non cometen cando manteñen indefensa –eses poderes–, durante decenios, a riqueza natural do litoral galego, sen o afastamento suficiente do corredor de tránsito mercante, sen o control dos buques que transitan con productos letais, sen os medios loxísticos que defendan as costas da contaminación, sen un plan de acción inmediata á fronte dunha marea negra? Porque o desastre do *Prestige* non é unha catástrofe simplemente natural, nin moito menos foi unha catástrofe imprevisíbel, foi e é unha catástrofe anunciada, ten a súa historia e convén, por tanto, referírmonos á prehistoria dese desastre.

Cómpre sinalar a xénese das condicións previas que provocaron a transformación dun naufraxio na catástrofe ecolóxica e económica que estamos a padecer agora e que xa está sendo cualificada como a máis grave padecida por Europa nas súas costas.

En primeiro tempo, vou facer unha concisa crónica dos desastres provocados por buques que transportan hidrocarburos e outros productos tóxico-contaminantes nas nosas costas nos últimos trinta anos. Foron trinta anos de avisos constantes e graves sinistros intermitentes, cunha cadencia media de catro anos, que non foron escoitados nin atendidos polos sucesivos gobernos, tanto centrais coma da Xunta, que mantiveron unha actitude contumaz de non establecer ningún plan nin dispositivo de preservación, ningún plan nin medios loxísticos de defensa das costas e de reacción inmediata en caso de sinistro. Pasouse así dunha serie de desastres parciais ou locais á catástrofe global da costa atlántica galega que estamos a padecer pero que era anunciada. E non quero abusar da súa paciencia nin das miñas enerxías, nin correr o risco de ficar sen elas en calquera intre, porque son limitadas.

Simplemente: *Polycommander*, maio de 1970; ría de Vigo; pavillón noruegués; producto transportado: cru; cantidade transportada: corenta e nove mil e pico toneladas; vertida: 20.000 toneladas.

Erkowit, outubro de 1973; lugar, A Coruña; pavillón, Sudán; producto transportado: insecticida altamente tóxico. Os 2.000 bidóns de pesticidas que transportaba provocaron un enorme impacto na ría da Coruña que aínda non está adecuadamente estudiado hoxe. E isto foi en 1973, aínda non morrera Franco.

Urquiola, 1976; A Coruña, pavillón español; transporta cru, 120.000 toneladas –15 máis das que legalmente podería–. Zona do accidente: A Coruña; cantidade vertida: 100.000 toneladas.

Andros Patria: 1978; pavillón grego; producto transportado: cru; cantidade: 208.000 toneladas. Zona do accidente: cabo Fisterra; cantidade vertida: 47.000 toneladas.

Casón, decembro de 1987; pavillón: Panamá; lugar: Fisterra. Todos recordamos a historia dos bidóns que levaron en procesión e peregrinaxe desde Fisterra, desde o porto de Cee. –Eu estaba no porto de Cee, no porto de Brens, para falar co gobernador civil da Coruña daquela, a ver qué pasaba, e escoitei pola radio o que dicía algún locutor ou locutora: "Os bidóns foron xa postos a salvo no porto da *Comunidade Económica Europea*, da CEE". ¡Estabamos tan europeizados!–

Aegean Sea ou *Mar Exeo*: 1992; A Coruña; pavillón grego; cru; cantidade transportada: 80.000 toneladas; cantidade vertida: descoñecida aínda hoxe con exactitude, arredor de 75.000; é difícil sabelo porque ardeu parte dela. En cambio, non provocaron que ardese agora a masa de fuel en mar aberto, como todos os especialistas dicían que había que facer. É dicir, combatela en mar aberto, e, no límite, facela arder. Sabemos perfectamente que a hai que quentar antes, pero supoñemos que a "invencíbel Armada Española", coa súa tecnoloxía punta, terá capacidades para facer arder, a

200 millas de distancia, manchas de fuel. E Grisolía, o científico, ben coñecido colaborador de Severo Ochoa, acaba de dicir que, no límite, sería menos malo iso que outras cousas. Deixémolo de momento.

Casualmente hoxe, 12 de decembro, cúmprense tres anos da catástrofe do *Erika* fronte ás costas de Bretaña. Antonte, día 10, cumpríronse quince anos do embarrancamento do Casón no Combo de Fisterra. Aínda hoxe non sabemos con certeza cál era a súa carga. E neste ano que está a rematar cumpríronse dez do desastre do *Mar Exeo*. O 70% do tráfico de hidrocarburos en toda Europa pasa polo corredor de Fisterra. Dos 220 mercantes que pasan diariamente por ese corredor, un 13% son de mercadorías perigosas. Fronte ás costas galegas aconteceron 3 dos 10 sinistros máis graves en todo o planeta, 7 das 11 meirandes catástrofes provocadas por petroleiros en toda Europa e producíronse máis do 10% dos vertidos de mareas negras de todo o mundo; fronte ás costas galegas, ¡máis do 10%!

Mais esta crónica de sucesos desastrosos, intermitentes e reiterados, ao abranguer unha duración dun tercio de século sen que se remediasen nin se atallasen, vén revelar unha situación crónica. Trátase, pois –e non xogo coas palabras–, da crónica dunha situación crónica, o mesmo que a crónica das fames e das pestes na Idade Media revela unha situación crónica de fame permanente, chamada distrofia, e de permanente insalubridade. As erupcións dos volcáns son eventos ocasionais; a existencia do volcán en actividade que as erupcións revelan é unha realidade permanente. O volcán ao longo das costas atlánticas galegas é o corredor de tránsito mercante de grandes cargueiros máis denso de Europa despois do Canal da Mancha, boa parte del con cargamentos perigosos, tóxicos e contaminantes e circulando demasiado preto da costa. Ata hai un decenio, a 10 ou 12 millas de distancia, e, aínda agora, 1.200 saltan todas as normas e circulan a menos de 7 millas, porque non se vixía, non hai policía do corredor. Ese é o volcán. As erupcións do volcán son os desastres acontecidos cunha cadencia de catro anos como media durante os últimos trinta anos. Só que unha erupción volcánica é unha catástrofe natural inevitábel, mentres que un naufraxio dun petroleiro non é producto da natureza, senón da forma de civilización industrial no contexto dun capitalismo salvaxe, depredador, que o mesmo que acaba co noso sector pesqueiro –sen mareas negras–, o mesmo que decapita e mutila o sector agrogandeiro, néganos o pan e o sal porque non encaixamos nas súas estratexias. Noutras palabras, a constancia na sucesión de desastres neste caso é un problema estructural e non unha simple continxencia, e require dispositivos permanentes de prevención e de intervención.

A verdade é que esta situación crónica ten todo que ver coa posición estructural de Galiza no artellamento do poder político do Estado, que determina e desvela a crónica indefensión política dos valores, intereses e dereitos da nación e da cidadanía galega. É ao que se adoita aludir cando se fala do escaso peso político que ten Galiza no Estado, eufemismo que expresa disimuladamente a constatación de que Galiza carece de poder político propio, cousa que non equivale necesariamente á carencia dun estado independente, porque Cataluña e Euskadi teñen ese poder, e exérceno, fano valer, sen teren estados independentes hoxe por hoxe, que eu saiba. Porque ter ou non ter poder político e exercelo ou non non é só cuestión da forma de Estado, é tamén cuestión do nivel de conciencia de identidade, da vontade política da cidadanía, da actitude e conducta dos centros de poder económico e social autóctonos, de mentalidade e capacidade de combate da chamada clase política indíxena, de intelixencia e decisión na utilización das institucións de goberno autónomas, e así seguido. Se todo iso falla, aínda tendo un estado formalmente independente, pode funcionar como unha *república bananera* e, daquela, nada se resolve. Agora, cando nin se ten e ademais funciona como *república bananera* sen estado, é o desastre do *Prestige*, non do accidente, senón da absoluta e nula capacidade de facerlle fronte por parte dos poderes e das súas organizacións do Estado español e do subestado que se chama Comunidade Autónoma de Galiza.

Para o que estou dicindo abonda repasar o trato aplicado a Galiza –e aturado pola sociedade galega e polas institucións de autogoberno súas, todas– no proceso de integración do Estado español na actual Unión Europea, daquela Mercado Común.

Estamos a sinalar que durante trinta anos, collendo como referencia de arranque o ano 1970 –cando foi o desastre do *Polycommander*, coido–, as costas galegas estaban indefensas, e non había plans nin nada. ¿Por que? Estouno dicindo. Situación estructural: Galiza disque non ten peso político suficiente. Ben, ¿e que fixeron con nós cando se negociou a integración no Mercado Común? Reconversión naval prepa-

ratoria, reconversión siderúrxica posparto, ou puerperal, tratamento político do sector pesqueiro, da industria conserveira, do sector agrario, do sector lácteo, dos plans estratéxicos das infraestructuras, etc. Non foi só o ecosistema litoral e a riqueza natural marisqueira o que estivo cronicamente indefenso por causas estructurais, aínda que hoxe sexa a catástrofe que nos abafa e que o pon en primeiro plano. Este país noso leva cronicamente indefenso e agredido por catastróficas accións políticas, nada naturais, tanto tempo como as súas costas, e iso revela e constitúe un problema estructural do que a cidadanía vai cobrando progresivamente conciencia ao longo dos últimos decenios.

Por iso resulta tan reconfortante, cando menos para nós, os demócratas nacionalistas, a impresionante e masiva reacción popular cívica e enerxicamente activa que se está a producir ante o desastre do *Prestige,* en contraste rotundo co penoso espectáculo de pusilanimidade e de desleixo ofrecido polas institucións do poder político a todos os niveis, Xunta e Goberno español, agás as institucións locais, os concellos, ou cando menos unha boa parte deles, de diversas cores ideolóxico-políticas, por certo.

Eu coido que cómpre, xa que logo, analizar os comportamentos dos diferentes protagonistas nesta traxedia da catástrofe do *Prestige.* Coido que cómpre agora analizar e avaliar as actitudes e comportamentos dos diversos protagonistas implicados ou atinxidos no desastre do *Prestige*: a Unión Europea, o poder central do Estado, o poder autonómico galego e o pobo e as institucións locais, próximas á cidadanía.

Comecemos pola Unión Europea. As institucións da Unión Europea non están exentas de responsabilidade. A primeira responsabilidade está implícita nunha das causas profundas do desastre que anunciei e glosei ao comezo desta intervención: a fraqueza, a falla de *reciedume* e ata ás veces a complicidade dos órganos do poder político da Unión Europea fronte a un guedello de poderes fácticos, mafias especuladoras e macroempresas voraces e depredadoras que impoñen decisións lesivas contra os dereitos e o benestar da humanidade.

Estes días volvín reler páxinas de obras senlleiras como o *Informe Lugano* de Susan George ou *Europe Incorporation*, do Observatorio da Europa Industrial, que desvela e analizan as *liaisons dangereuses,* como lles chaman ás "amizades perigosas" entre as institucións políticas e o mundo dos negocios europeos, ou a dura crítica á globalización do Nobel de economía Joseph Stiglitz –pese a ter sido vicepresidente do Banco Mundial–, ou, en fin, aquela certeira e sarcástica frase de Herman Daly, todo un clásico contemporáneo, pioneiro do que agora se chama "desenvolvemento sostíbel", frase que dicía: "Constitúe un grave erro tanto moral coma económico tratar o mundo como un negocio en liquidación". A Unión Europea trata a nosa economía pesqueira como un negocio en liquidación, e os negociantes do *Prestige* fixeron outro tanto co noso sector marisqueiro, coa acuicultura e co noso ecosistema litoral: fixérono *a lo bestia*, pero fixérono con licencia da pulcrísima Unión Europea.

Nisto os ianquis dannos lecciónns, lévannos a dianteira. Aprenderon da catástrofe do *Exxon Valdez* en Alaska e desde 1990, pola Oil Polution Act –coido que se chama–, hoxe en día buques como o *Prestige* non poden navegar diante das costas norteamericanas nin recalar nos seus portos. E se mesmo así se produce un desastre de marea negra, os armadores e demais causantes terían que afrontar unha responsabilidade ilimitada na contía das indemnizacións. Claro está que iso puido facelo *pro domo sua* o poder do Estado da metrópole do imperio globalizado, e así, de rebote, hoxe circulan polas nosas augas todos os buques perigosos que xa circulaban antes e mais os que xa non poden navegar pola beira ianqui do noso océano.

O presidente Chirac tiña razón ao denunciar días pasados a incompetencia e falla de eficacia decisoria dos poderes políticos e da clase política europea, aínda que non aclarou se se incluía ou non el mesmo como presidente da República francesa. Porque despois da catástrofe do *Erika* fronte ás costas da Bretaña, á que os nosos devanceiros chamaban Armórica –Cabanillas...–, Francia promoveu na Unión os paquetes de medidas denominados *Erika I* e *Erika II*, pero as medidas preventivas primordiais deses paquetes están aínda hoxe sen poñer en práctica, señor Chirac. O cinismo dos poderes e das institucións políticas europeas é inconmensurábel. Explicareime. As medidas propostas pola comisión da Unión Europea a raíz do desastre do *Erika*, acontecido hai exactamente tres anos, como xa dixen, eran abondo rotundas –virtualmente idénticas ás norteamericanas, especialmente no calendario de posta en retiro de circulación dos buques monocasco ou obsoletos–, e, de aprobárense, tal cal as pro-

puxo a Comisión, polo Parlamento Europeo e polo Consello de Ministros de Bruxelas, o *Prestige* non podería navegar xa desde o primeiro de setembro deste mesmo ano. Teriamonos librado da catástrofe.

Agora ben, a comisión parlamentaria encargada de presentar perante o Parlamento a ponencia –o *"rapport"*– sobre as medidas que propuña a Comisión da UE rebaixounas drasticamente, de xeito que o *Prestige* puido seguir navegando, pasear ao longo da Costa da Morte e cuspir a súa carga letal contra o noso litoral. ¿Que aconteceu? Teño o informe de todo ese proceso feito polo Grupo Parlamentario dos Verdes-ALE que relata o acontecido –saben vostedes, todos e todas, que o Grupo Parlamentario dos Verdes-ALE é no que está integrada a representación que obtivo o BNG para a cidadanía galega no Parlamento Europeo–. Cítolles textualmente algún parágrafo dese informe –é coma se fosen as actas das sesións–: "Se o Parlamento Europeo apoiase a proposta da Comisión Europea no canto de flexibilizala, o *Prestige* non figuraría xa a estas alturas". O ponente no Parlamento foi Hatzidakis, un deputado grego do Grupo Popular. A súa ponencia foi aprobada xa na primeira votación porque Hatzidakis propuxo atender as reclamacións dos armadores e adoptar unha actitude compracente co Consello de Ministros da Unión Europea. Se non é certo, póñanlles querela ao grupo dos Verdes-ALE e aos funcionarios que dan fe das sesións do Parlamento Europeo.

Ou sexa, que lle debemos ao Grupo Popular do Parlamento Europeo e ao Consello de Ministros de Bruxelas, do que forman parte os membros do Goberno español que preside Aznar, e que xa presidía nese momento, que o *Prestige* chegase ás nosas costas coa súa carga mortífera o 13 de novembro –que foi mércores, non martes, por un día– no canto de estar desmantelado desde o primeiro de setembro pasado. Moitas gracias, populares europeos unidos; moitas gracias, presidente Aznar. Agora compréndese que a invencíbel Armada española non interceptase o *Prestige,* pese ao aviso de temporal transmitido polos servicios meteorolóxicos a todas as comandancias de mariña. Agora enténdese que a fragata que eu vin a tres millas fronte á pedra de abalar de Muxía na mañá do xoves 14 e que acompañou no seu "paseo" ao *Prestige* non impedise a virada cara ao sur cando o remolcaban rumbo ao norte e estaba xa á latitude practicamente de Estaca de Bares –e, por tanto, os vertidos non viríian para Galiza nunca–, nin tampouco que o afundise a canonazos, como disque propuña facer o ministro Trillo, e que, en troques, unha simple canoneira da Mariña portuguesa se lles plantase diante cando entraba en augas de soberanía lusitana e o obrigase a virar –ela si– e o liscase de alí pouco antes de se afundir á altura das Cíes, que as acaban de declarar "Parque Nacional Español Indefenso e Destruíbel". Mais, evidentemente, Portugal disque é un país pequeno, sempre desprezado polos arrogantes celtíberos carpetovetónicos –estilo Aznar–, e, ademais, en Portugal, pese a todo, aínda non goberna o Partido Popular.

En rigor, os feitos parecen evidenciar que os galegos estariamos mellor amparados se formasemos parte do Estado portugués e mellor informados. As únicas informacións e predicciónes veraces e cientificamente solventes durante estas semanas, as únicas informacións das que se fiaban os mariñeiros galegos e os concellos de beiramar –os concellos sensatos–, eran as que daba o instituto francés Cedre e o Instituto Hidrográfico Portugués, non as das autoridades españolas, que as desautorizaban e contradicían ata que se impuña a evidencia.

Pero o informe do Grupo dos Verdes-ALE que acabo de citar di máis cousas de interese para esta Cámara galega, para as súas señorías. Cito outra volta: "Compréndese ben a importancia de substituír os petroleiros monocasco polos de casco dobre. O calendario proposto pola Comisión Europea era similar ao adoptado por USA, polos Estados Unidos" –co que, repito, o *Prestige* xa non podería navegar–. "Ademais" –continúo a cita textual– "a Comisión propuxera a introducción de tarifas portuarias e de prácticos de porto diferenciadas para buques de casco simple e dobre, cousa que constituía un bo instrumento para incitar ao desmantelamento e á renovación da flota de petroleiros. Pero"–e agora subliño– "baixo a presión dos armadores e do Consello de Ministros da Unión Europea, ese instrumento foi borrado do texto do regulamento, e o calendario de retirada de circulación de buques obsoletos fíxose moito máis flexíbel", co que o *Prestige* –insisto– puido navegar e vir traernos a peste negra ás costas galegas.

O informe ao que me refiro remata con estas palabras: "En realidade, isto constitúe unha chantaxe que non podemos aceptar". ¡Claro! ¿Como non o aceptaron? Votando en contra, outra cousa non podían facer. Pero foron aprobadas a rebaixa de Hatzidakis, apoiada por todo o Grupo Popular Europeo, e

as normas da Comisión que terían impedido que o *Prestige* causase a catástrofe que acaba de causar en Galiza.

Mais dicía eu que nesta sinistra historia o cinismo político non ten límites. En efecto: o luns 18 de novembro pasado, aos catro días de comezar o pesadelo do *Prestige* e cando aínda non se afundira, o eurodeputado Camilo Nogueira, en nome do Grupo dos Verdes-ALE, preséntalles a todos os grupos parlamentarios da Cámara europea unha proposta de resolución na que ese Parlamento solicitaba da Comisión un paquete de medidas urxentes fronte á catástrofe que estaba empezando a producirse nas costas galegas. Os grupos parlamentarios chegan ao acordo dunha resolución común que refunde as propostas dos diversos grupos, desencadeadas en batería a partir da iniciativa dos Verdes-ALE; proposta refundida en común que foi aprobada unanimemente o día 21 polo Parlamento. ¿Saben vostedes, señorías, quén acompañaba ao eurodeputado popular galego Daniel Varela na proposta correspondente do Grupo Popular? Konstantinos Hatzidakis, o eurodeputado popular grego que antes mencionei, opoñente e máximo responsábel de que primasen os intereses dos armadores petroleiros sobre a seguridade das nosas costas e a preservación do noso ecosistema litoral.

As *liaisons dangereuses*, as amizades perigosas, dos eurodeputados populares convértenos en cómplices dos atentados contra os intereses de Galiza, aínda que sexan galegos. Obxectivamente, si; non intencionalmente. Eu non son un fiscal, non o tomen por aí.

Por certo, ¿van esixir agora os gobernos español e galego que se paralice a reforma Fischler da PCP –hai malas noticias de última hora, peores noticias aínda–, esa marea negra política que ameaza destruír a economía da Galiza mariñeira, aínda non destruída pola "burla negra" do *Prestige*? ¿Ou van esixir que se acepte ao pé da letra a posición galega en defensa do sector pesqueiro fixada por este Parlamento no mes de setembro e que nin o Goberno español está a defender mentres o Grupo Popular no Parlamento Europeo está a triturar, igual que fixera coas normas da comisión á que acabo de referirme? ¿Ou ben que se estableza unha cláusula de trato excepcional para a pesca industrial de altura galega mentres duren os efectos da catástrofe no sector pesqueiro de baixura, marisqueiro e da acuicultura? ¿Van esixir que Europa agora compense? ¿Van esixir que nos dean dunha vez o que nos roubaron coas condicións de integración no Tratado de Adhesión a respecto da pesca galega? ¿Van esixir iso, que polo menos haxa unha situación e que sexamos europeos de carné e non inmigrados sen papeis e que se compense dándolle facilidades á flota pesqueira industrial de altura polo que vai ser o paro masivo, o desastre durante anos, de toda a outra poboación laboral galega? ¿Van esixir algo diso ou van deixar que Fischler acabe co que non acabou aínda o *Prestige*?

Baixemos agora ao nivel da Unión Europea ou do Estado español e examinemos o comportamento do poder central. –Pensarán que esta é unha moción de censura *urbi et orbi*, pero se cadra é a que hai que facer. Estou identificando, díxeno explicitamente, o comportamento dos protagonistas na catástrofe.–

Baixemos ao comportamento do poder central, ou sexa, do Goberno español, Cortes Españolas e partidos de ámbito estatal, que son columnas cruciais do aparello do Estado.

O primeiro que chama a atención é a elocuencia e o desenfado co que o actual poder central aproveitou a situación crítica provocada polo *Prestige* para volver tratar a Galiza como unha colonia interior, tal e como eu mesmo a definira hai agora trinta anos, aplicándolle daquela o concepto ideado polo pensador occitano Robert Lafont e polo sociólogo mexicano Pablo González Casanova, ademais de Harold Wolpe, un científico social británico. Débolles confesar que eu chegara a ter a esperanza de que a definición constitucional de Galiza como autonomía con rango de nacionalidade histórica se acabaría por impoñer nas pautas de conducta do poder central, e de desterrar a consideración do territorio de Galiza como unha colonia interior habitada por indíxenas estúpidos e submisos. Chegara eu a esperar que o poder central acabase por tratar co debido respecto a unha Galiza que a propia Constitución española definía como "nacionalidade" e non como unha simple rexión sen identidade histórica nacional. Chegara a coidar verosímil que o Goberno español do PP, o Goberno presidido por Aznar, respectase a tese fraguiana do galeguismo popular como fundamento dun fortalecemento da autonomía política de Galiza. Ata puido pasarme –as poucas horas que puiden durmir estes días– como no verso de Antonio Machado: *"Soñé, bendita ilusión, que una fontana fluía dentro de mi corazón"*. Soño e va ilusión, en efecto, o fortalecemento da autonomía de Galiza coa seiva dun galeguismo cultivado polo Partido Popular en invernadoiro.

Chegou a crise do *Prestige* e ao Goberno central aznarista faltoulle tempo para converter automaticamente o delegado do Goberno nun esperpéntico gobernador colonial, e a seguir para enviar en calidade de virrei o mesmísimo vicepresidente do Goberno –un oriúndo de nome Raxoi, traducido á áspera fonética castelán con "j" para facerse cargo da situación con plenos poderes; ou sexa, os do Goberno español e os da Xunta de Galiza xuntos e mesturados.

Por tanto, primeira aduanada: suplantación descarada das institucións constitucionais de autogoberno galego –presidente e Xunta de Galiza– primeiro por un ignorante e inepto monifate de teatro de títeres, personaxe de Barrigaverde anunciando productos de cosmética para abrillantar a envoltura pilosa dun cranio oco, e acumulándolle á contaminación petroleira unha máis perversa contaminación mediática para agravar a indefensión dos cidadáns fronte ao desastre que se lles viña enriba coas mentiras necesarias para que o desastre os collese por sorpresa. E despois, aos poucos días, a substitución do monifate inepto e mentirán por outro con máis prestancia e rango superior na escala, para que a ineptitude e a patraña tivesen máis autoridade perante os súbditos inxenuos amestrados durante decenios para creren, con fe de carboeiros, que o Goberno español nunca mente, nunca se trabuca e ten sapiencia divina; e se di que a Terra non se move e que a maré negra emigra e se afunde en estado sólido, quen se confunde e comete herexía é Galileo, mesmo que fose o galileo de Nazaré.

Os personaxes nos que Velázquez retratara a decadencia da España negra dos Austrias resucitaron de socato, retornando da noite dos tempos e aparecéronselles aos cidadáns galegos en todas as televisións facendo profecías que os feitos pertinaces desmentían en menos de 24 horas, mais que os profetas, fanáticos teimudos, volvían proclamar contra toda evidencia nunha bacanal de obscenas ofensas á intelixencia, á ciencia, á sabedoría mariñeira e á máis elemental decencia moral. ¡Mágoa que non ensaiasen camiñar sobre as manchas de chapapote no mar a ver se se afundían con el en estado sólido!

Ao propio tempo, e para perfeccionar o esperpento, o mesmo poder central que tomaba por asalto a autonomía galega, claudicaba pusilámine no exercicio da soberanía do Estado, nas instancias internacionais e fronte aos poderes fácticos do enguedello mercante-petroleiro causante do desastre. O mesmo Aznar, que acusa de traizón os nacionalistas galegos cando reclamamos que Galiza comparta a soberanía do Estado, renunciou a exercer esa soberanía nas augas territoriais españolas. Non vixiou nin controlou o corredor, non interceptou preventivamente o *Prestige*, non puxo un comandante da Armada na ponte de mando do buque-bomba para levalo onde lle dictaminasen os expertos máis solventes e onde decidise o Goberno do Estado –con eses expertos– nin impediu que os mercadores dos remolcadores se puxesen a relear toda a noite do 13 sobre o prezo da operación mentres o vento do oeste empurraba o *Prestige* cara os cons de Muxía –co señor Fernández Tapias no medio, propietario do *Ría de Vigo*–. Nin ese goberno soberano do señor Aznar impediu tampouco que eses mesmos mercadores, e outros máis chegados coma as moscas á merda, cambiasen o rumbo do *Prestige* cando xa non estaba ao largo das costas galegas. Foi esta a decisión máis aberrante de todas, a causante directa da catástrofe ecolóxica e económica completa para toda a beiramar, "desde Ortegal ao Miño", como diría o Cabanillas de *Vento mareiro* e *Da terra asoballada,* se vivise; a acción criminal que converte en delicto ecolóxico a conducta do Goberno, como xa teñen denunciado a Federación dos Verdes de toda España, con Mendiluce á cabeza.

¿Onde estivo a soberanía española, *la gallarda soberanía española*? Agachada debaixo da cama do poder central. Aznar mandou os seus ministros á caza maior de veados, mentres os da Xunta ían á caza menor de aves –¡aínda hai clases!–, e o propio Aznar foise á illa de Corfú, pretiño de Ítaca, se cadra para engadir un novo espécime ao inventario da fauna descrita no delicioso libro de Gerald Durrell, ben coñecido, *Mi family and other animals, A miña familia e outros animais*. Faltáballe Aznar ao libro de Durrell porque é de 1956, claro, non podía estar catalogado na colección, no bestiario de Corfú, feito por Durrell.

De xeito que o Goberno de Aznar combinou simultaneamente dous comportamentos inversos entre si e perversos os dous: suplantou os poderes e ámbitos competenciais do Goberno autónomo galego, que constitucionalmente non lle correspondía, e fixo abandono da súa soberanía política como Estado que a Constitución obriga a exercer na esfera internacional e perante o inframundo dos negocios, os poderes privados e os intereses espurios de armadores de buques con bandeira pirata, de petroleiros depredadores que provo-

caron a catástrofe do *Prestige.* Fixo Aznar como o Exército español ao longo da historia desde o século XVI en adiante: perder ou nin sequera dar as batallas fronte a invasores de fóra e destinar a súa forza unicamente a reprimir e mallar no lombo dos propios súbditos. Moi propio da mentalidade chauvinista, patrioteira e pacata de José María Aznar.

Ou sexa, que o Goberno español, en suma, comportouse ao revés de cómo obriga a comportarse a vixente Constitución do Estado das autonomías. Mais, ¿por que o fixo? ¿Por que actuou así?

O primeiro, a suplantación da Xunta, fixoo, para empezar, porque llo deixaron facer a propia Xunta e o seu presidente, que dimitiron de facto dos seus cargos e responsabilidades, aínda que se negaron a presentar formalmente as súas dimisións, iso si. E máis porque é ben sabido que Aznar e o seu Goberno non respectan as autonomías de primeiro rango constitucional, como é a galega, senón que queren acabar con elas de feito, como están a facer todos os días en educación, en comercio interior, en política agrogandeira, en política fiscal e financeira, e así seguido.

E o segundo, o de en cambio non exercer o poder soberano do Estado nas instancias internacionais e fronte aos poderes económicos, o desleixo da soberanía do Estado cara a fóra, fixérono porque o Goberno Aznar e o PP español están enfeudados con *lobbies,* grupos de presión e poderes internacionais privados e públicos fronte aos que terían que exercer esa soberanía política do Estado español, como poñen en evidencia coas súas actuacións na Unión Europea. E citei antes unha, exemplo relacionado directamente con este caso.

Cando Loyola de Palacio sae agora a dicir que van prohibir xa a circulación de petroleiros monocasco, a primeira que non cre as súas palabras é ela mesma, porque sabe moi ben que case a totalidade da flota petroleira con pavillón español é de buques monocasco precisamente, empezando pola de Repsol. ¿Acaso Loyola de Palacio ten poder na Unión Europea para facer o que di? E, aínda que o tivese, ¿acaso vai "achatarrar", vai mandar ao despece, vai desmantelar a flota do combinado armador-petroleiro español? ¿Ou tal vez vai realizar o "milagre de Loyola", substituíndo esa flota por buques de casco dobre en seis meses?

A realidade dos feitos indica que perante ese desastre nin tan sequera nas Cortes Españolas levou a iniciativa o Goberno central nin os grandes partidos. As únicas iniciativas que, ao longo deste tempo, foron presentadas e sistematicamente rexeitadas nas Cortes para que se tomasen taxativamente medidas que agora están reclamando os cidadáns foron levadas polo Bloque Nacionalista Galego durante estes anos pasados. E a única iniciativa rápida e inmediata, aos poucos días de comezar este pesadelo, foi a presentada polo portavoz do BNG nas Cortes, Francisco Rodríguez, aprobada con rebaixas, recollida logo con novas mutilacións no seu seguinte Real decreto do Goberno, de primeiras medidas fronte a unha catástrofe, que o propio profeta oficial Rajoy negaba que fose tal. E por iso foi mutilado o repertorio de medidas reclamadas polo Bloque.

Toda esta conducta absurda e demencial, todo ese comportamento incribelmente irresponsábel, toda esta auténtica insania no exercicio do poder, foi consecuencia da vertixe sufrida en presencia do abismo que se abriu de súpeto diante dun goberno incompetente, ignaro e *runflante* que consagrara a súa actividade a propalar a patraña oficial de que *"España va bien"* no canto de gobernar para evitar que vaia tan mal, como demostra a inexistencia de Estado merecente de tal nome fronte á catástrofe do *Prestige*. Foi unha fuxida desordenada perante unha realidade sistematicamente negada que o *Prestige,* partido en dous, e co fociño e o cu apuntando ao ceo, puña atrozmente en evidencia. Foi unha reacción de pánico institucional ante a relación de gravísimas responsabilidades que xa non se podían agochar nin ocultar. Os cidadáns galegos, e mesmo os de todo o Estado, descubrían de súpeto que o Goberno español e a Xunta de Galiza carecían dun plan de medidas preventivas, de controis sobre o tránsito de buques perigosos polo corredor da Fisterra, dun plan de acción inmediata defensiva fronte ao sinistro do *Prestige*, de buques e medios loxísticos –tiveron que chegar todos do estranxeiro– para combater a marea negra do chapapote, dun plan de protección civil estatal ou autonómico merecente de tal nome, e mesmo de protección ningunha de ningunha caste fronte á emerxencia da adversidade. O neno da Costa da Morte retratado en Tele 5 expresouno coa veraz e cristaíña lucidez que só os nenos teñen e expresan espontaneamente, sen autocensura. Ese neno fixo o mesmo que aqueloutro no coñecido conto popular xermano-escandinavo *O* traxe *invisíbel do príncipe*, que berra: "*O príncipe vai espido"*. Era capricho do príncipe de un traxe invisíbel –en

realidade, non lle fixeron o traxe porque non podía ser outra cousa e ía espido–, e mentres lle dicían ao príncipe que ía cun traxe marabilloso o neno di: "O príncipe vai espido". O raparigo da Costa da Morte dixo: "Nin sequera saben quén somos e o que somos. Chámannos pescadores. Pescadores son os que pescan con cana nas rochas. Nós somos mariñeiros. ¿É que España non ten costas?".

Un goberno que non sabe quén son e o que son os cidadáns que ten que representar e defender, que non coñece a súa identidade e a súa condición, é un goberno alleo e alienado dos cidadáns, é un goberno de alieníxenas. Os cidadáns galegos descubriron todo iso e percibiron supetamente o sentido exacto, o rigor semántico, o significado preciso da definición de Galiza como "unha nación sen Estado": non o tiña propio, e ata a Xunta dimitía do seu poder autónomo, nin funcionaba como o Estado dos cidadáns galegos o que pretendía e dicía ser o seu.

Os cidadáns comprobaban que, durante trinta anos, desde a catástrofe do *Polycommander* en 1970 ata a do *Prestige*, se sucederon no Estado gobernos franquistas, centristas, socialistas e "pepeístas" e que todos eles, durante trinta anos, mantiveron indefensas as costas galegas, o seu ecosistema e a economía das xentes mariñeiras, pese a estaren constantemente ameazadas e seren repetidamente castigadas con desastres intermitentes, sen que ningún dos gobernos sucesivamente alternantes aprendese a lección e actuase responsabelmente ou nin tan sequera escoitase as voces, protestas e avisos dos cidadáns e das organizacións sociais e políticas que reclamabamos reiteradamente esa actuación responsábel en prevención do desastre seguinte. O Goberno do PP, de Aznar, seguiu a xogar á ruleta rusa, mais non coa súa propia cabeza, senón coa vida e a natureza dos cidadáns de Galiza. E cumpríalle tapar, ocultar, esa conducta temerariamente irresponsábel. Cumpríalle negar que existise nin o perigo nin o problema, e negalo mesmo cando a bomba aboiante de 70.000 toneladas de carga mortífera estaba só a tres millas da Pedra de Abalar e da Nosa Señora da Barca, nas penedías de Muxía.

Os mariñeiros dicíanme: "Hoxe salvounos o tempo, que virou ás dez da mañá. O vento rolou do oeste para o sur. De non ser así, teriamos agora xa ese barco nas pedras, e, de todos os xeitos, xa non o imos botar de enriba de nós". Isto dicíanmo os mariñeiros.

De xeito o que o Goberno –primeiro o seu delegado e logo o seu vicepresidente– dedicouse a interpretar pola tele impertérrito o que debe ser o actual himno nacional do Goberno aznarista: *Vamos a contar mentiras, tra-la-lá*. E isto foi o máis inicuo de todo. Por iso lles vou dar razón dun decálogo da mentira gobernamental, das dez mentiras máis procaces do Goberno español na catástrofe do *Prestige*, e que constituirían dez razóns dabondo para unha censura a ese Goberno, que nós non podemos facer nas Cortes mais que non renunciamos a que sexan asumidas por quen pode facelo, se quere actuar en sintonía co que estamos a facer conxuntamente hoxe aquí desde a oposición nesta cámara de deputados galega conxuntamente e fronte a un Goberno do mesmo partido que goberna no Estado.

Unha. O Goberno español mentiu deliberadamente desde o primeiro día para minimizar o alcance real da crise do *Prestige*. Primeiro, por razóns de puro oportunismo político, para apuntarse un éxito propagandístico que calculaba fácil, e, despois, para controlar os danos nun ano electoral.

Dúas. O Goberno español mentiu deliberadamente sobre a cantidade real de fuel vertido no mar, sobre o tamaño da mancha, etc., e os danos ecolóxicos.

Tres. O Goberno español mentiu deliberadamente para ocultar a súa responsabilidade ao afirmar que foron os técnicos os que lle recomendaron como única opción afastar o barco da costa. Non contaron para nada co Instituto Oceanográfico. Hai firmas agora de membros investigadores do CSIC no seu conxunto que denuncian a censura. Puxéronlles, como nos tempos do franquismo, ¿saben vostedes?, un informe para firmar en branco, para logo ser cuberto pola autoridade pertinente. E temos todos nós compañeiros, amigos, coñecidos, nas universidades deste país e nos institutos de investigación mariña. ¡Pasaron deles! Á fin e ao cabo, ¿para que? O señor Aznar pensa que a autonomía é un lastre para *el esplendor de la España –la España esa, del–*.

O Goberno español mentiu deliberadamente ao respecto da evolución dos vertidos no lugar onde está afundido o *Prestige*.

Mentiu deliberadamente –en sexto lugar– ao afirmar que a costa galega estaba protexida e que se puxeran a traballar os medios dispoñíbeis.

En sétimo lugar, mentiu deliberadamente respecto das súas competencias no control do tráfico do corredor para eludir responsabilidades.

En oitavo lugar, mentiu deliberadamente sobre a posibilidade real de que a Axencia de Seguridade Marítima puidera estar en Galiza.

En noveno lugar, o Goberno español mentiu deliberadamente respecto da posibilidade real de afastar o corredor galego da costa para os barcos cargados con mercadorías perigosas.

Finalmente, o Goberno español mentiu deliberadamente ao afirmar que descoñecía ónde estaba o presidente da Xunta na fin de semana do 16 ao 17.

Baixamos agora ao poder autonómico. No comportamento e actuacións da Xunta de Galiza e do seu presidente faise patente unha curiosa simetría a respecto do comportamento e actuacións do Goberno español, unha simetría que chama, de primeiras, a atención. Mais a pouco que a analicemos descubriremos que non só encaixa cunha lóxica obxectivamente implacábel, senón que, pola mesma, o anómalo dentro desa lóxica sería que non encaixase. É coma cando nunha película de suspense, estilo Hitchcock, dous personaxes contradictorios entre si entran nunha cámara de espellos dentro da cal se confunden reciprocamente entre eles e mais tamén coas súas respectivas imaxes virtuais. A Xunta e o seu presidente comportáronse á imaxe e semellanza do Goberno central, como no texto bíblico, só que á inversa. O Goberno central conculcou na práctica a Constitución suplantando a Xunta e o seu presidente e invadindo descaradamente o seu ámbito competencial. A Xunta e o seu presidente reduciron a cinzas –tamén na práctica– o Estatuto de autonomía de Galiza deixándose suplantar polos *missi dominici* do presidente Aznar –como no imperio carolinxio– e permitíndolles a invasión dos seus ámbitos competenciais, incluídos os plenos ou exclusivos. Os enviados do señor Aznar converteron os conselleiros e o presidente da Xunta en simples funcionarios, sen ningunha facultade de decisión política, nin tan sequera de alta administración propia. E os conselleiros e o presidente non só aceptaron esa humillación, senón que se puxeron submisamente ás ordes dos enviados do señor Aznar. Algúns incluso fixeron algo peor aínda: puxeron terra por medio e marcharon de *picnic*, con cesta de merenda incluída e escopeta; é dicir, chegaron a abandonar, mesmo fisicamente, o espacio institucional e territorial da Comunidade Autónoma de Galiza neste transo coma se aquí non pasase nada. Se cadra, eles mesmos chegaron a crer que non ía pasar nada, xa que todas as máximas autoridades e cerebros privilexiados do Goberno central andaban a proclamar *urbi et orbe*, ou sexa, para a *civitas* e para o mundo, que aquí non había perigo de nada grave e que as *manchitas* que chegaran á Costa da Morte se remediaban con dez euros *per capita* aos mariscadores en regra durante quince días. "Eu non veño con palabras, eu veño con cartos", dixo vostede, señor presidente, a primeira vez que apareceu pola Costa da Morte, máis de oito días despois de que empezase o drama e de que eu –que non teño responsabilidades de goberno– estivese en Muxía -sen cartos, naturalmente, porque non son un magnate das finanzas; e os que vostede ofreceu tampouco son seus, senón de todos os cidadáns contribuíntes-. ¿Por que non volve dicir iso mesmo agora a ver se lle chegan os dos orzamentos da Xunta para reparar todos os estragos ecolóxicos e económicos que xa leva producido, e seguirá a producir, esta catástrofe?

Eu advertíalle hai cousa de dous meses nesta mesma Cámara, canda o último debate de política xeral, que o primordial andazo político que padecían os conselleiros do seu Goberno era a síndrome de que tiñan moi interiorizado que todas as decisións políticas se tomaban en Madrid ou en Bruxelas, cousa que introducía neles a mentalidade de seren membros dunha especie de deputación uniprovincial galega no canto dun goberno denominado Xunta de Galiza. Díxeno dos seus conselleiros, non de vostede, nese debate de hai dous meses. Francamente, daquela non pensaba que ese diagnóstico que eu facía lle puidese ser aplicábel. Estou desolado. Debo de recoñecer que hoxe os feitos fan innegábel que vostede mesmo está incluído nese diagnóstico e que o seu comportamento durante a crise do *Prestige* pon de manifesto -moi ao meu pesar- que vostede tamén pillou ese mesmo andazo.

Mais na simetría de comportamentos reciprocamente equivalentes, só que reciprocamente inversos, entre o Goberno español dunha banda e a Xunta e o seu presidente da outra, aínda resulta politicamente máis grave e máis incomprensíbel o comportamento e a actuación da Xunta e do seu presidente. Primeiro, porque, en todo caso, o problema do desastre do *Prestige* está situado aquí, no territorio da

Comunidade Autónoma de Galiza. Padéceno os cidadáns de aquí, que son cidadáns desta Comunidade Autónoma conforme a Constitución, conforme o Estatuto e mais conforme a lei deste Parlamento que define a condición e os dereitos da cidadanía galega. Isto non é unha rexión administrativa, é un territorio político, con poderes políticos neste Parlamento e na Presidencia da Xunta de Galiza. Vostede preside unha Xunta e é presidente dunha cidadanía galega, conforme a Constitución, o Estatuto e a Lei deste Parlamento, que ademais é española porque estamos dentro do Estado español. Como consecuencia deses feitos e deses dereitos, a Xunta ten a responsabilidade política directa, irrenunciábel e inalienábel do benestar dos cidadáns galegos. Por iso a autonomía das institucións que vostede preside, señor Fraga, é política e non simplemente administrativa. Por isto a Constitución e o Estatuto veñen a dicir que a Xunta é o Goberno autónomo dunha nacionalidade histórica e non un simple órgano de xestión e de decisión administrativa rexional. Iso significa que cando o Goberno do Estado suplanta a Xunta e o seu presidente e usurpa as competencias que lle atribúe o Estatuto, relegando ao Goberno galego a simples funcións admnistrativas de execución de decisións que el non toma, que vostedes non toman, ese Goberno central está a secuestrar o poder político que a Constitución e o Estatuto lles atribúen ao presidente da Xunta e aos seus conselleiros. E –repito– ese Goberno central está a secuestar o poder político que a Constitución e o Estatuto lles atribúen ao presidente da Xunta e aos seus conselleiros. Ese comportamento resulta incomestíbel dentro das pautas dunha teoría do Estado democrático e politicamente autonómico. E constitúe unha aduanada inadmisíbel, e mesmo politicamente puníbel. Mais peor aínda resulta ser, política e moralmente, o comportamento dunha Xunta e dun presidente que toleran, asumen e mesmo agradecen con alivio esa conducta do Goberno central. E aínda por riba poñen terra por medio.

Vostedes, señores conselleiros e señor presidente, non están sometidos a un contrato de vasalaxe co Goberno español. A ver se o entenden, porque estamos nun Estado democrático e non autocrático, nun Estado de dereito e non nun Estado do Antigo Réxime señorial. Para servir a España -como vostedes adoitan dicir que é a súa obriga primordial- só poden facelo exercendo con afouteza e plena dignidade institucional os poderes políticos que a Constitución e o Estatuto lles confiren como conselleiros e presidente da Xunta de Galiza. Só así poden, na súa situación actual, servir a España, aínda que pareza contradictorio. Para iso existe o Estatuto.

Deixando o exercicio deses poderes de decisión política en mans de enviados do Goberno central, vostedes fan exactamente todo o contrario de servir a España. Só serven a un amo que cre ser persoalmente a encarnación do poder do Estado, é dicir, un autócrata. E os autócratas e as autocracias na política e na economía traen ao mundo mesmamente desastres coma o do *Prestige*. Non ocorrerían se os poderes económicos estivesen sometidos ao control político dos poderes políticos democraticamente elixidos en todo o planeta. Sabémolo todos os demócratas do mundo. E ese é o grave problema dos sistemas políticos actuais, da crise dos modelos de Estado, da crise das democracias actuais. Sábese, e por iso hai miríades de organizacións sociais en todo o mundo que se xuntan e que se vertebran en cousas como o Foro Social Mundial de Portoalegre ou o Foro de Sâo Paulo. Sabémolo. Teñamos a honestidade de asumilo e de dicilo e non disimulalo nin facermos de escudo. Non podemos estar na loita política, na función política, para sermos escudo e tapadeira daqueles que se rin de todos nós porque toman as súas decisións en gabinetes escuros, con pulsadores, onde automaticamente esas decisións provocan catástrofes coma a do *Prestige*, e logo póñenas a todos vostedes diante como monecos do pim-pam-pum para que mallen en vostedes. Esta é a realidade.

Nesas situacións, só se os cidadáns deciden exercer por eles mesmos directa e participativamente os valores e os resortes democráticos, só así, a catástrofe non se consuma sen resistencia a ela: é a inmensa, grave e exemplar lección que están a darlles a vostedes todos -Xunta e Goberno español-, os cidadáns galegos todos estes días. ¡Vergonza debera darlles a vostedes!

Pero hai máis. Así como a intrusión do Goberno central no ámbito político e competencial da Xunta de Galiza consuma unha suplantación, en troques, se vostede, señor presidente, co seu Goberno actuase en dirección inversa, o significado político e a cualificación que merecería o seu comportamento non sería análoga. Porque unha cousa é a suplantación que comete o poder central a respecto de vostedes e outra ben diferente é a aplicación do principio de subrogación. Agora que todos somos moi europeos, segundo a moda -cando menos verbalmente-, cómpre lembrar que

o principio de subrogación é unha das pezas mestras no artellamento e nos mecanismos que rexen a articulación das diversas instancias do poder no edificio institucional no conxunto da Unión Europea entre os diversos niveis, ou andares, nos que se achan situadas as institucións da propia Unión Europea como tal, as dos estados membros e mais as das institucións políticas subestatais –como xa están a ser denominadas–, sexan *landers*, estados federados dunha república federal como Alemaña, sexan os dous estados federados na actual federación belga, ou sexan as autonomías -polo menos, as que son nacionalidades históricas, e tamén as outras, na medida en que lles corresponda-. Son institucións políticas subestatais, como están a ser denominadas, e que constitúen un dos primordiais e máis innovadores focos de estudio, de análise e de tratamento político no proceso constituínte -aberto xa e en transo de dar os seus primeiros pasos nas institucións e na cultura política da Unión Europea-.

Quero dicir con isto que ante unha emerxencia como a provocada polo *Prestige*, nunha situación de auténtico estado de necesidade da cidadanía galega, atinxida pola catástrofe, á vista do descoñecemento do problema por parte do Goberno central e da incapacidade dese Goberno e da falta de plans, de programacións, de medios loxísticos para facerlle fronte á emerxencia e acudir en remedio do estado de necesidade da cidadanía, á vista de todo iso e nesa situación, constituiría –sería lóxico, estaría plenamente xustificado– un lexítimo acto de coraxe política que o presidente da Xunta de Galiza á fronte do seu Goberno aplicase o principio de subrogación para facer en defensa dos dereitos e intereses da cidadanía galega o que o Goberno central estaba a demostrar que nin era capaz nin tiña previsto nin tiña tampouco a vontade nin a coraxe política de facer. Por iso dicía eu que, ao cabo, a simetría visíbel no xogo de espellos entre as conductas recíprocas pero inversas da Xunta e do Goberno central resultaba ser só virtual, como lles corresponde ás imaxes nos espellos. Porque, en troques, analizadas esas conductas na consistencia real e na súa índole política xenuína dentro do contexto creado por esta emerxencia catastrófica –como acabo de tentar facer–, resultan totalmente diferentes. Insisto: a actuación do Goberno central constitúe un ilexítimo comportamento, intrusista e suplantador, mentres que a función da dirección política das actuacións fronte á catástrofe polo presidente da Xunta e o seu Goberno, de terse feito, constituiría, ademais dun exemplar acto de coraxe política, unha moi responsábel e oportuna aplicación do principio de subrogación. Por iso é máis grave que vostedes fixesen exactamente o contrario, ceder os seus poderes a quen non lle corresponde, abandonar a ponte de mando, ocultar e fuxir. Iso foi o que intuíu primeiro e percibiu despois a cidadanía, que, entrementres, tiña que defenderse por si mesma coas súas propias mans, como os homes e mulleres do mar fronte ao chapapote, a brazo partido.

Vostede, presidente, chegou de volta a este país como o inglés de Chesterton, evocado por Risco –coñéceo vostede ben– en *Nós, os inadaptados*. Chegou de volta como o inglés de Chesterton, versión Risco, e gañou a presidencia da Xunta cun slogan que cómpre lembrar agora: "Galego coma ti". Era o que lles dicía aos cidadáns galegos para que non o considerasen un estraño e o votasen. E funcionoulle. ¡Vaia se lle funcionou! Mais agora as xentes deste país descubriron con pasmo, decepción e ata con indignación que aquel "galego coma ti" non estaba a ser galego como o eran as xentes galegas do común que loitaban contra o chapapote, desasistidos e inermes mentres vostede facía "mutis polo foro". Crebouse o mito, escachizouse o "galego coma ti". Só ficaron loitando os cidadáns que son galegos sen máis, sen teren que ser coma ninguén outro senón simplemente e valentemente cidadáns galegos. Por iso bradaban en Compostela pedindo a súa dimisión; a súa persoal, presidente, e mais as dos gobernos en plural –ou sexa, o español e o de vostede–.

Vostedes cultivaron con insistencia e coidadosamente a difusión dunha actitude reverencial das xentes do común cara a vostede, unha actitude que non se debe confundir co respecto debido á persoa e á institución da Presidencia, unha actitude habitual nos súbditos e impropia dos cidadáns, unha actitude que denota unha relación de vasalaxe tácita entre as xentes e o poder, unha forma cultural non democrática, historicamente predemocrática.

Mais coido que vostedes esqueceron que a vasalaxe se fundamenta na protección, que un vasalo lle atura todo ao seu señor en tanto lle garanta protección. O único que non atura o vasalo –porque non o pode entender– é que o señor non o protexa. E vostedes retiráronlles a súa protección ás xentes indefensas ante o desastre do *Prestige*. Por iso a indignación non a expresaron só os cidadáns conscientemente libres, senón tamén os cidadáns que o reverenciaban

a vostede e confiaban na súa protección fronte ao monstro que viña do mar –ata hai mitoloxía, está aí, estoume lembrando agora de Roland Barthes e da mitoloxía contemporánea–. Tamén por iso, en fin, desde posicións e situacións de conciencia ben diferentes, uns e outros continxentes de cidadáns confluíron en esixir a súa dimisión. E, insisto, non só a súa, senón a de todos os responsábeis, e, por tanto, a dos gobernos, tanto o español coma o galego. Porque, ademais do abandono das responsabilidades políticas polo Goberno da Xunta -que os cidadáns lle imputan certeiramente ao seu presidente en primeirísimo lugar-, a cidadanía recrimínalle e censúralle tamén a ineptitude do seu Goberno e da Administración autonómica na xestión da crise.

"¡Un *fiasco*!", escóitaselle dicir rotundamente á xente. *Fiasco* reduplicado e combinado, porque se xuntaron dúas desorganizacións -a da Xunta coa do Goberno central, a da Administración central coa da autonómica-. Se fallase unha soa das dúas, aínda habería unha que funcionase; se practicasen a mentira sistemática só os enviados do Goberno español, aínda os cidadáns e os poderes locais ou municipais terían unha fonte de información veraz e solvente na Xunta de Galiza. Os cidadáns e o seu tecido asociativo distinguirían con certeza unha administración da outra, inculparían só a que practicase a desorde e a mentira e salvarían e apreciarían a que funcionase con eficiencia, dentro do posíbel, e informase con solvencia e veracidade. Mais foron as dúas. E dúas desordes combinadas e entremesturadas convértense en algo cualitativamente diferente, convértense no caos. E no caos non hai orde nin lóxica. Por tanto, non se poden separar e diferenciar os elementos que o integran, porque no caos non hai elementos, o caos, por definición, non está estructurado, senón que mesmamente é a antítese de calquera estructura que implica forzosamente un *ordos*, unha ordenación interna. Por tanto, os cidadáns xa non distinguen nin tentan distinguir entre a alícuota de caos atribuíbel á Administración da Xunta e a imputable ao Goberno central. E fan ben en non ocuparse de distinguir, porque teñen cousas máis urxentes e importantes nas que pensar e ás que botarlles imaxinación para facerlles fronte: o combate contra o chapapote, a organización da autodefensa fronte ás sucesivas vagas de mortífera marea negra e cómo van vivir desde hoxe en diante, cómo van sobrevivir de hoxe en diante, e se algún día poderán volver ser mariscadores, se a cultura dos oficios vai perdurar ou vai desaparecer en comarcas dezmadas pola emigración durante tempo pola expoliación deste país, onde a densidade da poboación é baixísima e a mocidade, xa antes do *Prestige*, se vai, como dicía un rapaz hai poucos anos, a Ianquilandia. Ianquilandia non é Estados Unidos senón ir a buques con bandeira estadounidense.

Polo tanto, fan ben os cidadáns en non intentar diferenciar qué é o que é culpa da Xunta e qué é culpa do Goberno central. Mais eu teño a obriga de analizar o caos –eu si–. Eu teño a obriga –se quero ser responsábel– de analizar, de proceder coa lóxica, mesmo diante do absurdo. É a única maneira de combater o absurdo, é o que facía Sartre, é o que facía, con outros expedientes, Ionesco, naturalmente; facendo, mostrando... Vou facer unha sinxela enumeración a ver se lles soa:

Política territorial e infraestructuras, incluídas as portuarias en portos non cualificados de interese xeral, que son a inmensa maior parte dos portos afectados pola maré negra e utilizados como bases polas confrarías para saír a combater o monstro nas rías e fóra delas. Fixéronse moitas instalacións deportivas para iates e veleiros, que nos parece moi ben, pero para negocios, para negociar con iso. ¿Fixéronse análogos investimentos para dotar eses portos de todos os medios loxísticos que poderían utilizar automaticamente o primeiro día que quixesen saír ao mar para combater a marea negra? O tipo de artefactos que teñen en Euskadi ¿é tan difícil telos aquí? Por alí non pasan os buques que pasan por aquí diante. Aquí pasan a seis ou dez millas, pero os que veñen de Rotterdam xa saben que teñen que pasar por riba da península de Bretaña, polo tanto, polo golfo de Biscaia non pasan, e teñen eses artefactos.

O señor Cuíña está desaparecido e silandeiro, agochado como o gato que roubou os xurelos que ía cociñar a ama. Se cadra, pensa que as andanadas contra o presidente poden abrirlle a oportunidade da súa vida, que reiteradamente viu esvaerse cada vez que o presidente decidía volverse presentar ás eleccións.

Sigamos enumerando: medio ambiente, ecosistema litoral, contaminación das augas interiores e litorais. O señor Del Álamo dixo aquí que era de pao cando lle dixen o de Buster Keaton. ¿Lémbranse? Parecía Buster Keaton, porque a Buster Keaton chamábanlle cara de pao. O señor Del Álamo dixo aquí que era de pao por mor do apelido e non por imitar a Buster Keaton nin por ser cara de pao. Será.

Mais el, que tantos desvelos disque lles dedica ás especies volátiles mariñas en perigo de extinción por culpa do *Prestige*, falará o que queira, mais na práctica o que fixo foi ir cazar perdices na Meseta. Acompañouno o señor Cuíña, mais é certo que o señor Cuíña non presume de protexer volátiles acuícolas, e a última vez que botou parrulos xa saben ónde morréronlle todos. *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)*

Prosigamos. Xa me encargarei de vostede no seu momento. *(O señor Cuíña Crespo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: ¡Ah!, dialecticamente. Non vaia pasar como aquela vez que tivo que montar o espectáculo nesta Cámara de dar explicacións por unha certa ameaza de morte. *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* Si, si, aquilo que logo resultou que non era certo. Vostede é especialista nesas cousas. Pero non vou perder o tempo nin a atención, señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Se rapidamente lle di a ese señor que non fale neste momento, eu non vou de ningunha maneira establecer diálogo, porque, ademais, é difícil dialogar. O diálogo é unha relación dialóxica.

Prosigamos: asuntos de interior, protección civil, seguridade en terra firme e beiramar. ¿Dixen protección civil? Existe unha flamante Lei galega de protección civil que non se desenvolveu nin aplicou, témolo dito moitas veces nesta Cámara. Non xerou un plan de protección civil merecente de tal nome e foi transgredida e suplantada polas actuacións da Administración central e os negocios da empresa Tragsa, que dedicaron todos os seus esforzos a espaventar todo o voluntariado mozo e menos mozo, xeneroso e entusiasta, e mais a atrancar os dispositivos activados polos concellos, chegando incluso a ordenarlles desmontalos, como no caso do Concello de Ferrol, sen ofreceren absolutamente ningunha alternativa de recambio. ¡Obsceno, simplemente obsceno!, como diría José Saramago. A obscenidade está niso, non está no que se considera obsceno normalmente.

O señor conselleiro do ramo tamén estivo desaparecido, *en ignorado paradero*, como dicían en tal caso os partes da policía doutrora cando non daban co desobediente, co discrepante, co disidente.

En fin, marisqueo, acuicultura e pesca costeira. Non me doen prendas en recoñecer que o señor López Veiga deu a cara, díxenllo xa na súa comparecencia. Porque asumiu comparecer cando nós pedimos que comparecese a Xunta e sabiamos que a Xunta podia elixir quén daría a cara aquí. Deuna o señor López Veiga. Tamén lle dixen que o converteran en cabeza de turco, mais esta cortesía non me coarta para facer un balance desastroso da actuación dos servicios da consellería, nin tampouco para censurar que pretendese aplicarlles a censura e veladas ameazas a esas confrarías díscolas das rías baixas, en contraste coas, seica, menos díscolas ou moi afectas doutros tramos do arco da costa atlántica galega.

O que máis fixo a consellería foi prohibir. Prohibe mariscar, pescar..., ou sexa, traballar e gañar o pan, sen dar alternativas. Todos entendemos que, se hai contaminación, non se pode permitir que se pesque nin que se faga marisqueo. Pero ademais diso hai que actuar en positivo, hai que facer cousas. ¡Un desastre!

Polo tanto, o balance global da xestión nas áreas competenciais máis directamente atinxidas pola crise é penoso e confirma que tiña razón o presidente da Xunta cando dicía que a coordinación foi perfecta. En efecto, foi perfectamente inexistente, porque o caos non precisa de coordinación, deixaría de ser caos e converteríase nunha orde. E toda orde é inevitabelmente imperfecta.

Vaiamos, por fin, co último dos actores deste drama ao que quero referirme. Dicía ao comezo desta análise de personaxes que cumpría avaliar as actitudes e comportamentos dos diversos protagonistas implicados ou atinxidos no desastre do *Prestige*. E fixeno xa coa Unión Europea, co Goberno español e co Goberno da Xunta e o seu presidente. Pois debo corrixirme a min mesmo por empregar antes con rigor insuficiente o termo "protagonista" para aplicárllelo en plural aos catro actores do *reparto*. É sabido que nas orixes da traxedia grega clásica só había un actor e mais o coro. O actor era o protagonista e o coro representaba e transmitía a voz do pobo, da xente do común, que lle facía contrapunto. É sabi-

do, así mesmo, que despois se introduciu outro actor que representaba o personaxe antitético do protagonista. Denominábase, por iso, "antagonista". Despois foi ampliándose o *reparto* cun terceiro actor, e así seguido. Durante todo ese proceso o papel do coro, representado, en principio, por unha soa persoa seguiu a ser o mesmo –expresar a voz da xente– e na mesma posición de plano de fondo, ou, máis ben, non implicada na trama da acción dramática entre os actores. Poderiamos dicir hoxe que o coro era algo así coma a opinión pública. Pois ben, no drama que se está a desenvolver hoxe en Galiza os actores son as tres instancias institucionais con responsabilidades políticas no asunto e ás que acabo de referirme: a Unión Europea, o Goberno do Estado e o presidente da Xunta de Galiza. Mais nesta ocasión inverteuse o esquema da traxedia grega clásica, inverteuse tamén o rango dos roles e o contido dos papeis que adoitan darse no escenario político das relacións entre gobernantes e gobernados, entre as institucións políticas e a cidadanía. Porque aquí, agora, é o coro, é a cidadanía galega a protagonista. Son os galegos e as galegas de nación os que, sen pretendéreno, asumiron o protagonismo da acción dramática ao asumiren por si mesmos as responsabilidades das que as institucións políticas centrais e autonómicas fixeron deixamento e abandono. Fallou o Estado, esvaeuse o Estado, e emerxeu a nación.

Ante o baleiro, ante o buraco negro no espacio político aberto pola ausencia de decisións políticas de Estado, ante a desorde das administracións e a práctica sistemática da mentira na información oficial, a cidadanía *reaxiu*, organizou a súa propia defensa fronte ao monstro, mobilizouse civicamente de maneira exemplar e exerceu a presión política que o presidente, a Xunta, o Parlamento de Galiza e as forzas políticas hexemónicas no Estado non exercían para representar e defender os cidadáns galegos ante as instancias supranacionais, é dicir, nas Cortes, no Goberno central e nas institucións da Unión Europea.

As únicas institucións que se mollaron cos cidadáns nas augas avoltas do litoral, as únicas que meteron as mans no chapapote cos homes e mulleres da beiramar galega e co voluntariado mozo e menos mozo de toda Galiza e de fóra dela, foron os concellos. Non todos –nin moito menos– mais si moitos deles, e con gobernos municipais de diferentes cores políticas; e, desde logo, absolutamente todos os concellos nos que o BNG ten, ou comparte, responsabilidades de goberno. Fixérono en estreita colaboración coas confrarías de pescadores, coas asociacións do sector do marisqueo e da acuicultura, coas asociacións de defensa das diversas rías, coas asociacións e organizacións ecoloxistas, cos científicos dos institutos de investigación ou de departamentos de universidades, coma a de Vigo, cos que, en cambio, a oficialidade nin contaba –si contaron os concellos–.

Na Illa de Arousa -onde o alcalde tomou a iniciativa e bregou coma un veciño máis-, os medios loxísticos materiais elementais que non tiñan –colectores, por exemplo– fóronlles fornecidos non pola Xunta, senón polo goberno municipal de Pontevedra. En Cangas e na Ría de Vigo, polo Concello de Vigo; que non teñen esa obriga nin está nas súas competencias, e que supera as súas posibilidades.

Non estamos a dicir que vostedes non mandasen ningún colector, o que é unha vergonza é o que ocorreu, e a cidadanía sábeo. Por iso se está mobilizando. ¿Que cren vostedes, que é un *deus ex machina* capaz de agora tocar o clarín e que toda a cidadanía...? Onte foron case 200.000 persoas en Vigo, simultaneamente 30.000 en Ourense, non sei cántas aquí... ¡Vostedes que pensan! ¿Ou é que, de repente, os seus medios de comunicación se converteron nos principais activistas do *Agit-prop* e móntanlles unha vaga contra vostedes mesmos?

En Ferrol creouse un dispositivo que a Delegación do Goberno ordenou desmontar. En Muxía, que padeceu a primeira vaga da marea negra e onde o alcalde tivo un comportamento escandalosamente irresponsábel e insolidario cos veciños, foron os concellos e alcaldes da redonda da Costa da Morte, sexan Camariñas, Vimianzo, Corcubión ou Carnota, os que andaron a axudar e estiveron presentes alí, pese a teren moitos deles dabondo con enfrontarse ao desastre nos seus propios concellos e cunha arrepiante carencia de medios loxísticos. Como aconteceu, por exemplo, nomeadamente en Carnota, onde defenderon a pulso unha importante piscifactoría privada ao tempo que se multiplicaban desesperada e case inutilmente para amparar quilómetros e quilómetros de costa aberta ao océano e unha das praias e marismas máis grandes e fermosas do arco atlántico galego sen absolutamente ningún medio -tiñan un tractor, dos primeiros labregos que o prestaron-.

O que quero subliñar é o que dixen xa ao comezo. A cidadanía galega deu todo un recital exemplar de coraxe, de

capacidade de reacción, de combate fronte á catástrofe. Demostrou que o pobo galego ten unha personalidade e un carácter ben diferente do que habitual e topicamente o presenta como inerte, apouvigado, carente de conciencia colectiva, manso coma as vacas e ata medio parvo, que non sabe o quere nin sabe defenderse. Puxen en evidencia que si que sabe defenderse. O que pasa é que nin queren nin saben defendelo os que ocupan as institucións creadas e elixidas polos cidadáns precisamente para iso. Emerxeu o urdido asociativo que existe ricazmente na entraña da cultura popular deste país. Foron capaces de coordinarse entre si, construíron a plataforma "Nunca Máis", organizaron a resistencia e a defensa na Galiza mariñeira, suscitaron e encarreiraron a solidariedade cívica activa do voluntariado, que acolleron nas súas casas e agasallaron, mentres a oficialidade o rexeitaba por non ter papeis, por non estar en regra. As xentes do mundo da cultura, xentes que na maioría a penas poden vivir do seu traballo, como artistas profesionais, como pasa, por exemplo, cos actores –indo a traballar a cada sesión tres horas máis tarde a 50 quilómetros de distancia–, mobilizáronse solidariamente, botáronlle imaxinación e creatividade a esa solidariedade e ata organizaron a súa propia plataforma "Burla Negra". E mentres toda esa xente diversa traballaba nos seus oficios e profesións –cando non eran mariscadores ou mariñeiros, que naturalmente non poderían seguir traballando– e traballaba simultaneamente no combate contra a marea negra, aínda tiveron folgos e lucidez para exerceren a presión política con mobilizacións locais, sectoriais e unha inxente manifestación sen precedentes na capital da nación galega. E mais achegaron propostas de medidas para tomar de inmediato e de solucións para que nunca máis volvese acontecer o que está a acontecer agora. Nós levamos anos a exhortar os cidadáns galegos a exerceren a dignidade e a liberdade para conquistaren, para conquistarmos todos nós, o benestar. Están a facelo. Todos eses cidadáns son hoxe, representan hoxe, exercen hoxe, a dignidade da nación galega fronte á ausencia do Estado. Vergonza debera darlles a todos os que habitan as institucións do poder aquí e no Estado.

Mais eu, como portavoz, e nós todos, homes e mulleres do BNG, no medio do pesadelo que estamos a pasar todos, sentímonos confortados pola conducta da cidadanía, sentímonos orgullosos dun pobo que lle planta cara deste xeito á "ruda adversidade urxente" que dixera, noutro contexto, Eduardo Pondal.

Señor presidente da Xunta, o BNG mantivo sempre nesta Cámara unha actitude e un comportamento de escrupuloso respecto ao marco xurídico-político que establece e define os poderes do Parlamento e da Xunta de Galiza e que, polo tanto, traza tamén os seus lindes. Mantivemos esta pauta de conducta ao longo de toda a traxectoria do BNG nesta Cámara, mesmo cando a nosa presencia se limitaba a un só escano, a un só deputado. Sempre xogamos limpo, nunca realizamos aquí ningunha manobra que puidese resultar de dubidosa ética política. Esta pauta de comportamento resulta tanto máis meritoria canto que as actuais institucións do Goberno autónomo de Galiza non se corresponden coas que nós arelamos, co deseño de institucións políticas de autogoberno da nación galega que o BNG considera necesarias para o exercicio dos poderes que residen no pobo galego, na soberanía democrática da cidadanía galega. E vostede sábeo moi ben e de primeira man, e asegura que respecta ese ideario aínda que non o comparta. O que conta é que todos respectemos as regras establecidas pola Constitución e polo Estatuto de Galiza nas nosas respectivas accións de política institucional.

Ademais diso, nós, o BNG, sempre actuamos con absoluta lealdade institucional, tanto a respecto desta Cámara de representantes con poder lexislativo canto a respecto da institución do Goberno autónomo, que é a Xunta. Fixémolo mesmo nos períodos de máis aberta confrontación con vostedes e coa súa maioría parlamentaria. Sempre consideramos que na política institucional exercida con criterios de ética democrática a lealdade ás institucións debe estar por riba dos intereses partidarios, e que, polo tanto, mesmo a confrontación máis dura debe respecta-lo mantemento da lealdade de todos os adversarios recíprocos ás institucións, sen as cales a democracia representativa creba e deixa de servir para o funcionamento democrático da sociedade, que é o que debe estar por diante e por riba de calquera outra motivación da acción política.

Mesmo por iso, dado o contexto político actual, o BNG fixo un inxente esforzo para transcender a conducta de respecto ás institucións, que non se conculcaba cunha actitude de confrontación aberta co poder executivo que vostede ostenta, e levar a lealdade ás institucións ata o punto de aceptarmos e practicarmos un diálogo ou interlocución institucional desde a oposición –porque somos oposición– co Goberno que preside vostede, e aplicarlle o método desa

interlocución institucional ao tratamento conxunto, polo Goberno e os tres grupos parlamentarios, de todos os temas de primordial relevancia e de todos os problemas de especial gravidade para a vida, as necesidades e os dereitos da cidadanía galega.

Fixémolo por patriotismo, como xa dixen nesta Cámara hai dous meses, e polo tanto practicamos esta metodoloxía con absoluta xenerosidade; o que cómpre para pór os intereses cruciais do pobo galego por riba de calquera interese lexítimo colateral dunha forza política. Fixémolo para actuarmos con sentido de Estado, do Estado que a cidadanía galega non ten, como está a facer evidente a crise do *Prestige* ante os ollos e nas mentes dos cidadáns galegos que padecen este desastre. Ante os problemas graves, e máxime en situacións límite como a que están a padecer os cidadáns galegos, cómpre traducilos en razóns de Estado simétricas das razóns de estado de necesidade da cidadanía. Cómpre, polo tanto, termos todos a coraxe de asumirmos os riscos que sexa preciso asumir, todos os riscos e todos nós. Nós levamos un ano asumindo riscos na escrupulosa asunción e práctica desa metodoloxía de interlocución institucional para temas fundamentais para o noso país. E vostede, presidente, sábeo ben e cónstalle.

Pois ben, a crise desatada polo desastre do *Prestige* requiría, máis que calquera outro dos temas e problemas abordados ou pendentes de abordar ao longo deste ano, que a interlocución institucional funcionase automaticamente. E correspondíalle a votede, señor presidente. Tiña vostede, en primeirísimo lugar, a obriga de suscitar automaticamente esa interlocución coa oposición –con toda a oposición e non só co BNG– desde o primeiro día do accidente do *Prestige.*

Cumpría ter a lucidez de comprender que o problema se transformaría na catástrofe anunciada que estamos a padecer todos se non se tentaba atallar de inmediato. E tiña que tomar esa iniciativa vostede porque é vostede o presidente, non o somos nin o portavoz socialista nin este portavoz do BNG. Tiña vostede que intuír e comprender o que eu mesmo intuín e comprendín, e todos os meus compañeiros e compañeiras intuímos e comprendemos desde a mañá mesma do xoves día 14 no adro da Virxe da Barca de Muxía observando a situación e escoitando atentamente os mariñeiros da Costa da Morte; que saben moito máis que todos nós dese mar e que teñen a dolorosa experiencia do constante perigo de desastres e da falla de prevención e de capacidade de actuación dos sucesivos gobernos da Xunta e do Estado fronte aos desastres que levan padecido en todos estes decenios. ¡Escoitar os que saben!

Estoume lembrando agora do outro día, en *Hora 25*, cando un directivo dunha das confrarías das rías baixas dicía: "Quero dicir de todas maneiras que, se a Administración e os gobernos non saben cómo son estas cousas, nos pregunten" –dicía el– "aos subnormais dos mariñeiros, que si sabemos".

Tiña vostede a obriga de intuílo ou comprendelo e de empezar a chamar a oposición para poñer en común o problema, a súa análise e a activación de todos os esforzos de todos para facerlle fronte, sen que iso desdebuxase –nin moito menos constituíse ningunha coartada para descentrala– a responsabilidade que lle atribúe a vostede o poder que ostenta e que non ostentamos os demais. O BNG tíñao claro, e mesmo por iso reaccionou desde o primeiro intre poñendo o sentido da responsabilidade institucional e da lealdade ás necesidades dos cidadáns por diante de todo. Mantivemos unha actitude abondo prudente para non suscitar ningunha clase de alarma contraproducente, mais tamén absolutamente responsábel para avisar do que seguramente se viña enriba de todos nós, informar verazmente e poñermos en acción todos os recursos, fundamentalmente humanos, dos que podía dispor a organización do BNG e de todos os resortes e medios loxísticos dos que poderían dispor os concellos nos que gobernamos. E mesmo eu tiven a audacia de trasladarlle a vostede a miña preocupación e a nosa disposición congruente co que xa estabamos a facer nós mesmos dentro das nosas posibilidades. E é vostede abondo coñecedor das prácticas da política de Estado e dos usos da linguaxe diplomática para comprender perfectamente o que eu estaba a suxerirlle, mais que en absoluto me correspondía a min a iniciativa de plantexarllo. Insisto, o presidente é vostede, mais non o fixo. Actuou exactamente ao revés do que sería congruente coa metodoloxía establecida desa interlocución. Tal vez se produciu na súa mente algunha forma de retorno a vivencias que vostede tivo durante demasiado tempo ao longo da súa traxectoria política; tal vez, non o sei, nin estou dentro do seu cerebro nin son analista das psiques das persoas.

En todo caso, coido que vostede non comprendeu dúas cousas fundamentais: a primeira, que dialogar desde a opo-

sición non implica enfeudarse nin subordinarse de ningún xeito co poder executivo cando un é un cidadán insubornabelmente libre e representa unha organización política composta por homes e mulleres que consagran toda a súa vida e enerxías a loitar a prol da nación e dos cidadáns galegos, e a combater calquera forma e comportamento do poder que desleixe ou agrida os seus dereitos e intereses; a segunda, que a máxima lealdade institucional asumida no noso caso –e practicada, no noso caso, polo BNG– ten o seu único fundamento na lealdade á cidadanía galega. Polo tanto, cando se chega a unha situación na que a lealdade ás institucións se pode deturpar converténdose en lealdade improcedente ás persoas que ostentan o poder nesas institucións, o mantemento maquinal desa actitude converteríase en deslealdade aos cidadáns e ao pobo galego. E o BNG e mais este portavoz nunca incorremos nin incorreremos endexamais en semellante confusión. Por iso estamos na situación na que estamos. Por iso chegamos a este punto, por iso estamos a formularlle, e por segunda vez en dous anos, a nosa censura, que é o único procedemento que se nos deixa para expresarmos a nosa reprobación polo seu inadmisíbel comportamento político na crise do *Prestige* e perante o desastre que a cidadanía galega está a padecer.

Nós, o BNG, non somos os portavoces do conxunto diverso da cidadanía que está a facerlle fronte á marea negra, a organizarse e a mobilizarse, a reclamar a súa dimisión e mais a do Goberno español; e non imos cometer o erro de facermos tal cousa, non imos cometer o erro de erixirnos en portavoces dunha cidadanía exasperada e mobilizada, que é moi diversa na súa ideoloxía e nas súas opcións políticas. Reprobámolo a vostede, polo tanto, en nome do Bloque Nacionalista Galego, e con esa mesma e única representación censurámolo á vostede e á Xunta que preside. Os cidadáns que reclaman a súa dimisión nas concentracións e manifestacións cívicas desta semana, ou a través dos medios de comunicación, fano por eles mesmos e non precisan que o fagamos nós por eles; porque son eles os auténticos protagonistas, como xa dixen. E o seu protagonismo nestes intres non debe ser suplantado, nin tan sequera distorsionado, cando menos polo BNG; só que os cidadáns non están directamente presentes nesta Cámara, están representados nela polos tres grupos parlamentarios que eles votaron. E a nós correspóndenos actuar nesta institución coa representación que nos outorgaron os cidadáns que votaron o BNG, exclusivamente.

E en nome e representación do BNG e dos seus votantes, paso a expoñer de xeito sucinto o prego de cargos que substancia a nosa censura a vostede, señor presidente, e mais ao seu Goberno:

Primeiro, manter as costas de Galiza indefensas durante estes anos a pesar de que cada ano –aínda coas normas vixentes– pasan a menos de sete millas 1.200 barcos tan perigosos coma o *Prestige*. Non reclamaron as competencias nin puxeron os medios nin llelos demandaron ao Goberno central coa forza e a contundencia que merece este país; non só iso, calaron e deixaron que os medios para salvamento marítimo se recortaran ano tras ano. Ademais de incompetente, é un Goberno que carece de compromiso con Galiza.

Segundo, carecer dunha política propia, plans propios para este tipo de emerxencias, que son moito máis que un risco improbable cando 7.000 barcos cargados con mercadorías perigosas pasan cada ano por Fisterra; non ter nin barcos nin tecnoloxía anticontaminante e condenar os galegos a enfrontarense ao fuel con paos e pedras. Ademais de incompetente, é un Goberno inútil.

Terceiro, ser incapaz de asumir o liderado diante dunha verdadeira emerxencia nacional, ser incapaz de ser a voz do país, e facerse oír no Estado, en Madrid, diante dun Goberno aínda máis inútil, prepotente e insensíbel; ser incapaz de facer sequera unha mínima protesta diante dos seus desplantes continuos –do Goberno–, e a evidente falla de respecto por este país demostrada por un presidente, Aznar, e por uns ministros que sempre semellan ter cousas máis importantes que facer –cazar, facer campaña e debater con Rafaela Carrá ou esquiar–. Ademais de incompetente, temos un Goberno que resulta irrelevante.

Cuarto, permitir e cooperar na campaña continua e permanente de mentiras oficiais sobre o impacto real do desastre, sobre a existencia de recomendacións técnicas respecto da conveniencia de afastar o barco, sobre o volume das mareas negras, sobre o alcance real na costa, sobre o dano ecolóxico e o destino do fuel que aínda agarda no fondo do mar. Ademais de incompetente, temos un Goberno cómplice na mentira e na desinformación.

Quinto, demostrar unha absoluta falla de sensibilidade e de empatía diante da traxedia persoal de milleiros de mari-

ñeiros e mariscadores galegos. Non estaba cando tiña que estar, andaba ocupado nas súas prioridades persoais ou privadas, foi tarde mal e a rastro, botando os cartos na cara. Ademais de incompetente, temos un Goberno invisíbel.

Sexto, aceptar agradecido unha mísera propina de 10 euros por mariñeiro e día por parte dun Goberno central que ten as competencias en todo o que foi fundamental para que empezase este desastre, que tomou as decisións e que nos deixou ese *surtido* de veleno diante das costas. Ademais de víctimas, os galegos imos ser "pagáns" desta catástrofe e seica imos pagar cos nosos impostos a maior parte das merecidas axudas que van recibir os afectados. Lonxe de protestar e de esixir que sexa o Estado e Europa quen paguen e non os galegos, parece que aceptan encantados e danlles as gracias aos señores de Madrid. Aademais de incompetente, temos un Goberno parvo que, non contento con que o rebocen de chapapote, paga para que lle boten máis.

Sétimo, tardar máis dunha semana en empezar a distribuír material e medios –mínimos, insuficientes e precarios–. No caso das rías baixas a incompetencia chega á neglixencia criminal, porque sabían que ía chegar e porque tiveron máis dunha semana para preparar alí o material. Pero preferiron seguir coa propaganda mentirán e confiar nos ventos. Ademais de incompetente, é un Goberno neglixente ata a irresponsabilidade.

Oitavo, tardar outro tanto en esixir a intervención do exército ou estorbar e atrasar canto puido a incorporación ao traballo dos voluntarios para seguir alimentando a mentira de que non pasaba nada. Aínda hoxe –que non lles quedou máis remedio que aceptalos– seguen agardando por coordinación e instruccións –seguían hai poucos días–. Ademais de incompetente, temos un Goberno que só sabe estorbar e ameazar as organizacións da sociedade civil, que nun movemento cívico e emocionante acode a salvar o que é seu da desidia duns gobernantes arrogantes e mentiráns.

Noveno, abdicar da súa responsabilidade como Goberno de Galicia para converterse en correa de transmisión do poder central e dos intereses do Goberno de Madrid. O BNG reclamou sempre a Axencia de Seguridade Marítima. Neste contexto votaron vostedes a favor hai uns días aquí. O distanciamento do corredor, maior control, maior vixilancia no mar e nos portos..., sempre se nos dixo que era imposible, que non se podía facer. Agora estamos vendo que si se podía e si se debería facer, e que as forzas homólogas coas que vostedes teñen todas as conexións –que son o Grupo Popular Europeo– esmendrellaron a posibilidade que abría a proposta inicial da Comisión Europea que impedía que o *Prestige* navegase.

E, finalmente, ser pertinaz e teimudo nos erros; e os seus, ser pertinaces e teimudos na incompetencia e na ineficacia. Seguen agachándose detrás dos técnicos inventados ou oficiais, seguen mentíndolles aos cidadáns nos seus medios de comunicación, sen demostrar sensibilidade, empatía e moito menos solidariedade polo desastre económico e social do país, seguen sen poñer os medios necesarios. Ademais de incompetente, é un Goberno que fachendea.

¿E a alternativa a todo este estado de cousas? A alternativa está na cidadanía, que xa dixen e reiterei que é a única protagonista verdadeira deste drama. A alternativa está nas medidas que esa cidadanía está a esixir clamorosamente que se adopten. Xa afirmei –e reitero agora– que nós non imos erixirnos en portavoces dela, mais quero dicir que asumimos, apoiamos e defendemos a alternativa, a táboa reivindicativa e o repertorio de medidas e actuacións que os cidadáns teñen formulado e que reclaman todos eles ao unísono: medidas inmediatas, medidas a curto prazo, medidas para garantir a medio e longo prazo e que isto non volva repetirse. Enunciareinas sucintamente nos termos en que os propios cidadáns o fixeron a través do portavoz que eles elixiron para facelo publicamente en Santiago de Compostela:

A declaración de Galiza como zona catastrófica coa inmediata dotación de recursos de todo tipo para reparar as graves consecuencias económicas, sociais, medioambientais e para a saúde provocadas polo sinistro.

A inmediata posta en marcha de mecanismos de prevención que impidan que a catástrofe vaia en aumento, coa posta a disposición dos medios económicos e loxísticos para impedir a contaminación de novas zonas, a intensificación nas xa contaminadas e a limpeza e restauración medioambiental da costa.

A adopción de medidas por parte do Goberno do Estado e da Xunta de Galiza que garantan que feitos coma este non se volvan repetir, con medidas dirixidas a afastar o tráfico

das mercadorías perigosas das costas, a controlar o tránsito, controlar o estado dos buques e as infraestructuras portuarias que almacenan substancias perigosas, e a dotar Galiza dun dispositivo suficientemente dotado de salvamento, de loita contra a contaminación mariña e de intervención rápida en caso de catástrofe.

Remato –e desculpen por prolongarme, non era a miña intención–. Non é hora de programas de goberno nin de investiduras alternativas. O BNG ten un programa de goberno coñecido polo empresariado, polos sindicatos, polo mundo da cultura, polo tecido asociativo de base, pola cidadanía. Ata o presidente da Xunta recolleu da miña man, aquí mesmo, hai un ano, a escolma das corenta medidas de goberno máis urxentes do programa do BNG. Mais non vou reiteralo aquí, porque –insisto– xa está aí e non é hora de programas de goberno. É hora de reprobación e de censura a este Goberno e ao do Estado, de acción inmediata fronte ao desastre e de decisións rotundas que impidan que se repita. É hora de dar resposta afirmativa ás contundentes e xustísimas esixencias que formulan os cidadáns. Certamente, estou convencido de que as causas desta traxedia non se eliminarán nin modificarán sen un cambio de rumbo político; aquí, en Galiza, para empezar, mais non só aquí, evidentemente, pois xa demostrei que o andazo que padecemos e que xera catástrofes coma esta atinxe os ámbitos do poder económico e político non só de Galiza, senón do Estado, da Unión Europea, do imperio americano e, polo tanto, do conxunto do planeta. Mais nin sequera aquí en Galiza ese cambio de rumbo pode operarse por ningunha votación que faga agora esta Cámara. Sabémolo todos. Terá que ser a cidadanía galega no seu conxunto a que no seu momento a renove. A non ser que vostede, señor presidente, tivese a ben dimitir, como lle pedimos nós, cando vostede fixo deixamento das súas responsabilidades políticas, segundo a nosa opinión, e como lle reclama a cidadanía mobilizada fronte ao desastre –non en contra das institucións democráticas, aínda que si en contra dos ocupantes actuais desas institucións–. Mais vostede non quixo, non quere, non sei... Sospeito que non vai querer cando remate este debate. Daquela, a palabra téñena, a decisión terana, chegado o intre, os cidadáns, a soberanía do pobo galego.

Dixen. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Beiras.

A resposta por parte do señor presidente da Xunta de Galicia comezará ás catro da tarde.

Ata entón, suspéndese sesión.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Retomámo-la sesión coa resposta ás mocións de censura.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Moitas gracias, señor presidente.

Señorías, respondo ás dúas mocións dos dous sectores da oposición que interviñeron esta mañá. Teño que dicir que consideramos moitos que un paso importante na formación dos sistemas modernos de política foi a aceptación dunha oposición normal dentro do sistema e non simplemente fóra del. Pero tamén debo indicar que o primeiro país que desenvolveu este sistema, que foi –como se sabe– o Reino Unido, cando acuñou o concepto –que foi ó comezo do século pasado– creou o cargo de xefe da oposición e deulle o título de "xefe da leal oposición da Súa Maxestade". Da Súa Maxestade quere dicir, evidentemente, que é parte do sistema, que é unha institución máis. Pero a palabra "leal" ten a súa importancia. Eu teño a impresión de que hoxe aquí –perdóenme, pero falo coa mesma franqueza que escoitei esta mañá– non estamos ante unha verdadeira oposición, nin tampouco se lle pode aplica-lo título de "leal".

Os termos do actual sistema parlamentario racionalizado previsto na Constitución, e reflectido no Regulamento, obrigan a presentar un candidato en caso de suceso da moción –non é como naqueles tempos nos que se derrubaban os gobernos, uns tras outros, sen ter preparada unha alternativa–. Non se concibe como unha simple alegación en contra do Goberno e da súa política senón que debe haber presentación dunha alternativa. Teño que dicir que eu non vin semellante cousa, nin polos argumentos e polas propostas feitas nin pola verosimilitude dos votos necesarios para con-

segui-lo resultado nin –e perdóenme, xa que eles fixeron un xuízo sobre min– polos candidatos presentados.

En todo caso, en diversos momentos si escoitei referencias a manifestacións na rúa como xustificación dun posible cambio de maioría. Sen dúbida que isto só podería producirse pola vía constitucional a través dunhas eleccións cunha data que non pode impoñer ninguén; está prevista a forma de facelo. Pero, en todo caso, o que é importante é que, por moitos que se teñan manifestado, son moitos menos que os que votaron en contra de nós no seu día, nas últimas eleccións, por exemplo; e, desde logo, moitos menos dos que votaron a favor. Se temos que falar en serio, temos que deixa-las presuncións, aínda que pode haber presumidos.

E quero citar a este respecto o que dixo o señor Touriño no debate da moción de censura do BNG con motivo doutra crise, a das chamadas "vacas tolas". Di: "Faga debater á cidadanía e a censura que a fagan os cidadáns se a consideran oportuna". E insistiu: "Non creo nos xestos inútiles, e sobre todo se se saben inútiles desde o primeiro momento. Non me pida que vaia en contra das miñas convicciónns". Pero en canto á lealdade, onte mesmo –é certo que hoxe, con razón, o fixeron dimitir– o señor Carmona, colega noso da cámara equivalente da Autonomía de Madrid –por certo, onte representada aquí ó seu máis alto nivel polo seu presidente, que veu ofrecernos unha axuda importante–, falaba de "que non se preocuparan que había votos, e, se fose necesario, se afundiría outro barco". Aquí un dos candidatos, estes días, despois de estar reclamándose durante moito tempo que viñera o señor presidente do Goberno, dixo que desde logo en Galicia podía haber mortos se o facía. Non me parece que eses sexan os métodos e os sistemas de lealdade. Pero, por outra banda, é evidente que a Galicia estas mocións –que non van ter ningún resultado, como é natural– non lle fan ningún ben. E non facilitan, evidentemente, recobra-la confianza nos nosos productos e na nosa situación.

Por certo, xa que mencionei antes que a anterior ocasión foi con motivo da aparición de casos de encefalopatía esponxiforme bovina, naquel momento tamén se dicía que se ía produci-la mesma situación e tamén se insistía en que o Goberno tiña perdida a partida, que era un tema absolutamente fundamental, posto que, efectivamente, a gandería de vacún é importante, como o é a pesca. E, naturalmente, non foi así. Superouse o problema, continuamos e gañámo-las eleccións seguintes.

Eu neste momento quero dar, en todo caso, testemuño do meu profundo respecto a este Parlamento, que representa, naturalmente coa composición que el lle deu, o pobo galego. E, por outra banda, quero dicir que eu, se neste momento tivera que dicir todo o que levo dentro, diría –xa sei que a miña frase xa foi citada fóra de contexto– que espero que esta vez tamén se poida aplica-lo de que non hai mal que por ben non veña. Porque, por unha parte, neste momento é practicamente seguro que, por primeira vez, despois desas presións que realmente existiron e que atrasaron unha proposta que xa fixera, despois do desastre do *Erika*, a actual vicepresidenta e comisaria de Transportes, agora probablemente si se vai aprobar. Xa a aprobou –e é un paso decisivo– a Conferencia de Ministros de Transporte. Pero, por outra parte, porque nos permitiu comprobar unha profunda, unha marabillosa solidariedade; que aquí foi presentada como que non foi ben recibida ou como que non atopou organización. Hoxe podo dicir, naturalmente, que, desde o primeiro día, xentes que chegan desde os máis diversos puntos, de diversas orixes, é difícil organizalas. Neste momento hai xa un mando único en cada ría e teño que dicir que a solidariedade –estamos a ter testemuños diso– é realmente extraordinaria.

Neste momento é frecuente escoitar unha serie de críticas; por exemplo, que se atrasan as axudas económicas. Pois aí están. Os cartos non seu meus, naturalmente; pero as outras veces non os trouxo ninguén. Fálase de que non chegou o presidente do Goberno. Veu nada menos que o rei, os dous vicepresidentes, catro ministros, que todos eles teñen competencias. Pero no caso do *Casón*, o ministro Abel Caballero –que coñece moi ben o señor Touriño porque foi secretario xeral con el–, dignouse visitar Fisterra tres meses despois, e dixo –e non lle faltaba razón– que o seu lugar de traballo era o seu despacho. De modo que a comparanza polo de agora non é mala.

Fálase moito –e falouse moito nas intervencións– da previsión. E eu estiven repasando os programas estes días e mesmo –e perdoe pero é algo aburrido– no libro *A Galicia emprenderora,* do señor Pérez Touriño, non se observa unha gran preocupación por estes temas. Vexo o programa electoral das eleccións autonómicas do Partido Socialista e en

"Mariscadores, conserveiras, armadores e pescadores" hai unha liña e non hai ningunha referencia a estes temas de prevención. É certo que hai algunha referencia no programa do Bloque, pero ó lado do que está nos libros brancos nosos, que son moitas páxinas... E teño todo este material á disposición do que desexe velo, no que, evidentemente, si había todas esas propostas, moitas das cales neste momento afortunadamente poden ser xa aproveitadas o mesmo en Madrid ca en Bruxelas.

Despois de dicir isto, é evidente que nunha das dúas mocións, na moción do Grupo Socialista, o seu voceiro fixo o seu propio programa resumido; pero, en definitiva, non só era unha censura realmente ós últimos acontecementos senón ós doce anos. Falaba dun goberno que en doce anos non apostou pola modernización do país, polo equilibrio territorial, etc., e viñan unha serie de datos. Pois ben, non é ningunha sospeita, eu podo mencionar datos que nada teñen que ver con iso: a taxa de crecemento na década 1991-2000 para España foi do 26,9% –co PIB a prezos de mercado– e para Galicia foi do 28,8%; na Unión Europea, no mesmo tempo, foi do 20,8%, e no que son os membros da unión monetaria, o 19,7%.

Respecto do apoio ás empresas –que algún desprezaba–, é evidente que o funcionamento do Igape neste momento é a todo gas. E podería continuar coas cuestións de política territorial. Nin unha soa das propostas que fixo no seu proxecto para a recuperación de Galicia deixa de estar en marcha neste momento, como se pode ver pola lista, comparándoas coas xa aprobadas pola consellería, polo Goberno ou polo Goberno de Madrid. E así sucesivamente.

Na política de enerxía, por exemplo, que neste momento é parte esencial do panorama, non hai dúbida de ningunha clase de que Galicia é *punteira*, e mesmo referencia neste momento, no que se refire a enerxías limpas. Sómo-lo número un en España e referente en Europa en enerxías renovables e limpas, como é a eólica, e así sucesivamente. Pero non me vou estender sobre isto posto que a penas foi feita a referencia a estas cuestións nas intervencións desta mañá, que, como é natural, versaron sobre outros temas.

Pois ben, en relación cos temas principais que se mencionaron e forman parte do debate, teño que dicir que nós –entendo eu– estivemos no noso sitio. Estivemos no noso sitio porque, aínda que se falou de tomar iniciativas de emerxencia e de subrogación, pensen que nestes momentos son xa outras catro comunidades no Cantábrico as que están co mesmo problema, igual que o está a rexión norte de Portugal, e que alguén ten que coordinar. Por certo, unha delas, precisamente por ter unha idea diferente da relación das comunidades autónomas co Goberno nacional, privouse a si mesma do importantísimo apoio que supón a presencia das forzas da Armada e do Exército –sobre as cales, como é natural, non creo que ninguén pretenda que poidamos exercer competencias–. Igualmente podería dicirse doutros aspectos. Dá a sensación de que neste momento seguimos indefensos. Xa tres veces se fixo uso deses acordos bilaterais –que, efectivamente, esperamos ver pronto completados por acordos europeos– e as fragatas nosas sacaron tres barcos con sospeita fóra dos límites da nosa zona de influencia.

En definitiva, desde o primeiro momento estivemos coordinados a tódolos niveis, e, naturalmente, iso evitou a situación que se produciu no caso do *Casón* –antes mencionado– cando se pasearon por media Galicia os residuos, con diversidade de opinións entre as distintas administracións. Foron parar finalmente á compañía –que hoxe é privada pero entón era pública– de aluminio. Alí houbo unha folga para non recibir aqueles residuos, apagáronse dous fornos que volver poñelos en marcha custou máis de 1.000 millóns de pesetas, e así sucesivamente.

¿Por que se levou o barco cara a fóra? Foi un tema varias veces repetido. Pois ben, é absolutamente falso, por suposto, que a alguén se lle fixera firmar un papel en branco; é efectivamente certo que os técnicos recomendaron como a solución menos mala saca-lo barco para fóra. E é absolutamente certo tamén que a ver quén se atreve a dicir aquí que debía entrar en Vigo ou na Coruña. Creo que hai quen mencionou Ferrol. Que llelo propoña ós devanditos alcaldes. Como é natural, sería moito máis grave. Levalo á Coruña implicaba un vertido consabido ó longo de toda a costa ata o porto, no interior da ría da Coruña, que chegaría á terra de inmediato dada a proximidade forzosa da ruta; un vertido concentrado nesa parte da costa e da ría daría como mínimo, estimado polos técnicos, 20.000 toneladas. E se o tema fose máis grave, en todo caso as consecuencias serían enormes nas rías de Ares, Ferrol e no Cantábrico. Afastalo da costa significaba minimiza-la intensidade do vertido, xa que se podía recoller parte do fuel no mar, antes de que alcanzara as costas. E,

de feito, lévanse recollido 13.000 toneladas deste xeito. Infelizmente, a parte do vertido que xa non estaba, que vén de abaixo e tarda polo visto vintecatro horas en chegar, chega en condicións de moi difícil recollida para estes barcos; e témo-los mellores e máis importantes do mundo –que a ver cómo o conseguiría Galicia, que con un ou dous faría menos–. Á parte, os temporais que coincidiron fixeron moi difícil a recollida, porque se dispersan as manchas. En todo caso, levando o buque a unha desas cidades sería moito peor.

Preguntouse tamén polo remolque do *Prestige*. Cando o barco é abandonado e se apaga a sala de máquinas carece de enerxía eléctrica para move-lo molinete de proa. Este barco, que realmente non o tiña –é unha das súas moitas faltas–, non o podería usar. Quedáballe un, pero non foi usado pola falta de colaboración do capitán e da compañía que traballaba neste asunto.

Respecto da afectación das rías baixas, nós tivemos unha reunión con tódolos patróns maiores hai poucos días. (*Murmurios*.) Tivemos unha discusión franca con eles e deixámolos convencidos. E neste momento, efectivamente, hai un acordo básico.

Desde o primeiro momento, a Xunta, ás 7:30 horas do 14 de novembro, constitúe un comité de emerxencia. E despois creouse, na mañá do xoves tamén, un centro de coordinación operativa coa Delegación do Goberno. Estivemos en todo momento en contacto, hoxe completado pola presencia dun representante permanente –o señor Villar, que coñece ben Galicia–, que representa ó vicepresidente do Goberno, o único que pode coordinar todo ese tipo de medidas. O certo é que, en canto ás medidas paliativas de carácter económico, o mesmo xoves 14 de novembro se celebrou unha xuntanza extraordinaria do Consello para que a Consellería de Economía puidera dispoñer dos mecanismos orzamentarios para afronta-las posibles continxencias do sinistro. E acordouse empezar a pagar a partir do 14 –de feito, empezouse desde o luns pasado–. No caso do *Urquiola,* antes de que ninguén cobrara un peso pasaron trece anos; no do *Mar Exeo*, dez; e mesmo no do *Erika,* en Francia, tres. Neste caso o Consello de Ministros aprobou un real-decreto lei o venres 22 de novembro con axudas directas –complementos de 10 euros diarios–, ademais dos 30 que nós poñemos por día. Estas cifras son –como se sabe perfectamente– moi superiores ó salario mínimo, e mesmo respecto do salario medio de Galicia pasan do 80%. Outras medidas: reducción no IRPF e no IVE; reducción do IAE correspondente ó ano 2002 e liñas preferentes de crédito –o ICO abre dúas liñas de crédito, unha delas de carácter directo dedicada ás persoas físicas e outra ás Pemes por 100 millóns de euros e un xuro do 1,35%; a segunda liña, tamén de 100 millóns de euros, está dedicada a persoas físicas e xurídicas cun xuro ó 0%–.

Respecto do Fondo Internacional de Danos, tardouse nos outros casos tempo en conectar co Fidac. Neste momento, aberta xa a vía de reclamación por danos prevista, xa se comezaron as conversas e se firmaron os primeiros documentos. As medidas laborais son de bonificación do cento por cento ós empresarios afectados no pago das cotas á Seguridade Social mentres dure a prohibición da pesca e marisqueo.

Cando foi o asunto do *Mar Exeo,* o Goberno de entón, socialista, despachou o asunto con 1.000 millóns de pesetas para contribuír á limpeza de oito quilómetros de praia. A súa xestión da catástrofe –é verdade que eu os felicitei, porque era algo– non ten nada que ver co que temos neste momento.

O sábado 7 de decembro veu o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación. Primeiro viñera o 2 de decembro o ministro de Traballo a firmar un protocolo coa Xunta para axiliza-las axudas comprometidas polo real decreto, para que se aboen –como se está facendo– de maneira conxunta coas dispensadas pola Administración autonómica. O sábado 7 de decembro o ministro de Agricultura asinou un protocolo para a articulación das actuacións e medidas para levar a cabo, polo MAPA e pola Xunta de Galicia, por un total de 102 millóns de euros. O Cecop chegou a un acordo con Repsol para que os barcos pesqueiros e mexilloeiros que ían recolle-lo fuel puidesen repostar sen cargos. En total, polo tanto, tomáronse medidas urxentes que non tiñan precedentes de ningunha clase.

Fálase de falta de coordinación. Desde o primeiro momento o conselleiro de Pesca e o de Medio Ambiente estiveron constantemente conectados co Cecop e cos ministros correspondentes de Madrid. E, por outra parte, creouse unha comisión que eu chamei "de intendencia", en canto se viu o problema dos voluntarios e as dificultades para coordina-las subministracións, que empezaban a chegar de todas partes

pero que había que agrupalas –outras había que compralas– e poñelas a disposición. E neste momento, nun tipo ou noutro de material están os temas resoltos. Pero hai que saber tamén que non se pode facer limpeza nunha praia con maquinaria pesada, nin poden entrar mil persoas de súpeto nunha praia. A retirada dos residuos resolveuse normalmente, e hai xa unha mina de arxila chea, estase enchendo outra e hai reservadas tódalas necesarias.

Sobre a suposta falta de información, en primeiro lugar, os medios públicos hoxe nin son os únicos nin son os máis importantes. Pero calquera que vexa diariamente a Televisión Galega pode ver que practicamente só informa sobre iso. Pois ben, neste momento hai que dicir que a información é completísima, e, como ocorre sempre, ás veces é contradictoria.

Foi mencionada Protección Civil. Non hai, como se sabe, unha lei galega de protección civil, hai un regulamento dunha lei nacional. Desde o primeiro momento foi mobilizada e está toda ela á disposición –igual que o están os Grumir de acción inmediata– dos órganos correspondentes. Polo tanto, é rigorosamente falso que non fosen tomadas medidas de tódolos xeitos. As administracións actuaron en todo momento escoitando os criterios técnicos e profesionais oportunos e os dictames e propostas de especialistas, que en cada caso foron unánimes ou non. E, naturalmente, ó final a última decisión correspóndelles ás autoridades. Pero en tódolos casos escoitáronse os que era posible ou os que era obrigatorio escoitar.

En canto ás actuacións internacionais, témo-la sorte de dicir que neste momento no Parlamento Europeo hai que destaca-la actuación dun deputado, varias veces deostado, do Grupo Popular, Daniel Varela, que sacou por unanimidade –que non era nada fácil– un acordo contra as reformas que se intentan na política de pesca; en cambio, hai unha do Grupo Socialista –que votaron, por certo, dúas deputadas socialistas españolas, unha delas galega–, que, falando das varias veces citada aquí Axencia de Seguridade Marítima, indicou como zona preferente o Mediterráneo. Nós, efectivamente, de acordo cos criterios que se tomaron aquí, estamos defendendo que poida ser Galicia, e nisto estamos a traballar con todo o interese. O certo é que aquí veu varias veces –e hoxe mesmo falei con ela un par de veces– a vicepresidenta e comisaria de Transportes e Enerxía –que está facendo un magnífico traballo–, e que veu a comisaria de Medio Ambiente, xustamente antes, nos dous casos, de que se celebrara o Consello de Ministros de Transporte, que xa fixo unha proposta unánime; e igualmente en medio ambiente se fixeron propostas que son preparatorias das demais, varias das cales se están discutindo neste momento en Copenhague. Se se atenderan –como digo– as propostas feitas pola comisaria Loyola de Palacio hai un ano, evidentemente, hoxe non estariamos onde estamos. Pero, como dicía, neste momento temos unha seria probabilidade de que si sexan tidas en conta.

E voume referir, como é natural, ás intervencións desta mañá. O señor voceiro do Partido Socialista falou de desinformación. Eu creo que nunca houbo tanta información. E, ademais, sobre o feito das informacións portuguesas e francesas, en todo momento houbo contacto coas autoridades españolas e, como é natural, tivéronse en conta. Por outra banda, non hai dúbida ningunha de que se fixo vir –é un aparello custoso– o *Nautille* para sabe-la verdade, que, como é natural, é esencial. E están terminando as investigacións. Nomeouse unha comisión científica –que, por certo, preside o señor Tamayo, que é o fillo do outro, que foi o meu compañeiro, porque esta mañá parecía que había algunha confusión co nome e os apelidos–. É un home de ciencia, coñecido, respectado e *punteiro*, que preside unha comisión na que hai persoas da máis alta cualificación.

En canto ós que lles gusta poñer en ridículo o presidente, saiban que hai algún que bota de menos o baño de Palomares. Pero, efectivamente, esta vez non tocaba, tocaba outro tipo de accións.

Non houbo ningunha descoordinación, salvo as directivas que non foron aceptadas polo capitán, que foi o que o levou cara ó sur. E, naturalmente, no momento en que os portugueses –con moi boa razón– lle ordenaron saír das súas augas, probablemente foi cando o barco tivo as dificultades na súa estructura, dificultades polas que xa non debían permitirlle saír do porto.

¿Solidariedade? Por suposto, exemplar; pero animada e encadrada en todo momento polas administracións. Numerosísimas comunidades –onte xa mencionei a visita que fixo o presidente de Madrid– están facendo as súas iniciativas, que en cada caso se discuten, e aconséllaselles ir ós

lugares máis axeitados. Teño que dicir a este respecto que hoxe, como é sabido, unha empresa cento por cento galega, como é Inditex, acordou unha achega de 1.000 millóns de pesetas, e como esta están chegando tódolos días. Houbo unha de Zeltia, etc. As contas están abertas, á parte do que van supoñe-las axudas do Estado e as axudas da Xunta, que non van terminar ata que deixen de ser necesarias. Pero en canto ó que se preguntou sobre os fondos comunitarios de axudas, estimamos que España neste momento pode acceder a 1.100 millóns de euros, non incluíndo polo de agora o Fondo Comunitario de Solidariedade para Catástrofes, porque xa quedan poucos cartos –só quedan 54 millóns– e só se poderían achegar 5 millóns no presente exercicio. En cambio, ten posibilidades de incrementar estoutra cantidade das indicacións que se fixeron sobre os fondos estructurais de cohesión que xa poderían poñerse en marcha inmediatamente.

En canto ós catro eixes de propostas do Grupo Socialista, sobre o autogoberno, evidentemente, é obvio que nós estamos absolutamente de acordo e que temos feito propostas. Pero recordo –vólvoo dicir– que agora mesmo hai catro comunidades no norte que queren coordinarse connosco. Pero é que hai unha no sur, que é Andalucía –por certo, cun Goberno que coñece sen dúbida o señor Touriño–, que está protestando porque nos fondos de pesca se lle está dando unha axuda especial a Galicia. Hoxe mesmo pódense ver nos teletipos novas sobre iso.

Fálase de economía de austeridade. O dito comentario non o fago eu, porque, aínda que pasou pouco tempo, xa o señor alcalde de Santiago protestou porque lle fixeran referencia á Cidade da Cultura, un proxecto dunha importancia como tódolos que se fan en tódalas épocas no mundo. Cando Luís XIV fixo Versalles tamén se lle dixo que gastaba moitos cartos. Os cartos que achega Versalles a Francia, só polo lado do turismo, son absolutamente incomparables; pero é que temos máis cerca o exemplo do Guggenheim.

En canto á eliminación dos gastos de información, é evidente que a Xunta ten a obriga e a necesidade de explicarse, ten que facer coñecer certos programas. O que se mencionou forma parte dunha desas campañas e, como é natural, é importante que a xente saiba qué programas están en marcha e ónde pode atopa-los cartos.

En canto ás fundacións comarcais, estou bastante farto de escoitar que non temos... É certo que é optativo no Estatuto pero, en fin, varias veces tense presentado como imperativo a creación das institucións comarcais. Nós, que cremos que é unha boa idea pero que non sería bo multiplicar un número xa grande de niveis administrativos, seguimos este sistema das fundacións. E non creo que neste momento se atope outro mellor. Como medidas de austeridade, claro, cando van acompañadas, ademais, da proposta, ó mellor hai que esquecerse –é unha proposta xa feita varias veces e antes da catástrofe igualmente– dos principios de estabilidade e de débeda limitada de non supera-lo 3% de déficit. Evidentemente, non se sabe exactamente o que se quere dicir.

O segundo principio, como é natural, pasado o de austeridade era: Beneficencia non; resurrección, recuperación, desenvolvemento sostible. Estou absolutamente de acordo. Dise non ó neoliberalismo, non á globalización. Ben, dá a casualidade de que despois foi mencionado con eloxio o caso do *Exxon Valdez*, precisamente nunha economía libre –é verdade que é a máis potente–. Foi onde foi posible, non nunha gran división de intereses como hai aínda nos quince –veremos cando sexamos vintecinco–, senón nunha lexislación como a americana. O principio de "quen contamina paga" é necesario, como é natural, que o defendamos todos; por iso mencionei a nosa política de enerxía.

Antes houbo unha referencia a un grupo de investigadores. A Secretaría de Investigación máis Desenvolvemento está traballando en coordinar a tódolos científicos galegos. E hai dous galegos na comisión que preside o señor Lora Tamayo.

Programación mellor da competitividade, da que se puxo como exemplo o turismo. Se algo ten feito o presidente que lles fala é ocuparse do turismo, que xa está no índice do 10% do producto interior bruto. Pero, por certo, houbo unha vez aquí algún dos deputados desta Cámara, cando estabamos explicando os resultados do último Xacobeo, que dixo: "Vostedes non saben facer máis que xacobeos". Pois ben, non debe de ser tan mala a palabra nin tan incompatible coa idea de desenvolvemento económico cando –engadindo, iso si, o cualificativo de "civil"– foi a palabra que usou o señor Zapatero para describir precisamente o que podía ser ese plan de conxunto.

Falou de aumenta-la accesibilidade. Xa dixen que, unha por unha, tódalas estradas que el propoñía esta mañá están nos plans neste momento. Se hai algo do que a Xunta poida presumir, e calquera que nos visita ou que quede dentro recoñecerá, é que conseguimos –porque estabamos fóra dos mapas, como sabe perfectamente o señor Touriño– metela nos plans do Ministerio de Obras Públicas –hoxe de Fomento–; traballamos seriamente nas liñas de alta capacidade en Galicia, na mellora dos portos, onde non se fixeron soamente instalacións deportivas. Os portos pesqueiros ata hai moi pouco tempo eran practicamente os únicos sobre os que tiñamos xurisdicción. Agora chegouse a un arranxo con este Goberno para que nos portos de interese xeral tamén teñamos capacidade. Pero o investido en portos deportivos non chega ó 5% do total dos investimentos.

Respecto da maior capacidade de previsión, evidentemente, como digo, nós estamos absolutamente de acordo en non desmantela-lo Estado, outra cousa é que creamos que o Estado pode resolvelo todo. Unha longa etapa de lecturas –á que me queren devolver algúns– e de estudios como profesor, e despois dunha longa experiencia en moi diversas administracións de tódolos niveis, faime pensar que os problemas das sociedades actuais non os pode resolver nin unha burocracia que o queira facer todo –que no fondo é un modelo socialista, mesmo socialdemócrata– nin o simple mercado incontrolado –aí está o tema dos voluntarios e da solidariedade de certos mozos–. Pero, desde logo, o que é evidente é que son necesarios os recursos propios –incluído o tema da Axencia de Seguridade Marítima, que intentaremos conseguir–, a axuda do Estado e a cooperación con outros estados –porque o número de barcos que aquí se xuntaron é de máis de vinte barcos que viñeron de varios países do mundo; e se houbo que traer un gran remolcador desde China é porque non o había máis cerca–. Pois ben, igualmente digo que nós estamos ocupándonos a fondo da coordinación cos municipios. E hai quen considera agora oportunismo que dedicaramos dúas excepcionais conselleiras a candidatas. É porque queremos precisamente valorar... ¿Quen está falando neste momento de pacto local e dunha descentralización? O Partido Popular. Polo tanto, teño que dicir que non hai outra forma de gobernar.

Fálase de redes clientelares. En tódolos países do mundo hai relacións persoais, familiares, etc., pero comparando o que era a España dos tempos de don Joaquín Costa, cando fixo a famosa enquisa –que é un libro clásico, por certo– a finais do XIX e primeiros do XX, *Oligarquía e caciquismo*, ou cando se comparan aquelas vellas oligarquías coas oligarquías burocráticas que outros crearon, é evidente que non hai nada que dicir a este respecto. E, por suposto, respecto da subordinación da Administración local, fale co alcalde da Coruña a ver se o ve dese xeito; ou co de Santiago, como acabo de dicir agora mesmo.

Critícanseme determinadas ausencias. Chamoume a atención o tema da caza, que xa o imos deixar. Estiven unhas horas fóra e parece que se acabou aí o mundo. Pero fun a unha reunión de empresas petroleiras, efectivamente, aquí en Santiago. ¿Con quen ía falar de petróleo? Coas empresas petroleiras. Critícanseme viaxes a Portugal e a Madrid, que eran necesarios. E aproveitei, por suposto, para presentar un libro ou dar unha conferencia. Pero, en definitiva, todo o problema é unha cacería –que, por certo, cando se dixo que fora a unha en Aranjuez e a outra en Toledo, dixen que a segunda era unha *patraña*, e á outra xa dixen que fun saudar e que volvín–.

Cascos destaca na súa comparecencia de hoxe no Congreso dos Deputados que o presuposto de seguridade marítima, contra o que se dixo esta mañá, aumentou un 30% desde 1996, pasando de 49,78 millóns de euros ó final do Goberno socialista a 64,8 millóns de euros no 2002. Recordou que o número de buques de salvamento pasou de 10 a 14 nestes anos, desde 1996 a 2002; que as embarcacións de intervención rápida se multiplicaron por dous nestes anos ata alcanzar as 37; e que se adquiriron tres helicópteros con sistemas avanzados de localización. Pero, á parte diso, contamos con tódalas facilidades que nos deron os países amigos.

Sobre a cuestión da solidificación do fuel, dise que se enganou á poboación manifestándose que o fuel se solidifica nas profundidades debido ás baixas temperaturas e que resultou non ser así. Pois ben, a información ó respecto baseábase en informes técnicos. Teño á man a entrevista dun profesor e científico sueco. Parece ser, sen embargo –isto é o que acabamos de saber–, que a lista de embarque que traía o barco describía mal –probablemente de mala fe– as características do fuel, e que este pode ser que necesite unha temperatura algo maior. Pero todo fai supoñer, polo de agora, esa afirmación –estamos esperando as últimas investigacións do submarino, que, por certo, está custando bos cartos

que non está a aforra-lo Goberno, e, desde logo, van seguir adiante–.

Propúxose a declaración da Costa da Morte como espacio natural protexido. Esta está incluída xa –a Costa da Morte– na proposta galega para a Rede Natura 2000; é, polo tanto, un lugar de importancia comunitaria, un LIC. Trátase na actualidade dun espacio en réxime de protección xeral ó que se aplican os principios de protección da Rede Natura 2000. Foi este Goberno o que instou a declaración do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, así como a creación do Parque Natural de Corrubedo e do Parque Natural das Fragas do Eume. En canto ás accións da Unión Europea xa as mencionei. E o plan global de recuperación económica e medioambiental de Galicia, con todos estes medios, pode estar seguro de que será unha prioridade do Goberno que me honro en presidir.

De tódolos modos, gustaríame dicir, como se mencionou especialmente a vertebración territorial, que a autovía do Cantábrico xa foi licitada polo ministro. Está fixado xa todo o percorrido. O proxecto constructivo do primeiro tramo, desde Ribadeo, pronto virá poñelo en marcha o ministro de Fomento. Sobre a vía de alta capacidade de Carballo a Fisterra está en redacción un estudio previo para esta comunicación; da autovía Lugo-Ourense xa foi contratado o estudio informativo polo ministerio; da autovía Lugo-Santiago está en redacción o estudio informativo; respecto do desdobramento da vía rápida do Salnés, estalle adxudicada a redacción do proxecto constructivo á empresa Idasa; respecto do desdobramento da vía rápida da Barbanza, a principios do 2003 está previsto licita-la redacción do proxecto constructivo. Na ampliación e mellora de infraestructuras portuarias investíronse desde 1990 o equivalente a 38.000 millóns de pesetas –no incremento de superficies de peiraos, o 42%; e no incremento das superficies de diques de abrigo, o 41%–.

En todo caso, o Congreso dos Deputados, como sabe, acaba de aprobar unha iniciativa do Partido Popular con 43 medidas para evitar sucesos como o do *Prestige*, onde está moito máis do que se dixo aquí esta mañá e que foi presentada pola deputada galega María Xesús Sáinz.

No seu discurso, o candidato do Bloque preguntou sobre o comité científico do que é presidente o señor Lora Tamayo fillo. As peticións do vicepresidente ó comité científico, que se espera que sexan evacuadas mañá probablemente, son: situación xeral do barco, gretas, previsión sobre o estado do buque no futuro, cantidade do fuel que sae, evolución dese fuel, se se vai solidificar ou non, a partir de cándo se solidifica, alternativas para actuar na zona do afundimento. Neste momento, o máis importante é que hai seis ou sete persoas máis, todas independentes, e que hai un representante do [...], outro portugués e outro da Comisión Europea. En canto á expresión *los hilillos*, que foi tan criticada, é unha expresión dos técnicos.

En canto á intervención do señor voceiro do Bloque Nacionalista Galego, teño que dicir que pasou por varias fases e, en definitiva, convén recordar que as decisións discrepantes foron tomadas polas compañías no breve tempo en que estiveron a cargo do barco. Botoulle a culpa de todo á globalización neoliberal. Eu creo que o exemplo de Estados Unidos demostra que non ten nada que ver coa doutrina político-económica. Si é certo que hai que valora-lo medio ambiente e o ecosistema como parte das indemnizacións, pero iso non o discute ninguén.

Respecto de que non foi unha catástrofe imprevisible senón anunciada, eu xa dixen que neste momento Galicia o que podía facer era colaborar desde o seu lugar político. El é nacionalista e eu son rexionalista; el di que non é como a situación no País Vasco, pero alí –como dicía agora mesmo– priváronse a si mesmos do apoio do exército. E a entrada na Unión Europea, que el considera, ó parecer –ou así o entendín eu–, unha maldición, foi boa polo de agora –vexamos no tema da pesca cómo nos resulta–. Houbo unhas exclusivas provisionais; agora hai un plan de reforma xeral que, efectivamente, sería perigoso, pero que xa ganamos por unanimidade na Comisión e no Pleno do Parlamento Europeo, e esperamos seguir saíndo ben.

Segundo el, da desfeita do Goberno de Bruxelas, da desfeita de Madrid e da desfeita de Santiago só se libran ós concellos; suponse que pensará, naturalmente, nos do BNG. Despois fixo algunhas excepcións. Pero, por exemplo, onte tivémo-la honra e a oportunidade de recibi-la visita do vicepresidente económico –o vicepresidente primeiro está vindo constantemente, xa case non sae de aquí– en Vigo e na Coruña. Na reunión da Coruña estivo o señor alcalde cos empresarios e outros grupos que el citou; en Vigo foi invitado e escusouse.

É certo, como digo, que hai problemas europeos, pero eu pregunto: ¿quen quere estar fóra do que el chamou a "cínica Unión Europea"? O Parlamento Europeo, como digo, votou en contra dos plans de reforma de pesca; e, por outra banda, xa ve neste momento a présa que teñen os dez países do leste de entrar canto antes e por encima de calquera dificultade, porque fóra vai moito frío. En todo caso, o Grupo Popular votou a boa resolución, e incluso os gregos o fixeron no tema do tráfico marítimo.

No Estado español –que, por certo, en bo latín é *urbe et orbi*– non se pode dicir que nos traten como unha colonia interior. Na nosa balanza fiscal con España somos recipiendarios netos. Cada un pode te-las súas opinións, pero o chamado "virrei Rajoy" está dedicado plenamente, de boa fe –e ninguén mellor ca el–, a coordinar coa súa autoridade calquera autoridade civil e militar. E nós estamos a colaborar con el con moito gusto, como o fan os organismos do Estado e, por suposto, iguais os civís cós militares.

Xa falei da visita do señor Rato, do ministro de Traballo, do ministro de Agricultura e Pesca e de varias visitas do ministro de Medio Ambiente. No que se refire a Bruxelas, Loyola de Palacio estivo varias veces aquí e merece toda a nosa gratitude, e a comisaria sueca de Medio Ambiente aprobou ela mesma –foi confirmado ós poucos días polo Consello de Ministros de Medio Ambiente– un estudio importante sobre o futuro dos fondos mariños en Galicia.

Ó señor Aznar tratóuselle cun respecto que, mentres sexa presidente do Goberno, non me parece o máis axeitado. Pactou xa con Francia, con Portugal e con Italia unha exclusión dos nosos mares de xurisdicción, e xa foi aplicada tres veces por órganos da nosa Mariña de guerra. E hai unha fragata permanente que está moito para fóra, desde logo, do vello pasadizo –que xa foi ampliado, polo demais, no noso tempo– de Fisterra. De modo que *la gallarda soberanía española* non está actuando mal, e, cando veña, non haberá mortos senón que estou seguro de que haberá moitos aplausos e moita gratitude. Naturalmente, xa veu por diante o primeiro maxistrado da nosa Constitución, que é El-Rei de España.

A Xunta di vostede que deixou facer. Eu creo que estivo no seu sitio. Creo, como digo, que cando eu falei de que facía as visitas –fixen dúas á Costa da Morte–, efectivamente, fun con solucións.

Non lle gustou a palabra *cartos*, pois a xente entende moi ben esa palabra. ¿Que non son meus? É obvio, nunca tiven un peso. Agradezo a lección de dereito político que me deu. Eu, desde logo, recibo lecciónns de dereito político dun ilustre economista coma el, pero non de servir a España, que creo que a tería servido mellor doutro xeito.

Nada de secuestro, nada de vasalaxe, nin é posible a subrogación que el menciona. E volvo dicir que eu teño o maior respecto polo dereito de manifestación. A primeira lei que regulaba este dereito propúxena eu, sendo ministro do Goberno; despois da Constitución fíxose outra. Pero, efectivamente, iso que el chama "o coro da traxedia grega" non é un instrumento de goberno, é un instrumento de proposta de petición sumamente respectable, pero non dá lexitimidade para formar un goberno.

Falou do prego de cargos de indefensión, da falta de política propia, da falta de liderado, de mentiras –que non houbo ningunha, puido haber nalgún momento erro ou falta de información suficiente–, de propina –cando estamos falando de cantidades económicas netamente importantes– e de ausencia de medios, que neste momento hai xa suficientes e ben coordinados, aínda que sempre haberá quen pida máis, como é natural. E tamén está a referencia especial á xente das rías baixas, coa que me reunín nun ambiente que non empezou fácil e que terminou en pleno... En definitiva, da Axencia de Seguridade Marítima xa falei.

Por certo, na famosa opinión do Instituto Español de Oceanografía (IEO), que foi tida en conta, non houbo ningunha firma de papel en branco, e dous técnicos estaban presentes na reunión. Para que non haxa dúbidas dígolle que eran dona Teresa Nunes e don Juan José González. A decisión de cambia-lo rumbo do buque foi tomada cando entraba en augas portuguesas, por mediación portuguesa, que respectamos totalmente.

É totalmente falso que a Consellería de Medio Ambiente expulse das praias os voluntarios sen papeis. É certo que hai que coordinalos e é certo que é bo que iso se faga desde unha soa man.

En definitiva, insistiuse desde varios lados na declaración de zona catastrófica –que non é xa necesaria– para que actúe a Administración. O Decreto de Protección Civil de 1931 que a regula está superado por moitas normas dos anos 1993, 1996 e 1997; por iso tiña sentido pedila no ano 1992, no caso do *Mar Exeo*. Agora non o ten.

Afirmouse, falando da Illa de Arousa, que os medios materiais foran fornecidos polo Concello de Pontevedra –concello que moi respectablemente ten un alcalde do BNG–. Debe saber que, á parte do que enviaron do Concello de Pontevedra, a Administración do Estado, a Xunta e a Deputación enviaron: 220 colectores de 1 m^3, 700 colectores de 1 a 6 m^3, 5 colectores de 20 a 25 m^3, 11 bañeiras móbiles, 1 bañeira fixa, dous guindastres, 1 retroescavadora, 3 pas mixtas, 3 carretillas elevadoras, 1 camión-guindastre. Desprazáronse varios equipos, financiouse combustible –como dixen– das embarcacións, e ata o día 8 repartíronse 2.600 uniformes especiais. Onte mandáronse máis a tódolos concellos da costa.

Falou tamén dun Igape obsoleto. No período 1993-2001 deu apoio a 10.153 proxectos, cun investimento de 2.135 millóns de euros e cunha subvención estimada de 176,92 millóns de euros. Isto propiciou unha creación de emprego estimada de 16.565 e axudou a manter outros traballos, que se perderían, de diversas compañías en crise: 227.165. No programa de emprego desde 1997 ó 2001 apoiáronse 229 proxectos, cun investimento de 1.154 millóns de euros, 7.413 empregos creados e 24.960 mantidos. Non só non está obsoleto senón que cada día está máis cerca dos cidadáns, coa apertura de oficinas en tódalas grandes cidades desde xullo de 2001, data na que se atenderon persoalmente 18.000 visitas e 45.500 chamadas.

Díxose que non se desenvolveu a Lei galega de protección civil, que foi transgredida e suplantada pola actuación da Administración central e os negocios de Tragsa. Non existe, como digo, unha lei galega; hai unha lei estatal, que é obrigatoria para todos nós, a Lei 2/1985, e o desenvolvemento do Regulamento noso, do ano 1992, na que se refiren os plans que deben elabora-lo Estado e as comunidades autónomas. En Galicia contamos con Platerga, o Plan territorial de Galicia, que é o Plan director de protección civil de Galicia, que desenvolve o Plan de riscos naturais, tecnolóxicos, en terra, así como os plans de emerxencia municipal.

Dos portos galegos xa falei. Van gastados en infraestructuras deportivas –tan importantes para o turismo e tan rendibles– 12 millóns de euros, o 5,2% dos 229 millóns de euros dedicados á modernización e á mellora das infraestructuras portuarias.

Restricción de voos na zona. Efectivamente, a restricción de voos privados é unha práctica habitual en calquera emerxencia, e gusta garanti-la seguridade das aeronaves oficiais. Tódolos voos son programados polo gabinete de crise. O modelo informático portugués –que foi mencionado con merecido eloxio– foi tido en conta polo Centro de Control do Medio Mariño de Vilaxoán e houbo e hai intercambio continuo entre ese centro portugués e o de Vilaxoán, polo que a información coincide.

En canto ás xestións do Fidac, tendo en conta a experiencia previa do *Mar Exeo*, quero dicir que neste momento, desde o 18 de novembro, se constitúe unha comisión de reclamacións na que, ademais do Fidac, participan a Administración central e a autonómica. E estamos traballando na avaliación dos criterios, na que participan as consellerías de Pesca e Asuntos Marítimos, Medio Ambiente e Sanidade en cuestións de pesca, marisqueo, acuicultura e medio ambiente.

Señor presidente, non é o meu propósito prolongar en demasía esta sesión da que, como é natural, pronto se verá o resultado. Si quero dicir que non podo deixar de recordar unha frase de León Felipe cando dicía: "*El día que el hombre sea libre la política será una canción*". Polo de agora a política, a pesar de que a liberdade xa é un artigo común, segue sendo unha ocasión para practicar tamén a maledicencia, e esperamos librarnos dela.

Pero, en fin, a algúns non lles importou demasiado –dicía ó comezo– destruír ou, polo menos, prexudica-la imaxe de Galicia no tema do turismo. Vai haber un plan extraordinario, xa anunciado onte, cun amplo financiamento polo vicepresidente Rato. Recordemos que a pesca galega non é soamente nas costas e que hai posibilidades de desacreditala, toda ela, co que, desde logo, non se vai obter ningún beneficio público. E, desde logo, teño que dicir que así pasou cando sucedeu o das vacas tolas, que deu lugar a outra moción de censura igualmente inútil. Parece que algúns, máis que o interese de Galicia, buscan o acceso ó poder, cansados de perder eleccións.

En todo caso, teño recortes de prensa interesantes, como o de que unha manifestación entorpece os traballos en Cangas, publicado estes días, que, efectivamente, pasou.

En definitiva, se houbo unha petición unánime de tódolos grupos da Cámara sobre diversas propostas de interese para Galicia, nós aceptámolas todas; mesmo fixemos que fose unánime unha comisión de investigación, porque nada temos que ocultar. Ese era o sitio ó que levalo, e non a sesións tan pouco útiles como a actual.

Pero, en definitiva, volvo a onde comecei antes. Non hai mal que por ben non veña, porque estamos todos no "nunca máis", aínda que algúns queiran facerse co monopolio deste lema ilustre. E, por outra parte, a solidariedade que lles prestamos, que é realmente emocionante, é unha lección para todos nós.

E para rematar, señor presidente, señorías, quero dicir que se falou moitas veces hoxe do maior desastre da nosa historia. O maior desastre da nosa historia sería deixala en mans dos demagogos. O galego que lles fala non abandonará o barco, cumprirá ata o final o seu compromiso con Galicia, e non se arrepinte. Por certo, non foi na campaña de 1989, foi na campaña primeira, na de 1981, aquilo de "Galego coma ti". E os galegos entendérono perfectamente, porque saben que eu non son descendente de fidalgos nin de capitalistas, que son neto de pobres galegos, dunha viúva –que quedou moi nova– con once fillos de San Xurxo de Regovello, parroquia de Vilalba, que os meus pais se coñeceron en Cuba e que eu todo o que fixen fíxeno cos cóbados, enriba da mesa, é dicir, cos estudios, e que non herdei, nin teño nin terei ningún negocio, porque nunca tiven máis que o servicio público.

Quero dicir, en definitiva, que, galego coma todos –sobre todo como os que conservan sempre, mesmo en política, boa fe e a súa palabra–, propóñome rematar estas palabras dicindo desde o barco –que non deixarei ata que a maioría deste Parlamento me obrigue a iso– que nós estamos dispostos a continua-lo diálogo –que algúns aceptan cando lles convén e rexeitan cando cren que lles vale máis dici-las palabras do señor Carmona– dentro da Constitución e do Estatuto, e que me alegrei moito, respecto do diálogo, de ver repetida esta frase esta mañá. Os demais saberán o que fan.

Eu quero transmitir neste momento o compromiso persoal, incondicional e de todo o Goberno. E, como é natural, efectivamente, non vale un día dicir: ¿que fan aí aínda as conselleiras –mesmo se dixo esta mañá– que vergoñentamente abusan do seu cargo para face-las súas candidaturas? En xaneiro, nun tempo oportuno, faranse as reformas que sexan necesarias; pero é un reto persoal e do Goberno que eu presida lidera-las propostas de actuacións en tódalas administracións, para que a Galicia non só non lle queden secuelas desta catástrofe senón que saia fortalecida, no senso de que esta vaia ser realmente a última, polo menos deste xeito. Facerlles fronte a esta catástrofe e ás súas secuelas será a prioridade do Goberno galego.

Moitas gracias pola súa atención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor presidente da Xunta de Galicia.

Rolda de réplica para o candidato do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señor Pérez Touriño.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor presidente, señoras e señores deputados.

Señores do Goberno, realmente non dou crédito -pido desculpas polo estado da miña gorxa; espero ser capaz de poder face-la réplica oportunamente- ó que acabo de escoitar hoxe aquí no Parlamento por parte do presidente da Xunta de Galicia. Anuncia *Alicia no país das marabillas*. Acaba vostede de proxectar un vídeo, unha película, na que parece que viviramos nun país onde todo marcha normal e marabillosamente, señor Fraga, mentres o país real, a Galicia real, a Galicia que está fóra do Parlamento, se debate, loita e traballa para supera-lo chapapote. ¡Canta distancia e canta insensibilidade se poden acumular ó longo dos anos! ¿Como é posible, señor Fraga, que vostede chegara ata esta situación na que a distancia e o abismo entre a cidadanía e a realidade do país fose autenticamente insalvable e insuperable?

O que máis me preocupa da súa réplica hoxe aquí é que vostede, realmente, volvería e volvería face-lo mesmo, e volveriamos ter de novo outro *Prestige* e outra catástrofe. É a conclusión máis arrepiante que un pode sacar despois das súas palabras. ¿Como é posible, señor Fraga, que despois de

todo o que está a sufrir Galicia, do que está a padecer este país, despois de todo o que debatemos pola mañá, veña aquí para dicir que están satisfeitos, que estiveron e que están onde tiñan que estar –referiríase ó da cacería–, que fixeron o que tiñan que facer –afundi-lo buque, levalo ó norte e convertelo nunha regadeira de fuel e de chapapote–, e que a información é toda a que hai que dar –referirase vostede, señor presidente, ó Comité de Empresa da Televisión, que está a estas horas encadeado na cerca do Parlamento e referirase vostede, señoría, por información, ó apagón informativo, á manipulación que acaba de denuncia-lo Colexio de Xornalistas de Galicia–. Vostede hoxe aquí marcou un punto sen retorno: o dun gobernante que perdeu a confianza, a credibilidade e a sensibilidade máis mínima que ten que ter para sacar este país adiante. E por iso é máis oportuno que nunca o que hoxe pola mañá, con máis voz pero non con máis firmeza, lle dicía, señor Fraga: que vostede non está á altura das circunstancias. Vostede non pode seguir gobernando este país, vostede ten que darlle a palabra á cidadanía, a esa cidadanía que reclama a súa dimisión. ¿Como é posible que vostede suba a esta tribuna para conta-lo número de manifestantes e pretenda contrapoñelo co daqueles cidadáns que, no uso lexítimo da súa libre decisión, non se manifestaron? ¿É así como vostede realmente entende Galicia? ¿Esa é a súa sensibilidade de gobernante?

En política, señor Fraga, os resultados, como en todo na vida, son os que mandan, é importante; os resultados e a Galicia do chapapote, a Galicia na que está destruíndose o mellor do seu patrimonio natural. É imposible facelo peor do que o fixeron vostedes. ¿Como pode vir vostede a este Parlamento a dicir que está feito o que había que facer, que a Administración central funcionou, que Europa marcha e que a Xunta está á cabeza de todo isto?

Realmente, a súa actuación hoxe aquí –dicía, e síntoo– marca un punto sen retorno: o dun país que ten o presidente dimitido, o dun país cun presidente que non é capaz de reconcilia-la súa traxectoria de servicio ó país co que tiña que facer neste momento, que é darlle a palabra ó pobo e á cidadanía, permitir que haxa eleccións, que haxa un novo goberno e que sexa o pobo de Galicia o que decida cómo, por ónde, con qué criterios, con qué programa, con qué talante, con qué estilo e con qué maioría é necesario gobernar Galicia. Porque vostedes teñen abandonada Galicia, e vostede hoxe aquí non foi quen de contestar no fondo, señor Fraga, ningunha das cuestións relevantes que lle foron plantexadas desde a oposición, ningunha das cuestións básicas que lle foron plantexadas tanto por min coma polo voceiro do BNG. Vostede escudouse hoxe na peor das defensas. Non houbo nin unha soa palabra de rectificación, ¡nin unha soa palabra de rectificación!, nin unha soa palabra para pedirlle perdón á cidadanía, nin unha soa palabra para recoñecer un error. ¿Como é posible tanto autoritarismo, tanta soberbia e tanta prepotencia acumuladas, señor Fraga? Estalle saíndo de dentro o peor de vostede mesmo. ¡Canta diferencia entre a cidadanía madura e un gobernante irresponsable e desleal finalmente co pobo que lle deu a responsabilidade de presidir e lidera-lo país!

Resulta realmente incrible, déixao a un absolutamente atónito –é o que eu menos podería pensar–, que vostede subise a esta tribuna para dicir que todo marchaba ben, que a Xunta estivera onde tiña que estar e que os ministros e os conselleiros da Xunta estiveron onde tiñan que estar. ¿Pero vostede en que país vive, señor Fraga? Sabemos que ten esa residencia que acaba de facer aí atrás, no monte, pero supoño que vostede aínda non perdeu a máis mínima e máis fina sensibilidade como ser humano para entende-lo que está a pasar en Galicia, señor Fraga. ¿Como vén aquí e non ten nin a máis mínima dignidade de recoñecer, de rectificar, de pedi-la máis mínima desculpa á Cámara? Vostede fala de respecto ó Parlamento, pero hoxe é a primeira comparecencia como tal que fai, obrigado pola decisión da oposición, pola decisión, en concreto tamén, do Partido Socialista, de facerlle unha moción de censura, de esixirlle a responsabilidade e plantexarlle a reprobación. Nin tan sequera foron vostedes quen de aceptar un pleno extraordinario no que puidera haber propostas de resolución e no que puideramos debater monograficamente sobre a gran catástrofe, a peor catástrofe da historia deste país.

Non embarre vostede, señor Fraga, non o merece o país, non o merecen os representantes da soberanía popular deste país, non veña embarra-lo campo de xogo, non desacredite a oposición. A única deslealdade aquí é a súa. Señor Fraga, ¿por que non quere falar da cacería? O certo é que estivo vostede oito días desaparecido, que quedamos sen presidencia de goberno. Vostede dimitiu, foi un presidente dimitido, é máis, colleu o coche, marchou a 600 quilómetros de distancia e foi face-lo que lle pareceu oportuno: disparar tiros ou o que fose nesa cacería. Vostede hoxe aquí desaproveita a

oportunidade de vir ó Parlamento recoñece-lo que non fixo ben e dicir: Aquí estou para saír adiante, se esa é a decisión que ten tomada. Súa é a responsabilidade de converterse nun obstáculo para bloquear, para impedir, para frustrar e para levar á desesperanza a este país, e de non darlle a oportunidade de saír adiante, señor Fraga. Nada ten comparación co que acaba de ocorrer, non busque vostede escusas no pasado. A cidadanía deulle a confianza, pensou que o das vacas tolas fora un suceso e unha crise que non se volvería repetir, e fíxose a escasos meses dunhas eleccións. Hoxe faltan aínda tres anos para unhas eleccións, se vostede non ten a dignidade de decidi-la convocatoria e de darlle a palabra á cidadanía. Vostede nesta ocasión realmente deixa o país sen o temón e sen o Goberno.

Señor presidente, señoras e señores deputados, desde hai varios meses vímoslle trasladando á Cámara a preocupación deste Parlamento pola inquietude e polo feito de que o seu Goberno estaba máis preocupado da súa propia herdanza que de gobernar Galicia; é unha realidade que non poden vostedes ocultar por máis tempo. Pero ¿como pensa, señor Fraga, seguir enganando tanta xente ó mesmo tempo? Ten vostede xa tal falla de confianza da xente, tal falla de credibilidade, que a xente nin o cre, e moito menos o escoita xa. ¿Pero vostede non se dá conta de que ten neste momento traballadores da Televisión de Galicia, dos medios de comunicación públicos, que ten os colexios de xornalistas e que ten a sociedade civil confrontados con vostede, señor Fraga? O país necesita un presidente de goberno que teña confianza, que transmita seguridade, que a xente saiba que el é leal coa cidadanía, que non escape cando se necesita.

Falou vostede do alcalde Bugallo. Mire, nunha crise –por exemplo, nunha cidade como Santiago de Compostela, Deus non o queira, ou como A Coruña–, nunha crise importante, nunha catástrofe semellante, se fose imaxinable, que sufrira esa cidade, como a que está a sufrir hoxe Galicia, qué pensaría vostede e a cidadanía se o alcalde collera a porta e marchara, se durante unha semana non se soubera ónde está o alcalde da cidade, se descubriran que o señor Bugallo, o señor Vázquez, ou o señor Lores –dáme igual– estiveran de cacería mentres a cidade se estivera afundindo na peor crise da súa historia. ¿Sería posible que esa cidade admitira ese alcalde? ¿É imaxinable para alguén esa hipótese, esa posibilidade, esa realidade que temos hoxe en Galicia? Iso é o que nos está a ocorrer con vostede. ¿Alguén pode imaxinar que nunha familia –a política, un país, é como unha familia– en plena desgracia, nunha crise dura, grave e familiar, a nai de familia, o pai de familia, a quen lle corresponda a autoridade familiar, nese momento deixara tirados os fillos, marchara, abandonara, pasara, se apartara do medio porque lle corresponde ó tío ou a non sei quén? ¿Pero en que cabeza cabe pensar que esa situación é razoable, admisible? Iso determina realmente o que lle estou dicindo, que vostede, señor Fraga, non ten a autoridade moral, ética e política para presidi-lo Goberno deste país e, polo tanto, ten que dimitir. Ten que entende-lo que lle están dicindo miles e miles de gorxas, máis fortes cá miña, con máis capacidade, que lle están dicindo: "Señor Fraga, non está á altura das circunstancias, dimita vostede". É un imperativo ético que lle está marcando a cidadanía neste país e que nunca llo marcara, señor Fraga, que nunca llo marcara como llo está marcando, como llo están pedindo, como llo están reivindicando e demandando. E claro que non, o Goberno non se fai desde as rúas e as manifestacións; por algo presentámo-la moción de censura, por algo plantexámo-la reprobación, porque é desde aquí, desde o Parlamento, como é necesario, desde o respecto pleno á cidadanía, desde onde hai que lle dar canle política e facer que non sexa insalvable, que non haxa unha non-reconciliación entre a cidadanía e a democracia, entre a cidadanía e os dirixentes políticos, entre a cidadanía e as institucións, entre a cidadanía e o Parlamento. É fundamental salvar esta situación, señor Fraga, e por iso estamos aquí facendo esta moción de censura e facéndolle esta reprobación ó presidente.

Di vostede, nun exercicio facilón, simple e demagóxico de aritmética parlamentaria: "Non, xa dixen eu o primeiro día..." –vai de home de Estado–"...que a moción de censura non podía prosperar". Ben, sabemos que sabe sumar. Pero a partir de aí ¿que? ¿A partir de aí quere dicir que o Parlamento o pechamos? ¿A partir de aí quere dicir que na peor catástrofe deste país, e diante dun comportamento dun goberno que abandona e lle dá as costas ó país, ó Parlamento e á oposición leal...? Si, á leal oposición, non a vostedes, á leal oposición, que quere dicir "fiel", á fiel oposición, ós cidadáns, á fiel oposición, á soberanía popular –que por iso estamos aquí–; esa fidelidade que nós traemos e que temos que cumprir, non unha fidelidade de submisión a vostede. Esa sería unha auténtica deslealdade pola nosa parte. Nunca o verá, señor Fraga, nunca o ollará, nunca lle daremos a vostede o pracer de volve-la manivela da Historia e atoparse

cunha oposición submisa e humillada, entendendo mal o que é a representación. Iso non vai facelo nunca a oposición neste Parlamento. Non van por aí os tiros. E vostede non se *entera*. Non se *entera* de que realmente hai unha tarefa de reconstrucción nacional, que necesitamos un novo goberno –porque necesitamos unha nova forma de gobernar, un novo talante– que respecte a cidadanía, que a escoite e que despois actúe, que dialogue con ela, que respecte os alcaldes –a todos, señor Fraga–. Non pode vir aquí a falar de pacto local, a falar da Administración local, cando leva doce anos gobernando con maioría absoluta e non fixo nada de nada nesta dirección. Pero non quero falar de doce anos de Goberno, quero falar do desgoberno, do despropósito, da deslealdade, do abandono das responsabilidades que acaba de ocorrer estes días en Galicia. E de aí a reprobación e a moción de censura. Esa reacción última pretende concilia-la cidadanía, concilia-la democracia, concilia-lo Parlamento, concilia-las institucións coa cidadanía madura e responsable, con toda a cidadanía de Galicia, a que está nas rúas e a que está na casa, porque hai un sentimento común e compartido de indignación nacional, señor Fraga, e necesita unha resposta.

Mal imos. Están enterrando cousas serias neste país. Custounos moito a todos –non quero entrar aquí se a uns máis ca a outros, sobre iso hai tempo que pasamos un veo–, trae-la democracia, facer este pacto que é a Constitución, dar a luz o Estatuto de autonomía. Son moitos anos, esforzo, sangue, entrega, sacrificio, de milleiros de persoeiros e de milleiros de cidadáns anónimos deste país, sobre todo dos cidadáns anónimos. Ademais dos precursores, ademais da historia do galeguismo, ademais da xente da Xeración Nós, ademais do galeguismo histórico, ademais de toda a xente demócrata que traballou para que neste país haxa unha Cámara coma esta e un presidente do goberno –e non coma vostede–; ademais de todo iso, traballaron sobre todo miles de cidadáns anónimos, a xente normal deste país, que merece unha resposta. E non está vostede á altura das circunstancias. Eu respecteino sempre, señor Fraga, desde que fixen no ano 1997 o primeiro debate de investidura con vostede no que, cando rematei o debate, lle tendín a man e lle ofrecín a leal colaboración para a defensa dos temas de interese xeral do país, para os temas de Estado de Galicia. E nunca faltou esa disposición por parte do Partido Socialista nin nunca puido escoitar da miña boca unha descualificación nin a vostede nin ó Grupo Popular no terreo fundamental. Esa leal colaboración segue existindo, pero hoxe esa leal colaboración e disposición é a que nos obriga a ser conscientes de que este país necesita un proxecto de unidade nacional. ¿Como imos afronta-la reconstrucción de todo ese tecido danado? ¿Como imos recupera-lo conxunto do ecosistema? ¿Como imos recupera-la actividade de miles e miles de familias? ¿Como imos devolverlle e darlle vida a esa biodiversidade durante anos afectada? ¿Como imos recuperar e reconstruí-lo país, se non é desde un goberno forte, desde un goberno que teña de verdade a lexitimidade e a confianza? E hoxe a lexitimidade e a confianza neste país só pode saír da convocatoria de eleccións, de que o pobo fale, de que vote nunha urna e poña á fronte do país un goberno, un goberno de verdade, o goberno que o país necesita. Esa é a reclamación que lle plantexamos; e plantéxolla con máis intensidade –con menos voz, pero con máis intensidade– que pola mañá, despois de telo escoitado a vostede. É máis necesario ca nunca.

Vostede –e remato, señor presidente– deu aquí un exemplo do que non se pode facer. Veu facer un relatorio onde non respondeu ningunha pregunta das que se formularan. Teño aquí folios e folios escritos con tódalas preguntas que vostede non contestou. Poderíalle face-la relectura do que é oportunismo político, poderíalle face-la relectura de ónde está o oportunismo e a deslealdade, en qué comportamento; porque desde a orixe desta crise non fixeron vostedes, nin vostede, máis que oculta-la realidade, máis que engana-la cidadanía, máis que mentir, realmente, porque esa é a palabra, e se queren retíroa e digo aquilo de "faltar á verdade", por cortesía parlamentaria; pero é a realidade que lle escoito á xente que sabe que a ten no corazón e que foron enganados, que foron desarmados, que os deixaron inermes diante desa gran situación de crise.

"A situación está baixo control, o perigo máis grande xa pasou, as manchas non van chegar", dixo vostede, señor Fraga. Mentres tanto, o barco derivaba sen control e a marea negra chegaba ás costas de Muxía. "A actuación do Goberno foi exemplar", Fraga *dixit*. Mentres, vostede, señor Fraga –ou señor Cuíña, ou señor Del Álamo–, estaba de caza en Aranjuez; o señor Cascos, de caza; e o señor Matas, de descanso en Doñana. Mentres o ministro de Agricultura, señor Cáñete, declaraba escandalosamente: "Non se pode falar de marea negra, son manchas dispersas", xa estaban afectados 400 quilómetros de costas –e logo fala vostede de coordinación de toda a información, de que todo marchaba–. Mentres

o ministro de Medio Ambiente, que deu a impresión de que con el non ía esta historia, declaraba oufano que a decisión de afasta-lo barco foi a menos mala e que se evitara un desastre maior, o barco estábase a pasear, durante seis días, por 437 quilómetros, preto da costa, provocando a maior catástrofe da historia de Galicia. E vostede segue a insistir en que o Goberno tomaba as decisións cando o ínclito señor delegado do Goberno dicía: "A decisión de afasta-lo barco tomárona os holandeses e o armador, nós xa non nos podiamos meter". Foi a maior lección de irresponsabilidade, de entrega a intereses privados e corporativos, de dimisión auténtica e absoluta da responsabilidade de gobernar, do Goberno de España e do Goberno de Galicia. ¿Acaso as nosas autoridades descoñecen que a Carta dos dereitos do mar da ONU de 1982 autoriza a intervir os países ribeiregos en casos como o do *Prestige*? ¿Temos un goberno para isto? ¿É esa a concesión do servicio público, da autoridade pública, da autoridade moral e política esixible dun goberno?

Vostede mesmo, señor Fraga, ante todo o que nos viña encima e que coñeciamos gracias ó Instituto Hidrográfico Portugués, aseguraba: "As rías baixas son as máis seguras, pero xa temos tomadas tódalas precaucións. Estanse a poñer tódolos medios materiais". Mentres, os mariñeiros das rías baixas, autoorganizados, poñen de escudo os seus propios barcos na boca das rías e teñen que recolle-lo fuel coas súas propias mans.

Podo seguir, a lista é interminable. É realmente interminable, escandalosa, a lista da manipulación e da *burda* mentira en que vostedes converteron esta crise. Os pequenos *"hilitos como de plastilina"* eran 125 toneladas de fuel que están saíndo do barco. En fin, señor Fraga, vostede chegou a dicir: "O exército está aquí desde o primeiro día". O exército comezaba a chegar 25 días despois do inicio da catástrofe. Vostede falsea todo, señor Fraga. Ten montada unha auténtica operación de verter fuel sobre a cidadanía deste país. Galicia non merece esta situación; non xa a situación catastrófica, social, medioambiental e ecolóxica, non merece esta situación "política".

Eu pídolle que reflexione vostede desde a dignidade persoal, que non entenda mal o sentido do servicio, o servicio a este país, a auténtica responsabilidade, a única responsabilidade e dignidade posible, e que hoxe vostede recoñeza que as cousas non van ben, que temos diante unha auténtica tarefa de reconstrucción nacional e que, polo tanto e en consecuencia, tome a decisión de darlle a palabra ó pobo, de darlles a palabra ós cidadáns, que son quen en democracia deben decidir nas grandes situacións cómo a que estamos a vivir.

E non acuse de deslealdade a oposición nin embarre o campo de xogo. A oposición, o Partido Socialista de Galicia, eu persoalmente, non dubidei nin un segundo –miren señorías, mire presidente–, nin un minuto, en darme conta, desde a conciencia, desde a ética, desde a dignidade persoal, desde o meu compromiso, coa xente e cos cidadáns, con Galicia, co patrimonio natural, que tiñamos que tomar e que tiña que toma-la decisión da reprobación e da censura. Era consciente plenamente da situación do país, pero, precisamente, por esa situación decateime perfectamente, hoxe máis ca nunca, de que necesitamos de verdade unirnos todos en torno a un goberno democrático para sacar este país adiante, en torno a un goberno que goberne de forma diferente. E falo de goberno, non da ausencia, de darlle as costas ó país, do abandono da realidade e da dimisión que vostede fixo, porque vostede, señor Fraga, é un presidente dimitido.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Touriño.

Para a rolda de réplica do candidato do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Moitas gracias, señor presidente.

Señorías, señor presidente da Xunta de Galiza, ou sexa, señor Fraga, isto non é simplemente un problema do *Prestige*, da catástrofe que motiva, que dá lugar, ou que acaba por dar lugar, a que esteamos hoxe neste debate. É un problema que pon de manifesto unha maneira de entender a política, e unha maneira de operar o poder político en moitas dimensións, por exemplo a dimensión da información aos cidadáns. Agora mesmo están aí abaixo os profesionais da Televisión Galega, e o que din é "manipulación, nunca máis". Esta mañá estiveron os da Televisión Española en Galicia. Dicían o mesmo: "manipulación, nunca máis".

Eu supoño que, polo menos, o presidente da Xunta, don Manuel Fraga –non sei se todos os demais membros do

Goberno–, se decatou de que eu esta mañá fixen un planteamento globalizador. Eu tamén estou pola globalización, pero pola globalización pola que está a xente do traballo, os cidadáns que queren..., e pola globalización dos entes –se o proceso de mundialización é patente, é normal–, pero non pola globalización perversa dos actuais globalizadores, que é outra historia; tamén estou pola globalización deste debate.

Non sei se se decataron de que eu sei –aínda que sei perfectamente que estou no Parlamento de Galiza e que son o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, que forma parte da oposición ao Goberno que vostede preside– que o problema implica responsabilidades a moitos niveis. E eu non estou disposto a caer na trampa –diso falareilles despois, pero vaia un adianto– de que o problema só atinxe politicamente a Galicia.

Vou ir facendo un repasiño por algunhas cousas que puiden anotar entre as que vostede dixo. Ben sei que unha parte delas non ían dirixidas a este portavoz nin ao Grupo Parlamentario do BNG porque non eran aplicables. Pero vou facer algúns comentarios porque coido que, por unha vez que podemos, sobre todo así, en segunda parte, falar sen limitación de tempo... Non vou facer como o señor Orza, que cando non ten limitación de tempo pode estar cinco horas falando –coido que é certo, ata o din os seus...! *(Risos.)* Vostede non está alí detrás pero eu si. Non oe os comentarios e eu, pedra–.

Ben, eu coido que non debemos converter isto nunha tertulia, ¿verdade? Pero volvo dicir: a mellor defensa dos débiles, case a única, é o exercicio do humor; sempre que non sexan *chascarrillos*, claro, porque son ofensivos, para empezar, para os que están padecendo as consecuencias.

Fálase dunha moción de censura con candidato. Acaba de dicir o señor presidente do Parlamento: "Ten a palabra o candidato do BNG"; o presidente referiuse a min como "candidato". Estamos nunha moción de censura que lle chaman "constructiva", o que significa que pode haber mocións de censura "destructivas". É terrible. Por exemplo, é así en Italia, non sei se agora con Berlusconi, pero antes si. Desde a II Guerra Mundial ata... se cadra ata hoxe, non sei. O profesor Fraga sabe máis diso ca min e ao mellor resulta que xa non, que con Berlusconi cambiaron as cousas.

Eu son candidato, por imperativo legal, neste momento. Cando haxa eleccións, o BNG non ten decidido quén será o candidato. ¿Está claro? Nós somos unha forza política que podemos dicir as cousas así de claras. Polo tanto, si o BNG non ten contemplado quén será o candidato no momento en que se convoquen eleccións, está claro que nós, se se disolve a Cámara e se convocan eleccións, teremos que resolver a cuestión. ¿Pode bromearse sobre isto? Eu, si. O que quero dicir é que nós non somos responsábeis de que neste réxime –ou no marco xurídico-político, no modelo constitucional, aplicado no momento en que se elabora a Constitución de 1978– non se asumise a variedade de moción de censura a secas, que é a máis congruente cos réximes democráticos parlamentaristas e non presidencialistas; e máxime cando son réximes parlamentaristas pluripartidistas e non bipartidistas de facto, como é o caso do británico desde tempo inmemorial. E é a única maneira de poder facer censuras de verdade. E se cae o Goberno porque prospera a moción de censura, o Parlamento dispón dun período para buscar unha solución doutro goberno, coa mesma composición parlamentaria, cando hai pluripartidismo. E se, pasado este período, resulta que non se atopa solución, naturalmente disólvese a Cámara e convócanse eleccións. Polo tanto, se tivesemos posibilidade de moción de censura a secas, que era a que existía no momento da Constitución, en 1978, na inmensa maior parte dos réximes parlamentaristas –pódeme corrixir porque ademais dá igual se é na inmensa maior parte ou non–, o señor portavoz socialista -por exemplo- non tería que vir aquí a dicir, ou a esixir, ou a reclamar, ou a propugnar que se disolva o Parlamento e se convoquen eleccións, porque podería haber solución perfectamente dentro da Cámara, nin teriamos el nin eu que asumir por imperativo legal, polo menos no noso caso, sinalar un candidato cando o problema non é ese. O problema que estamos a tratar aquí é un debate en profundidade sobre a traxedia que estamos a padecer e sobre a ineptitude dos dous gobernos –enteiros, os dous, de arriba a abaixo– que, ademais, despois da intervención do presidente da Xunta, se fai absolutamente, máis meridianamente, clara a ineptitude total e absoluta dos dous gobernos. Non habería que facelo, non é responsabilidade nosa.

Oposición leal da súa maxestade: nós aquí non temos maxestades, estamos no Parlamento de Galiza. E nós somos a oposición ao Goberno da Xunta e á maioría parlamentaria de ser o caso. Nin somos das maxestades, nin contra as

maxestades, nin temos nada que ver coas maxestades. Non estamos nas Cortes do Estado, estamos no Parlamento de Galiza. Se vostede estivese hoxe na oposición –afortunadamente non está na oposición– non podería ser cualificado como "líder de la *leal oposición de su majestad"*, que foi o tratamento que se lle empezou a dar a vostede, precisamente por iniciativa de don Felipe González no momento en que tiña maioría absoluta. Eles foron os que lle fixeron a vostede ese recoñecemento de rango de líder da oposición que nunca se utilizaba durante os tempos da UCD –a Felipe González, desde logo, non llo deron cando era oposición á UCD–.

Pero, xa llo dixen esta mañá, a nosa lealdade é á cidadanía, e é tamén obriga que a súa única lealdade como presidente da Xunta de Galiza sexa á cidadanía. E a nosa lealdade ás institucións –repetinllo esta mañá– estaba e está fundamentada na lealdade á cidadanía. Entón non veña vostede falar de lealdades, polo menos no que ao BNG se refire, porque precisamente nós antepomos a lealdade á cidadanía a calquera outro tipo de lealdade, agás ás institucións porque, se son disociadas da cidadanía, entón algo malo pasa, entón ou están mal as institucións, ou resulta que a cidadanía non é a depositaria da soberanía política.

Vostede dixo na súa intervención cara ao final... Se cadra, por aquilo de que eu, cando enunciei a alternativa, dixen: "A alternativa está nos cidadáns". Pois claro, ¿onde vai estar? ¿Na democracia onde está a alternativa? Na cidadanía. ¿Quen é o depositario do poder político? Os cidadáns. Desde a Constitución francesa, do período revolucionario de 1789 a 1792, en todas as democracias do planeta ata hoxe; polo menos, en termos formais e verbais. É patente.

Eu o que quixera é que vostede fixese unha introspección e analizase se en rigor, obxectivamente, e non por procesos intencionais, vostede e os seus membros do Goberno foron, nesta crise, leais á cidadanía galega. Estou dicindo "obxectivamente" e non en termos intencionais. Non quero dicir que vostede non crea que foi leal á cidadanía galega, pero se vostede debulla as cousas e as sabe analizar e chega á conclusión certeira, segura –polo menos para vostede– de que o que vostede fixo é o máis leal para a cidadanía galega... E que se vostede chegou a esa conclusión, entón éntrame o espanto. Porque na súa situación, con todo o que está acontecendo, poder ter a seguridade de que un foi leal á cidadanía... Eu sería incapaz, desde logo, polo menos de dicilo coa seguridade coa que vostede o di. Estaríame cuestionando se realmente fora leal coa cidadanía.

Se eu, que son simplemente portavoz do BNG, chego a esta Cámara e, con toda a mobilización que hai na cidadanía, explicito que non se me ocorrería arrogarme a representación desa cidadanía porque é moi plural... Vostede dixo que era menos cantidade que a que votara contra vostedes. Ninguén votou contra vostedes. Os que non os votaron a vostedes supoño que votaron a favor do BNG ou a favor dos socialistas, non en contra de vostede. Tampouco se sinta tan acosado, que non o está.

Pero é que a cuestión non é de cifras, señor presidente da Xunta. A cuestión é cal é o espectro social e de ideoloxía política ou de opción política, e de opción electoral, de toda esa xente que se está mobilizando. ¿É que son só do Bloque? ¿É que son só votantes do PSdeG-PSOE? ¿Está vostede seguro? ¿Sabe vostede se houbo alcaldes do Partido Popular que nos seus concellos contrataron autobuses para vir á manifestación de Santiago os veciños do seus concellos? Pois si, hóuboos. E paréceme honestísimo o que fixeron eses alcaldes.

Vostedes mesmos quixeron apuntarse á manifestación; dous días antes, iso si. ¿Por que querían apuntarse á manifestación? Supoño que sería –á parte de porque vostede di que está de acordo co de "*nunca máis"*– porque tiñan claro que había boa parte do seu electorado que estaba absolutamente desconcertado, sen poder crer o que estaba vendo, e que, naturalmente, ía vir a esa manifestación. Como seguro que onte, nas máis de 150.000 persoas que se manifestaron en Vigo, había votantes seus. Pois reflexione e recapacite. ¿Que está pasando para que votantes do Partido Popular estean mobilizándose coa xente que non é votante do Partido Popular? ¿Coida vostede que, dada esa situación real, pode vostede –é razoable– vir a esta tribuna e *negar la menor, negar la mayor, negar la conclusión,* negalo todo, non moverse, negar, negar calquera crítica? Porque é peor.

Eu coido que hoxe estivo bastante máis pechado en banda aínda, como se di, de non *menealla*, que en declaracións de hai dous días. Hai dous días dicía: "Seguramente nos equivocamos. Ó mellor non foi a solución mellor". Hoxe non.

O que lle dixen de información... E desculpen, eu non vou apresurarme. Imos dialogar, institucionalmente, nesta Cámara. Diálogo institucional, aquí. Estamos niso. Eu xa dixen, desde o principio, que eu dialogaría co presidente da Xunta sempre que non fose ás agachadas e de costas á Cámara. E durante un período de tempo dixen: "Nesta Cámara"; mentres non se dialogue nesta Cámara non dialogo fóra. Despois dixen: "Nesta e fóra", porque se empezou a dialogar aquí naquel famoso debate de investidura de hai un ano.

Ben, dialoguemos. Se abaixo están profesionais da TVG dicindo: "Manipulación, nunca máis"... Desculpe, non se poña nervioso. É vostede un home de estado. Os homes de estado teñen que ter febras serenas e estar impertérritos cando escoitan cousas –aprenda do seu patrón, parece que despois de tantos anos non aprendeu nada del, de cómo se está nun escano aguantando os *chaparróns*–. Se están así, estando no poder, ¿como estarían se estiveran na oposición?

Ben, digo isto por unha razón, porque vostedes fixeron mención de algo que eu dixen e coido que, ademais –porque logo vin a gravación ou vin o programa, non sei, pola CNN+–, eu estaba francamente preocupado –que se notaba–, porque dixen aquilo de que se viña... Preguntáronme se viña o presidente Aznar a Galiza ou pensaba vir. Dixen: "O presidente Aznar vai a Galiza, vén a Galiza, a inaugurar fantasmas, a algún *happening* mediático, e cando non vén el envía a súa esposa. Non creo que se atreva a vir agora. Pero, a verdade, ben pensado, eu prefiro que non veña porque pode haber mortos".

Vostedes non estaban polo país adiante. E fixen exactamente o contrario do que fixeron vostedes desde o primeiro día coa marea negra: "Non hai marea negra, non hai problema". E a marea negra colle a todo o mundo como colleu, ¿verdade? Pois eu son unha persoa responsábel e se vexo que hai un clima na cidadanía de crispación e de indignación, debo dicir que aquí pode pasar algo, porque non quero que ocorra, precisamente.

Ben, señor presidente da Cámara, hai unha especie de rebote aí, que non é eco, é unha cousa rara, unha resonancia rara, e parece como se aquela parede de madeira estivese moito máis aproximada. ¿Non teñen un mecanismo como teñen os cubanos para acabar coas interferencias que meten os ianquis nas súas transmisións radiofónicas? Porque poderían facelo.

Vacas tolas: as eleccións gañáronas, dixo vostede. ¡Bravo!, aquí o que conta é gañar as eleccións. ¿Cal é a situación do sector gandeiro neste país? ¿Os gandeiros gañaron o problema das vacas tolas? ¿Vostedes reducen a política a se gañan ou perden as eleccións? Se gañan as eleccións, o país vai ben; se non gañan as eleccións, o país vai mal. ¿É así? Ou sexa, ¿consiste niso?

¡Oia!, se nun país hai un 6% da poboación que é campesiña e un 94% que non o é, un problema que acabe, que arruíne absolutamente ese 6%, é que lle importa un *bledo.* Simplemente o 6% naturalmente que non move para nada os resultados electorais. ¿E é aceptábel que a avaliación política do problema se limite a iso? ¿Danse vostedes conta de que eu estou reflexionando en termos democráticos, precisamente? E que, na súa maneira de pensar, iso carece de importancia. Por ese sistema, os Estados Unidos de Norteamérica, que tiñan un réxime democrático no século XIX –tíñano desde o século XVIII–, exterminaron, naturalmente, as poboacións indíxenas: apaches, sioux, etc., democratisimamente, porque non votaban, non contaban, e ademais eran unha minoría étnica. Hoxe só quedan nas reservas. Tamén acabaron cos bisontes. Hoxe teñen un par de parellas no parque de Yellowstone, coido. Hai aquí un animal co que vai pasar o mesmo, o percebe, polo menos co que está nas rochas, o que está na Moncloa seguro que seguirá vivo e sen contaminación.

Preservación, os libros brancos de vostedes. Pero é que vostedes gobernan aquí e no Estado, e todos os libros brancos son para aplicalos na acción do goberno. Non me veña falar outra vez dos libros brancos despois de que levan seis anos gobernando no Estado e doce anos gobernando aquí.

A política enerxética da Xunta: opcións pola enerxía limpa, parques eólicos... Paréceme moi ben, paréceme ben a estratexia de enerxías limpas de parques eólicos, pero de cómo se leva adiante o dos parques eólicos aquí pregúntenlles vostedes aos veciños das comunidades de montes, pregúntenlles vostedes aos concellos rurais que atopan o parque eólico posto aí e non teñen opción nin sequera a aproveitarse... Pero, iso si, está moi ben, está ben visto, *las energías limpias* –falo en español para que me entendan se algún ten

a antena posta desde a Moncloa–. ¿Pero cos parques eólicos protéxese a costa de naufraxios de petroleiros, señor Fraga? Porque isto é xenial. Eu, polo menos, non viñen máis que a falar dun naufraxio que causou un desastre, da falta absoluta de prevención, da falta dunha política preventiva, da falta absoluta dunha política medioambiental, etc. ¡Pero se o que acaba de pasar co *Prestige* está ocorrendo cos montes de Galiza todos os veráns!

Dicían os mariñeiros –outra vez máis hai que aprender da xente; non abonda con ser de orixe humilde, senón que hai que practicalo. E eu non son de orixe humilde, e chámanme "o señorito da Reboraina", a moita honra porque o provoquei eu, porque é unha obra espléndida de don Ramón Otero Pedrayo, que admirei toda a vida, e que venerei e sigo venerando pola súa ética, pola súa capacidade intelectual e polo seu maxisterio. Moi ben, non son de orixe humilde, non son fillo de labrego, non son fillo de caseteiro, non son fillo dun percebeiro, pero eu estou con eles moito máis do que está vostede porque, ao parecer, estou defendéndoos, e vostede, ao final, obxectivamente, acaba por asumir a política que os esmaga. Ese é o drama, pero dicían os mariñeiros –era o que quería contar agora–: "O que nos pasa a nós está claro", cando aínda non chegaran todas as mareas, cando empezaba a cousa, cando aínda non se sabía: "Dependemos do vento, do clima, do que pase aí arriba". De maneira que se nos libramos do *Prestige* será gracias ao servicio de salvamento, que é o vento se se lle dá por soprar sistematicamente durante semanas do nordés. Pero, naturalmente, estamos no mes de novembro, de santos, e de Nadal, e, polo tanto, o nordés pode soprar algunha vez, pero a inmensa maior parte do tempo vai estar soprando do sudoeste. Pásanos o mesmo cos paisanos: arden os montes e mellor que que vaian os bombeiros é cando se lle dá por chover en pleno verán. ¡Bravo! Pois ese é o libro branco.

Vostedes pasaron polo menos a primeira lexislatura do seu mandato, cada vez que se lles facía unha crítica, mallando no famoso Goberno tripartito. E chegou un momento en que eu pensei que en vez de ter unha vixencia de dous anos tivera douscentos e que, ademais, antes non houbera outros. E que xa estaba gobernando. E o señor Aznar pasou a primeira lexislatura enteira mallando nos gobernos anteriores. Isto é xenial. ¡Oia!, pero entón os libros brancos... Pero vostedes levan aquí doce anos, o Goberno do señor Aznar leva seis anos, así que nada de libros brancos: realidades, feitos. Os feitos son a catástrofe do *Prestige* sen ningunha medida preventiva seria, sen ningunha capacidade de reacción organizada.

Acaba vostede de repetir: "Nós estivemos onde tiñamos que estar". Ou sexa, teimudo e ademais infalíbel. ¡Bravo! Pois, ¡que lle vou dicir!, aquilo que di o personaxe –aínda que non é aplicábel ao seu caso– de *Les mains sales* de Sartre, *As mans sucias* de Sartre, cando no último lance sae pola porta, entra pola porta, e di: "Non recuperábel".

Os vascos quedaron sen as forzas do Exército e da Armada. ¡Menos mal!, porque aquí chegaron os da Armada e o que fixeron foi embarrancar nas Cíes, e tivo que vir un pesqueiro a sacalos das pedras. Ou sexa, ían axudar e tiveron que axudalos os mesmos que xa tiñan bastante con loitar contra a marea negra.

Acaba de pasar hai tres días nas Cíes. *La Invencible Armada española* chega, ¡boom!, e embarranca, "meten o barco nas pedras", como din os mariñeiros; logo vén outro barco militar da Armada que estaba alí, van darlle un remolque e case acaba nas pedras tamén. E acaba vindo un pesqueiro, dos que estaban alí limpando no chapapote, e sácao de alí. Un pesqueiro foi capaz de sacar unha barcaza de desembarco das grandes da Armada, das blindadas. Un pesqueiro, unha barca coido que era, nin sequera era un arrastreiro de Pescanova, era un pesqueiriño dos que van ao canto. ¡Bravo! Esa é a grande axuda que nos prestou o Exército, a Armada Invencible.

Dixo vostede que xa interceptaran tres buques sospeitosos, tamén o dixo o señor Aznar. E ao día seguinte sae a noticia de que estaba en Alxeciras. *¡Genial!* Unha interceptación *genial*. Ou sexa, interceptárono como a fragata ao *Prestige*. Fixo de carabina, como as carabinas das parellas de hai 50 ou 60 anos, por se acaso, e acompañouno ata Alxeciras. Esa é a maneira de intercepción da Armada española. Iso si, o que acaban de interceptar e un buque cargado de armamento para Al-Quaida, que logo resultou que existía un contrato normal entre o Estado de Corea e o Estado de Iemen. E os gringos encargáronlles a vostedes, a vostede non, ao seu Goberno, ao señor Trillo, a través do servicio de intelixencia, da operación sucia: *"Mojaos en esta cosita."* E logo resultou que coa metedura de pata cargou o Exército español. Despois da gran rolda de prensa do señor Trillo, a

Armada española, a eficiencia, non sei qué *centella*. ¡Pumba! Cacharon un buque con armas, que era, naturalmente, un buque con armas do Estado de Iemen. "!Pero se é un contrato noso!" E os norteamericanos e o Colin Powell dicindo: ¡Oian, vostedes que fan! Pois faltaba, por riba, co enguedello que teñen a nivel mundial, que neste momento, cando están co de Al-Quaida, inventando a historia os americanos de que era para Al-Quaida, resulta que era un contrato dun Estado normal. E, entón, que dixesen, que o inventaron igual que inventaron o Ben Laden, que non sabe ninguén xa se existe ou non, ou se existiu algunha vez a partir do século XII –porque había un Ben Laden no tempo de Al-Mohr, que era o primeiro antecesor de Maquiavelo, con aquel libro sobre a teoría do Estado de finais do século XI, contemporáneo de Xelmírez–. Había un Ben Laden, pero este non sei se o haberá.

Desculpen, como non teño limitación de tempo, vese que me estou distraendo un pouco. Para unha vez...

Forzas do exército e da armada. É vostede teimudo e infalíbel. ¡Ah!, os do Exército, !*genial!* En canto chegaron tiveron que darlles alí precisamente todo. Viñan *soldaditos*, pero non tiñan nin máscaras, nin tiñan pas, nin tiñan angazos, nin tiñan nada. Logo, iso si, chegaron camións do Exército con cociñas, pero os alimentos non estaban; con cociñas de campaña, pero a manutención tiñan que poñela.

Señor presidente da Xunta, eu realmente comprendo o seu patriotismo, patriotismo español; o Exército é moi importante, pero, mire vostede, o destas semanas, en canto ao Exército e á Armada era Gila con aquilo de *¿Es la guerra? Están ustedes..."*. Así, Gila. Claro, sendo un home como Trillo o ministro do Exército, non podería ser doutro xeito, porque ademais din que non foi á mili... ¡Ah, non! Ese era Serra. Pero Serra era de esquerdas e tiña razón, sobre todo no tempo do franquismo.

Axudas. Compara vostede as axudas económicas co salario mínimo, ¿con que salario mínimo? Di que as axudas que están dando son moito maiores có nivel do salario mínimo. Pero, vamos ver, ¿é que vostedes non saben que nesta época os percebeiros gañan para o ano? Xa non falemos de que os percebes tardarán anos en poder recuperarse se non se extingue a especie ou xa non vale porque o gusto do consumidor hispano e europeo se habituou ao percebe marroquino, que é o que vai entrar agora a esgalla. Despois xa non gustarán os galegos. Isto fixéronnolo, cando a integración da Comunidade Económica Europea, coa conserva. ¡Marabilloso! As condicións de integración na Comunidade Económica Europea eran unhas condicións terroríficas para o sector conserveiro galego, mentres que lle daban todo absolutamente a Marrocos. Cun simple acordo preferencial, Marrocos podía exportar á Unión Europea o equivalente da totalidade da producción conserveira de todo o Estado español sen pagar un peso de aduana. A súa conserveira galega era moi distinta, ¿verdade, señor López Veiga? Completamente. Pois ao mellor tamén se aproveita para algo polo estilo, porque aquí hai que pensar mal e acertarás, sempre que se trate dun poder que se comporte como está demostrando que se comporta no Estado.

Convenio con Repsol. Os pesqueiros poderán repostar sen cartos. ¿Repostar para ir pescar qué? Isto é xenial. Mire, en primeiro lugar, a min paréceme perfectamente ben que Repsol e as compañías que estableceron ese acordo a través do organismo correspondente teñan a xenerosidade, a flexibilidade, de dicir que nesta situación os pesqueiros poderán repostar sen ter que pagar. De acordo, ou sexa, ao fiado. Tamén o fan os dos ultramarinos con todos os das vilas, coas familias dos mariscadores, e non son mencionados por vostede neste Parlamento. Estano facendo todos os comerciantes pequeniños de Camariñas, da Costa da Morte, das rías: fiar. Paréceme moi ben pero, para empezar, un pesqueiro que vai repostar é porque vai saír, e se vai saír navegar é para ir pescar. O problema está para os que non poden ir pescar porque está prohibido, nas zonas que están prohibidas, os que non poden mariscar porque non hai marisco porque está contaminado, etc. ¿Que ten que ver iso, polo tanto, coa realidade?

Tróuxose o *Nautille* para saber a verdade. Ben, moi ben, pois a verdade a min non me gusta sacar aquí periódicos pero, señor presidente, polo tanto, ata que o *Nautille* descubriu a cousa, non se sabía a verdade; entón non se entende cómo vostede, o 4 de decembro, di: *"El fuel se ha solidificado y el ánimo de la población gallega está bien"*. Deixemos a segunda parte: *"El fuel se ha solidificado"*. Isto antes do *Nautille*; entón, ¿en que quedamos? ¿Había que traer o *Nautille* para saber realmente o que pasaba alí, ou vostede xa o sabía antes pero naturalmente se trabucaba como se trabucaba o señor Rajoy, como se trabucaba o señor Trillo e todos os que andaron polo medio?

Contribucións de empresas. Moi ben, pero a Unión Europea e o Estado teñen que cubrir todo o que non cobren os causantes do desastre, non as empresas galegas, ¡ollo! ¿Ou é que van poñerlles un imposto revolucionario pola vía da chantaxe efectiva? ¿Que importa o que poidan dar as empresas galegas neste momento? Está moi ben que se solidaricen e que dean cartos, pero aquí o fundamental é que os causantes do desastre –o que contamina paga– paguen todo o que faga falta, e o que non paguen eles que o cubra a Unión Europea e o Estado español. Galiza non debe ter que achegar unha cadela, porque xa bastante contribuímos coas perdas que temos, que, aínda que non se reflicten nos orzamentos da Xunta de Galiza, están aí na beiramar. O destruído está destruído; é unha perda, aínda que non o contabilice o señor Orza, como dixen esta mañá.

Solidificación do fuel. Resulta que a identificación do fuel na lista de embarque parece que estaba mal... ou como se chame... non sei qué, e entón por iso ao principio non se sabía. Non o saberían vostedes, ou non o saberían o delegado do Goberno, o señor Rajoy e os científicos estraños que lle dicían as cousas, porque Cedre –e eu vino en internet aos tres días de empezar esta historia– o sábado en internet Cedre, o instituto francés, tiña a identificación exacta do fuel e negou que se fose a solidificar. Entón sabíao Cedre, non o sabía o Goberno español nin o sabía Sasemar, que ten un convenio de colaboración con Cedre desde 1998 e que tampouco aquí se dicía. Todo isto é completamente surrealista.

Investigación do CSIC con Ifremer. Non teñen, ou non tiñan antonte polo menos, aínda un plan de investigación aplicada para o seguimento deste asunto, e eu coñezo persoalmente a membros do Instituto Oceanográfico e dos departamentos das universidades que saben disto, e que traballan nisto, e da Facultade de Ciencias do Mar de Vigo. Non existía, mentres si que existe un programa francés. E xa lles dixen aquí que o Instituto Oceanográfico portugués puxo dúas boias flotantes con radio na mancha para seguila. Aquí non fixeron nada, e non negue vostede a censura que existiu. Intentouse que o persoal investigador –e seino desde dentro– do oceanográfico e doutros departamentos firmase un informe que se ía sacar, e era un prego en branco: primeiro poñer a firma e despois cubríase o informe. Isto ocorreu. Houbo persoas, bastante inxenuas, que creron no perfil dos investigadores que aparece en estereotipos, como son os sabios despistados que parece que non viven no mundo. E estes dixeron: "Pero, logo, ¿é que estamos outra vez no franquismo?". Dixérono eles, non o estou a dicir eu.

Pero, ¿por que se sacou a teoría da solidificación? Porque era a única maneira de corroborar, de reforzar, a campaña publicitaria de que aquí non pasa nada, de que non hai perigo. Porque –¡claro!– a xente é suficientemente coñecedora dos rudimentos da física como para saber que un sólido é un sólido; e un sólido que está enterrado non escapa por un burato. Precisamente o xenial foi que seguían sostendo que era un sólido cando saía polos buratos, que foi cando persoas que eu coñezo dixeron que vostedes acababan de inventar unha nova teoría do estado sólido na física. Polo tanto, o importante é iso, e que formaba parte da operación de censura, de silenciamento, de despistar a cidadanía, de enganala, de non sementar alarma. Entón non se sementa a alarma e, para non sementar a alarma, cando o desastre está enriba: non hai problema, a xente xa está apouvigada polo desastre e entón pedirán papas. Pero a xente non pediu papas, a xente reaccionou con indignación e con capacidade de autoorganización.

Vostede dixo, tamén, que a decisión sobre o que se facía co buque estivo nas mans das compañías só por un breve tempo. Sería breve pero foi o tempo decisivo, foi o tempo en que collen e viran, e cando estaban aproximadamente no paralelo de Estaca de Bares, din: "Agora rumbo sur", e regaron todo por diante. E, ¿por que? ¿Cales son as conexións desas compañías, do fretador anglosuízo, do armador grego, das aseguradoras, da compañía holandesa que se fixo cargo do remolque do buque? ¿Cales son as conexións? ¿Cales son os centros de poder económico? ¿Cales son os centros de decisión política que dixeron: nin de broma, que pase máis ao norte, porque se hai marea negra vai cara ao Canal da Mancha? Por iso dixen que Aznar fixo deixamento absoluto da soberanía política do Estado español que non tomou ningunha decisión nin se atreveu, non ousou sequera, porque están enfeudados cos *lobbies* de ámbito europeo, que encobren estas mafias e que teñen sedes, fundamentalmente, nas coñecidas entidades bancarias suízas, con contas numeradas, e na City de Londres, en Amsterdam, etc. A boa hora unha compañía holandesa remolca o buque cara ao norte cando hai todo isto en medio, etc., etc. E recoméndolle a lectura do libriño que mencionei esta mañá: *Europe incorporation –les liaisons dangerouses,* as amizades perigosas–. É un libro serio, publicado en Francia hai tres anos. O enguedello de

relacións dese tipo no mundo dos negocios máis escuros e tenebrosos, non dos negocios normais, necesarios, etc., e as relacións dos grupos e centros de poder político.

Vou ir rematando. Dixo vostede: ¿E quen quere estar fóra da Unión Europea? Nós, non. Nós queremos estar dentro pero estamos fóra, téñennos fóra. No ano sesenta e poucos a editorial Galaxia editara un libro dun notario asturiano, de orixe galega por parte de nai, que era moi afeccionado á historia; o libro recordo que se chamaba *Separatismo e unidade* e o autor chamábase Menéndez Valdés Golpe –Golpe era pola nai, raposo, como vostedes saben–, e sostiña a tese de que Galiza nunca fóra separatista senón que foran os outros os separadores. Ben, pois nós queremos estar na Unión Europea, pero non estamos. Velaí o problema: a pesca, a conserva –da que acabo de falar–... ¿Como se pode dicir que nós somos os que dicimos que non queremos estar na Unión Europea –a ver a quén se lle ocorre, porque fóra vai moito frío–? Non vou dicir o comentario que me suscita iso que dixo vostede de "fóra vai moito frío", porque eu esa frase téñoa escoitado en determinados tipos de organizacións políticas que non sei se serán as súas. Pero na Unión Europea téñennos fóra. As condicións nas que entrou o sector pesqueiro, ¿cales foron? Como Galiza é a principal potencia pesqueira –para empezar– dentro das augas comunitarias, non se aplicou o principio do libre mercado; pero se é o que está no propio documento aprobado por unanimidade nesta Cámara no mes de setembro, propiciado entre outros polo seu conselleiro de Pesca, e o que quere o sector pesqueiro galego é que se lle apliquen os principios fundamentais da Unión Europea: liberdade de empresa e de mercado. E o que se fai é que non. Igual que os labregos, que non son empresarios nun sentido normal, o que quixeran sería que houbese liberdade de mercado, que non lle poñan cotas e limitacións á súa producción. ¿Ou é que somos parvos? Nós o que non estamos dispostos é a estar na Unión Europea de parvos, porque, precisamente –xa o dixen esta mañá– se pensa que o pobo galego é parvo, e non o é.

Falta de respecto a Aznar. É Aznar quen lle falta ao respecto a Galiza e a vostede. A min non me falta ao respecto o señor Aznar. Polo tanto, eu non teño que respectar a quen non me respecta.

Non é posíbel a subrogación. Eu ofrecinlle, ao falar da subrogación, unha saída posíbel para exercer con dignidade institucional. Se vostede pecha a porta, é vostede quen queda dentro; eu estou fóra. Se eu lle abro unha porta e vostede a pecha estando vostede dentro, é vostede quen queda dentro; non eu. ¿Comprendeu? ¿Non? Ben, pois repito. Vouno explicar doutra maneira dentro dun momento, e con isto remato de verdade, por agora.

Aquí hai unhas claves -vou ser politicamente incorrecto, o que non significa, como ben saben, na linguaxe política, faltar á corrección, senón dicir aquelas cousas que non é politicamente correcto dicir; pero como eu son moi educado non preciso levar a miña educación a manterme nos corsés do politicamente correcto, unhas claves, que non afloran, de todo o que está pasando, desta inmensa movida que se montou no Estado con motivo da catástrofe do *Prestige*. Eu non teño unha bóla máxica –e isto hoxe non se acende porque non desempeñei ningunha función–, pero hai unhas cousas que teño perfectamente claras. No Estado –é dicir, no que é o aparato de Estado neste momento– interésalles convertelo a vostede no moneco do pim pam pum, desviar contra vostede os tiros que deberían ir en primeiro lugar contra o presidente do Goberno español. E, ademais, o presidente do Goberno non lle perdoa as súas diverxencias da pasada primavera –feitas públicas– porque van contra a estratexia do Partido Popular en versión aznarista. Isto dígollo porque antes fixo unha moción de interlocución institucional, de se cando interesa, cando non interesa... E vostede tivo unha oportunidade de blindarse. Díxenlle ata mañá. Non llo vou repetir.

Por outra banda, no Estado interesa converter Galiza no escenario único dunha censura autonómica, para non ter que afrontar a censura ao Goberno do Estado, para non ter que afrontar nin tan sequera a petición de dimisións ou de cesamentos. E non lles interesa a censura nin a unha parte nin á outra, cousa que eu comprendo perfectamente. Pero eu teño a obriga de pensar en termos deste país, porque para pensar en termos de Estado están as representacións nas Cortes e están, se é o caso, as forzas políticas de ámbito estatal. Pero nós non somos unha forza política de ámbito estatal, somos unha forza política de ámbito nacional galego, e tamén facemos política de Estado e no Estado, porque nós estamos dentro do Estado español. Pero é que, ademais, iso de converter Galiza no escenario único dunha censura autonómica –censura que nós estamos a facer aquí e moi conscientemente– non se vai interpretar como ningún intento de desmarcarse.

Non, non. Vostedes son censurábeis, pero tamén é censurábel quen é o máximo responsábel por ter a soberanía do Estado, por ter as competencias primordiais. E o que quero dicir é que o que se quere é que só aconteza aquí, porque *es como el fútbol de serie regional*. Por iso eu, no seu caso, nin sequera lle daría a oportunidade de poder utilizar o termo contra vostede mesmo por parte dos que queren *cargarse* unha cousa moi distinta a un simple termo de lexislación: ou nación ou nacionalidade histórica.

E queren alimentar o autoodio, ou sexa, o complexo de inferioridade dos galegos: votamos mal, *tenemos lo que nos merecemos* e, polo tanto, hai que desembarazarse do que temos que nos merecemos. ¿Está claro? ¡Cantas veces me teñen dito a min, viaxando por aí adiante, amigos madrileños de esquerdas: Vós tendes a Fraga alí. *Es un país de derechas*! E téñolles que dicir: "*Oiga,.* vós tendes aquí a Álvarez del Manzano con maioría absoluta no concello, a Ruíz Gallardón con maioría absoluta na Comunidade Autónoma de Madrid, arrasa o PP nas listas ao congreso na provincia de Madrid, e tendes a Aznar na Moncloa". *Oiga*, ¿dáse de conta? Eu, que toda a vida o combatín a vostede, ideolóxica e politicamente, o que teño claro é que lle faría un fraquísimo favor ao proceso de toma de conciencia do meu país, da cidadanía, xogando a favor dos que nos queren esmagar e *machacar*. Pero vostede é censurábel, e máis despois da actitude que está tomando, por se me quedaba algunha dúbida. Non hai dúbida posíbel. E, ademais, xa se está movendo toda a loxística para poñer en marcha unha metodoloxía e unha estratexia no ámbito do Estado que contrarrestre a erupción de autoestima que se está a facer patente na cidadanía galega. Non pode ser. Ben. Pois nós reiteramos a censura que acabo de facer, pero queremos deixar claro que non xogaremos nunca a ningún xogo macabro de intereses espurios, de operacións a nivel de Estado que intentan converternos en chibos expiatorios. Moitas veces se fala nas tertulias radiofónicas, e eu teño a impresión de que están falando como podería falar un explorador do século XIX dos otentotes. Descoñecen absolutamente este país, incluso a maior parte dos que simpatizan con nós o descoñecen por completo. Esa imaxe tópica, perversa e que retroalimenta o autoodio e o complexo de inferioridade, vostedes, coa súa actitude, están contribuíndo a afincala máis, están colaborando –incluso moitas veces inconscientemente– co peor inimigo que ten este país, que é aquel que mata a súa conciencia.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Gracias.

Ten a palabra o señor Rego González do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas gracias, señor presidente.

Señorías, os socialistas galegos temos que afirmar novamente a seriedade, o rigor e a preocupación co que afrontamos este problema desde o primeiro momento. Tiñámo-la percepción –e desgraciadamente non nos equivocamos– de que desde o primeiro momento estabamos diante dun tema certamente serio e que ía afectar –non podiamos pensar da forma en que o fixo– os intereses xerais do país.

Tivemos esa percepción desde o primeiro momento e por iso desde o primeiro momento trasladámoslle-la nosa preocupación ós responsables do Goberno do Estado en Galicia, ó señor delegado do Goberno e tamén ós responsables do Goberno de Galicia na Xunta de Portavoces deste Parlamento, onde había nada menos que un conselleiro e o director xeral de Relacións Institucionais do Parlamento. Polo tanto, señor presidente da Xunta, facémolo a vostede sabedor da nosa preocupación e tamén do noso apoio para tentar paliar, minimizar, a posible crise que se podía xerar con motivo do que por aquel entón era un barco accidentado preto das costas da nosa comunidade.

Díxonos, señor presidente, o delegado do Goberno de Galicia que non había ningún problema, que era unha pequena cousa e que estaban tomadas tódalas decisións que poderían resolver calquera tipo de eventualidade negativa para os intereses do noso país. Foi a resposta do señor delegado do Goberno en Galicia, o señor Fernández de Mesa.

Señor presidente, propuxemos na Xunta de Portavoces deste Parlamento a celebración dun pleno extraordinario porque sabiamos que era preciso que vostedes sentiran o apoio e a calor da institución palamentaria –de todos e cada un dos grupos que a compoñen, señor presidente–, para toma-las decisións que vostede crera oportuno tomar. Fixemos isto, señor presidente da Xunta de Galicia, señor presidente do Parlamento, conscientes e sabedores, e desde logo

corresponsables e absolutamente convencidos, de que o noso país ten competencias, ten medios, ten recursos para afrontar unha crise destas características, sobre todo no relativo á responsabilidade. Faciámolo, señor presidente, dotándoo a vostede da maior autoridade posible, de xeito que contara con todos nós. ¿Para que? Para exerce-la súa responsabilidade como presidente da Xunta de Galicia sen ningún tipo de restricción e contando co apoio de todos, desde logo co apoio do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e de tódolos socialistas galegos, señor presidente, xa que, como vostede ben sabe, somos un partido de Goberno aínda que neste momento estamos exercendo responsablemente a nosa tarefa de oposición. Pero queriamos tamén, señor presidente da Xunta de Galicia, dotalo a vostede do máximo aval da institución máxima do noso pobo para que vostede esixira diante do Goberno de España, diante das autoridades comunitarias, todas aquelas cuestións que considerara precisas para facerlle fronte a esta crise. O que quixemos os socialistas galegos foi precisamente dota-la primeira autoridade executiva do noso pobo, señor presidente, de todo o aval necesario e de todo o apoio para que non puidera ninguén *ningunealo* no caso de que se pretendese; pero tamén para que vostede asumise a súa responsabilidade como presidente do Goberno deste país.

Polo tanto, señor presidente, esa acusación que vostede acaba de facer aquí de deslealdade, de dano ó país, debería de retirala. Faille un fraco favor a vostede, faille un fraquísimo favor ós miles de familias que están afectadas neste momento nas costas deste país. ¿Quen pode, señor presidente, facerlle a este país máis dano que o que vostedes lle fixeron coa xestión da crise? ¿Como é posible que o presidente dun goberno dilapide a posibilidade de contar co apoio que os socialistas lle dabamos e que, desde logo, lle ofertamos con absoluta claridade e con absoluta contundencia nos primeiros momentos, señor presidente? Vostedes renunciaron a todo iso, renunciaron ó pleno no Parlamento. E cando renunciaron ó pleno do Parlamento, os socialistas, unha vez máis, démo-lo seguinte paso, señor presidente, presentando unha proposición non de lei neste Parlamento que contiña contribucións positivas para poñer en práctica. Fíxese vostede ata qué punto non só non utilizámo-la crise en contra de ninguén, señor presidente, senón que tamén fixemos propostas que puideran ser aprobadas neste Parlamento, despois de que vostedes se negaran a que houbera un pleno extraordinario –que sería, señor presidente, onde poderiamos adopta-las propostas de resolución precisas–, para que vostede as puxera en práctica.

Nada diso foi posible. Foi posible, iso si -despois de que vostedes viron que a crise se lles ía das mans-, aprobar aquela proposición non de lei. Desgraciadamente, señor presidente, demasiado tarde, porque para aquela vostede xa renunciara a presidi-lo Goberno deste país. E vostede renunciou a presidi-lo Goberno deste país, señor presidente, no momento no que a crise se produce. Vostede pon –non se sabe se o pon vostede, se é que toma a iniciativa el– única e exclusivamente, medianamente, á fronte dela o conselleiro de Pesca, e vostede abdica da súa función de presidente.

Non pode pasar nada neste país, señor presidente, que lle sexa alleo. Nós, os socialistas, polo menos, entendémo-lo autogoberno desta maneira, e ata o de agora pensabamos tamén que o seu galeguismo, os seus choros por este país, os seus *llantos* nesta tribuna, señor presidente, tamén ían dedicados a dicir que nada do que pasara en Galicia lle era alleo ó seu presidente. Non pode haber, señor presidente da Xunta, nada, ningún problema que afecte a este país, ningún problema que afecte ós cidadáns desta terra, ó que o señor presidente da Xunta de Galicia investido por este Parlamento poida sentirse alleo, sexa ou non competencia del. Se é competencia del, ten que xestionalo; se non é competencia del, ten que asumi-la súa competencia ata onde forme parte, e cando non lle chegue terá que permitir que a asuman os demais con absoluta claridade e con absoluta contundencia.

Para iso, señor presidente, vostede neste caso non tivo necesidade de chamar a ninguén. É que chamamos os demais á súa porta. Non recibimos coa porta nos fociños, iso é certo, pero recibímo-la máis absoluta indiferencia, señor presidente, e este é un tema grave nun presidente dun país. Pero o problema non é que vostede fixera isto co Grupo Parlamentario Socialista nin co Partido Socialista, co conxunto dos Socialistas Galegos. O problema non é ese. O problema máis grave, señor presidente da Xunta, é que vostede adoptou esta actitude co conxunto dos cidadáns deste país. Vostede deulle as costas ó conxunto dos cidadáns desta terra, e ese é un feito grave, señor Fraga Iribarne, ese é un feito gravísimo. Vostede ten a frivolidade de permitir, o primeiro día que chega a marea negra –por acción espero que non, cando menos por omisión–, que o barco se paseara ó longo das costas do noso país como unha auténtica regadeira de fuel.

¿Como un presidente dun país pode permitir que se faga esa temeridade?

¿Coñece vostede os nomes dos técnicos que asesoraron as *lumbreras* que tomaron a decisión de andar paseando o barco polas nosas costas, señor presidente? ¿Coñece vostede os nomes deses técnicos? ¿Sábeo vostede e está en condicións de subir a esta tribuna e explicarlles a tódolos galegos –e de xeito moi especial a aqueles galegos que están sufrindo as consecuencias de ver absolutamente estragado o seu principal medio de vida, e o que é máis importante, o das futuras xeracións, o dos seus fillos, señor presidente– quén foron os señores que tomaron a decisión de andar paseando o barco ó longo da costa galega? ¿Podería explicarnos vostede aquí ós representantes do pobo de Galicia, ós representantes democraticamente elixidos, señor presidente, por favor, o que vostede coñece de ónde, cándo, por quén e cómo se toman esas decisións? ¿Podería dar vostede unha mínima explicación de por qué unha vez que as autoridades españolas están a bordo do *Prestige* o abandonan sen ter resolta minimamente, ou afrontada, e paliada, a crise que pode producir? Señor presidente, ¿considera vostede razoable que, estando dentro do barco, este poida ser abandonado por parte das autoridades españolas sen terse resolto minimamente a situación? ¿Cal foi a súa actitude cando o informaron –porque o informarían– de que a solución era leva-lo barco para fóra, producindo un efecto regadeira, e canto máis lonxe mellor? Eu escoitei cómo nunha emisora de radio –e a verdade é que me deron, señor presidente, teño que dicilo aquí, ganas de chorar– se lle felicitaba –non era culpa del, loxicamente– ó señor conselleiro de Pesca unha vez que estaba o barco enganchado, e cómo dicían: "Xa van tirando del os remolcadores, o barco vaise". E o señor conselleiro dixo: "Temos un alivio, o barco vaise. Segue regando, pero vaise." Felicitábaselle ó señor conselleiro de Pesca e el daba as gracias cando se estaba xestando a principal catástrofe deste país, señor presidente. Cando a vostede o informaron de que ían tomar esa decisión, ¿cal foi a súa actitude? ¿Non pensou vostede que o fuel que se regaba, aínda que se regara máis lonxe, os ventos o acabarían traendo para terra? ¿Ou pensou que o ía comer o mar?

Imaxínome que unha persoa da responsabilidade que vostede ten, cos técnicos que pode ter á súa disposición..., que poderían ser moitos, neste país, señor presidente –falóuselle pola mañá das universidades–, podería estar rodeado de moita xente. Por poder, podería rodearse, estou completamente seguro, dos dous líderes da oposición deste país –desde logo do señor Touriño, si; díxeno esta mañá e dixémosllo os socialistas desde o primeiro momento– para apoialo a vostede, para axudalo, señor presidente. Nada diso foi posible porque vostede se desentendeu desde o primeiro momento da crise, e dese xeito desentendeuse, desde o primeiro momento, señor presidente da Xunta de Galicia, de abordar un accidente que converteron algúns, xa veremos quen –pero ó que vostede non é alleo, senón do que é responsable pola súa inacción–, na maior catástrofe da nosa historia.

E cando dicimos "maior catástrofe da nosa historia" estamos dicindo que isto vai ter, sen dúbida, consecuencias moi negativas para miles de familias que viven na costa do noso país, e vai ter consecuencias moi negativas para o futuro da nosa economía, señor presidente. E vostede acaba de demostrar aquí –non lle digo isto con alegría– na súa intervención, señor presidente da Xunta de Galicia, que os socialistas tiñamos... Esperamos certamente bastante tempo, fixemos propostas, ofertamos apoio, tardamos en facelo, pero ó final vímonos obrigados a presentar unha moción de censura cando vostede abandonou a súa responsabilidade como tal.

Polo tanto, señor presidente da Xunta de Galicia, se ata agora a moción de censura estaba xustificada, despois da súa intervención a verdade é que habería que considerala como imprescindible. Vostede, señor presidente, debe de saber, e de feito neste momento sabe, que o señor Touriño deixou aquí na súa intervención certamente aberta a posibilidade dun novo proxecto de Goberno, dunha alternativa, a posibilidade de face-las cousas doutra maneira en favor dos intereses do noso país, en favor do conxunto dos intereses dos cidadáns desta terra. Vostedes coa súa votación seguramente que o van aprazar por un tempo, o que non van poder evitar é que os galegos saiban que está aí. Máis cedo que tarde seguramente que van facer uso del.

Os socialistas fixemos un esforzo non exento de risco presentando esta moción de censura. O noso máximo responsable, o señor Touriño, fixo un esforzo para dicirlles ós galegos que non poden baixa-la garda, para dicirlles ós galegos que hai futuro, que hai esperanza para este país, que temos posibilidades, que temos autogoberno, que temos competencias, que temos medios, que temos recursos e que o que temos que facer é poñelos en valor. E iso, señor presi-

dente da Xunta, é o que non demostrou aquí hoxe que o puidese facer. Voulle dicir, ademais, por qué. Demostrouno hoxe na súa intervención negándoo todo, xustificando o Goberno central; porque, claro, escoitamos aquí que habería que censura-lo Goberno central, e nós estamos convencidos de que seguramente; pero é que vostede acaba de xustificar aquí todas e cada unha das actuacións do Goberno central durante esta crise. Vostede acábase de facer cómplice activo tamén da actuación do Goberno central na nosa Comunidade. Claro, terá que ser así porque se vostede abdicou da súa responsabilidade, terá cando menos que apoia-la dos demais.

Pero, señor presidente, ¿cal é o comportamento do Goberno de Galicia ó longo desta crise? Voulle dar nada máis que dúas pinceladas. Eu fixenlles aquí ós señores e señoras deputados do Grupo Parlamentario Popular, no pasado pleno –cando debatiámo-la moción que presentamos os Socialistas, o Bloque Nacionalista Galego e tamén o Grupo Parlamentario Popular, arredor da cal finalmente chegamos a un acordo–, algunhas preguntas, e preguntáballes qué opinaban eles da actitude do Goberno que estaban apoiando durante esta crise; porque nós sabemos perfectamente que os deputados e deputadas do Partido Popular viven nas vilas onde vivimos nós, comparten actividade cos traballadores onde estamos nós, comparten veciñanza coa maioría dos cidadáns que están afectados tamén, e preguntabámoslles –e preguntáballes eu– qué pensaban eles da actitude dun goberno, dun presidente que o día que chega a marea a Galicia nada máis e nada menos que marcha a Madrid a unha reunión parece que familiar, absolutamente lexítima; pero tamén ten tempo para dedicarse á caza, e nada menos que leva con el –ou sexa, a responsabilidade non pode ser maior– o responsable de medio ambiente e o responsable da política de portos: dous conselleiros afectados de cheo pola crise. E mentres tanto, non soamente os cidadáns e cidadás de Muxía estaban xa pisando o fuel nas súas costas, tamén estaba pateando nel o señor conselleiro de Pesca, a pesar de que daquela dicía que non había marea negra e que a cuestión era unha cuestión practicamente menor. Dicíao, estou seguro que non o pensaba, porque o señor conselleiro estaba no lugar onde se estaba producindo a chegada do chapapote.

Señor presidente da Xunta, vostede e os deputados do seu partido foron incapaces de contestar nada. Contestaron, iso si, apoiando aquela moción; iso si que o contestaron. Preguntabámoslles tamén qué opinaban das súas declaracións e da súa viaxe a Madrid a presentar unhas receitas de cociña, señor presidente, cando neste país estabamos sufrindo a maior crise, seguramente, da nosa historia. Preguntabámoslles qué opinaban das súas declaracións dicindo que Galicia estaba tranquila no momento en que lle acababan, practicamente, de pegar a un alcalde do seu partido nun porto da nosa comunidade. Os galegos tranquilos. Os representantes institucionais, mesmo os das institucións que estiveron máis á altura das circunstancias –que foron os concellos–, eran agredidos pola xente, que se sentía impotente, indignada, abandonada e aldraxada polo seu Goberno, señor presidente. Preguntabámoslles ós deputados do Partido Popular. Non contestaron. Preguntabámoslles cál era a súa opinión, señor presidente, da negativa do Goberno, do señor que vostede nos manda á Xunta de Portavoces, do que se senta ó seu lado, para que aquí se puidera celebrar un pleno extraordinario onde puideramos debater con tranquilidade, onde vostede puidera comparecer e seguramente puideramos aínda tomar algunhas decisións relevantes. Tampouco houbo contestación.

Hoxe. señoras deputadas e señores deputados do Partido Popular, tampouco van poder contestar. ¿Saben vostedes por que? Porque o que vai contestar aquí en nome de vostedes é un membro do Goberno. É o señor que se senta ó lado do señor Fraga Iribarne. ¿E vostedes que pintan? ¿Non o pensaron? Porque vostedes preséntanse ás eleccións nos seus concellos, nas súas cidades, nas súas vilas. ¿Que pintan vostedes? ¿É posible que o Goberno o pinte todo neste país? Sobre todo, voulles explicar qué Goberno. O Goberno que se reúne en medio da crise o día que se celebra a máis grande manifestación cidadá que se produciu na historia de Galicia, suporíase que para afronta-la crise e tamén –por qué non dicilo– seguramente para valorar politicamente o resultado da manifestación. Pois non, señores. O señor presidente da Xunta en vez de presidir un Consello da Xunta presidiu unha pelexa de galos, presidiu unha pelexa entre conselleiros. Vostedes non se reuniron para preocuparse pola crise, non se reuniron para preocuparse polos miles de familias que vían afectado o seu futuro. Vostedes reuníronse para pelexar entre vostedes, para facer axustes de contas sucesorios, señor presidente. Este é o problema. E que lles conste que o Partido Socialista non ten micrófonos, señor presidente, nas salas onde vostedes celebran os consellos da Xunta. Que lle conste que iso non é así. Os medios de comunicación sacárono

porque o filtraron vostedes. Hai filtracións interesadas ¿E quere vostede, señor Fraga Iribarne, que isto non indigne os cidadáns do noso país? ¿Cre vostede que isto pode non indignar a miles de cidadáns desta terra cando ven ese comportamento do seu goberno? Pero, señores do Partido Popular que van votar a favor seguramente, ou sexa, en contra da moción de censura, ¿que opinan vostedes disto? ¿Parécelles que este país, cos cidadáns e cidadás que sofren, como van acabar sufrindo vostedes, as consecuencias desta crise, se pode permitir apoiar un Goberno que en vez de estar poñendo os medios e mecanismos suficientes para palia-los efectos da crise se reúne para pelexar? ¿Vostedes pensan que iso é razoable? ¿Que opinan vostedes de todo isto? Fálenlles ós cidadáns, explíquenllelo ós cidadáns, porque me parece que teñen non soamente dereito, senón o deber e a obriga de facelo, señorías.

Señor presidente, vou facer unha paréntese porque vostede, que é unha persoa que normalmente manexa bos datos –ás veces interesados, pero manéxaos eu penso que ben, e normalmente bos para os seus intereses– fixo aquí unha referencia coa que debería ser prudente. Voulle dicir unha cousa, ou a xente que o rodea ultimamente é incompetente ou empezan xa a enganalo. Vostede acaba de dicir aquí que con motivo da crise do *Casón* se pecharon dous fornos en Aluminio. Mire, en Aluminio, con motivo da crise do *Casón*, señor Fraga Iribarne –e vostede daquela dixo algunha lindeza–, pecháronse 512 cubas electrolíticas, e ademais pecháronse tódolos fornos da factoría, señor Fraga, que son doce, non dous. Pero os fornos non era o importante, o que é importante é que se pecharon as 512 cubas electrolíticas. E, desde logo, a cifra de mil millóns que deu de custo xa me gustaría a min que fose certa, señor presidente. Á *lumbrera* que lle deu eses datos, a verdade é que pode vostede poñela a *buen recaudo* porque, se non, acabará seguramente poñéndoo el a vostede. Parece que eses son datos ben erróneos.

Pero falou vostede do *Casón* e falou do *Mar Exeo*, e se imos á historia, ¿por que non imos un pouco máis para atrás? ¿Por que non chegamos ó *Urquiola*? ¿Recorda vostede onde estaba cando foi o do *Urquiola* e aquela crise famosa? Vostede estaba ocupado noutras cuestións, vostede estaba ocupado nos temas aqueles de Montejurra, ¿recorda vostede? Pois vaiamos para atrás; se vostede quere historia, ¿por que non imos falar de historia todos? Pero non é este o caso, porque iso non soluciona os problemas que teñen miles e miles de familias no noso país; non soluciona o problema, pero tampouco o soluciona, señor presidente, o seu discurso pateticamente triunfalista desde esta tribuna negando unha vez máis a realidade. Iso paréceme que é o que máis dano lle fai a este país. A min paréceme que se a cidadanía galega estaba indignada antes da súa intervención, a indignación neste momento, señor presidente, debe ser aínda maior, porque non se pode entender que un presidente, diante dunha crise como a que temos enriba, diante da catastrófica forma en que vostedes a xestionaron, diga que todo estivo ben, que non houbo problemas, e o que é máis grave, que houbo coordinación, señor presidente da Xunta. É un feito que eu creo que non ten precedentes nun goberno democrático. Dáme a sensación de que é absolutamente imposible que os poida ter. Pero vostede dixo aquí que xa se enfrontara á crise das vacas tolas. Vostedes é verdade que se especializaron en xestionar crises, pero para agrandalas, señor presidente.

Falou vostede de dano a Galicia. Na crise das vacas tolas, ¿que foi o que lle fixo máis dano a este país, señor presidente, a crise das vacas tolas en si ou o enterramento que vostedes efectuaron en Mesía? ¿Que lles fixo máis dano ós agricultores galegos ou ós nosos productos, as imaxes por toda Europa e por todo o mundo do enterramento irresponsable que o seu goberno fixo en Mesía, señor presidente, ou a crise das vacas tolas que tamén sufriron outros países do noso contorno comunitario que non tiveron nin a metade dos problemas que tivemos nós? ¿Que fixo máis dano, a forma como vostedes xestionaron a crise ou a crise en si? Neste caso concreto, ¿que é o que fixo máis dano, señor presidente, o accidente dun petroleiro ou a catástrofe na que vostedes converteron ese accidente? ¿Que é o que fai mais dano, que é o que fai dano realmente?

Vostede nestas crises, señor presidente, tanto nesta coma na anterior, o único problema que tivo –e xa o dixen aquí outra vez no pasado pleno– é que lle fallou a arma que mellor manexa, que é mediática; o control mediático cando as cousas non se poden tapar. O enterramento de Mesía producírase xa dous días antes de que saíra nos medios de comunicación, e ata que o sacou un medio de comunicación nacional –porque vostede tiña prohibidas algunhas imaxes na Televisión de Galicia, na televisión que pagamos todos, con dolor de corazón, por certo, señor presidente– non había enterramento de Mesía. Houbo enterramento de Mesía a

partir de que os medios de comunicación nacionais o sacaron, señor presidente, pero vostedes xa o levaran a cabo.

E aquí pasou exactamente igual, a vostede falloulle o seu control mediático, porque a súa intención era dicir que non había marea, que non había problemas. Ata que os cidadáns pisaron no chapapote, señor presidente, vostede e o seu exercicio de control mediatico, absolutamente antidemocrático, foi o que exerceu todo iso. Polo tanto, ¿que se lle descubriu a vostede?, ¿que se lle vai descubrindo, curiosamente, ó final do seu ciclo político? A súa gran mentira, iso é o que se lle vai descubrindo, señor presidente; vaise destapando por fin a gran mentira do mito Fraga Iribarne en Galicia.

Falou vostede aquí hoxe con absoluta *desfachatez*... Eu imaxínome que os cidadáns e as cidadás do norte de Lugo deben estar indignados porque, cando o señor Fraga Iribarne chega ó Goberno de Galicia, tiña o señor conselleiro de Política Territorial un estudio económico sobre o impacto ambiental do corredor do Cantábrico. Hai doce anos, señor presidente da Xunta. E vostede anuncia hoxe aquí a *bombo y platillo* –por certo, o mesmo que levan anunciando vostede e o seu Goberno desde hai cinco anos–, que se inicia a licitación do primeiro tramo desde Ribadeo. Pero, ¡deixen de anuncialo! ¡Licíteno xa! Vostede, señor presidente da Xunta de Galicia, leva máis de dous anos –vostede e todo o seu equipo de Goberno e algúns medios de comunicación– intentando convencernos de que temos xa tren de alta velocidade a Galicia, na Televisión de Galicia hai xa anos que o temos. Señor presidente, acaba vostede de recoñece-la gran mentira hai poucos días: temos tren de alta velocidade menos 700.000 millóns de pesetas, que son os que fan falta para que teñamos un tren de alta velocidade similar ó que vai a Andalucía, Cataluña ou está previsto para o País Valenciano. Esa é a gran mentira, señor presidente, da que vostede nos tentou convencer a tódolos galegos a través dos medios de comunicación, fundamentalmente públicos. E é verdade que algúns galegos de boa fe o creron.

Di vostede que manda a Lugo unha magnífica conselleira. Debería dicir que a quen vai destituír dixo que no mes de xaneiro, se o seu goberno chega alí, é a conselleira que ten os peores datos en materia de emprego de tódalas comunidades autónomas de España. Esa é a conselleira que vai destituír vostede. Di tamén que manda unha magnífica conselleira para Vigo. ¿Sabe vostede que hoxe en día, un ano despois das eleccións, non temos aínda Consellería de Servicios Sociais? O único que temos é conselleira para que vostede lle dera unha plataforma para presentarse á Alcaldía de Vigo. Non temos ningunha outra cousa. E esa é a razón, señor presidente da Xunta de Galicia, pola que Galicia hoxe en día ten o sistema de protección social máis feble de toda Europa. Sófreno os cidadáns e as cidadás deste país. E vostede di que manda para Vigo unha gran conselleira. Vostede mandará para Vigo o que queira, pero unha conselleira de Servicios Sociais preocupada por corrixi-los desequilibrios que temos neste nivel de servicios no noso país desde logo que non, señor presidente, de ningún xeito.

Remato dicíndolles, señoras e señores do Partido Popular, que non soamente o señor Touriño deu aquí razóns sobradas para esta moción de censura, razóns sobradas para que neste país se celebren eleccións –da súa responsabilidade depende, señor presidente–, senón que ó final demostrou tamén vostede, co seu discurso, que neste país fan falta eleccións. Non sei quén o demostrou máis, se vostede ou o señor Touriño, pero en calquera caso os dous teñen razón. Neste país fai falta que vostede convoque eleccións.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Rego.

Ten a palabra o señor Suárez Canal, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, señoras e señores deputados, o problema do que nós hoxe estamos a falar non está só aquí, está fóra nas nosas costas, no noso mar, no noso ecosistema e, por desgracia, seguramente vai estar por moito tempo. No día de hoxe, a nosa principal preocupación, o noso corazón, o noso sentimento, as nosas enerxías e as nosas propostas diríxense, como desde o inicio do problema, fundamentalmente a minimizar as consecuencias da catástrofe, a que se atenda convenientemente con dilixencia a todos os afectados; diríxense tamén a traballar e sentar as bases para unha recuperación do ecosistema danado nos aspectos nos que o dano non sexa irreversible. E, desde logo, diríxense a colaborar, contribuír e participar coa sociedade galega para que esta vez si, sen *palabrería* barata e promesas conxunturais, se senten as bases para que non se volva repetir un suceso destas características.

Neste acto parlamentario, non determinado directamente no día da súa celebración polo BNG, queremos participar reprobando o presidente da Xunta basicamente por dous motivos:

Primeiro, pola necesidade de que, dunha vez por todas, nas máximas institucións de Goberno de Galiza se teña unha actitude de dignidade colectiva como a que está exteriorizando unha parte importante da nosa sociedade, da que nós nos sentimos orgullosos, e que non se siga consentindo un trato das institucións do Estado coma o recibido na xestión da catástrofe.

E, en segundo lugar, porque se debe adoptar unha actitude decidida e contundente –e non o fixo así o presidente– de defender o propio para garantir unha actuación que atenda os afectados, faga o necesario para minimizar o efecto da catástrofe e, de xeito efectivo, faga posible o "nunca máis" que resoa en todo o país.

Precisamente, o comportamento do presidente da Xunta evidencia unha carencia de iniciativa, reflexos, sensibilidade e actitude, nesas dúas vertentes: a de reclamar un trato de dignidade colectiva para Galiza e a de non dar a cara na dirección da xestión do problema contribuíndo, xa que logo, a incrementar notablemente as súas consecuencias.

Existen responsabilidades políticas no ocorrido e na magnitude que acadou. Nós pedimos no seu día dimisións, non só do presidente da Xunta, senón tamén de responsábeis do Goberno central. Pensamos que é o mínimo. E neste acto, en que se debate a censura á Xunta e ao seu presidente, o BNG participa coa súa posición considerando que o comportamento do presidente é reprobábel e dunha gravidade extrema como para permitir que continúe nas responsabilidades que ostenta. A pesar dos intentos desaforados do Goberno, a ninguén se lle oculta a estas alturas que seguimos, despois dun mes, sen ver o final dunha situación de emerxencia nacional provocada por un accidente, iso si, pero tamén pola neglixente actuación dos máximos responsábeis da Xunta e do Goberno central. Os resultados das súas accións ou omisións son dunha enorme gravidade e, xa que logo, o seu cesamento nos postos que ocupan é unha necesidade democrática porque non convén esquecer que as consecuencias do acontecido son dunhas proporcións xigantescas para Galiza.

Aínda pendentes de que chegue o final do túnel e de que se poida facer unha avaliación completa dos danos da catástrofe, hoxe por desgracia xa podemos dicir: máis de 300.000 persoas verán afectado notabelmente o seu medio de vida, directa ou indirectamente. Nuns casos de forma total e por varios meses e anos, e noutros de xeito parcial. Practicamente con distintos graos de afectación, todo o litoral galego –a día de hoxe fálase de 900 quilómetros de costa–, un dos ecosistemas máis singulares e ricos do mundo, está seriamente tocado nalgúns aspectos de xeito irreversible, un dos pulmóns que inxecta osíxeno na economía e na sociedade galega, e en que se asenta unha importante dimensión da nosa economía productiva, presenta na actualidade unha radiografía negra nunha proporción moi alta, é dicir, as consecuencias directas deixaranse sentir en toda a sociedade e economía galegas.

Se no seu día as consecuencias do *Exxon Valdez* en Alaska se cuantificaron, en cifras económicas, en 3.500 millóns de euros –moito máis de medio billón de pesetas–, xa se fala de que, aínda se rematar, as do *Prestige* poden ser superiores.

Así pois, temos claro o enorme impacto do acontecido, e somos conscientes, porque vemos a xente que sofre, de que estamos a darlle forma de cuantificación económica á magnitude da traxedia, aínda que temos presente que as perspectivas vitais, sociais e do ecosistema afectado en moitos casos son irreparábeis. E, fronte a iso, a reacción do país. Xunto a esa magnitude do desastre queremos poñer de manifesto un dato que para nós é un síntoma de esperanza e perspectiva de futuro: a reacción de dignidade colectiva dun pobo, da sociedade, dos mariñeiros e das xentes do mar, dos voluntarios, de moitas autoridades locais, de multitude de agrupacións e organizacións de distinto tipo que evidenciaron que hai vontade de sobrepoñerse á catástrofe. E cando un pobo ten vontade de construír o seu futuro é moi difícil de parar.

O ocorrido non é producto da casualidade. Diciámoslle o día pasado, señor Fraga, que ante un accidente destas características, se a impotencia social se transforma en indignación e rabia, é porque se ten a percepción e a certeza de que ese acontecemento e as súas tráxicas consecuencias non foron inevitábeis, non foron producto da casualidade, dos temporais ou de circunstancias azarosas; todas elas influíron certamente no desastre, pero tamén influíu a carencia de

escrúpulos en transnacionais petroleiras que só miran os seus especulativos intereses e beneficios, e non cómo se conseguen. E tamén hai responsabilidades de organismos internacionais e de carácter político e de control que se pregan aos intereses desas empresas. Pero neste asunto sobre todo hai responsabilidades políticas. Como lle dixemos e lle dixo o noso portavoz hoxe pola mañá, seguramente hai piratas do século XX, do século XXI, e cómplices deles; pero hai gobernantes que coa súa acción ou omisión son tamén responsábeis da catástrofe, do seu alcance e das súas manifestacións máis dramáticas pola súa neglixente e irresponsable actuación. Como lles diciamos, a culpa non é das estrelas, como dicía Xulio César no drama de Shakespeare. Existen responsabilidades no plano político e apuntan, entre outros, ao máximo responsábel da Xunta e a membros do Goberno central. A responsabilidade non é dos elementos, se excluímos deles a algúns gobernantes. Existiu neglixencia e desprezo para o noso país antes, durante e despois da catástrofe. Neglixencia antes: a pesar de ter Galiza unha contundente estatística que pon ao descuberto que se non se modificaban as circunstancias, antes ou despois ocorrería un desastre similar, non se adoptaron as medidas preventivas para evitalo e non se dispuxeron os medios para combatelo en caso de que se producira. Xa se dixo aquí: dos 11 accidentes máis graves sucedidos en Europa, incluído este, 7 producíronse nas costas galegas. Uns 13.000 buques ao ano, é dicir, aproximadamente 36 ao día –deles catro petroleiros– transitan polo dispositivo de separación do tráfico marítimo de Fisterra con mercadorías perigosas. As características deses buques, por antigüidade e por calidade, convértenos nun perigo polas mercadorías que levan, e por transitar por unha zona na que cento nove días ao ano hai intensidade de vento forza 8, é dicir, temporal. E incluímos entre eses buques os 27 petroleiros españois, contando os 8 que teñen bandeira de conveniencia. Deses 27 petroleiros, só 4 teñen dobre casco. Con eses datos, e sen necesidade de agardar o cumprimento da lei estatística dos grandes números, teriamos que concluír que antes ou despois se produciría a catástrofe. E os medios e medidas, como quedou en evidencia, son ridículos para protexer 1.200 quilómetros de costa, 19 rías e 127 portos. Non había nin barcos anticontaminación, nin barreiras, nin cobertura radar para todo o litoral –e si zonas de sombra radioeléctrica na frecuencia utilizada polos buques en caso de emerxencia–, nin seguimento do tráfico marítimo vía satélite, nin remolcadores con potencia suficiente, nin barcos para o traslado de cru, nin mecanismos e balizas para o seguimento das manchas. E así seguido. Con ese cadro, as circunstancias estaban servidas, señoras e señores deputados, para que a soberbia, a neglixencia dalgúns gobernantes, xunto cun papel estructural totalmente subalterno de Galiza na política do Estado e a complicidade desde a Xunta con esa situación, se encargara de facer o resto para incrementar o rostro dramático da traxedia.

Galiza, zona que este Parlamento determinou como altamente dependente da pesca, non ten peso político nin vontade nos seus órganos de Goberno para corrixir ese cadro. A Administración española, ou mellor dito, as administracións españolas, porque foron de distinta cor política ao longo do tempo, tiveron escasísima preocupación polo sector pesqueiro galego; nin sequera se aceptou referendar recentemente no Parlamento do Estado a zona dependente de pesca que votamos en Galiza. Novamente tivemos que padecer ese comportamento esquizofrénico de voto, frecuente nos partidos de actuación estatal e de ámbito estatal, de votar unha cousa no Parlamento galego e outra distinta no Parlamento do Estado.

Non hai medios acaídos, ningún protocolo de actuación e ningún plan de emerxencia en caso de catástrofes como quedou meridianamente claro. E resulta patética a utilización por parte do Goberno central e da Xunta da catástrofe do *Mar Exeo*, producida con outra Administración no Estado, é certo, para comparativamente intentar *escabullir* o vulto e xustificar o seu proceder agora.

Realmente nese tema deberían vostedes estar ben caladiños. É certo que o *Mar Exeo* ocorreu en 1992 e con outro Goberno no Estado, o que evidencia ata qué punto os problemas de Galiza son estructurais e hai que resolvelos con compromisos e comportamentos en clave de país. Isto debería ter motivado xa entón unha actitude no Executivo galego para tentar corrixir os déficits estructurais que padecemos na protección das nosas costas e no rango político e competencial; pero é que, ademais, a ninguén se lle oculta, señor Fraga, que vostede xa era presidente da Xunta no ano 1992. E, por certo, se un repasa as hemerotecas, comprobará que, en canto a declaracións, a actitude foi moi similar á que se produciu inicialmente nesta ocasión ata que a sociedade e o pobo, xunto con algunhas forzas políticas e sociais, obrigaron a modificar o comportamento, a indolencia, cómplice do señor Fraga cunha actitude displicente por parte das admi-

nistracións do Estado, que despois do acontecido no *Mar Exeo* –do que, por certo, aínda hoxe non se percibiron totalmente nin sequera unhas escasísimas axudas– ten hoxe unha contundencia culposa.

As propostas de carácter preventivo, reiteradas ao longo deste anos en distintas institucións, mesmo con iniciativas nos orzamentos feitas polo BNG, caeron practicamente sempre en saco roto. Dános pena comprobar hoxe que tivese que acontecer este desastre para comprobar que algunhas das propostas que estamos aprobando estes días, e que todos vemos necesarias para prever e combater este tipo de acontecementos, non mereceran a atención dos gobernos cando foron suxeridas no pasado.

Agora si que ven a necesidade da Axencia Europea de Seguridade Marítima, agora si que ven a necesidade da separación do corredor, agora si que ven a necesidade de contar con medios de todo tipo, agora si que ven a necesidade de remolcadores acaídos, agora si que ven a necesidade dun plan de protección das nosas rías. Estas e outras moitas iniciativas foron rexeitadas e ridiculizadas cando se propuxeron en sede parlamentaria, e agora apúntanse todos a elas como a un cravo ardendo.

Non remexan no *Mar Exeo*. Evidencia que os problemas de Galicia son estructurais e que debemos de asumir unha actitude decidida para modificalos, pero evidencia de xeito meridiano o que lle diciamos o outro día, que así como se di que o home é o único animal que tropeza dúas veces na mesma pedra, o señor Fraga será seguramente o único presidente dun país que tropeza dúas veces na marea negra. E cando se produce a segunda, a pesar do tempo transcorrido, ten menos medios e medidas para combatela, e a súa xestión produce unhas consecuencias que van ser enormemente superiores ás da primeira. E, aínda por riba, na segunda adopta unha actitude escapista, chegando mesmo á frivolidade, e consente e faise cómplice dun trato autocompracente indigno da Administración do Estado.

A neglixencia produciuse durante a xestión da catástrofe. Unha vez producido o accidente, e a pesar de quedar claro para todo o mundo que se trataba dun problema de emerxencia nacional, a resposta foi rutineira. Aplicaron non o operativo para catástrofes desta magnitude -que non existía-, senón o operativo político de rutina: opacar a realidade e controlar os medios públicos para dicir que non pasaba nada; esconder e escapar a maioría dos responsábeis políticos da Administración galega e española, poñendo á fronte o delegado do Goberno; minimizar e frivolizar o problema, e, coherentemente con iso, non activar ningún dispositivo de prevención tentando ocultar así a magnitude da catástrofe; non activar ningún gabinete nin ningún operativo político que lle puidese facer fronte á coordinación e dirección das actuacións; a actitude soberbia de non aceptar nin reclamar ningunha axuda para que non quedasen en evidencia as vergonzas das carencias dos medios e medidas en Galiza e no resto do Estado; buscar chibos expiatorios fóra, non coa intención de dirimir outras responsabilidades directas que poidan existir, senón para poñer unha pantalla mediática para tapar as súas responsabilidades propias; faltar reiteradamente á verdade -a necesidade de recorrer a medios portugueses ou franceses para aclarar a verdade dos acontecementos foi unha constante-. E podiamos lembrar algunhas desas falsidades, pero penso que é innecesario. O catálogo de enganos, desinformación e despropósitos ten difícil superación.

En definitiva, perdeuse un tempo precioso e, o que é máis grave, as decisións que se adoptaron responderon a esta concepción rutina do tratamento político do problema. Durante oito días, o responsable político á fronte foi o señor De Mesa, evidenciando a ausencia clamorosa do presidente e da Xunta e o rango que a un problema galego de emerxencia nacional se lle daba no Estado.

Durante os primeiros días da catástrofe, todos os datos indican que, a pesar de que vostedes falan de informes técnicos para xustificar as súas decisións, estes non existían. Por certo, non nos din de quén, e agora acaban de crear unha comisión de técnicos que pon en evidencia que antes non existía, e que non conta practicamente con ningún técnico das universidades galegas. Ese comité de técnicos ao que vostedes pretenderon derivar as responsabilidades das decisións non podemos hoxe responsabilizalo politicamente. Todo apunta a que, en realidade, a variable de máis peso nas decisións adoptadas foi a política e, como dixemos antes, coa mesma filosofía política de fondo de sempre: somerxer o barco e tentar somerxer mediaticamente o problema como un asunto calquera máis. O que ocorre é que o problema non era como os de sempre, e a realidade virtual e inventada desde o poder non puido tapar a contundencia dos datos.

Responderon con rutina, neglixencia e soberbia a unha situación que requiría de todo menos diso; non tiñan operativo; a comisión interministerial creouse oito días despois, non trataron no Parlamento galego o asunto; o presidente e outros responsables políticos estiveron desaparecidos; a Xunta crea un gabinete de crise quince días despois do suceso e forzada por un clamor social imparábel; adóptase un comportamento frívolo, con dedicación a actividades que mesmo raian no insulto a unha sociedade que está a sufrir; provócase o caos ao non prever ningún dispositivo para dotar de medios e coordinación os mariñeiros e voluntarios que tentaban parar cos seus recursos, a súa vontade e as súas mans o avance da marea. A cantidade de interrogantes que hoxe nos formulamos a maioría dos cidadáns seguramente só teñen unha resposta coherente en lóxica política: o caos, a descoordinación, a falla de planificación. A magnitude do desastre está en relación directa coa neglixente irresponsabilidade dos que, tendo que poñerse á fronte do asunto, declinaron facelo, non defenderon Galiza. Unha vez coas consecuencias enriba, empeñáronse no erro, na actitude displicente, na falla de sensibilidade. "Todo vai ben", "todo como a seda", "estamos actuando correctamente", foron algunhas das lindezas que se escoitaban mentres a xente sufría, adubiado todo cun comportamento mesquiño para tentar comprar o silencio e exercer o control sobre os afectados, como a nota enviada a algunhas confrarías das rías baixas, ligando de forma implícita, pero moi evidente, case como unha relación causa-efecto, que o seu bo comportamento estaría vinculado ás axudas que se recibirían; ou como a orde inicial da consellería, seguramente para asegurar comer o turrón, propoñendo axudas só por un mes, que tiveron que emendar despois, pero novamente de xeito insuficiente; ou como un decreto *cicatero* do Estado que nin sequera recolle as decisións adoptadas en sede parlamentaria, todo o cal descobre esa mesma actitude de sempre de tentar calar as conciencias. Funcionaron e seguen a funcionar nas decisións das axudas, nas persoas, actividades e tempo que se debe cubrir nos medios e operativos para combater a catástrofe, sempre ao rebufo da sociedade cando o clamor social era imparábel, pero tamén cando o caos e as consecuencias estaban, e están, en proporcións monumentais.

Deixaron o país e o seu ecosistema máis senlleiro, as súas xentes e o seu medio de vida a mercé dos elementos. E xa saben aquilo que se lle atribuía a Séneca: "Aos que non saben a ónde ir nunca o vento lles sopra a favor". Vostedes non sabían ónde ir e só estaban preocupados individualmente de cómo non saír salpicados. Resultado: seguramente nin feito adrede se podería pensar un resultado peor da xestión da catástrofe. Se cun só barco con problemas no litoral galego e aínda contando coa carga que levaba, un se pon a pensar hipoteticamente cál sería o peor dos escenarios que se podería producir, seguramente non se debuxaría un panorama tan negro como o que se está a dar.

Novamente a realidade supera con diferencia as hipóteses máis negativas, e iso require, señor Fraga, asumir responsabilidades políticas. O resultado produce auténtica conmoción. Todo o litoral afectado, a economía do país, recibiu un torpedo na liña de flotación; un ecosistema único no mundo con danos irreparábeis na súa estructura. Non unha marea negra senón varias, imos pola terceira e non vemos o final do túnel, ¡outras virán! Un barco chorreando fuel non sabemos por cánto tempo. E todo –insistimos– co vertido dun só barco. Seguramente á historia pasarán vostedes con algúns tristes récords, como o de ser capaces, cunha xestión neglixente, de producir para o futuro un resultado tan inquietante coma desolador. Seguramente é a catástrofe de maior impacto polo vertido dun só barco non na historia de Galiza, seguramente na historia da humanidade.

Lembre o que lle dicía o día pasado, señor Fraga: o litoral é galego, os mariñeiros, mariscadoras e mariscadores e todas as persoas afectadas directa ou indirectamente son galegos; as empresas e persoas de economía inducida son galegas; o ecosistema é galego, señor Fraga; a sociedade e a economía afectada en xeral é galega. E ante isto as preguntas que hai que facerse: ¿E a Xunta é de Galiza? ¿O presidente da Xunta exerce como presidente galego, exerceu como presidente do país? Aínda máis, ¿ten Galiza un trato digno politicamente no Estado? Nós afirmamos que non, e lamentamos telo que dicir. Os datos corroboran a nosa afirmación, e dicimos que o lamentamos pero temos que dicilo, porque nos gustaría ternos equivocado.

O papel do presidente, do que propoñemos a súa reprobación política, foi declinar a súa responsabilidade. O Estatuto de autonomía establece no seu artigo 1.2 que a primeira obriga do presidente da Xunta é defender os intereses de Galiza, e se esa disposición tería que ser suficiente para afrontar o liderado de combate á catástrofe e ás súas consecuencias, nin sequera a válvula de escape de carecer de com-

petencias que utilizou é xustificación. É certo que o tráfico marítimo e algunhas outras son competencia estatal, e por iso nós dicimos que as responsabilidades están tamén no Goberno central. Pero o noso país ten algunhas competencias en litoral, pesca de baixura, marisqueo, medio ambiente mariño, portos e seguridade marítima que serían suficientes para que un presidente convencido do seu cargo, en sintonía co seu país, se puxese á fronte da coordinación e da dirección do asunto. Escapou da súa responsabilidade, tivo un comportamento frívolo e evidenciou falta de sensibilidade co seu pobo cando xa o drama era moi evidente e palpábel, e empeñábase en minimizalo, dicía que todo ía coma a seda.

Traizoou o seu país, señor Fraga, traizoou o seu pobo. E xa ve como llo pagan os seus compañeiros de Madrid na directiva de onte do Partido Popular, apláudenlle a Rajoy e silénciano a vostede. Lembre o de "Roma non paga traidores". E dicímoslle a verdade. Non sabemos cál das dúas hipóteses sobre o seu comportamento é peor para o presidente, a que evidencian os feitos ou a que teimosamente se empeñan en distribuír os responsábeis do Partido Popular. Segundo os feitos, o señor Fraga declinou as súas responsabilidades, non existiu como responsábel político, evidenciando que o seu peso para defender Galiza como home de Estado é nulo ou non se utiliza porque seguramente "España é o único importante". Respondeu con rutina, deixando nas mans do delegado do Goberno a xestión da crise. Non dispuxo dos efectivos e medios do seu Goberno como a situación de emerxencia requiría, e tivo o comportamento frívolo de ausentarse do país e dedicarse a actividades de difícil explicación cando o país, e moitas das súas xentes, estaban vivindo unha situación de emerxencia. Segundo a versión oficial, o señor Fraga, que non apareceu por ningures, estivo coordinando a situación en contacto coa Administración do Estado e ao pé do canón. No primeiro caso a súa reprobación sería por non exercer as súas responsabilidades como presidente e converterse –como xa lle dixen– nun prófugo da marea negra, deixando o país sen dirección e a mercé duns elementos nos que politicamente Galiza non conta. No segundo caso, a súa reprobación sería por incompetencia, incapacidade e neglixencia, cunha xestión nefasta nos seus resultados.

Matinen vostedes qué ocorrería se unha catástrofe similar se producise nalgún outro dos territorios do Estado español. Todos temos claro que nin a actuación do presidente sería a do ausente señor Fraga nin a da Administración do Estado sería tan desconsiderada, displicente e pouco efectiva. Galiza foi tratada con política de reserva, insultando a nosa dignidade colectiva. O Goberno central deu por feito que os problemas, por moi relevantes que sexan para Galiza, non o son para o Estado, que ademais conta aquí non cun poder político que exerza como tal senón con dúas delegacións do Goberno, unha delas exercida polo señor Fraga.

Niso estamos hoxe: un pobo que loita contra a catástrofe e que claramente expresa a súa decisión de que "nunca máis" se repita o acontecido, e uns gobernantes que se aferran a seguir disfrazando a realidade do ocorrido e non aceptan responsabilidades. As primeiras palabras falando de posíbeis equivocacións e erros prodúcense cando o clamor social é enxordecedor e a evidencia palmaria. Pero nin sequera nesta situación están dispostos a modificar o seu comportamento. O presidente Aznar dicía seica: "O Exército estivo aquí desde o primeiro día". Seguramente camuflado de negro, por iso non o percibimos. Hoxe en día o que si podemos dicir é que resulta difícil pensar que se poida facer peor. Ante unhas consecuencias de tal gravidade, producto da xestión irresponsábel e neglixente, a cuestión non é situarse no plano moral e individual do perdón, que nese terreo nós podemos entendelo, senón no plano político e democrático, e nese terreo o que cabe é a reprobación. Entre outras cousas, porque vostedes evidenciaron que non están capacitados nin teñen vontade para xestionar o futuro e as decisións que lles fan falta ás nosas xentes, ao noso pobo e ao noso ecosistema. Iniciativas que hai que adoptar xa no día de hoxe e que son a nosa principal preocupación.

Non están capacitados, entre outras cousas, porque carecen da máis mínima credibilidade para unha sociedade que aínda seguen empeñados en enganar e manipular. Non están capacitados, en segundo lugar, porque non manifestan a máis mínima convicción na corrección dos comportamentos e van a remolque das iniciativas da sociedade e da oposición. As decisións que se adoptan son producto da presión social e cidadá e hai que ir arrancándollas a contagotas e con ordes e decretos que teñen que parchear a continuación porque os iniciais non son suficientes por *cicatería*. Non cren, pois, na necesidade de afrontar o problema coas decisións que fan falla, sobre todo, para ofrecerlle á cidadanía o vínculo co

país e co seu medio de vida e impedir a emigración e a renuncia a reconstruír o futuro. É esa a nosa principal preocupación, que as nosas xentes do mar poidan ter asegurado no seu futuro o seu medio de vida, seguindo traballando no mesmo que están a facer hoxe.

Vostedes só están preocupados, especialmente no nivel mediático, en cómo saír da confusión monumental que mesmo contribuíron a crear de xeito determinante. E, por fin, están incapacitados para afrontar o futuro porque seguen instalados na soberbia, na falla dunha asunción mínima de autocrítica. As referencias aos posíbeis erros –aínda hoxe seguen dicindo "posibles erros"– son vergonzantes e forzadas pola demanda social.

Nós queremos hoxe aquí –e vou rematar– coller un compromiso coa nosa xente, transmitirlle esperanza. Nós confiamos no noso pobo e estamos convencidos de que, alén do que estea ocorrendo hoxe, sairemos deste túnel. Cambiaremos a dirección política e traballaremos para impulsar accións políticas nas cinco direccións que se veñen reclamando hoxe en día como un clamor popular enxordecedor por toda a cidadanía galega.

Queremos que se actúe decididamente para combater a marea, proporcionar medios, coordinar un dispositivo e asegurar as decisións para afrontar o final do túnel.

Queremos, en segundo lugar, axudas reais e efectivas para atender a todas as persoas e economías afectadas, directa ou indirectamente, para permitirlles manter un nivel de vida digno. Nese sentido, reclamamos que non só se consiga a flexibilización dos fondos europeos senón o seu incremento, e que os fondos que ten concibidos o Estado para catástrofes se dediquen xa, no día de hoxe, a esta catástrofe, que é monumental para o noso país.

Queremos un plan efectivo de recuperación do ecosistema que poña en valor, no máis breve prazo posíbel, ese ecosistema e lles garanta o medio de vida ás persoas que viven del e que poidan reintegrarse a ese medio de traballo.

Queremos tamén unha perspectiva política que modifique o papel estructural que Galiza cumpre no Estado e que se traduce en capacidade real, política e competencial de protexer as nosas costas.

E, por fin, queremos asegurar todas as decisións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SUÁREZ CANAL:... –e remato, señor presidente– e as iniciativas políticas para que non volvamos vivir este drama social, humano, ecolóxico e político.

Señoras e señores deputados, señor presidente da Xunta, o futuro precisa decisión, convicción e crer no país. A dignidade colectiva dun pobo está ferida, pero nesta ocasión, como pretendían desde o Estado coa complicidade dalgúns gobernantes de aquí, non dixemos que o que caía por nós era auga senón fuel, e engadimos, ademais, que nunca máis toleraremos un trato similar do poder político galego e do Estado. Esa, desde logo, é unha perspectiva esperanzadora para o futuro pola que nós traballaremos.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Suárez Canal.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Pita Varela.

O señor PITA VARELA: Señor presidente, señorías.

Xa me gustaría saber, señor Suárez Canal, cómo ía facer para que nós non puideramos gobernar, que é o reto que vostede acaba de lanzar aquí. ¿Que pretende, conculca-lo dereito democrático do pobo galego, que elixiu ó presidente Fraga e ós que estamos nesta banda? ¿Que pretende vostede? Dígao aquí. ¿Que pretende? ¿Cal foi a ameaza que lanzou agora aquí antes de saír deste púlpito? Pense o que di, que aquí non é o foro da algarada da rúa, onde están vostedes acostumados a manipular, como fan permanentemente nas súas mensaxes. Este é un foro democrático de participación, no que se toman decisións por maioría, como en tódalas democracias do mundo, nas que nós cremos, non vostedes, que as usan e as manipulan. O seu pensamento non é democrático, incluso obrigaron o seu líder a dici-lo contrario do que pensaba en poucos días, impoñendo o criterio dos que non son democrátas dentro do Bloque Nacionalista Galego. Un pouco de respecto neste foro.

Aceptamos tódalas críticas, non os desafíos, e menos as ameazas. Coincidimos en dous aspectos. Sseñor Suárez Canal, claro que confiamos no noso pobo, pero hai unha diferencia, que o noso pobo confía tamén en nós, non en vostedes. Facendo ruído, si, teñen mellor orquestra vostedes ca nós, no resto non. E queremos tamén que "nunca máis" se produza unha desgracia como a que se produciu. Pero facémolo respectando as estructuras do poder, facémolo respectando acordos, modificándoos, loitando contra aquilo no que non estamos de acordo e non se amaña. Desde logo, utilizamos métodos moi diferentes, non poñéndolle atrancos ó poder, non inventando mocións como as que presentan hoxe vostedes aquí, nas cales ¿que fixeron? Criticar a tódolos demais. ¿Non lles gusta que goberne o Partido Popular? ¿Non lles gusta o presidente Fraga? Sabémolo desde o ano 1989. Vostedes, actúan insolidariamente, co Partido Socialista cómplice nesta ocasión; mellor dito, sendo vostedes cómplices do Partido Socialista, curiosamente presentando aquí unha moción insolidaria. ¿En contra de que? ¿Cales foron os seus argumentos neste foro? Desafíos, retos, ¿de que? Das algaradas. ¿Que van botar, as barricadas contra nós? Ese é o sistema, en canto teñen ocasión descobren non unha pel de lobo, porque vostedes non a teñen nin de lobo; imos chamarlle de raposo do país, que é a que teñen vostedes. O gholpe, que lle din. ¿Onde teñen vostedes o espírito democrático para traballar arreo con quen aquí ten a responsabilidade de gobernar para solucionar un problema? Só lles faltou dicir que o barco era noso, que o barco era da Xunta de Galicia. Só lles faltou dicir iso. Non teñen vergoña política.

Señor Rego, ¡menos mal que nos querían axudar! Non nos fai falla. Se cando lles estendémo-la man non a apañaron, agora non nos fai falla, xa lle direi por qué. Eu non veño aquí falar das súas liortas internas, iso déixoo para as súas *comidillas*, cando se sente vostede no sofá ou na mesa *camilla*. Nós temos que traballar, non adicarnos a iso. Pero quero recordarlles, por riba, que non había, pero que desde xuño deste ano –señor Suárez Canal, vostede que presume de estar informado e non o está– hai un Plan nacional de servicios especiais de salvamento da vida humana no mar e de loita contra a contaminación do medio mariño. Haino, aprobado o 12 de xullo deste ano.

Tamén quería dicirlles a aqueles que falaron aquí do paro, señor Rego, que un socialista neste foro –digo "socialista", xa non digo "galego"–, que vostede fale do paro cando vostedes a principal fábrica que fixeron durante catorce anos en España e en Galicia foi a de parados: tres millóns... Hoxe non estamos satisfeitos, por descontado, pero están reducidos á metade dos que tiñan vostedes –e en Galicia, aínda recentemente co dato do paro por debaixo da media do Estado–, e que veña vostede aquí falar do paro... Hai que ter pouca vergoña, ¡moi pouca vergoña! Teña o respecto, polo menos, de recordar que vostedes gobernaron durante catorce anos en España e que nos deixaron a cero nas arcas do Estado e nos recursos do Estado, e quen máis o pagou foron as comunidades menos desenvolvidas, as moitas que gobernaban vostedes e Galicia, que foi a gran marxinada do Goberno socialista, do cal falaremos dentro dun momento cando falemos do señor que hoxe vén aquí de candidato sen programa, copiando unha vez máis o programa do Partido Popular e as medidas do Partido Popular. *(Risos.)*

Levan anos facéndoo –ría–, vostedes non teñen programa. Por exemplo, no tema da seguridade do mar, eu rétoo a que saian aquí e que citen no seu programa ónde figuraba unha soa medida respecto do que estamos hoxe a falar. Veñan aquí co programa, rétoos ante este foro, ante a opinión pública, ante tódolos galegos. Sáqueno, a ver se o teñen, e retiro as palabras que acabo de dicir. ¿Non o teñen?

Por outra banda, señor Suárez Canal –o rei do catastrofismo, xa hai bastante, pero vostede aínda lle puxo un pouco máis–, voulle dicir que en canto á carencia de medios aquí non hai nada. Mire, será noutra parte, non nesta. Seguramente que fan falla máis –e aquí se dixo, non hai ningún triunfalismo– e claro que hai erros e fallos e carencias, pero vostede veu aquí dicir que outros os tiñan e nós non. Mire, falaron estes días dos barcos, dos remolcadores, do material que había. Ningunha comunidade marítima do Estado, das que temos, ten a metade dos recursos que temos nós. Aquí ninguén di quén salvou a xente que estaba no barco o primeiro día. Saíron voando todos, ¡pero nos helicópteros que ten a Xunta de Galicia!, ¿entende? Nos helicópteros... que non había. Pero como os mariñeiros dese barco levamos rescatado centos dentro dese mar bravío e tremendo que temos no noso litoral. E dos barcos que viñeron, ¿que din?: ¡miren qué teñen noutros países! Menos dous, son todos privados, ¡todos! O mesmo que fan vostedes, que defenden o sector público pero que, cando

teñen ocasión e collen a oportunidade, privatizan todo: 200 privatizacións no Concello de Vigo, onde comparten o desastre de goberno co Partido Socialista.

Vostede hai un anaco fixo unhas declaracións públicas que eu quero que –como vai ter outra intervención, curta, pero vaina ter– saia e diga aquí o que dixo hai un anaco nos medios de comunicación. Recoñece que este non é o mellor momento para presenta-la moción e despois apostila para xustificala, e dío porque lle remorde a conciencia, porque non a ían presentar, porque forzaron algo co que non estaban de acordo e do que falaremos dentro dun momento. Pero di: "O BNG non puxo a data". O BNG, como o Partido Socialista, si puxo a data, porque vostedes saben que desde o momento en que se presenta unha moción hai un número determinado de días. O propio Regulamento di que debe ter lugar canto antes. Consecuentemente, os que poñen a data son vostedes, porque se vostedes a presentan máis tarde, máis tarde ten lugar. Polo tanto, é falso o que di en canto á data da moción. Si que recoñece que non era o momento; daquela ¿por que a presentaron? Explíqueo aquí o mesmo que o di publicamente e o recollen os teletipos neste momento e o recollerán –supoño– os medios que o queiran recoller, loxicamente.

Señor presidente, ante todo no nome do Grupo Parlamentario Popular quero manifesta-lo noso apoio á acción permanente do Goberno de Galicia, con erros, con dificultades, con atrancos, pero dificilmente mellorable. É moi doado falar desde a oposición cando non gobernan. Remitámonos a cándo o fixeron e a ónde o están facendo neste momento. ¿Cal é a diferencia? Pois é moi sinxela, a nós cada vez bótannos máis. ¿Por que razón o pobo galego por cuarta vez consecutiva apoiou o presidente Fraga? ¿Por que razón a vostedes lles retiran a confianza cada vez máis? ¿Por que será?

Curiosamente, señor Beiras, agradézolle que por primeira vez recoñecera que o pobo galego –en xeral, non soamente o que vota ó Bloque Nacionalista Galego– non é inculto, non é analfabeto, porque resulta –como dixo vostede nalgunha ocasión– que os dous tercios dos votantes do Partido Popular eran analfabetos. Consta no *Diario de Sesións:* se di que non, ten mala memoria. O fósforo xa sabe que, á parte de para incendia-lo chapapote, tamén é moi bo para o cerebro, señor Beiras, recórdollo.

Voulles dicir que considero inxustificables estas mocións que presentaron vostedes aquí. Non teñen ningunha razón, ningunha. O esperpento da acción do Partido Socialista –teñen que perdoar–: primeiro anunciaron unha moción; ós poucos días din "Farémolo no momento adecuado, que non é este"; ós poucos días, vendo cómo se reaccionaba, afervoáronse vendo o clamor na rúa –tanta xente naquela manifestación– e consideraron que era o momento. Presentan a moción, e o señor Touriño –aí está recollido, señor Touriño– di publicamente: "O máis rapidamente posible, esixo que sexa no mes de decembro". Ós poucos días –non falo de liortas internas, pero si dos xefes– din que en Madrid lle dixeron: "¡Que barbaridade! Atráseo". Xa non era posible. Trataron de atrasala, buscaron tódalas fórmulas, o cal demostra que lles interesaba moi pouco cál era a problemática que nese momento tiña a sociedade galega e o problema do desastre do *Prestige*, o que lles interesaba era a estratexia política para, de forma oportunista, de forma *carroñera* –que é como vostedes actuaron–, aproveitarse dunha circunstancia e dunha desgracia colectiva para pretender, á parte do oportunismo político, deteriora-lo Goberno, porque non o van conseguir, sáibano –primeiro numericamente, porque aquí está a maioría e aí a minoría, e saben cál é o carácter constructivo e positivo dunha moción–. Ese é o seu apoio, señor Rego, cando dicía agora que estaban dispostos a apoiar... ¿O que? A ver se nos afundiamos máis co chapapote, ese era o seu obxectivo.

Por outra banda, o Bloque Nacionalista Galego manifesta publicamente a través do seu voceiro que a presentación da moción neste momento era unha irresponsabilidade do Grupo Socialista. Díxoo o señor Beiras, está recollido nos medios. Pero, claro, víronse forzados a ter que presentala, e eu sei, señor Beiras, que vostede non estaba de acordo, pero xa sabe o que acontece: quen manda, manda. E sabe que vostede está en minoría dentro do *Bloco* –como lle chaman vostedes–, e que hai un grupo que se chama a UPG, radical, reaccionario, antidemocrático, que foi o que impuxo o seu criterio e o que fixo que se presentara unha moción moi ó seu pesar. E tivo que adoptar unha actitude e facer hoxe o papelón que lle tocaba –e, por certo voulle dicir unha cousa, defendeuse no que puido–. Felicítoo, porque era un papel moi difícil defende-la súa moción de censura despois de dicir que non tiñan previsto facela, porque un bandazo dese tipo é moito peor que o que parece que describiu o *Prestige* na súa traxectoria. Polo tanto, quería dicirlle que se defendeu dentro do que vostede podía facer.

Por outra banda, quero recordarlles, señores do PSOE, que a maior parte do seu partido –e cando digo o seu partido digo a representación do auténtico poder do seu partido– non estaba de acordo con vostedes. Desde os seus líderes en Madrid..., os grandes líderes, non vostedes, que son mediocres, por iso están onde se atopan... *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* Mediocres, gráveno ben, porque os seus grandes líderes xa ve o que din –e empezo polo máis próximo, o alcalde da Coruña– respecto desta moción; reiteroumo e volveuno reiterar para refregárllelo a vostedes. Díxoo o señor Bono, escribiuno hai poucos días. Por certo, señor Touriño, lea o que escribiu un antigo compañeiro de Goberno seu –vostede como secretario de Estado e el como ministro porque tiña máis categoría que vostede–, o señor Belloch, antigo ministro de don Felipe González; ministro, ademais, de Interior e de Xustiza. Léano, repartan os papeis e lean o que di respecto de D. Manuel, señores, o que lles di o señor Belloch a vostedes, que son a parte silvestre do PSOE nacional. Iso é o que son vostedes. *(Risos.)* Polo tanto, como ven, vostedes tratan de aproveitarse –repito– dunha circunstancia que non ten nada que ver coa situación que temos neste momento. ¡Xa sei que lles doe!

Señor presidente, eu lamento que o señor Cerviño, que é concelleiro en minoría das minorías en Oleiros, estea sempre inquieto; por iso está onde está. *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen.

O señor PITA VARELA: Mire, ata os sindicatos... Non, estou falando dunha moción, vostede aínda non se decatou de que estamos debatendo unha moción. ¡Vostede a ver se se informa, que anda sempre no despiste! Ata os sindicatos –fíxese ben– son moito máis coherentes ca vostedes. Vexan Comisións Obreiras e UGT, os seus sindicatos, desconvocando unha folga, entendendo perfectamente que este non é o momento. Esa é a diferencia: coherencia. Pódena presentar dentro dun mes ou de mes e medio, cando teñamos outro panorama. Neste momento, en lugar de estar aquí, vostedes están impedindo que un goberno estea traballando, que un conselleiro que tería que estar neste momento facendo o traballo que lle corresponde non o faga. Non é o momento, si o momento oportunista que vostedes queren. E vostedes non rectifican, erre que erre na súa moción de censura.

Curiosamente, ademais, prodúcese outro feito único, son dúas mocións. ¡Alá cada quen! Pero resulta que din e declaran publicamente que se van apoia–los uns ós outros. É dicir, que aquí o candidato, co seu proxecto, que presenta o Partido Socialista, vai ser votado polo Partido Socialista e polo do señor Beiras, que é o outro candidato que hai. E ó señor Beiras vano vota-los deputados do Bloque Nacionalista Galego mailos do Partido Socialista. Menos mal que o Regulamento non o permite, porque, se non, teriamos aquí dous presidentes, votados un e outro co mesmo número de votos, porque son 17 escanos. Non se preocupen, non vai pasar, porque, se pasara, incluso o propio Regulamento regula iso. Pero, de verdade, é patético que vostedes se apoien. ¿Por que? ¿Cal é a razón? Defenda cada un o seu programa, non son coincidentes. ¿Como poden facer semellante pantomima diante do pobo galego? Un pouco de respecto, que é o que se debe facer. É absurdo o que pretenden hoxe aquí.

Por outra banda, parece que non lles chegou –non ó Bloque, que non se dea por aludido, pero si ó Partido Socialista– coa felonía de 1987, non lles chegou o castigo do pobo galego, non lles chegou. Queren aínda máis e fan esta representación hoxe aquí. Sigan por ese vieiro, eu penso que debería darlles vergoña presentar aquí esta moción. Debían retirala. Houbo quen comentou, do seu partido, que o mellor que podían facer era retirala, cambiala no tempo e modificala. Penso que se vai volver contra vostedes. A verdade é que en canto teñen ocasión...

Señor presidente, vostede que foi tan xeneroso cando iniciamos esta lexislatura tendéndolle-la man ós grupos da oposición, que o Bloque Nacionalista Galego –mellor dito, o seu líder– tivo un grande entendemento e recolleu o guante, o Partido Socialista amagou, despois quedou polo camiño, pero houbo unha gran xenerosidade porque todo o mundo sabe que o Partido Popular e que o Goberno do presidente Fraga non necesita do apoio das minorías, porque temos, por decisión dos cidadáns, a gran maioría absoluta, a máis importante do Estado, a cuarta consecutiva, o presidente máis votado da historia de España –mal que lles pese–, pero tivo esa xenerosidade. E vostedes, na primeira ocasión que teñen, traban: esa é a reacción que teñen vostedes, unha auténtica indignidade e falta de respecto político. Viven na falta de respecto político, non dan aprendido. Parece que queren permanecer metidos na oposición permanentemente.

Actúan –e perdoéme o Partido Socialista, alternativa no Estado– como un grupo residual. Dígollelo porque en ningún lugar de España... Aquí hoxe criticouse o labor do Goberno da Xunta e do Goberno de Madrid, pero os seus compañeiros non presentan unha moción. Por outra banda, recórdolles que hai poucos días nesta Cámara, por acordo de tódolos grupos, aprobamos unha proposición non de lei, señor Touriño, que recolle máis que o que vostede estivo lendo aquí esta mañá: un acordo de tódolos grupos, pero, sobre todo, a importancia dese acordo é que está apoiado polo grupo maioritario, que é o que apoia o Goberno, co cal asume todo o que se plantexa nesa proposición, que é moito máis do que vostede aquí plantexou como un labor de goberno alternativo.

Por outra banda, por exemplo, en Madrid –non o sei aínda definitivamente– non aceptan unha comisión de investigación. Aquí, no último pleno, acordamos entre tódolos grupos crear unha comisión de investigación, como o fixemos cando foi o tema do *Mar Exeo*, exactamente igual, porque queremos transparencia absoluta. E se houbo erros que se critiquen, pero o que non se pode facer a priori son afirmacións tan vagas como as que se fixeron aquí. Chegouse a dicir que o Goberno deixou en mans dos mariñeiros a loita contra a marea negra. Miren, esa é unha falsidade de tal envergadura que non hai por onde apañala. Ademais, iso non se pode dicir sabendo que, co apoio co que contan, coas dificultades indiscutibles que hai, coas carencias que hai, non se poden facer afirmacións deste tipo. Neste momento hai mobilizadas polas administracións públicas 3.420 persoas, ás que lles hai que engadir 2.776 coas que contribúen as Forzas Armadas. Eu lamento, señor Beiras, que utilice o *chascarrillo* para burlarse do noso exército, e voulles dicir unha cousa: eu xa sei que a vostedes o exército español non só non lles interesa senón que o rexeitan. Os que nos atopamos aquí, e o Partido Socialista Obreiro Español –polo menos o de España, non sei os de aquí, pode que haxa algún por aí metido polo medio– defendemos tamén o exército español, e neste caso máis, e quero desde aquí, como a tódolos mariñeiros e á xente que está hoxe, que estivo estes días e que vai seguir traballando arreo, felicitalos e dárlle-las gracias no nome do Partido Popular polo traballo que están realizando estes días cunha forma tan importante de apoio e de solidariedade co pobo galego. Dígoo para que suceda algo contrario e que non saia desta Cámara soamente unha mensaxe tan negativa, tan ridiculizante, como a que se fixo aquí do exército español. Pero quería dicirlle que en total temos 6.196 persoas e que van chegar aínda máis, ata 8.500, a tempo completo, ademais dos voluntarios que de toda Galicia e de España van vir.

Consecuentemente, falaban tamén de que os nosos mariñeiros tiñan que traballar sen que ninguén os axudara. Miren, neste momento está financiado todo o combustible que consomen as embarcacións dos mariñeiros que están saíndo a colaborar. Todo o combustible, 589.000 litros, un importe de máis de 70 millóns de pesetas, que, loxicamente, paga a Xunta de Galicia e o Goberno de España -xa sei que lles molesta-; polo tanto, non hai abandono.

Por outra banda, para os barcos que están ensuciados hai un sistema de limpeza en tódolos portos principais –para que se saiba que se está actuando–.

Por outra banda, lévanse recollidas 24.316 toneladas de residuos, dos cales unha parte son residuos sólidos e outros son fuel líquido.

Por outra banda, tense unha atención especial por parte da Xunta de Galicia cos voluntarios, especialmente a fin de semana, cando se desprazaron un total de 7.000, e nós, humildemente, coas nosas posibilidades, contribuímos colaborando na distribución de comida e bebida, e, sobre todo, proporcionando aloxamentos institucionais para todos eles.

Por outra banda, en medios materiais e a través de Portos de Galicia, dotáronse os portos de medios suficientes. Houbo un día –e sábeo moi ben o señor Trigo e sabémolo moitos máis– que houbo un momento de carencia de colectores, pero en pouco tempo estivo solucionado. Neste momento están repartidos 38.000 equipos de limpeza de praias, de traxes. Neste momento o Goberno de España distribúe 145.000 equipos, e hai outros 200.000 preparados, que irán chegando case todos nos vindeiros días para equipar, por unha banda, as Forzas Armadas, por outra, o persoal contratado e, por outra, os voluntarios. Eu xa sei que isto lles alegra a todos vostedes, porque estaban moi preocupados de que non houbera material. Pois miren, como vostedes estaban preocupados e nós tamén, ese material xa o temos neste momento –como é preceptivo–. Quero dicirlles que non hai ningún abandono, senón que se está actuando enerxicamente. Outra cousa é que poida haber algunha carencia.

Por outra banda, temos nin máis nin menos que 20.000 colectores. Neste momento temos camións, pas, todoterreos, helicópteros, 116 bañeiras de máis de 30 toneladas coas que se está recollendo todo o producto e se está transformando –non sen dificultade, loxicamente, porque isto non é unha cadea que estea organizada de sempre, senón que houbo que improvisar, e loxicamente vostedes, e todo o mundo normal, sabe que cando hai que improvisar para unha emerxencia non é exactamente igual que cando é unha cadea organizada-.

O feito máis importante que eu sei que a vostedes... ¡Home! Sempre hai a algún ó que lle molesta que se tomen medidas positivas, pero no fondo sabemos que a vostedes lles agrada que se adopten medidas paliativas importantes. Eu quero recordárlle-las que se adoptaron, as medidas económicas fundamentais, porque indubidablemente non é o mesmo unha traxedia, e que non haxa apoio e recursos para paliar esa traxedia, que que haxa esa traxedia e que as persoas afectadas teñan cartos para levarllos á súa familia. E parece que houbo por aí algún –e non vou citalo se o vexo– que falou de que era como unha esmola. Eu voulles dicir unha cousa, supoño que todos saben o que é o lucro cesante. Supoño que o saben, se non, míreno; eu non llelo vou explicar agora, e, como é lucro cesante pola actividade, págaselle-lo que lles corresponde, e, loxicamente, nunca ningún Goberno do Estado, ante ningún feito –fora catastrófico, fora emerxencia, etc.–, actuou coa dilixencia e coa rapidez, xa non do Decreto do Estado, que foi rapidísimo, senón dos recursos que adoptou a Xunta de Galicia, porque ás nove horas do xoves 14 de novembro, que se celebraba Consello da Xunta, é dicir, tan só catro horas e media despois de terse noticia –aínda non se producira a traxedia nin o afundimento do barco– da posibilidade de que se producise un vertido de hidrocarburos ante a costa galega, o Consello da Xunta faculta o titular de Economía para adopta-las medidas financeiras e orzamentarias oportunas para afronta-la situación que o accidente do *Prestige* puidera xerar. Na tarde dese mesmo xoves tivo lugar unha xuntanza convocada pola Consellería de Economía para dispoñe-los mecanismos orzamentarios para afronta-las posibles continxencias do sinistro. O luns 18 de novembro, primeiro día hábil para facelo, díctase a orde de axudas ós afectados, sendo de 30 euros diarios para mariñeiros e mariscadores, e de 21 máis 4,5 euros diarios para os armadores por cada tonelada de rexistro bruto da embarcación. O mércores 20 –segundo día hábil– preséntase unha emenda ós orzamentos do 2003 pola que se crea un fondo cunha dotación inicial e ampliable –dígollelo para que non teñan ningunha dúbida– de 60 millóns de euros destinada a facerlles fronte ás accións necesarias para recupera-la normalidade. E ese mesmo día celébrase xa a primeira reunión co Fondo Internacional de Indemnizacións, e o Goberno do Estado aproba –como saben vostedes– o real decreto ós tres días. E hoxe sae a orde ampliando as axudas, hoxe sae no *Diario Oficial* –porque é un dos traballos que temos e que teñen vostedes, o de le-lo *Diario Oficial de Galicia*–, e dispón medidas que complementan as axudas da orde do 18 para que redeiros e colaboradores familiares de embarcacións, persoal laboral das confrarías, operarios das lonxas e fábricas de xeo, comercializadores de primeiro nivel que poidan amosa-la súa dependencia do recurso afectado, reciban tamén as axudas.

Non lle vou dicir, señor Touriño, candidato *in pectore,* o que dixo o seu xefe, o señor Borrell, en 1992, con motivo do *Mar Exeo.* Non hai que remontarse moi atrás, pero hai que facer algunha comparación con algo semellante. E o señor Borrell, o seu xefe, o día 10 de decembro do 1992, no *Diario 16 de Galicia*: "*Fue lamentable la coordinación tras el accidente*". Non sei se vostede estaba agochado, porque nós non soubemos por ónde andaba. Escoitámolo hoxe, daquela non. Iso si, hoxe é o candidato, daquela resulta que estaba no ministerio en Madrid e non sabía de Galicia; isto, e outras cuestións, señor presidente, como non teño tempo, voullo recordar dentro dun anaco ó señor Touriño.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PITA VARELA: Señor presidente da Xunta, de verdade é lamentable que, despois da xenerosidade que vostede tivo coa oposición, teñan a falta de respecto, a falta de solidariedade, *(O señor Cerviño González:* Ousadía.*)* de estar hoxe aquí facendo acusacións en lugar de estar arrimando o lombo como tiñan que facer, como bos galegos, a prol de soluciona-los problemas que temos todos neste momento.

Máis nada e moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Pita.

Ten a palabra o candidato, señor Pérez Touriño.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señorías, señor presidente.

Señoras e señores deputados, certamente, ¡vaia tarde levamos entre o señor Pita e o señor Fraga, entre o señor Fraga e o señor Pita!

Do señor Fraga hai que dicir, e teño que dicir, que estivo desaparecido na crise, que durante sete ou oito días non soubemos del os galegos, que estivemos sen presidente, e que hoxe, no debate da moción da censura, o señor Fraga certamente segue desaparecido, pero non porque non estea, non, senón que estivo desaparecido en combate. A verdade é que pouco ofreceu que non fora reconstruír esa película de *Alicia no país das marabillas*, e o presidente Fraga ten unha gran responsabilidade acumulada sobre outras, que hoxe acaba de quedar desvelada –por se non o estaba suficientemente, con nitidez, con claridade– ante o conxunto da Cámara, que é que cando o señor Fraga se ausenta de Galicia, cando o presidente de Galicia sae, marcha de fin de semana, do que sexa, de cacería, de escopeta, do que toca, cando marcha de Galicia –que en condicións normais ten dereito a marchar–, cando sae de viaxe, cando vai representando o país, ¿saben vostedes, sabe a cidadanía, quén é o presidente do Goberno, quén exerce as funcións? O voceiro do Grupo Popular, o señor Pita. Este voceiro que subiu aquí na súa natural traxectoria de embarrar, de facer de oposición da oposición, de insultar, de facer este papel ó que nos ten acostumados dunha e doutra maneira, resulta que é o presidente de Galicia, que exerce esa función cando o señor Fraga non está. Incluso supoño, señor Fraga, que o señor Pita, cando vostede marchou de cacería esta fin de semana, en plena crise, era o que estaba ó mando da Presidencia de Galicia.

Este é o país que roza ás veces o esperpento e a opereta en que estamos metidos en plena crise do *Prestige*. Esta é a reacción política e a forma de facer que vostedes teñen. E miren algo máis: hai momentos e momentos da vida dun país –precisamente nas situacións de crise, nas situacións de dificultade, nas situacións nas que un país perde a seguridade e a confianza, no momento en que un país realmente é golpeado en profundidade na súa dor, no seu corazón, no seu ser, na súa identidade, cando cambalea como ten cambaleado Galicia ata que o pobo maduramente reaccionou– nos que se necesita ver un presidente. Ese é o momento no que se define un gran presidente do país. Ese é o momento en que se necesita ter un presidente a secas, cando menos, e aquí non tivemos ningún gran presidente, porque probablemente xa era moito pedir, pero nin tan sequera tivemos un presidente a secas, alguén que respondera, que dera a cara, que lle dera contido e exercicio real ó autogoberno do país; e quero facer esta reflexión a estas horas da tarde, esta primeira reflexión política.

Presentámo-la moción de censura coma un exercicio de responsabilidade e de lealdade coa cidadanía deste país, coma un exercicio de lealdade e de responsabilidade coas institucións e co Parlamento, porque o Parlamento, señores da maioría, non pode quedar reducido a cinzas, non pode desaparecer, non pode perde-la súa función e a aspiración de se-lo espacio central da vida política deste país, porque aí está, no mandato constitucional e no mandato estatutario, ese é o papel sobranceiro da Cámara da soberanía popular, porque estamos aquí representando o pobo de Galicia e porque temos unha obriga constitucional. Nada de *patrañas* nin de lealdades, témo-la obrigación constitucional de representa-lo pobo e de exerce-lo control do Goberno, de exercer con lealdade esa función de controla-la acción do Goberno, e o Goberno neste caso merece con claridade, con rotundidade, a reprobación e a esixencia de responsabilidades.

Pero dicía que quería facer unha reflexión que creo que é necesario facela e que probablemente non fixen coa necesaria insistencia, extensión ou claridade aínda. A moción de censura presentámola aquí, neste Parlamento, na Cámara do país en que sucede esta catástrofe; neste país de onde son os mariñeiros de Galicia, de onde son as familias galegas, de onde son os douscentos ou douscentos cincuenta mil galegos que saen ás rúas de Compostela; neste país que ten dereito a crer en si; neste país que ten que exercer de verdade a autonomía. Ninguén nos ten que vir ensinar de fóra, con toda a solidariedade do mundo si, pero ninguén nos pode nega-lo dereito nin ensinar que se queremos ser quen, se queremos respecta-los nosos sinais de identidade como país, se queremos respecta-lo Parlamento de Galicia, se queremos que se nos respecte, se queremos ser país, se queremos pesar en España, se queremos pesar en Europa, se queremos ter un proxecto de reconstrucción nacional, neste momento temos hoxe que saír fortalecidos, e por iso a moción de censura é necesaria, imprescindible, xusta e oportuna, no Parlamento de Galicia. ¿Por que, se non, a autonomía? ¿Para que, se non, a autonomía deste país, un poder político autónomo, o poder político que temos que exercer, e precisamente o presidente, porque aí está o quid da cuestión?

Dicía antes o alcalde, dicía antes o pai de familia ou a nai de familia: estamos nesa cuestión, ou entendémola e compartímola ou sacámonos do medio, como fixo o señor Fraga. E por ese perigo non pode volver pasar Galicia. Galicia non pode volver ter un presidente do país que se saque do medio, que non plante cara, que non lidere o país, que non se poña á fronte, que non se responsabilice da crise, que non se responsabilice da dirección do país. Ese é o presidente de Galicia que queremos e que o pobo de Galicia quere e demanda que hoxe teñamos. Por iso lle digo que lle dea a palabra ó pobo, señor Fraga, por iso lle estou pedindo que teña a dignidade de convocar eleccións, porque Galicia, o Estatuto, o noso himno, a nosa bandeira, o ser pobo, o reclama, e por iso traballamos tantos anos. ¿Por que tanta loita, tanto sacrificio, tanto esforzo de miles e miles de cidadáns ó longo da nosa historia para chegar a ter esta Cámara, este Parlamento? ¿Imos renunciar agora a isto, iamos delegar ese poder e esa responsabilidade fóra desta Cámara? Eu respondo polo que fago aquí e polo hai que facer nesta Cámara. Teño que responder do meu país, para iso fun elixido deputado, e se algún día son presidente do Goberno espero responder coa mesma forza, coa mesma enerxía, coa mesma obrigación e co mesmo compromiso. Galicia e os galegos e as galegas, o primeiro. É a miña primeira obrigación como responsable político e líder dunha formación política que opera neste país e que responde a este país. Iso é o que quero que quede ben claro.

Conformaríame con que esta lección a aprenderamos e quedara gravada na memoria, na práctica e na realidade deste pobo e desta Cámara. Iso é o que temos que facer, e por iso esta moción de censura é profundamente constructiva, é unha moción que ofrece saída, que ofrece futuro, que ofrece esperanza que está explicando, analizando e debatendo na palestra realmente democrática por qué é necesario entende-la autonomía doutra maneira.

A autonomía do país non é un abstracto que nos vén dado pola historia, é algo que gañamos os pobos, que temos que exercer directa e responsablemente, e que o pobo de Galicia acaba de dar un salto histórico. Este país acaba de dar un salto histórico, eses milleiros de galegos que o señor Fraga non entende demasiado ben e que se pon a contar a ver se son moitos ou poucos, e non quero nin falar deste persoeiro que é o señor Pita, que os cualifica de "ruído". Cando di: "Ese ruído que vai por aí", "ese ruído que vai por aí" son os cidadáns deste país que acaban de dar un salto na súa historia e acaban de gañar cotas de poder, de madurez, de autonomía e de exercicio de responsabilidade, e por isto hai esta moción de censura aquí, e por iso dixen hoxe, na anterior intervención, que nunca o dubidei nin un só minuto.

Non tiven dúbidas, sabía que era necesario dar unha resposta, que non podiamos te-la xente permanentemente indignada nun clamor social, indignación nacional de frustración, de desamparo, mirando ¿que? ¿Como o Goberno segue desaparecido? ¿Como non temos presidente, que está dimitido, e cada día que pasa, cada minuto, queda claro un pouco máis? E os políticos, ¿a que nós dedicamos? Unha proposición por aquí, un esforzo por alá... Non. Neste momento histórico que estamos a vivir hai que estar á altura das circunstancias e hai que dar unha resposta; unha resposta madura, unha resposta constructiva, pero unha resposta que leve aparellada, sen dúbidas, sen vacilacións, nítida e netamente –e asúmoo, e o Partido Socialista asúmeo–, a responsabilidade plenamente, a censura e a reprobación do Goberno; e non quero inventar outra moción de censura, quero que sexa como está na Constitución, no Estatuto, como ten que estar, como quixemos que estivera, unha moción constructiva.

Por iso hai unha reprobación e hai candidaturas e hai alternativas, e hoxe aquí eu dígolle que lle dea a palabra ó pobo, que lle devolva a dignidade ó país, que sexa a cidadanía a que poida dicir cómo, quén, con qué talante, con qué estilo; se vai seguir sendo desde a soberbia, desde a distancia, desde a prepotencia, desde o totalitarismo, ou se non. Quero un goberno que sele un compromiso de servicio, que sele realmente a devolución da dignidade, da confianza, da palabra á cidadanía, e o primeiro para iso é que a cidadanía fale e diga cómo o quere e,se lles quere volver da-la maioría, será a cidadanía a que o teña que decidir. Pero deámosle a palabra ó pobo e convoque vostede as eleccións, vólvollo pedir, vólvollo reiterare vólvollo esixir.

A moción é constructiva. Eu plantexei hoxe aquí no debate, pola mañá, no momento oportuno, cando correspondía, a fondo, dentro do razoable, non un programa electoral, que non é o momento, porque é o momento desta moción, porque hai que facer política en función das necesidades dun país, e hoxe a demanda cidadá non é que falemos aquí de vivenda –¡e miren que é importante!–, non é que veñamos

falar hoxe aquí de emprego; probablemente –¡e miren que é importantísimo!– a demanda cidadá non é que veñamos falar aquí do tren ou da autovía ou de non sei qué historia –cousas importantes todas, decisivas, para este país–, porque eu non estaría respondendo ó que a xente quere se viñera falar aquí do que non está na cidadanía, que neste momento é cómo recuperamos economicamente e medioambientalmente este país, cál é a alternativa dos distintos grupos, neste caso a alternativa que acabamos de presentar desde a oposición e que eu acabo de presentar en nome do Partido Socialista.

!Claro que hai unha moción constructiva e un candidato que presenta lealmente á Cámara a soberanía popular para pedi-lo seu apoio! Ese programa alternativo para xestionar e saír desta crise, que empeza cun primeiro punto, un primeiro eixo, que é fundamental, e ó que me acabo de referir, que é o exercicio pleno, sen leas burocráticas nos momentos decisivos. Non queremos un presidente de Galicia para que estea estudiando o Regulamento, para que teña que repasa-las competencias nun momento de emerxencia nacional e de crise. O exercicio do autogoberno quere dicir que o presidente dá un paso á fronte e encabeza o país, e diríxese á cidadanía directamente, no sitio e polos medios de comunicación públicos e privados, e transmite confianza, transmite seguridade, transmite aquilo que a cidadanía necesita cando está en plena crise, desacougada e descorazonada. Esa é a primeira cuestión que esperabamos que fixera o presidente do país; non o silencio, estar mudo, calado, pasivo, sacado do medio, dicindo: É que agora lle toca ó vicepresidente de non sei qué ou ó director xeral da Mariña Mercante, non sabemos nin a quén lle tocou porque aínda agora non sabemos a quén lle correspondeu todo este *tinglado* e qué se fixo nas horas decisivas e nos momentos decisivos.

Queremos de verdade o exercicio do autogoberno, esa é a primeira reflexión. O exercicio do autogoberno quere dicir implicar España e implicar Europa. Somos europeos, Galicia é un país de vocación, de historia, de cultura europea. Miles e miles de cidadáns galegos deixaron a súa pel, o seu sacrificio, en Alemaña, en Suíza, en Francia, en Inglaterra, pero agora somos europeos de todo e queremos exercer como europeos. Europa tennos que responder, Europea tennos que sentir, Europa ten que moverse, ten que move-lo fondo de solidariedade. Pero miren, o mesmo di o presidente Schroeder. O presidente alemán seguro que subscribe isto, pero non é só que o subscriba, é que o exerce. E o presidente alemán, cando o seu país estaba anegado, primeiro estivo co país, cos cidadáns, coa xente, visitou a zona, señor Fraga, deu a cara, converteuse nun gran presidente, e iso devolveu-lle a confianza da cidadanía, que a tiña perdida. Acababa de gañar unhas eleccións pero toda Alemaña sabía que acababa de perde-la confianza, e restableceuna, conectou coa cidadanía, conectou co seu pobo, porque soubo poñe-las botas, estar coa xente, traballar, darlle a man, senti-la súa calor, o seu afecto. Non se trata só de andar de inauguración en inauguración, de vinacoteca en ascensor, non é iso, señor Fraga. E respecto toda a súa traxectoria e cómo entende vostede as cuestións, pero nesta cuestión acaba de quedar completamente desbordado, completamente fóra de xogo, dimitido na práctica.

E claro, para que Europa funcione, para que Europa responda, para que Europa se mova, que non é unha entelequia, que son intereses, que son estados, que efectivamente hai intereses corporativos, especulativos, duros, que combaten, dos armadores gregos que se opoñen a todo avance da seguridade marítima, ¡claro que si!, hai intereses dos portuarios, das empresas de Rotterdam, dos grandes portos holandeses que teñen intereses, que perden negocio e votan o que votan; e están os intereses das aseguradoras, do capitalismo especulativo financeiro, que xira en torno a este asunto, que tamén se opón e se move. Hai que gañar esa batalla, pero para gañar esa batalla necesitamos un presidente que a saiba dar, que a queira dar, que estea en disposición de dala e, señor Fraga, vostede está en retirada. ¿Canto tempo hai que non se move, que non pasa horas en Bruxelas, en Estrasburgo, dando a batalla, collendo o señor Aznar? Señor Fraga, ¿por que non se reuniu co señor Aznar nesta crise? ¿Como é posible que non despachara vostede varias veces con el? E non me conte o do teléfono. ¿Como vostede non se senta *vis-à-vis* co presidente do Goberno de España para collelo da man e marchar a Bruxelas, a Estrasburgo, a move-la Comisión Europea? A min non me vale, eu non veño dicir aquí que Europa non sei qué... Europa ten que sentirse plenamente galega e solidaria cos galegos, igual que nós nos sentimos solidarios cos alemáns e achegamos fondos para a súa crise. Pero para iso hai que pedilo. Refírome á formalidade de toma-la decisión de solicita-lo fondo e non enganar.

O señor Arenas, di: Non, xa o pedimos ó día seguinte, o mesmo día. Saen oficialmente da comisión e din: *A mi que*

me registren. Aquí non chegou nada, non hai ningunha petición do Goberno de España. ¿E onde está o Goberno de Galicia? Por iso a primeira cuestión que plantexamos hoxe foi a necesidade de cambiar, de entender doutra maneira o exercicio do autogoberno. Mire, señor Fraga, eu non quero facer balance porque non é o que hai que facer neste momento. Os cidadáns non esperan un balance da súa traxectoria, que xa o fixeron e o apoiaron a vostede nas urnas, o que esperan é ver qué pasa, qué solución hai, qué se fixo no momento máis dramático deste país. ¿Que pasou con vostede? ¿Que pasou co entendemento da Autonomía, do seu Estatuto e do exercicio daquilo que o Estatuto lle manda, que é defender e liderar Galicia e a cidadanía?

Ese é o sentido último dese primeiro punto, ese eixo principal que por algo colocamos como primeiro punto na necesidade de cambia-lo talante, na necesidade de cambia-la forma de facer política. Situámolo aí porque xustamente aí, no corazón do tema, nace todo o demais. Se non podemos compartir, se non podemos facer ese sentido da autonomía, non entendemos nada. Atreveríame a dicir, quizás resumindo un pouco esta filosofía, este exercicio de coherencia, de defensa de verdade do que é a autonomía do noso país: Ó final, ¿quen é máis galego, o señor Fraga ou o señor Rajoy, o señor Rajoy ou o señor Fraga? ¿Quen ten unha actitude máis galega? ¿Vostedes por ser oriúndos? Na práctica, estes días, no comportamento, na actitude, que é o que a xente entende, o que pode entender un cidadán normal, ¿que é ser máis comprometido con Galicia: a súa actitude de estar desaparecido e perdido, a do señor Rajoy que vén aquí enganarnos, contar batallas que non se cumpren, ou a de miles de voluntarios anónimos do resto de España e do mundo que viñeron aquí a *dar el callo*, a currar e a traballar por este país? Mire, a min á hora da verdade o que me vale é a actitude e o comportamento, ese comportamento solidario que non tiveron e que non tivo vostede co seu pobo e coa cidadanía.

A moción foi constructiva, plantexamos un segundo punto sobre o que quero volver, para explicalo con toda a carga que ten, ética e moral, de mensaxe que a cidadanía necesita ver. Hai que implicar de verdade España e Europa, que ten que dar unha resposta plenamente, efectivamente; esa Europa da que antes falaba, porque queremos ser europeos plenos, partícipes de pleno dereito, cidadáns europeos, non dunha Europa que quede diluída nun mercado sen máis, nun *mercadeo*. Queremos unha Europa da solidariedade, unha Europa da cohesión, unha Europa do reequilibrio territorial, unha Europa de cidadáns europeos que compartamos dereitos e deberes. Pois nesa Europa na que queremos estar, que queremos construír entre todos, eu téñolle que dicir que o primeiro paso, o primeiro exemplo, o primeiro compromiso político que hai que tomar nun goberno diferente, nun novo goberno que teña outra forma de entende-la política, outra maneira de entende-lo país, é exactamente o rigor, a austeridade, o sacrificio e a xenerosidade, que é moi importante –este compromiso, esta mensaxe–. Un compromiso certo, nítido, con probas concretas, que a cidadanía pode palpar.

Cando hai unha desgracia nunha familia, nótase: tómanse medidas, aperta un o cinto, recórtanse e reoriéntanse gastos. reoriéntanse, nótase. ¿Vostedes aquí ofreceron algo nunha dirección mínima para que a cidadanía poida crer que tomamos isto en serio, a fondo, e que somos conscientes da crise que vive o país? ¿Os mariñeiros, as mariscadoras, a xente do mar, toda a xente de Galicia, non necesitan recibir con claridade, con datos, con feitos, con compromisos concretos, unha resposta positiva do Goberno de Galicia na que se diga: imos recortar aquí, imos facer austeridade nisto, imos revisa-los novos programas de actuación? ¿Vostedes están en disposición de seguir igual, cos mesmos gastos de publicidade e de propaganda, coas mesmas prácticas clientelares, coas mesmas fundacións comarcais, que non son máis que elementos de propaganda e de actuación do Partido Popular, encubertas a través do mecanismo das fundacións; instrumentos para, en definitiva, darlles emprego a aqueles que desgraciadamente teñen que aceptar que a política é intercambio de votos por favores? ¿Esa é a mensaxe que vostedes pensan dar? ¿É que non é necesario revisa-la marcha dun proxecto que está converténdose nun auténtico desvarío orzamentario e que ninguén é capaz de garantir? Se non, suba aquí e dígao, señor Fraga; suba aquí e diga cánto e cómo e en qué condicións está vostede a garanti-lo tope orzamentario do proxecto da Cidade da Cultura. Este partido defendeu e defende ese proxecto, este partido defende a Cidade da Cultura e pode compartir e entender esa idea; o que este partido non defende é un proxecto convertido nun monstro faraónico, nun gasto e nunha dilapidación descontrolada, nun desvarío orzamentario, porque hoxe os informes, as palabras, o que chega, o que se nos di, é que pode estar entre os 60 ou os 80 millóns. E acaban de sacar do medio, ou o botaron, ou non se sabe aínda moi ben qué, en

principio, o autor do proxecto presentado como xenial e que efectivamente o é. É un problema de xenialidade, foi pagado na súa totalidade como se fixera todo o que estaba encargado. ¿Que está pasando con ese proxecto? ¿É que non é o momento de que a Xunta de Galicia faga unha reprogramación, que adiante aquilo que está feito, que lle dea entrada en servicio, que nos ofreza solucións na parte que teña a Cidade da Cultura de positivo e que reprograme e readapte e que controle esa dilapidación monstruosa en que está metido ese desvarío orzamentario? Creo que é importante que a cidadanía reciba con nitidez, con claridade, esa mensaxe de austeridade, de rigor, dunha maneira ben diferente a aquela que vostedes están a demostrar.

Plantexabamos un terceiro punto en positivo, que pasaba por cambiar –e que é fundamental– e substituí-lo que podemos chamar un principio de beneficencia, a indemnización parcial, temporal, pola completa recuperación dos danos, polo desenvolvemento sostible, polo impulso da recuperación e da reconstrucción nacional do país. E aí hai unha cuestión de fondo: volvemos estar como no principio da discusión de cómo entendémo-la autonomía e o exercicio da defensa deste país e da cidadanía deste país. Aquí de novo estamos nunha cuestión crucial. En fin, as crises pódense resolver á latina, está escrito na socioloxía política, está escrito nos artigos, está escrito por científicos, por investigadores.

Hai dous modelos. Hai un modelo chamado modelo latino, no que podemos te-la tentación de caer, e no que creo sinceramente que estamos metidos, un sistema polo cal o Estado benefactor, o Estado, en fin, actúa non con criterios de xustiza redistributiva senón que reparte e que concede como o gran patrón, que chega coa carteira no peto, que trata así á cidadanía, como neste caso. Un Estado repartidor de subvencións no que, ó final, o resultado se oculta con presteza, se amortece no tempo a crise sobre a base do parche, sobre a base da pseudosolución, sobre a base dunha reparación parcial de tipo económico, e todo o demais queda na noite dos tempos. É aquilo que che din os mariñeiros na costa, é aquilo que nos din nestes días: Mire, agora veñen por aquí os políticos e, si, moita preocupación; pero ¿dentro dun ano quen vén por aquí? Dentro de dous, dentro de tres, ¿que programas, que medidas, quen vai estar de verdade traballando para recupera-lo país? Ese é o modelo latino de saída da crise.

E hai un modelo alternativo, un modelo que a ciencia social denomina anglosaxón, que é o modelo de ir ó fondo do problema. Desde o rigor, desde a seriedade, esixir –para iso hai que cambia-lo modelo de transporte marítimo internacional e esixi-la completa reparación e a completa indemnización dos danos; para o cal hai que plantarlle cara desde Galicia, desde España e desde a Unión a ese modelo de transporte marítimo internacional e estar en disposición de facer efectivo o principio de tolerancia cero diante da contaminación; pero aí hai que avaliar e hai que meter tódolos custos, os custos máis directos e inmediatos, dos que se falou aquí, pero tamén, e sobre todo, os custos dos danos ó patrimonio natural, da perda que nos afecta ó país como tal. Por iso hoxe á mañá falaba dunha indemnización como país, e por iso temos que poñer en vigor e hai que traballar, e quixera escoita-lo que non escoitei nesta Cámara por parte do señor Fraga: por qué non poñemos en marcha un proceso político de loita, de traballo, na dirección de conseguir aquilo que conseguiron os Estados Unidos de América. Que por norma, por normativa, a indemnización do armador, a responsabilidade do armador, sexa ilimitada, que haxa un avance, un aval, de ata mil millóns de euros, ou de dólares no caso americano, que haxa un responsable civil ó cal poderlle carga-la responsabilidade. Esa é a derivada do mecanismo americano, anglosaxón, de actuación. Iso é o que lle permitiría de verdade a este país poder ter unha perspectiva de que nalgún momento do tempo, máis alá da actuación de agora, que é fundamental, que é necesaria, que é imprescindible, puideramos ter un futuro e ter un horizonte, e puideramos realmente recupera-lo país e recupera-lo dano que nos causou este buque e os intereses que están detrás deste buque.

E por iso propoñiamos –e quéroo reiterar–, porque creo que é fundamental, que se cree unha axencia pública –denominabámola e denomínoa Consello Fiduciario do *Prestige–;* unha axencia pública que coordine as actuacións, que as centralice, que lles dea transparencia, que garanta que tódolos afectados, directa e indirectamente –e as administracións públicas en nome do ben xeral e do interese xeral público, que tamén está afectado e que hai que demandar–, o poidamos demandar, porque, se non, non imos ter instrumentos e entraremos na vía do parte amigable, entraremos na vía do releo, nda vía individual, entraremos no sistema que é tan coñecido neste país e que temos que superar dunha vez. ¿Queremos ou non queremos plantexárno-los temas de

fondo e sacar lecciónsdeste accidente que de novo volve ocorrer e que se transforma nunha gran catástrofe como consecuencia da actuación, da inacción, da neglixencia e da irresponsabilidade do Goberno de Galicia?

Esta é a ocasión en que esta Cámara ten que pensar e ten que reflexionar, e por iso a censura é constructiva e estamos construíndo, facendo propostas nese sentido. E hai que empezar por facer un programa de atención específica á Costa da Morte. Non me vale coa resposta burocrática: Non, xa está apuntado no apartado 45 do programa 3A. Non, nada de apartado 45 do programa 3A, señorías, tomémo-la decisión inmediata de que a Costa da Morte a apoiemos entre todos, de que apoiemos aquela xente, de que a declaremos espacio natural protexido xa, para tódolos efectos, acompañando isto dun programa de desenvolvemento sostible, con bolsas, con emprego, con infraestructuras, con dotacións de servicios, con servicios sociais. Esa é a resposta, e todo o demais é de agradecer, para entendérmonos, pero non serve, é totalmente ilimitado e insuficiente. Por iso apelo desde esta moción, como candidato do Partido Socialista de Galicia, a que sexamos capaces de traballar e de movernos nesa dirección, porque ou nos movemos nesa dirección de fondo ou non estaremos respondendo e devolvéndolle a dignidade ó pobo que nos reclama de verdade capacidade de reacción, capacidade de liderado político, capacidade de saber estar á altura das circunstancias.

Todo ese conxunto de medidas o plantexabamos esta mañá, e terminaba propoñendo un cuarto eixo ou un cuarto principio de actuación, que facía referencia a que non podemos converter en dogma nin crer que a catástrofe do *Prestige* fora imprevisible ou algo parecido a unha catástrofe natural, derivada de acontecementos incontrolables pola acción do home, pola acción da política, pola acción dos políticos consecuentes. ¡Claro que é unha acción previsible! ¡Claro que era unha acción perfectamente previsible coa tecnoloxía do século, XXI, deste século que está chea de medios e de posibilidades, de xente que sabe! Señor Fraga, ¡claro que si! Vostedes aínda non convocaron as xentes dos distintos departamentos das universidades, desde os de economía ós de recursos naturais, ós de xeoloxía mariña, ós de física, etc. Temos un grupo moi importante de saber facer, de saber, de tecnoloxía, de xente capaz de contribuír. Creemos dunha vez ese centro de referencia, creemos ese grupo interdisciplinar, poñamos unha operación en marcha, un programa de investigación aplicada, que lle dea luz, sostén e nacemento a ese centro de investigación que necesitamos.

Aproveitemos para mobiliza-las enerxías do país, non dean unha resposta burocrática, desganada, dun goberno esclerosado, pasado do pasado. Iso non é o que a cidadanía está demandando estes días, e se queremos recupera-la interlocución real cos cidadáns, se queremos miralos á cara de ti a ti, se queremos de verdade miralos ós ollos á xente que sofre, estas son as decisións, esta é a pa, señor Aznar, que temos que tomar nas nosas mans, esa é a nosa obrigación e o noso compromiso; esa é a nosa lealdade, a lealdade coa xente ofrecendo e poñendo enriba da mesa as solucións que cremos que hai que dar e poñer en marcha.

Crear esa axencia pública, crear ese centro de investigación de referencia, aproveitando as enerxías que temos e non desperdiciándoas, deixando que sigan primando en cada universidade os obxectivos que teñan, dignos e parciais, pero que non son os obxectivos dirixidos por unha política pública de investigación e de medio ambiente, que é a súa responsabilidade, presidente. Galicia necesita unha resposta no terreo da avaliación dos danos medioambientais, no terreo da prevención e de tirar lecciónsdos efectos da biodiversidade do ecosistema, necesitamos saber cómo imos loitar contra iso que ten uns efectos que van durar anos e anos, porque o fuel está sedimentado, está no fondo, traballa, móvese, e a partir de aí desfai e mata a diversidade das especies de Galicia. Temos que poñer en marcha un programa de investigación, unha diversidade de eixos e de elementos, interrelacionar esa xente, crear ese centro, darlle unha oportunidade ó país. Aclámana, pídena, véñenolo dicir, demándanmo.

¿Onde está a resposta do Goberno de Galicia, concreta, en tempo real? Non hai resposta previsible en ningunha fronte, señorías. Cos medios tecnolóxicos que temos no século XXI claro que debemos poder responder cara ó futuro, claro que debemos de estar realmente en condicións de reorientar e de darlle unha saída en positivo á Galicia que está aí. Eu non quero que da miña mensaxe saia unha visión en negativo do país, nin catastrofista. Primeiro porque non o merece a xente deste país, madura e responsable, que está á altura das circunstancias, que está magnífica, que deu unha lección de heroicidade, de madurez, de capacidade, de responsabilidade. ¡Non podemos negarlle a esperanza a ese pobo! A resposta non pode se-lo mesmo presidente desaparecido duran-

te os anos que quedan de lexislatura. A xente ten dereito a que se lle dea a palabra, a que poida decidir, a que diga realmente co seu voto cómo quere que se lle dea resposta á situación. Por iso é necesario tomar medidas, é necesario tomar medidas xa, de maneira inmediata, non podemos perde-lo tempo.

Esas medidas son a definición de plans operativos de emerxencia, hai que colle-lo touro polos cornos e defender, definir e propoñer plans de ría, cos científicos e cos expertos, e portos de refuxio e de acollida, para que haxa lugares nos que poida ser susceptible levar un barco en situación de crise e extrae-lo fuel en condicións razoables, e non tomar decisións que se demostraron como as peores e as máis equivocadas, como saca-lo barco cara a mar aberto para que en realidade lle pegara forte a tempestade e as ondas lle abriran unha greta e vertera o fuel, para terminar afundíndoo no mar á altura das illas Cíes. Unha decisión totalmente entendida como incorrecta por expertos, e que na actualidade se revela, se cabe, aínda máis incorrecta, máis equivocada. ¿Como é posible ese paseo de quilómetros e quilómetros rumbo sur, coas ondas do mar batendo en pleno temporal contra a parte estragada do barco? ¿Como é posible esa decisión? Por iso é necesario que haxa plans operativos de emerxencia no ámbito de Galicia e plans operativos de emerxencia concretados en cada ría e coa definición dos portos correspondentes.

En Galicia temos que conseguir de maneira razoable no tempo que se poidan instalar aquí remolcadores de potencia suficiente para poder tirar dun petroleiro potente, porque acaba de verse e de demostrarse que non nos chegaba coa potencia que tiñamos, e temos que te-los barcos succionadores e temos que ter tódolos instrumentos e os elementos que nos permitan facer verdade e realidade ese "nunca máis", ese "basta xa" que clama a cidadanía na rúa. Ese é o sentido da nosa moción, unha moción, polo tanto, que presentamos desde un plano de reprobación, de censura, pero de reprobación e de censura constructiva, dicindo nesta Cámara que hai outra forma posible de gobernar, que é necesaria esa outra maneira, e o peor de todo o debate, señor Fraga –e vou concluíndo–, é que, en conclusión, despois de escoitalo a vostede e despois de escoita-lo grupo que o apoia, o grupo maioritario da Cámara, todo siga igual, todo estaba ben: coordinación toda, información sobrada, decisións correctas... Eu creo que é a visión máis afastada, máis esperpéntica, máis tramposa, máis mentireira, máis ocultadora e máis enganosa da realidade que se pode escoitar nunha cámara parlamentaria. A historia que vostedes subiron a contar aquí non ten nada que ver coa realidade deste país, nada que ver, señor Fraga, nada que ver coa realidade.

Vostede pretende inventarnos un país virtual. Non estou falando... porque pode soar doutras ocasións, doutros momentos ós que os galegos xa estamos acostumados, como a ver pasar un tren de alta velocidade por Galicia. ¡Fantástico! Resulta que é na Televisión de Galicia. Na Televisión de Galicia si temos visto pasa-lo tren, na realidade non. Por certo, temos visto o ministro Cascos –que aínda non tivo a dignidade de da-la cara e vir a este país– pasar inaugurando cada travesa dese fantasmagórico tren de alta velocidade. En fin, eu estou esperando, non o podo crer, se cando sexa a seguinte travesa vai vi-lo señor Cascos ou non, cómo vai arrostrar esta situación, qué lle vai dicir á cidadanía, qué vai face-lo ministro de Fomento. Ese ministro de Fomento tan querido por vostede e tan defendido. Ese ministro que vén aquí tomar un viño, que vén celebrar sempre a conmemoración que corresponda, e que agora, sendo o ministro responsable en España do transporte e da seguridade marítima, acaba de te-la indecencia e a indignidade política de non aparecer por aquí e andar de escopeta por España adiante. Iso si, por Asturias, como hai eleccións autonómicas dentro duns días, acaba de aparecer –sen saudar nin darlle a man ó presidente da Autonomía, ó presidente de Asturias, pasando del, nunha actitude insultante e vergonzante– porque tocan eleccións. Esa é a forma de entende-la cuestión que ten o Partido Popular: tocan eleccións, imos a Asturias; toca vende-lo producto en Galicia, imos vende-lo producto na televisión. Pero toca da-la cara, toca responsabilizarse, toca estar no medio da crise, que non se saiba nada de min: eu non teño nada que ver con esa historia; despacho por teléfono, que despacho moi ben.

O que máis me preocupa é a situación que se abre no país, se realmente hoxe esta moción non é capaz de triunfar no sentido de leva-lo ánimo, non de triunfar nunha votación, porque non se trata diso, e sabemos por aritmética electoral que é inviable, imposible e incompatible coa maioría do Partido Popular, porque non teñen esa actitude e, polo tanto, vai ser imposible.

Pero eu quero dicirlles desde aquí que, voten o que voten, mobilicen as súas conciencias, que tomen de verdade con-

ciencia da situación do país e que se dean conta de que de verdade este país necesita un cambio de rumbo, de forma de facer política, que o terá que marcar, que o vai marcar e o está marcando a cidadanía co seu comportamento. Porque a cidadanía puido responder pasivamente, medosamente, paralizada, aterrada; pero non, a cidadanía de Galicia si estivo alí, a cidadanía de Galicia si que tivo claro o que tiña que facer. Esa cidadanía é a que se merece que lle deámo-la palabra, é á que necesitamos imperiosamente darlla para que nos diga a tódolos que estamos aquí, a cada persoa e a cada cidadán, qué queremos facer neste país.

Esta é a extrema gravidade da situación na que estamos; unha situación de emerxencia nacional na que non nos podemos permiti-lo luxo de ter un goberno dimitido, ausente, bloqueado e paralizado; un goberno na liorta, un goberno na pelexa sucesoria. Porque, señor Fraga, eu non sei se vostede se decata ou non, pero todo o país sabe –e agora sábeo a través dos medios de comunicación, porque mesmo vostedes o contan– que están pelexados, que están divididos, que non están cohesionados e que non están unidos. Dígame, coa conciencia na man, señor Fraga, qué autoridade moral, qué autoridade lexítima, politicamente e eticamente, ten vostede para sacar este país da crise que temos enriba. ¿Onde están o apoio, a confianza e a credibilidade que vostede lle pedira á xente? Agora, falto desa resposta que tivo que dar e non deu, collido en falta, segue satisfeito con todo o que fixo e con todo aquilo que non fixo para de verdade turrar deste país para adiante e unirnos a todos e para que puideramos crer, e facer viable ese diálogo que vostede segue proclamando, oco, baleiro, falto de contido e da máis mínima dignidade política. Dialogar significa comprometerse e...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PÉREZ TOURIÑO:... devolverlle a dignidade a este pobo, señor Fraga. Dígame en conciencia –e remato, presidente– se vostede cre que ten a lexitimidade ética e moral, despois de todo o que pasou, despois da súa actuación, para dirixirse ó país e para gaña-la súa confianza e a súa credibilidade.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Touriño.

Rolda de resposta do señor candidato do Bloque Nacionalista Galego, señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías, a verdade é que eu non tiña pensado intervir nesta rolda, para aforrarnos, a todos nós, 45 minutos, que é o tempo que eu podería falar agora. E non pensaba intervir porque na rolda de portavoces, evidentemente, á achega feita polo portavoz Alfredo Suárez Canal, en nome do Grupo do BNG, non lle teño nada que engadir, nin tampouco iamos discutir entre nós mesmos. A achega do portavoz socialista tampouco suscitaba nada que dese lugar a ningún tipo de polémica pola miña parte. E a achega do Grupo Popular non introduciu absolutamente ningún elemento merecente de debate. Polo tanto, non pensaba intervir. Ademais, eu non veño aquí chupar cámara, aínda que esteamos en horas de máxima audiencia. Eu son un tipo moi raro, e os medios e os xornalistas sábeno. Eu paso moito desas cousas. Pero, de todas as maneiras, teño que aclarar algunhas cuestións, porque si que, en cambio, me deu a impresión, polas intervencións –sobre todo por unha delas, naturalmente da banda do Goberno–, de que non se entendían algunhas cousas, e sei que vostedes, que son moi listos, dirían, se non as entendían, que era culpa miña, que non o explicaba ben. Entón, terei que explicalo un pouco máis ou un pouco mellor en segunda volta.

Eu estábame lembrando agora, cando dicía iso de que podía ter ata 45 minutos, daquel filme delicioso, moi inxenuo, un tanto enganoso, de hai moitos anos, americano, que protagonizaba James Stewart e que se traducira ao español como *El caballero sin espada* –daquela era moi noviño–. Era o daquel deputado que, de acordo coas normas que rexen os debates, tanto no Congreso como coido que no Parlamento británico, mentres está no uso da palabra pode estar falando o tempo que queira sempre que aguante. E el o que fixo foi estar falando dous días para esperar a que, mentres tanto, se forxase toda a mobilización popular polo Estado no que el era senador, para que, entonces, a cidadanía dese Estado conseguise parar o que el, cunha soa intervención, non podía parar. Algo diso está pasando aquí pero ao revés. É a cidadanía a que está tomando a iniciativa, e nós podemos caer no erro de estar intentando manter o Parlamento falando moito tempo a ver se engancha coa cidadanía. Non, o Parlamento non vai enganchar coa cidadanía se non fai o que ten que facer. E o problema é que se este Parlamento –e non só o

Goberno da Xunta– fixese o que ten que facer todos os días, probabelmente esa cidadanía non tería que estar mobilizándose. Isto é o grave.

Estamos ante unha situación que a min me fai pensar que cómpre aclarar o que é unha concepción democrática na política porque se fala moito dela. Non vou pretender dar ningún cursiño acelerado porque, ademais, as súas señorías saben disto moito máis ca min, só que hai cousas que, se cadra, eu, como son un pouco politicamente incorrecto, as vexo distintas. Claro, vou ser politicamente incorrecto por segunda vez neste día, que xa é xogarme moito, porque, desde logo, algúns levamos un tempo recibindo moitos torpedos nese océano: o que pasa é que mentres non dean coa santa bárbara non hai nada que facer, pero fatalmente sempre se dá algunha vez na santa bárbara. É o que coido que acaba de pasarlle ao presidente da Xunta de Galiza, Fraga, esta vez: que lle deron na santa bárbara. O problema é que os torpedos non viñan dos adversarios, víñanlle por detrás, polas costas. Dalgunha maneira, o inimigo téñeno dentro da casa, fundamentalmente nesta ocasión.

Pero voume centrar, para non enlearme e non acabar consumindo os 45 minutos dicindo que non quero consumilos. Hai unha concepción democrática en contraste cunha concepción autocrática ou incluso simplemente cunha condición caudillista do funcionamento democrático. Unha cousa é ter un liderado e outra cousa é ser un caudillo, ou un *duce*, ou un *führer*. E fíxense vostedes ben que por iso das tres palabras que inicialmente significan o mesmo, que teñen un contido semántico igual ou análogo, nunha cultura democrática como foi a británica –que rompeu realmente co período de emerxencia dos fascismos en Europa–, a expresión "líder" seguiu tendo unha connotación inequivocamente democrática para calquera, mentres que "*duce*" ou "*führer*" absolutamente todo o contrario. Que a ninguén se lle ocorra dicir hoxe en Italia que un líder é un "*duce*" ¡e en Alemaña xa non digamos!

¿Por que digo isto? Por que vostedes teñen unha concepción caudillista do liderado e, como teñen unha concepción caudillista do liderado –que implica unhas relacións internas, metaforicamente, de vasalaxe–, proxéctanas cara a fóra e, entón, non son capaces de entender que no combate político as relacións son entre iguais. E tampouco poden entender que o que non podían facer vostedes –e intentaron facelo por pasiva cando se desatou a crise do *Prestige*– era pretender cargarlle á oposición as responsabilidades e os custos da acción de goberno e da situación de goberno. ¿Estamos? Se vostedes non eran capaces de dar determinados pasos, de ter determinada coraxe, o que non podían pretender era que a oposición estivera aguantando a ver se dunha vez os daban, porque estaba en perigo o país; e, efectivamente, aínda así o perigo produciuse. Pero vostedes pensaban que unha *"oposición leal de su majestad",* como dixo o señor presidente da Xunta hai pouco, *"leal de su majestad"...* Non pode haber unha *"oposición leal de su majestad"* porque o principio da *majestad* é antitético co principio da democracia. Outra cousa é que haxa reis e monarcas. Ben, mentres duren... Se non fan mal e sobre todo se non fan nada, máis que algún pasiño que outro, pois moi ben. Ou se andan en moto, que antes lle gustaba moito, ou se simplemente son un símbolo que manteña a identidade do Estado como tal, pois vale. Pero a realidade é que unha concepción democrática supón que quen ten o poder ten as responsabilidades do poder, e por iso lle dixen esta mañá ao presidente da Xunta –e agora reitérollo– que el tivo e ten a responsabilidade e a obriga de tomar a iniciativa, en canto empezou este problema, de chamar á oposición para poñer en común o problema, sen que iso significase para nada trasladarlle o problema á oposición, e non o fixo.

A partir dese momento, naturalmente que vostedes son censurábeis, a partir dese momento naturalmente que á oposición non lle quedou outra saída que facer o que fixemos. Se vostedes chegan a facer iso, que non fixeron, se o presidente chega a facer iso que non fixo, entón si que sería dificilmente explicábel –non só en termos de dinámica parlamentaria senón da cidadanía– que a oposición despois presentase unha moción de censura. Pero non foi así e, polo tanto, vostedes o que pretendían –non digo intencionalmente, pero si como consecuencia dos reflexos de funcionamento da súa maneira de entender a democracia e o repartimento de responsabilidades entre uns e outros, Goberno e oposición– era cargar á oposición coas responsabilidades e os custos do Goberno, os custos de desgaste que padeceron e que deron lugar a esta sesión límite.

Claro, aquí hai unha cuestión que é a seguinte: o presidente Fraga, durante este ano, fixo esforzos polo que el mesmo definiu como que cumpría civilizar a política en Galiza, e incluso tivo a gallardía, se se quere, ou a humilda-

de, de dicir publicamente que el chegara á conclusión de que tiña que empezar por civilizarse el mesmo. Moi ben. Pero é que o problema é que non abonda civilizar, a democracia non é só unha civilización, a democracia é unha cultura, e é moi sabida en antropoloxía, nas ciencias sociais e nas ciencias humanas a distinción entre civilización e cultura; é patente e clara.

Polo tanto, unha cultura democrática precisa un proceso de "inculturación", e iso non se inventa nin se fabrica nun dous por tres. Por iso, cando hai realmente unha cultura democrática, por exemplo, unha forza política como o BNG actúa como actuou. O primeiro son os cidadáns; polo tanto, primeiro saiamos aí, a estar aí, a pé de obra, desde o primeiro día, desde o día 14 pola mañá. O portavoz nacional e deputados e deputadas do BNG estiveron aí. Houbo deputados do BNG que pasaron alí a semana enteira, como Bieito Lobeira e outros que viñan de Madrid, dos que están en Madrid, e ían aos sitios. E xa sabiamos que non podían ir como vai calquera membro do Goberno, porque non temos os poderes, non estamos no Goberno, xa o dixen esta mañá. ¡Ah!, pero para estar alí, non para facerse ningunha foto –porque, ademais, os do Bloque non saen nas fotos aínda que llas fagan, xa o sabe–, senón para estar coa xente e para empezar a moverse nas outras instancias. Logo, os militantes e a xente do BNG estiveron a pé de obra, primeira cousa. Segunda, intentar que o Parlamento tomase cartas no asunto. E o Parlamento non tomou cartas no asunto, deu evasivas. Aínda non hai ningunha decisión importante do Parlamento sobre este tema. *(Murmurios.)* Non, perdoen, non. Hai unha decisión importantísima ao respecto, que é un acto que os honra a vostedes, de, por unanimidade, crear unha comisión de investigación.

Señor presidente, estame mandando mensaxeS sobre cuestións que son anódinas. Si, ao que vou, si. E vólvoo dicir, temos que chamar os cubanos para que nos presten os artefactos que teñen para evitar as interferencias que meten os gringos no seu espacio radiofónico e así, polo tanto, podeRmos seguir.

Claro, a proba é que a xente tivo que saír á rúa e facer o que non facía o Parlamento. ¿Ou por que está a xente mobilizándose, á parte de autoorganizarse e defenderse? Porque aquí non fallou só o Goberno da Xunta, non fallou só o Goberno do Estado clamorosamente –e eu, desde logo, como portavoz do BNG, digo que, mentres poidamos, faremos todo o posíbel para que o Goberno do Estado non saia impune disto e non quede a cousa cinxida a que o comemos, o guisamos e o tragamos aquí, como se fosemos indios nunha reserva–, fallou o Parlamento tamén. De vostedes ter actuado doutra maneira, por exemplo aceptando de inmediato un pleno extraordinario monográfico, facendo un debate sobre isto con propostas de resolución para actuar... ¿Que é iso dunha proposición non de lei? Apróbanse non sei cántas ao cabo do ano. Está moi ben que se aproben, son iniciativas de impulso; pero non é o mesmo que un acordo do Parlamento en pleno con propostas de resolución, despois dun debate monográfico sobre a situación que se estaba creando.

Vostedes e o seu presidente gaban moito a democracia británica. En Gran Bretaña, en canto hai un problema, reúnese a Cámara dos Comúns, comparece o primeiro ministro. Pois aquí nin compareceu o presidente nin se aceptou un pleno monográfico. Entón vostedes mercaron todas as rifas para converterse nun goberno censurado, todas.

Díxenllo antes ao presidente da Xunta con motivo doutra cuestión. Vostede estaba nun cuarto; eu abrinlle unha porta, vostede pechouna, pero o que quedou dentro foi vostede, eu estaba fóra. O Parlamento tamén o fixo. Pechoulle as portas a vostede, pechoulle portas moi transitábeis que podían permitirlle saír airoso nunha situación moi difícil. Porque nós somos os primeiros que somos moi conscientes, e repetímolo moitas veces, de que aquí hai responsabilidades políticas inequívocas na Xunta e no seu presidente, pero hai igualmente responsabilidades tamén inequívocas, e moito máis graves, no Goberno do Estado.

Ben, ¿entón non se decatan de por ónde lles veñen a vostedes os tiros? ¿Quen os pon máis en perigo neste momento? A actitude dun Goberno presidido por José María Aznar, que se afeita para arriba, que lle importa un *bledo* que tiroteen aquí politicamente a Manuel Fraga Iribarne, presidente da Xunta de Galiza, incluso pode facerlle un favor.

Ben, isto é o que antes intentei explicar. O que lle interesa ao Estado é:

Primeiro, converter o presidente da Xunta nun moneco do pim, pam, pum, desviar cara a el os tiros que deberan ir en primeiro lugar contra Aznar.

Segundo, converter Galiza no escenario único dunha censura política simplemente autonómica para non ter que afrontar a censura no Goberno do Estado, a censura de afrontar a iniciativa por ambas as partes, censurado e censurantes.

E terceiro, alimentar ese chamado complexo de inferioridade dos galegos, que en rigor se denomina autoodio, cada vez máis en regresión, afortunadamente, e neste momento cunha erupción de autoestima e dignidade; alimentar e inxectar iso para contrarrestar esta eclosión de autoestima, de dignidade e de capacidade de autoorganización, porque un pobo galego que actúa como hoxe é un problema para un Goberno central que quere recentralizalo todo e que quere *cargarse* os poderes de autonomías fortes como Cataluña ou Euskadi; e que dificilmente vai ver con bos ollos que se fortaleza a autonomía galega propiamente dita, política.

Polo tanto, o problema é que hai un conflicto, unha colisión, entre as teses expostas no último debate de política xeral, do mes de outubro, polo presidente Fraga, sobre o galeguismo popular, o reforzamento da autonomía política deste país, e o que é a estratexia do Goberno do mesmo partido do que forman parte vostedes, pero no ámbito do Estado. É patente e, ademais, cadra con aquilo que é necesario para lograr que un país, no que calquera dos sectores que eclosionan renxe coas estratexias dos grandes grupos económicos do Estado, non se converta realmente no problema.

Esta é a clave, para nós, da cuestión e isto é o que dá lugar a que a posición do BNG fose patentemente clara. Primeiro, hai que estar coa xente. Segundo, hai que facerlle entre todos fronte ao que está ocorrendo, coa xente que está combatendo a marea negra. E, despois, hai que censurar a todos os que hai que censurar.

Vostedes pecharon todas as portas para que isto puidese ser. E a última vez que a pecharon, pechárona na Xunta de Portavoces cando se negaron a aprazar o debate cunha escusa regulamentista, facendo a interpretación que lles conviña da doutrina constitucionalista. Ben, esa é unha posible, pero podían facer outra. Se lles interesase, facíana. Pero non, o que querían vostedes era forzar a situación de xeito que a xente do país puidese chegar a pensar que as forzas da oposición eramos as responsábeis de que estivese tendo lugar un debate no momento en que a xente estaba preocupada por outras cousas. Equivocáronse. Hoxe, toda a cidadanía o que ten patente é que a oposición está actuando responsabelmente. Desde logo eu só podo falar en nome do Bloque Nacionalista Galego; pero afírmoo con toda rotundidade, e ademais está demostrado e percíbese. E vostedes saben que hai indicios de que é así, incluso indicios que non interesan nada, senón todo o contrario, para efectos de próximos comicios. Claro, nós que nunca traballamos por iso directamente, eu que dixen nesta Cámara que nunca sacrifiquei nin sacrifico nin sacrificarei a defensa dunha tese política congruente co que necesita a cidadanía a ningún interese electoral nin a ningunha cota de votos... Iso tamén está a ocorrer. E intentaron darlle a volta. Fracasaron.

En todo caso, unha censura é unha censura. Ten unha función política e parlamentaria exactamente inversa á dunha investidura. Son as dúas figuras parlamentarias antitéticas e inversas. O enxendro que fixeron os constitucionalistas españois, desde o meu punto de vista, é un enxendro que é deles, aí o puxeron. Polo tanto, é unha censura, e nós censuramos e plantexamos esta reprobación.

Hoxe, o problema é a catástrofe do *Prestige*. O resto, para nós, para o BNG, non é para hoxe. E coidamos que non é para hoxe para os cidadáns conscientes de que o problema que ten este país neste momento é o que teñen diante, é o monstro que veu do mar e o monstro que veu da Moncloa pasando por San Caetano, que é o monstro que provocou que o mar chegase a terra.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Beiras.

Rolda de réplica dos Grupos Parlamentarios.

Ten a palabra o señor Rego González polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas gracias, señor presidente, señorías.

A verdade é que todo foi segundo o previsto, señores do Partido Popular. Anunciáballes eu que vostedes non ían ter aquí voz, que a ía ter exclusivamente o Goberno, e acertei unha vez máis. O señor Pita veu aquí a apoiarse a si

mesmo. Dixo que o Partido Popular apoiaba o Goberno. Como el é unha parte do Goberno, queda apoiado o señor Pita. O bo desta intervención do señor Pita é que hoxe, por fin, os cidadáns e as cidadás do noso país o viron en directo, o escoitaron, non quedou dentro dos muros deste Parlamento, saíu cara a fóra. Como dicía o señor Touriño, señor presidente da Xunta, os cidadáns galegos a partir de agora saben perfectamente a quén deixa vostede de presidente cando se ausenta do país, quen está á fronte dos destinos do seu Goberno, e saben a estructura do seu Goberno perfectamente. Fíxese vostede qué ben, qué bonito que ó final é todo isto.

Señor Pita, señor Fraga Iribarne, os socialistas presentámo-la moción de censura en favor dos intereses do país, en favor dos nosos cidadáns, e en contra, única e exclusivamente, da incompetencia do seu Goberno, da súa ineficacia, da súa irresponsabilidade, das súas mentiras e da súa falla de respecto ós cidadáns deste país. Porque ó final, se facemos realmente, señor Fraga Iribarne, unha lectura efectiva do que vostede dixo e do que acaba de dicir o portavoz do Partido Popular, membro do seu Goberno, se a facemos seriamente, teriamos que chegar á conclusión –estou seguro de que hai milleiros de cidadáns nesta terra que pensan así– de que vostedes desprezan os cidadáns que os apoian, de que vostedes desprezan este país. Habería que chegar a esta conclusión, non hai outra forma de entendelo.

Señor Pita, os parados ós que vostedes se referiu merecen respecto, cando menos respecto. En canto á data da moción que dixo aquí, señor Pita, vostede aquí terxiversou a realidade, mentiu con descaro. Vostede sabe perfectamente que a moción, se o decide a Xunta de Portavoces, na que vostedes impuxeron a súa maioría, podía debaterse igual de regulamentariamente no mes de decembro, no mes de xaneiro ou incluso no mes de maio do ano que vén. Sería igual de regulamentaria, señor Pita, exactamente igual. Esta data escollérona vostedes, e hoxe en día teriamos que pensar que acertadamente, dado o comportamento que vostedes amosaron. Canto antes saiban os cidadáns cómo pensan vostedes e as respostas que teñen que dar para a solución da crise máis grave que ten enriba o noso país, mellor; porque tomarán boa nota do que vostedes dixeron hoxe aquí e do que pensan facer; e tamén a tomarán, sen dúbida, do que dixeron os portavoces-candidatos dos grupos censurantes, señor Pita. Saberano vostedes.

Di vostede que hai unha gran contradicción porque, como vou anunciar agora, e anunciamos xa publicamente, coincidimos na censura que presenta o Bloque Nacionalista Galego e claro que a imos apoiar, porque hai unha coincidencia nesa censura, señor Pita, e a cidadanía ten que saber que esa é unha mensaxe de esperanza para o futuro desta terra. A cidadanía tamén vai percibir iso. Hai unha coincidencia na censura á incapacidade, á irresponsabilidade. Hai unha coincidencia, señor Pita, en que este país ten futuro, e por iso imos apoiar esta moción. E vostede di que iso é contradictorio porque son proxectos distintos, e di que uns imos apoia-la moción de censura doutros. Dígame vostede, ¿o proxecto do señor Orza ten algo que ver co do señor Cuíña? Temo que non. E, sen embargo, van apoiarse os do señor Orza e do señor Cuíña. ¿O do señor Pérez Varela ten algo que ver co do señor López Veiga? Témome que non, e sen embargo van apoiarse. ¿E algún deles ten algo que ver co que representa o señor Cacharro Pardo e o señor Baltar, señores do Partido Popular? Se non fose certo isto que estou dicindo, señor presidente da Xunta, vostede presidiría un Goberno, hai uns días convocado de forma extraordinaria, en vez de presidir unha *trifulca*. ¿Se non fose certo isto, habería necesidade de que vostedes pasaran polo bochorno polo que pasaron? En vez de saír desa xuntanza do Goberno falando de solucións para o país, para os cidadáns que están afectados, para miles de familias que teñen o problema enriba das súas costas, e que necesitan, señor presidente da Xunta, señor conselleiro de Pesca, solucionar algo máis que o turrón de nadal, en vez de saír con propostas, con medidas concretas, saíron cunha *trifulca* do Goberno, dividido o Goberno en dúas partes. ¿E vostede vén aquí falar de cohesión e de incoherencias? Vostede é un auténtico atrevido, cando menos hai que chamarlle iso, señor Pita.

Señor presidente da Xunta, ¿como cre vostede que poden entender os cidadáns deste país, os galegos, todos, os que o votaron a vostede e os que non, que vostede siga a aparecer en fotos organizando partidos de fútbol? ¿Non terá vostede cousas mellor que facer que organizar partidos de fútbol como máximo responsable deste país?

Festa na Televisión Española, folclore, fútbol... Faltan os touros para ter completa a festa nacional. Iso pasaba, señor Fraga, cando vostede era ministro. Cando había problemas, partido de fútbol. E agora tamén, e que conste que os socialistas valoramos positivamente a acción dos clubs de fútbol

que deciden organizar un partido de solidariedade co noso pobo, pero iso é cuestión dos presidentes dos clubs de fútbol, non cuestión dos presidentes das comunidades autónomas que, demagoxicamente, queren utilizar tamén iso no seu favor para tentar tapa-la súa irresponsabilidade, señor presidente. Vostede do que ten que responder aquí é de por qué converteron un accidente dun petroleiro, pola súa acción ou pola súa inacción, na principal catástrofe deste país. Isto é censura, señores, a censura élles isto. ¿Traballar cara ó futuro, organizar axudas? Claro que hai que organizar axudas, claro que hai que dalas; pero vostedes teñen que responder do que fixeron e do que non fixeron para xerar esta auténtica catástrofe que xeraron vostedes –non porque o barco fora de vostedes, señor Pita, non porque vostedes sexan os culpables do accidente senón porque vostedes son os culpables de cómo xestionaron o accidente, e xestionárono con absoluta irresponsabilidade–. Diso é do que vostedes teñen que responder diante dos cidadáns, e os cidadáns a verdade é que xa veb cómo se pode responder.

Señor presidente da Xunta, señores deputados e señoras deputadas, este país necesita para saír desta crise un goberno e un presidente que teña credibilidade non soamente diante dos cidadáns desta terra, que tamén e fundamentalmente, senón tamén para xestiona-la crise, para xestiona-la saída da crise, diante das autoridades da Unión Europea, diante do propio Goberno de España. ¿Como van ter credibilidade e autoridade precisamente os principais responsables da producción da crise? ¿Como se pode entender iso? ¿Hai algunha posibilidade de que alguén, señor Fraga Iribarne, o poida atender en Europa, en calquera comisión, despois de ser vostede, pola súa inacción, un dos principais responsables da principal catástrofe que sufriu este país? ¿Ten vostede credibilidade para negociar algo con alguén? ¿Vaino crer alguén? Se non o cren no seu país, e podo asegurarlle que moito non o cren, señor presidente, ¿como o van crer fóra? Disto ten que darse conta vostede.

Este país, señor Fraga Iribarne, hai moito tempo que necesita un presidente que viva para algo máis que para actor da Televisión de Galicia, para ter e utilizar unha televisión que o sitúe tódolos días en tódolos sitios, tódolos días en tódalas partes: eficacia, traballo, seguido, seguido. E hai moita xente, por exemplo hai algúns veciños meus, que, como o ven en cinco ou seis sitios cada tarde ou cada mañá, ás veces dinme: ¿Cando traballa o presidente? ¿Cando se senta no despacho para despachar cos conselleiros? ¿Cando deseña a política de goberno? Porque está tódolos días en tódolos sitios na televisión inaugurando unha travesa, inaugurando que se tapou un *bache*, unha luz. ¿Ese é o traballo do presidente de Galicia? Non parece que sexa ese, señor Fraga Iribarne. O país hai moito tempo que necesita un presidente que presida o Goberno e que dirixa claramente os destinos do país. Esta crise demostrou moi claramente que non o temos. Temos un presidente, señor Fraga Iribarne, que vive para a televisión e para repartírlle-las follas dos periódicos ós seus conselleiros, e iso é demasiado pouco para o que este país necesita.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Rego.

Ten a palabra o señor Suárez Canal polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, señoras e señores deputados, non imos entrar nas provocacións frecuentes do señor Pita. Pensamos que hoxe, por respecto ao noso país e ás xentes que están a sufrir a catástrofe non se debe de converter este debate nun teatro de esgrima parlamentaria *barriobajera*. Señor Pita, cando vostede queira facer guantes, poñémoslle un saco de boxeo para que pegue contra el, non hai ningún problema. Pero neste momento penso que o que demanda a nosa sociedade é que vostede e todo o Goberno da Xunta reserven as súas enerxías para combater a marea negra. Insisto, pertencemos a un pobo que pensamos que está a dar un bo exemplo de dignidade colectiva, e por respecto a ese pobo non imos caer nas súas provocacións. Si nos referiremos ás escasas cuestións de contido no debate que vostede puxo enriba da mesa.

Primeira cuestión: moción de censura. Un dos traballos que ten que realizar unha oposición nun Parlamento, por obrigación coa cidadanía que a elixe, é esixirlle responsabilidades a un goberno cando xestiona mal. A xestión do Goberno da Xunta, unida á do Goberno central e á carencia de medidas preventivas, produciu, iso si, unha situación catastrófica de enormes proporcións no noso país, e, ante iso, o Bloque Nacionalista Galego pensa que, en lóxica democrática, hai que pedir responsabilidades. Eu penso que debe ser o Estado español o único Estado das chamadas

democracias formais, das chamadas democracias consistentes, no que, despois de ocorrer o que ocorreu, aínda no día de hoxe non hai nin un só responsábel político que deixara o seu cargo. Parece inconcibíbel. Porque é certo que foi un accidente, señor Pita, pero os responsábeis políticos tomaron decisións, actuaron, e outros estiveron calados, omitiron as súas responsabilidades. E as consecuencias desas accións e desas omisións están á vista. ¿Cantos cidadáns do noso país van ver privado o seu medio de vida por meses ou por anos? ¿Como queda o ecosistema das nosas rías? ¿Como queda o noso mar? ¿Como queda a nosa economía? Si, señor Pita, vostedes tomaron decisións, e eu fágolles a pregunta a todos os deputados do Partido Popular, porque deste lado o teñen claro. ¿Hai algunha posibilidade de facelo peor? (*O señor Pita Varela*: Si.) ¿Vostedes non cren que a realidade está superando a hipótese máis negativa que podiamos imaxinar cando empezou a embarrancar o barco? Iso será responsabilidade de alguén. Desde logo, dos mariñeiros non; das mariscadoras non; das xentes do mar non; dos grupos da oposición que levamos loitando en todas as institucións para que se tomen medidas preventivas, para que a nosa costa se poña en valor, para que teñamos medidas de seguridade, e contra o que vostedes reiteradamente votan en contra, supoño que non. ¿De quen, se non, é a responsabilidade? Dos gobernantes, ¿verdade? Pois pedimos a reprobación e a censura, e facémolo polo único mecanismo que nos queda, parlamentariamente falando.

Primeiro pedimos a dimisión, e non se exerceu. e o día non o marcamos nós. Nós, efectivamente, temos hoxe a nosa cabeza, o noso corazón e o noso sentimento coas xentes do mar que están a sufrir; e os nosos alcaldes, os nosos militantes, a nosa xente está traballando *codo con codo* para frear a entrada do monstro no que de nós depende. Esa é a nosa preocupación fundamental. Pero non podemos declinar das nosas responsabilidades políticas, que puxeron os cidadáns nas nosas mans. Cando un goberno non actúa, hai que pedir a súa reprobación. Os feitos están á vista, non se poden ocultar. Ese é o drama e ese é o problema. E vostedes acaban de dar nesta sesión unha mostra máis de que están incapacitados para xestionar o futuro.

Medios, medidas, decisións... ¡Pero se todas as medidas e medios que se foron reclamando nas distintas institucións foron producto de iniciativas das forzas políticas da oposición! E mesmo os acordos que se toman, cando os plasman despois en ordes, fano de forma *cicatera*, como a primeira orde da consellería. ¿Pero non resultaba claro que ía afectar durante máis dun mes? Pois non. "As axudas serán por un mes prorrogábeis". ¿De que se trataba? De ter a xente agarrada, como fan sempre, con axudas económicas para comprar o seu silencio. Adóptase unha decisión no Estado, producto dunha proposición non de lei impulsada polo Bloque Nacionalista Galego, e cando a plasman nun decreto ministerial, fano de forma *cicatera* e non abranguendo a todos os afectados, e teñen que corrixilo a posteriori. E a orde da Xunta, exactamente igual; e a que acaban de publicar onte, señor Pita –estes días–, nin sequera recolle o acordo parlamentario do Parlamento galego; só fai referencia a tres ou catro sectores afectados. É certo que eses están afectados e son os primeiros que hai que atender. Pero ¿vostedes saben a magnitude da catástrofe e a canta xente a está facendo sufrir, cunha perspectiva de futuro bastante escura? Pois iso todo hai que recollelo nun censo e elaborar unha normativa para atendelos hoxe. Isto é o que hai que ofrecerlle hoxe á cidadanía. E cando nós lle dicimos que non lle toleraremos outro trato como o que recibiu Galiza, estamos falando en termos políticos, porque, ademais, comprobamos que a nosa sociedade neste momento tivo unha reacción que está sendo o exemplo non só en todo o Estado, senón en todo o mundo. Ante a carencia de dirección política, ante a carencia duns gobernantes responsábeis que afronten as súas responsabilidades, ante a carencia dun trato digno por parte do Estado, é o pobo galego o que exerce a súa dignidade, señor Pita, e nós estamos ao seu lado. E vostedes, neste acto parlamentario, acaban de demostrar que non teñen capacidade para xestionar o futuro. Seguen empeñados na mentira, na falsificación, na desinformación. Xa está ben, xa está ben. Aterren dunha vez, señor Pita, aterren dunha vez.

Señor Fraga, o noso pobo nestes momentos reclama un futuro de esperanza, e ese futuro de esperanza pasa por que tamén se asuman responsabilidades políticas cando se fixeron as cousas mal, non hai outra solución. Esa é a perspectiva que pode abrir un horizonte novo, diferente e no que a dignidade colectiva que está exercendo hoxe a sociedade se plasme tamén en comportamentos políticos. Cando escoitaba hoxe aquí algunha das intervencións, tanto a do presidente da Xunta coma a do señor Pita, veume á cabeza ese libro, *Retrato do colonizado*, de Albert Memmi. Realmente a súa é unha actitude que contrasta coa actitude da cidadanía, coa actitude da sociedade. ¿Vostedes consideran que o trato que recibiu

Galiza por parte do Estado é o correcto? ¿Vostedes consideran que tivemos un trato acaído, un trato que mesmo podería facer pensar naqueles versos de Rosalía: "Galicia, non debes chamarte nunca española porque España de ti se *olvida*"? Galiza é administrativamente un territorio do Estado español, foi tratada como tal nesta ocasión. ¿Foi tratada con dignidade de pobo? Nós dicimos que non. Pero tivo unha actitude de complicidade no Goberno da Xunta, no presidente da Xunta. E, desde logo, o futuro para nós require un cambio de comportamentos –remato, señor presidente–, un cambio de actitudes. Non podemos seguir instalados nesta situación cando hai moita xente que está a sufrir no país. Nós estamos convencidos de que a decisión, a convicción, a firmeza en combater a catástrofe e o exemplo que deu o pobo galego son unha porta aberta á esperanza. O único que fai falta é que esa porta teña a dirección política adecuada, e iso é o que nós estamos dispostos a contribuír a darlle.

Máis nada e moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Ten a palabra o señor Pita Varela polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor PITA VARELA: Ben, señor presidente, señorías, despois da representación dramática do señor Suárez Canal –penso que xa bastante tristura temos, estabamos a chorar–, despois de que os do Bloque... Porque, claro, o resto dos alcaldes non traballan. Saiba, señor Suárez Canal, que nas rías temos máis alcaldes, de momento, do Partido Popular que están traballando arreo xuntándose cos outros alcaldes para solucionar problemas. Non como di vostede: "os nosos". ¿Quen son "os nosos"? Os de todos, señor Suárez Canal, a ver se o grava. "Os nosos", que distingue vostede, son coma os outros, cunha diferencia: que nós temos a maioría. Están traballando arreo como están os demais, todos, non "os nosos", todos. A ver se aprende a falar, todos, que non é capaz de pronuncialo. Gráveo, señor Suárez Canal, vaille sendo hora. Porque, se non, "os nosos" que di vostede son catro e os nosos, corenta. Esa é a diferencia. A ver se o grava, señor Suárez Canal, para empezar a falar en democracia e en liberdade, que vostede non a coñece.

Porque, mire, fixo aquí dúas acusacións respecto do barco. Vostedes –non quería dicilo, pero vouno dicir– falan de que a decisión... Si houbo unha decisión: quita-lo barco cara a fóra. Os expertos, os máis expertos, non algúns que presumen de expertos, que non saben o que é iso... Vostedes defenden, como os seus expertos, igual que o Partido Socialista, que o barco había que metelo para dentro, a un porto. E eu desafíoos a que saian aquí –non está o señor Beiras–, vostede, señor Touriño, e o señor Beiras a dicir ónde, en terra, querían mete-lo barco, porque segundo o señor Rego andou por aí fóra ciscando o chapapote. Claro, se o arrimaba a terra xa non soltaba chapapote. Arrimábao máis cerca. Pero digan vostedes en qué cidade querían que entrara, ¿na Coruña outra vez? Díganlles a don Francisco Vázquez e ós coruñeses ónde querían que atracara o barco. ¿Que barco? Os cachos do barco, outra vez o *Mar Exeo*. Salvouse a Coruña por un milagre e polos ventos. ¿Que querían? ¿Na Coruña outra vez ou en Vigo para probar? ¿Na Ría de Arousa? ¿En Corcubión, era en Corcubión? Dígano para tódolos habitantes da Costa da Morte, digan ónde o querían. Señora Soneira, ¿en Camariñas? ¿Que entrara alí, era alí onde o querían? Digan ónde querían que se levara o barco. O barco levouse cara a fóra e aínda así fixo dano. Esa foi a nosa decisión. *(Murmurios.) (Protestas nos escanos do G.P. dos Socialistas de Galicia.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor, non interrompan.

O señor PITA VARELA: Digan ónde o querían vostedes. Na Coruña outra vez, ¿verdade? Ese era o seu criterio. Que saiban os cidadáns da Coruña, os de Vigo, os de Vilagarcía, ónde querían meter vostedes o barco. Fáleno claro. (*A señora Villarino Santiago:* ¡Nas illas Cíes! *(Risos do señor Cerviño González.)* Nós cara a fóra, vostedes cara a dentro. Digan ónde. Ese era o seu criterio, pois deféndano politicamente. Iso é o que nós defendemos, e fixémolo así, coa nosa responsabilidade e co informe que había, e, por descontado, coa problemática que hai plantexada. Pero moito máis grave sería unha decisión doutro tipo. ¡Quen os vería a vostedes! Ese é o gran problema que teñen vostedes, que non saben o que queren. Ese é o seu problema.

Por outra banda, eu penso, señor Suárez Canal, que a vostedes lles molesta que se adoptaran unha serie de medidas porque a xente do mar a pesar da problemática, ten parte dos seus problemas –loxicamente o máis importante– solucionados con medidas que a vostedes lles molestan porque a vostedes lles gustaría que estiveran en pé de guerra e non o

están. Porque canto peor para todos, mellor para vostedes. Foi o seu obxectivo desde hai anos e hoxe queren reverdecer *laureles*. Atoparon caldo de cultivo. E equivócanse unha vez máis, porque a xente do mar confía moito máis no presidente Fraga ca en vostedes, a pesar do que están dicindo vostedes aquí. Equivócanse unha vez máis. Plantexan unha moción de censura que, por certo, non está o señor Beiras, que llo ía preguntar a el, pero pregúntollo a vostede, se é capaz de responder. ¿Como presentan aquí un candidato alternativo que resulta que está sancionado dentro do seu propio partido? Creo que está suspendido incluso de militancia. Gustaríanos que nos deran unha resposta. Dígoo porque iso é o que temos entendido, e está escrito e explicado. Por favor, déannos unha explicación de cómo se atopa a situación do seu candidato, que está sancionado dentro do partido.

Por outra banda, ó outro candidato que expuxo o seu programa, que era unha repetición do que aprobou esta Cámara, o señor Touriño, quero recordarlle que vostede –que fixo alusións a diversas circunstancias aquí– debe de saber que a súa compañeira Rosa Miguélez, o día 3 de decembro, xunto cun grupo de socialistas no Parlamento Europeo, propuxeron que urxentemente se esixise o dobre casco para o Mediterráneo. Vostede non se *entera* absolutamente de nada. Iso é o que dixo a súa compañeira hai poucos días xunto cun grupo de deputados italianos do Partido Socialista Europeo.

Por outra banda, non lle digo nada do escándalo que onte provocou un compañeiro seu. ¿Saben de quen falo? Xa presentou a dimisión. Alegrámonos moito, que é un compañeiro seu. Xa ve o que dixo. Ese é un compañeiro seu. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Tranquilícense, por favor.

O señor PITA VARELA: Señor presidente, eu lamento que lles doa. Iso é coma os touros cando lles poñen a pulla en todo o alto. E, como hai que poñerlla, ¿que lle imos facer? Alá vostedes. Pero, miren unha cousa... *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* Si, o exemplo de que quen mente, quen falta ó respecto e quen actúa como o fan os socialistas, dimite. É lóxico.

Por outra banda, que veña aquí darnos leccións o señor Touriño, que foi o traidor a Galicia, o que nos deixou tirados sendo membro do Goberno... Mire, vostede, a pesar de que supoño que se ducha tódolos días... *(O señor Cerviño González:* ¡Maleducado!*)*

O señor PRESIDENTE: Señor Cerviño, por favor.

O señor PITA VARELA:... destila aínda o *tufillo* a Madrid. Vostede traizoou a Galicia, señor Touriño. Vostede, hoxe, que se pon o manto e a púrpura de galego e de galeguista –galego, loxicamente, se o é, será de nacemento–, como membro do Goberno de Madrid, deixounos tirados na autovía, no último tramo, que deixou a obra máis importante fóra de todo; e na transcantábrica, nin sequera unha raia nun papel; e, o seu gran delicto, señor Touriño: o tren de alta velocidade, que tiveron o *desparpajo* de saír aquí a falar del. Vostede, que era secretario de Estado do Ministerio de Transportes co señor Borrell, no Plan director de infraestructuras do ano 1995, excluíu a perpetuidade o tren de alta velocidade para Galicia. E vostede vén hoxe aquí a lanzar acusacións contra o presidente da Xunta, contra o Goberno de Galicia, etc.

Señor Touriño, vostede é a persoa menos autorizada nesta Cámara para lanzar calquera acusación deste tipo. Vostede tería que facer unha penitencia moi grande para poder optar a ser presidente da Xunta de Galicia, porque vostede cando tivo a ocasión nos deixou tirados, a pesar de que tivo grandes oportunidades. Non se atreveu. E vén hoxe aquí presumir de feitos e de plantexamentos que non foi capaz de facer nunca.

Señorías, Galicia sufriu dúas grandes mareas; unha, desgraciada: a do *Prestige,* que estamos sufrindo todos e que penso que, co traballo e o esforzo de tódolos galegos –de todos, sen excluír a ningúns– conseguiremos vencela –vencéronse outras–. Con grandes dificultades, pero co apoio e coa solidariedade de todos –hai quen se exclúe: de todos menos duns poucos–, sairemos cara a diante. Hai outra marea negra: a marea negra daqueles que en política non saben asumi-la súa responsabilidade, a daqueles que non saben coparticipar solidariamente cando se produce unha desgracia como esta da que estamos a falar, e que veñen aquí a plantexar unha moción de censura, seguramente, para tapa-las súas propias carencias, para tapa-la súa propia incapacidade para entende-lo que foi unha mensaxe moi importante. Seguramente, señor presidente da Xunta, que vostede lles

volverá tende-la man, como fixo ó principio desta lexislatura, coa súa xenerosidade. Dunha banda, os bos e xenerosos tenden a man; doutra banda, os que coa negra sombra, co escuro pensamento...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PITA VARELA:... pensan que van lograr, pola vía do subterfuxio supli-lo que decide soamente un procedemento. As urnas son as que deciden quen goberna, e aquí hai un ano decidiron quen tiña que gobernar e quen tiña que estar na oposición. Non se pode andar por detrás das follas e das árbores tratando de engana-los cidadáns.

Hai os que se manifestan, e hai unha gran maioría silenciosa, señores da oposición, que eses tamén falan. E falan e berran, e dan a súa voz, especialmente cando chega o momento de facelo. E neste momento todos, os que se manifestan, os que están na casa e os que están traballando arreo para quita-lo chapapote, todos saben perfectamente quén defende os seus intereses, cómo os defende e desde qué punto de vista os defenden. E no seu momento decidirán a quén teñen que votar, pero non pola fórmula nin polo procedemento que vostedes queren.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Pita.

Rolda de intervención do presidente censurado.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Moitas gracias, señor presidente.

Eu, a estas alturas, creo que o que quedou perfectamente claro é que non había ningún motivo para a moción de censura, que seguimos dándolle volta ós mesmos argumentos e mesmo que algunha rolda quedou sen completar.

Eu teño que dicir que máis que nunca me sinto agradecido, en plena solidariedade con todo o pobo galego, con todo o pobo galego que demostrou unha vez máis a súa categoría. Algúns dos seus representantes ás veces non representan ben ou pásanse de adxectivos. Pero teño que dicir que lles dou gracias desde aquí a tódolos galegos, a todas esas familias da costa, a tódolos que están axudando a estes voluntarios; que lles dou gracias, igualmente, a tódalas comunidades, como a de Madrid, como a de Navarra, que nós enviaron importantes axudas –por certo, non vexo por qué se o presidente vén acompañado por xente de Madrid, non o imos acompañar nese asunto; pero todo é cuestión de fotos, polo visto–, a tódolos concellos, a tódalas empresas, a tódalas fundacións. Nunca sentín tanto coma nestes días o orgullo de ser galego, de ser español e de ser europeo.

E respecto da autoestima, precisamente foi nestes anos nos que os galegos tiveron por fin comunicacións, tiveron, por fin, bos hospitais e tiveron por fin universidades, cando sentiron esa autoestima; e non a van perder por moito que algúns queiran. E non consiste en gañar eleccións, claro que non, consiste en mellora-lo nivel de vida, as oportunidades de todos, e imos seguir loitando para darlles a todos un novo avance despois desta nova razón que temos para loitar por Galicia. Alguén me preguntou por qué falaba de enerxía eólica. Porque cada parque eólico son menos litros de petróleo que teñen que entrar. Igual que a política de clasificación. Son preguntas que demostran que non hai sentido nalgunhas das intervencións que escoitamos.

Volvo dicir que quero continua-lo diálogo. Igual me dá que sexa civilización ou que sexa cultura. O que é evidente é que neste momento non todos parecen entende-lo diálogo do mesmo xeito. Pero nós, continuando o diálogo, non imos renunciar ás nosas obrigacións. Entón, xa sei que algún dirá: "Xa están outra vez ofrecendo cousas". As ordes que se publicaron precisamente hoxe no DOG, a partir dos días 21 e 23, en todo caso antes de noiteboa, darán lugar a que os novos beneficiarios poidan cobrar; e o 28, a segunda quincena. Iso afecta ás rías baixas e a outros grupos.

Señor Touriño, como vostede me desafiou a falar, dentro da política de autoridade, da Cidade da Cultura –que é un luxo, certamente, pero un luxo dos que quedan e serven para Santiago e para Galicia–, quero dicirlle que, incluíndo todo, calculamos cinco anos de execución e 22.000 millóns, deixando á parte as torres de Hedjuk, que teñen financiamento de Madrid. Pois ben, para que teña un punto de referencia, o que se prepara en Casa Mar de Vigo é de 16.000 e de 18.000 millóns. Polo tanto, son cantidades que representan austeridade.

En definitiva, señor presidente, señorías, teño que dicir que a nosa preocupación é, evidentemente, esta

catástrofe que tivemos, da que non nós sentimos culpables, pero si obrigados. E, desde logo, desde este momento, evitar que continúe o perigo das mareas negras vai sela primeira prioridade do Goberno. Non podemos soportar unha marea negra de meses. Temos, dun xeito ou doutro, que resolve-lo problema do petroleiro e o problema do que queda dentro del. Tódolos medios serán utilizados;, eu respondo de que o Goberno galego se empregará a fondo.

Moitas gracias, señor presidente, señorías. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Conforme o previsto nos artigos 90 e 92 do Regulamento, a votación será pública por chamamento, sorteándose antes o nome do deputado ou da deputada polo cal vai empeza-la votación. A votación primeira da primeira moción farase ás 11.

Rolda de intervención de peche dos candidatos á presidencia.

Ten a palabra o señor Pérez Touriño.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor presidente, señorías, nesta última intervención quero deixar claros os eixos do meu discurso desta mañá e os motivos que me levaron no nome do Partido Socialista de Galicia a presentar esta moción de censura.

Presento e presentamos esta moción por lealdade á cidadanía, ante a desesperanza e desesperación causada por tanta neglixencia e irresponsabilidade, por tanta desinformación, ocultación e engano; porque estivemos ó longo desta crise, e estamos hoxe, sen rumbo, sen dirección e sen goberno do país; para que Galicia non estea á deriva como estivo seis días o buque *Prestige*.

Presento esta moción porque sinto, igual que sentiron os cidadáns –as xentes do mar as primeiras–, rabia, ansiedade e frustración; porque sinto igual que eles sentiron o desamparo e abandono dos gobernos de España e de Galicia en medio da gran catástrofe; por lealdade ás institucións democráticas, para esixi-la responsabilidade do presidente da Xunta de Galicia e do seu Goberno.

Presento esta moción de censura pola falla de dirección e de liderado do país nesta crise; polo intolerable abandono, señor Fraga, das súas responsabilidades: pola incapacidade técnica e política amosada ó longo da crise.

Presento esta moción pola manipulación da información, polo uso consciente e reiterado da mentira co intento de enganar a todo o país.

Presento esta moción a un presidente que cometeu unha grave irresponsabilidade política, desprezando e abandonando o seu país e os seus cidadáns na peor situación de crise na historia de Galicia.

Presento esta moción porque hai un clamor popular contra un presidente que, en plena crise, coa marea negra entrando en Galicia, enchendo de fuel e de chapapote a Costa da Morte, marchou para Aranjuez a cazar perdices coa nobreza; porque o Goberno galego optou por nega-la marea negra e as súas consecuencias, intentando cualificala como un simple vertido; porque se actuou desordenadamente, con prepotencia, desprezando desde o primeiro momento a colaboración leal ofrecida polo Partido Socialista, por tódolos socialistas, a colaboración no Parlamento, a colaboración na costa, a colaboración dos alcaldes, a colaboración dos militantes e dos simpatizantes, a colaboración das xentes que podiamos mover e que non necesitaban pedir que se moveran porque tiveron a madurez e a responsabilidade tamén de contribuír.

Presento esta moción porque non se trata de perder ou gañar unha votación, trátase de gañarlle unha batalla á catástrofe do *Prestige*; e, se non, esa é a verdadeira derrota, a derrota de todos; porque non estamos xa dispostos a consentir que co *Prestige* se afundan os valores da democracia, os valores da política; porque non estanos dispostos a tolerar que se abra e que se profunde ese abismo entre as institucións e a cidadanía; porque nos negamos rotundamente a que o desprestixio e a deslexitimación social caian sobre a democracia e o autogoberno que tantos esforzos e sacrificios custou conseguir.

Presento esta moción porque o presidente de tódolos galegos non estivo á altura das circunstancias; porque lle deu as costas a Galicia cando máis o necesitaba, nos momentos decisivos da crise; porque faltou á verdade, señor Fraga, de

modo reiterado, creando incerteza e desconfianza na cidadanía, nos momentos en que a cidadanía precisaba todo o contrario: seguridade e confianza, crenza no Goberno, crenza no presidente; porque vostede demostrou que non pode seguir á fronte do Goberno porque non está en condicións de gobernar Galicia, non está en condicións de lidera-la tarefa de reconstrucción nacional, de recuperación que o país necesita; porque vostede e o seu Goberno se converteron nun obstáculo para que Galicia saia adiante, dedicaron os seus esforzos máis ás loitas internas pola sucesión que ó interese xeral, e porque en momentos de crise non souberon estar cerca dos cidadáns, cos cidadáns, batallando con eles.

Presento esta moción porque temos un goberno ausente, interino, incapaz de plantexa-las solucións para os problemas do país, que, en definitiva, son os problemas da súas xentes.

Presento esta moción en nome do Partido Socialista porque como oposición temos un compromiso co país, coas galegas e cos galegos, porque o que nos corresponde facer desde o Parlamento é exerce-la función constitucional de control da acción do Goberno e dar propostas en positivo para esa recuperación, para a reconstrucción do país.

Velaí as raíces, as causas últimas, polas que plantexo a reprobación e esixo a responsabilidade do presidente e do seu Goberno cun profundo sentimento de tristeza; só desde a dignidade, desde a ética, só desde o compromiso co meu país, e coas súas xentes; xustamente e exactamente desde a lealdade á cidadanía e desde a responsabilidade que non tivo nin o presidente nin o Goberno de Galicia.

O que corresponde agora é a tarefa da superación desta crise, a recuperación do país, desde a autocrítica, desde a humildade que temos que asumir tódolos dirixentes políticos. E dicía antes, e reitero agora, que o que máis me preocupa desta sesión é que saiamos de aquí coa certeza de que volvería haber outro *Prestige*, outro accidente, e vostedes –e vostede, señor Fraga– farían exactamente o mesmo. Non pronunciou unha soa palabra de arrepentimento, nin fixo unha soa demostración de rectificación dos erros cometidos –en vez diso: a insensatez, a soberbia, a prepotencia, o autoritarismo levado ata o extremo maior posible–, nin un só xesto de entende-lo que reclama a cidadanía galega –madura, heroica, responsable, que estivo á altura das circunstancias, que cos seus medios e coas súas mans, coas súas embarcacións, paran o fuel e o chapapote nas entradas das rías–. Vostede non tivo palabras máis que de agradecemento á xente –!só faltaba!–, pero a partir de aí non entendeu nada do que pasou no país nestes días. Vive vostede illado nunha torre de marfil que o volveu insensible, incapaz de entende-lo que a xente está dicindo nas rúas. Por iso é necesaria a censura e a reprobación, porque vostedes converteron unha catástrofe e un accidente nunha crise dun tamaño e dunha magnitude que os fai a vostedes totalmente irresponsables.

Pola súa neglixencia, pola súa irresponsabilidade, polo seu abandono, pola súa incomparecencia, pola súa marcha do país, por deixarnos tirados a todos, señor Fraga, por iso é necesaria a moción de censura e a reprobación, porque é necesario que o Parlamento estea á altura das circunstancias e esixa as responsabilidades políticas que non están dispostos a asumir.

E, ó final, o máis tremendo que temos que ver e que padecer e sufrir é darnos conta de que a maioría do Partido Popular, a maioría aquí sentada, a maioría política co Goberno á fronte que sustenta, co presidente do Goberno á fronte, faría exactamente o mesmo. Parécelles que todo está practicamente ben feito, non tomaron nota de nada, non lles achegamos nada nin nós, nin os 200.000 galegos que piden a súa dimisión nas rúas, nin a maioría da cidadanía que ten unha sensación de rabia, de impotencia, de soidade e de abandono, precisamente derivada da súa actuación.

É realmente dramático o que estamos vivindo neste momento no Parlamento do noso país. É realmente dramático darnos conta de que o Goberno de Galicia, co seu presidente á fronte, non entende nada e está disposto a seguir na mesma situación. Cando Galicia vive a situación de emerxencia nacional máis importante, cando necesitamos ter un goberno que cambie realmente o rumbo e a forma de facer política, que lle dea a palabra á cidadanía, que estea próximo a ela, que dialogue con ela, que a escoite e logo actúe, que faga un chamamento á unidade, que sexa capaz de liderar e organiza-lo país, que sexa capaz realmente de uni-las enerxías que hai nas universidades, que hai na xente do mar, que hai na Galicia emprendedora, na Galicia da esperanza, nesa porta que acaban de abrir os cidadáns, o Goberno amosa que está absolutamente esclerotizado, absolutamente conxelado, parado, incapaz de reaccionar.

Por iso a moción de censura lanza a mensaxe xusta na dirección correcta onde hai que actuar. Necesitamos en Galicia un cambio de rumbo, necesitamos unha nova forma, un novo xeito de gobernar este país, un xeito de gobernar nacido da confianza na cidadanía, da lealdade á cidadanía, da transparencia e da vontade da maior transparencia e da maior claridade en toda acción de goberno, da austeridade –si, da austeridade, señor Fraga– en tódalas políticas e en tódolos seus actos. Necesitamos un goberno que sexa capaz de unir: de uni-los seus territorios, de uni-los seus alcaldes, de uni-la sociedade civil, de darlle unha esperanza e dicirlle que é posible, que imos saír e que imos reconstruír Galicia entre todos. Pero esa mensaxe hai que dala desde un presidente que teña a confianza, que teña o sentimento da proximidade da xente, non desde un presidente escapado, fuxido, desaparecido do país, un presidente dimitido de feito. Por iso é necesario –e plantexámolo con toda a nitidez e con toda a responsabilidade desde o primeiro momento– que vostede, señor Fraga, lle devolva a palabra ó pobo, a ese pobo que está aí, traballando e sacando este país adiante, no mar e no resto de Galicia, que está unido e cohesionado. O pobo si está unido, o pobo si está cohesionado. O que non está cohesionado é o Goberno de Galicia, o Goberno do pobo, porque deixou de se-lo Goberno do pobo, o Goberno deste país. Por iso é necesario restaurar democraticamente a situación, por iso é necesario que vostede lle devolva a dignidade ó país, que vostede lle dea a palabra á cidadanía, que vostede convoque eleccións, que lles dea ós cidadáns a oportunidade e a palabra, que lles dea a dignidade que gañaron a pulso nas rías e nos peiraos, en tódalas partes, durante todo este período no que realmente foi a cidadanía madura, os galegos e as galegas, os que foron capaces de estar á altura das circunstancias e colle-lo país nas súas mans cando estaban nunha situación de desgoberno e de incapacidade plena do Goberno de Galicia e de España para afronta-la situación.

Vostedes converteron o *Prestige* nunha catástrofe incalculable de consecuencias moi duras, de consecuencias cotiás para a vida das familias, para a vida dos mariñeiros, das mariscadoras e dos mariscadores, para a vida da xente humilde, da xente do mar, da xente que vive, participa, que coida o mar, que vive del, que lle deu todo o que tiña ó mar; a ese mar que forma parte da identidade do ser do noso país.

Está en xogo o ecosistema máis prezado de Galicia, está en xogo o ecosistema máis importante nalgúns aspectos de toda Europa. É unha crise de ámbito galego, español e europeo. Necesitamos, desde Galicia, liderar esa resposta española e europea na que nos poidamos sentir de verdade europeos e españois, plenamente, porque sintámo-la calor do apoio, da implicación de España e de Europa. Pero para iso necesitamos un Goberno con outro talante, con outra maneira de facer política. Necesitamos un Goberno que realmente traballe desde a transparencia, desde a eficacia, desde o consenso, desde a proximidade, desde a lealdade á cidadanía. Esa é a forma, e dígoo desde a serenidade e a responsabilidade dun partido que ofreceu lealmente o mellor de si no traballo na Cámara e nas rúas deste país, dun partido que actúa con responsabilidade, dun partido que sabe o momento transcendental, o momento histórico, que está a vivir Galicia. Pero hoxe teño a convicción, témo-la convicción, de que vostedes son un auténtico obstáculo para a recuperación do país, e por iso é necesario que realmente o pobo tome a solución nas súas mans, democraticamente, pacificamente, serenamente e responsablemente, decidindo co seu voto qué goberno quere, qué maioría quere, cómo quere que transformemos e reconstruámo-la nación, que está debilitada e danada no seu tecido máis sensible, no seu aspecto máis central, porque esta catástrofe deunos no corazón, deunos no corazón como dicía pola mañá o verso de Rosalía, e deunos de verdade no corazón do país, na riqueza, na actividade, na Galicia emprendedora e sensible, esa Galicia que tomou a palabra e á que eu lle pido que lla devolva, señor Fraga, que lle dea a palabra ó pobo, que de verdade faga ese acto de dignidade.

Dicía, e reitéroo, que eu o respectei sempre, que respectei a súa traxectoria, que respectei a súa biografía, que respectei o seu traballo por Galicia. Vostede tenlle prestado moitos servicios a este país, pero todo ten un límite na vida, e o límite da súa capacidade de gobernar hoxe está realmente en cero.

Hoxe vostede realmente dimitiu. Na práctica deixounos tirados e abandonados. O Goberno de Galicia deixou de ter esa capacidade de resposta mínima que hai que esixir de toda Administración pública e de todo gobernante leal coa cidadanía e coa institución que representa. E por iso é tan importante que vostede hoxe realice ese acto de dignidade.

Eu pídolle que reflexione, que pense en profundidade cál debe se-la actuación que vostede debe ter. Eu non podo crer que de verdade vostede teña a conciencia tranquila, que poida durmir tranquilamente, que poida dici-lo que hoxe dixo aquí con toda a tranquilidade: que podía estar tranquilo, que o país podía estar tranquilo, que vostede se sentía satisfeito co labor realizado. Esa non é a mensaxe que o país necesita escoitar. Necesita escoitar unha mensaxe de esperanza, unha mensaxe de traballo, unha mensaxe de futuro, unha mensaxe de ambición, unha mensaxe de capacidade, unha mensaxe de vocación de unir e unha mensaxe realmente de estar coa xente, de estar coa cidadanía, de estar próximo ó problema de cada cidadán deste país.

E hoxe o problema chámase reconstruí-la saída da crise. Presentamos unha moción de censura desde a crítica constructiva, desde a reprobación e a esixencia de responsabilidades; pero tamén o Partido Socialista de Galicia dixo hoxe aquí con toda claridade cáles eran os eixos prioritarios de actuación; exerce-lo autogoberno, políticas de austeridade e de rigor, coas políticas públicas en primeiro plano, co exemplo no comportamento do Goberno e na actitude do Goberno en primeiro plano; políticas para de verdade traballar polo desenvolvemento sostible, para traballar pola recuperación cun programa e cun plan global de recuperación económica para afronta-la crise no terreo económico e no terreo medioambiental, co obxectivo, de verdade, de que tódolos afectados directa e indirectamente poidan recupera-la súa actividade, o seu futuro, a súa perspectiva vital, a súa posibilidade de ser; co obxectivo de que o patrimonio natural o poidamos recuperar e de que poidamos facer un esforzo para seguir salvando a riqueza das nosas costas e das nosas rías; co obxectivo de lograr e de conseguir por fin que, no século XXI, Galicia poida endereita-lo rumbo do seu destino e non volver nunca máis sufrir unha catástrofe coma a do *Prestige* nin ter un goberno que lle deu dimensións de crise nacional, da crise maior da historia de Galicia: a crise social, a crise ambiental, a crise política que nunca este país tivo como ten agora. E iso deriva da súa responsabilidade, presidente, iso deriva da acción, da omisión e da inacción do Goberno de Galicia e do Goberno de España. Por iso presentámo-la moción de censura.

Eu quero finalizar dirixíndome á maioría do Partido Popular. Antes quero agradecerlles a tódolos grupos da oposición, en primeiro lugar ós meus compañeiros deputados do Grupo Parlamentario Socialista, o apoio que lle brindan á moción e o apoio que me brindan como candidato, pero quero agradecer tamén lealmente a colaboración, o apoio, a coincidencia na moción de censura coa súa propia moción, desde a súa autonomía política, do Bloque Nacionalista Galego. A vós tamén, compañeiros deputados da oposición, gracias, porque creo que Galicia necesita neste momento ver que hai unha oposición que coincide na dirección e no rumbo, na necesidade dunha alternativa, na crítica e na censura; que coincide na responsabilidade, que coincide na madurez; creo que Galicia necesita ver esa mensaxe que hoxe estamos dando aquí os deputados do Partido Socialista de Galicia e do BNG, do BNG e do Partido Socialista. Gracias, pois, a todos polo seu apoio, e a vostedes, maioría que apoia o Goberno do Partido Popular, pídolles que, voten o que voten, independentemente do seu voto, pensen en Galicia, na recuperación e na reconstrucción nacional do país.

Eu estou convencido de que máis cedo que tarde imos abrir esa porta á esperanza, que existirá un cambio de rumbo político neste país: o que a cidadanía reclama; que existirán dimisións: as que a cidadanía reclama; que existirá un novo goberno neste país: o que a cidadanía decida. Nada parará un pobo orgulloso e maduro, un pobo que é capaz de mobilizarse, nas rúas e no traballo, na defensa do seu orgullo e da súa dignidade. Non hai forza nin dique nin muralla capaz de para-la enerxía mobilizadora do noso país. Galicia anda, Galicia inicia o século XXI transformando unha traxedia nun camiño de futuro, nun camiño de esperanza. Gracias a cada cidadán polo seu comportamento, dígoo desde a humildade como dirixente político. A eles, a honra e todo nesta moción de censura. Vostedes non sei se estarán á altura das circunstancias. Témome que non. Pero teñan a completa seguridade de que ese rumbo novo, ese cambio, esa forma nova de facer política, abrirá camiño tamén no século XXI en Galicia.

Máis nada e moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Touriño.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BEIRAS TORRADO: Última intervención e derradeira neste pleno, afortunadamente.

O teatro tiña aquel esquema de exposición, nó e desenlace. ¿Estamos no desenlace ou aínda non? ¿Estamos? Máis ben penso que o desenlace debe ser a votación. !Ah!, é que xa está feita, claro.

O señor PRESIDENTE: ¿Comezou xa, ou...?

O señor BEIRAS TORRADO: Comprendo.

Mentres nós estamos debatendo todo isto, a xente estao pasando moi mal e, por isto, desde logo, no que a nós nos atinxe, ao BNG, e no que a min me atinxe persoalmente, quixemos facer todo o posíbel para que este debate, que era necesario, non desprazase a atención dos cidadáns do que é a súa preocupación neste momento. Por iso nós tentamos facer un debate cinxido ao problema. Este país ten moitos problemas. Nun debate de investidura hai que tratar todos os problemas do país e hai que debater cál é a alternativa programática que os candidatos á investidura, ou o candidato, presentan. Aquí non, aquí é o problema. E o problema está aí, está no mar, na beiramar. E desde o mar e a beiramar penetra por todo o país, polas súas arterias, polo seu sistema linfático, polo seu sistema nervioso, polos seus tecidos musculares, porque o impregna todo. Por iso nós dixemos, desde o primeiro momento, moito antes de que estivese no horizonte que fose ou non existir un debate destas características, que este era un problema nacional de Galiza. Vostedes poden dicilo doutra maneira. Este é un problema de toda Galiza, non un problema da Costa da Morte, non un problema das rías baixas, non un problema dos percebeiros e dos acuicultores de cultivos mariños, nin sequera do conxunto da economía da costa. Á parte de ser un problema ecolóxico brutal, é un problema de todo o país. E eu coido que se somos un pouco capaces de prestarlle atención ao que... auscultar, poñerlle o fonendo ao que está pasando na sociedade neste momento. E, claro, para poñer o fonendo non se pode facer moito ruído, se non, non se escoita nada; e hai moito balbordo no país e hai que saber interpretalo, pero hai que poñer o fonendo debaixo do balbordo, na pel da xente.

Eu coido que se facemos iso –se fomos capaces de saír dos muros deste recinto, se fomos capaces de vencer esa maquinal propensión que o traballo político e institucional induce en cada un de nós, queiramos que non, a illarnos do que pasa na cabezas, nos corazóns e nas fibras nerviosas dos cidadáns– hai unha diagnose que non se pode eludir, e é que os cidadáns son os que demostraron nestes días que eles si que se decataron cunha lucidez extraordinaria de que este era un problema de toda a nación galega, que non era un problema sectorial. Que haxa mobilizacións en Ourense cando o problema é da Costa da Morte ou das rías baixas, ¿que significa? E por iso nós queremos ser moi respectuosos con esa dinámica, porque, ademais, o cambio nas sociedades dáse na dinámica da sociedade e logo trasládase ás institucións. Sexamos sinceros, eu non coñezo ningún –ou polo menos non podo lembrarme agora de ningún– cambio importante, relevante, que se producise na sociedade de ningún país, de ningunha nación do planeta, en toda a historia –polo menos en toda a historia moderna e contemporánea–, que se producise nas institucións políticas, no rumbo político, mesmo na estructuración, no deseño, na índole das institucións políticas, que non fose consecuencia dun proceso que se dá na sociedade; e a penas coñezo ningún no que, á inversa, se lograse que se dese un cambio drástico nas institucións e que se dese un proceso dinámico de cambio inducido desde aí nas sociedades. É máis, se facemos memoria, ¿por que se chaman golpes de Estado os golpes de Estado e en cambio se chaman revolucións outro tipo de procesos? ¿Por que se fala de p*utsch*? ¿Que pasou en Chile en 1973 o mesmo día en que, pasado moito tempo, se produciu o das Torres Xemelgas, o 11 de setembro? Cambio, si, pero cambio para atrás, decapitación de liberdades. Houbo que facelo arriba. Golpe militar. É unha operación por arriba, na superestructura, porque había que parar o proceso que se daba na sociedade. Non hai ningún proceso de cambio realmente... Polo menos para os que somos de esquerdas e temos unha formación e un pensamento o máis serio posíbel, esa é a nosa convicción.

Se no Estado español chegou a haber un Estado das autonomías era porque había tres cuestións nacionais onde a sociedade estaba en marcha, e forzaron iso. ¿Quen pensaba, a quen lle interesaba, ter autonomía en La Mancha, Extremadura, en La Rioja? *Es igual*. E aquí, polo tanto, é a cidadanía a que está operando o cambio, o cambio de actitude. E, repito, converteuse na protagonista porque se esborrallou de repente o aparato de poder, inane; produciuse de facto un baleiro de poder, ou foi percibido pola cidadanía como un baleiro de poder, dáme igual.

Deixemos que, se se leva en serio adiante a comisión de investigación, faga análise, e entón teremos a diagnose de

ata ónde houbo ineficiencia ou non ineficiencia, etc. –¿de acordo?–; de ata ónde chegan as responsabilidades políticas en concreto, non as responsabilidade política á que eu me referín fundamentalmente en nome do BNG ao longo de todo este debate, que, para nós, está patente e manifesta, e xa o dixemos: no presidente da Xunta e no seu Goberno. Pero terán que recoñecer que a reacción da xente, da cidadanía, foi primeiro de autodefensa. Oia, se funcionaran as cousas non terían que autodefenderse. Se as cousas estivesen preparadas, o voluntariado integraríase nunha retícula establecida para a programación adecuada; os mariñeiros nos pesqueiros, cando saen a atacar o monstro, como dicían eles, o chapapote, fóra, non terían dado lugar a ningunha imaxe gráfica de estalo apañando coas mans ou con trueiros, porque habería nos portos pesqueiros do señor Cuíña os medios loxísticos adecuados para que actuasen doutra maneira; non terían que estar tres semanas para agardar a que agora se diga aquí que por fin hai o que se anuncia. Tres semanas, xa non me meto máis. ¿De acordo? Estamos a 12 de decembro. O accidente foi o 13 de novembro. Deixemos os primeiros días, xa lles fago o agasallo dunha semana. E a ninguén se lle ocorrerá... porque non creo que haxa ningún tipo de paranoia nesta Cámara nin en ningún dos sectores; desde logo, no noso, por suposto, non; pode haber inxenuidade de crer demasiado no funcionamento efectivo dos resortes da ética política –non me doen *prendas*–, pero paranoia non. Non creo que ninguén...

Claro, en canto á ética política, se eu me atopo na posición do actual presidente da Xunta, poden ter por seguro que tería dimitido. ¿De acordo? Dirán: É moi fácil dicilo porque non es presidente e, ademais, non o vas ser nunca. Xa o sabemos, dirán iso. Dáme igual. Castelao non foi nunca presidente de ningunha Xunta de Galiza, e hoxe este país, se existe, non é gracias a don Manuel Fraga Iribarne, ¿verdade?, é gracias aos que eran como Castelao.

Pero volvo, a ninguén se lle poderá ocorrer que o que pasa é que a xente se puxo así, á parte de autorganizarse –en vez de ser organizada ou entrar nunha trama organizada previamente–, de mobilizarse e facer presión política, que non facían as institucións políticas; de dicir –porque o teñen dito, está nos medios de comunicación, incluso nos da Xunta de Galiza, ou, se queren, nos autonómicos; iso tamén saíu–: ¿Onde está o Estado? –¿non o escoitaron dicir na rúa, non o leron, non o viron na televisión, en entrevistas?–a xentes do común, non a dirixentes do BNG... Se todo iso ocorreu, supoño que ninguén caerá na paranoia de pensar que foi organizado *por el Bloque* ou que aquí hai unha quinta columna ou non sei qué, cunha potencia extraordinaria para intoxicar a xente, vencer a intoxicación ou a información oficial, darlle a volta a todo e que a xente se poña así. E estamos tocando fondo e vostedes están tocando fondo. E o problema é para vostedes sobre todo, politicamente: socialmente é para a cidadanía galega, porque para vostedes non é ningún problema. Vostedes van seguir cobrando nos seus cargos, facendo o seu choio. Si, si, cobrando, porque traballan niso. ¡Moi ben!, hai que pagar o que se traballa. Nós tamén, claro. Eu son un privilexiado. Sempre o dixen. Precisamente por iso sigo traballando na política, porque hai moita xente que o pasa moi mal e que cre que o Beiras pode facer algo, aínda sen poder.

Polo tanto, se non foi unha montaxe, aí está. Repito: esborrallouse o Estado, desapareceu o Estado da escena, polo menos esvaeuse, e emerxeu a nación. ¿Queren vostedes dicir a "cidadanía"? Váleme. Oian, desde a Revolución Francesa, a cidadanía, a nación, está definida. A definición máis xacobina de nación é a cidadanía. En Francia chámase Asemblea Nacional, pero aquí chámase Cortes Españolas. Cortes, como no Antigo Réxime. Nin se chama "asemblea" nin "nacional". "Nacional" *es el equipo de fútbol*, a Radio Nacional de España, a televisión nacional de España; todo é nacional. Aquí todo o que é superfluo é nacional, porque, claro, como non existe, hai que crear unha mitoloxía no sentido de Roland Barthes, insisto. Aquí houbo que construír unha aparencia de realidade nacional desde arriba a base de crear un imaxinario, e o pobo galego resulta que se sente pobo galego con ou sen imaxinario creado, e demóstrao cando se pon como se pon agora, nas situacións límite precisamente, que é onde se ve se existe ou non existe un pobo realmente. E por iso digo que nos sentimos, dentro do pesadelo que estamos a pasar, enormemente reconfortados; tristes, con sensación de impotencia, con carraxe contida, pero moi confortados. E a esperanza non está no cambio de rumbo político en abstracto, o horizonte está en que se está a producir un paso máis, cualitativo, no proceso de desenvolvemento da conciencia cívica, que ten un compoñente de conciencia de identidade propia. E para vostedes iso é cuestión de palabras, déixano fóra. Pois non se *enteran*; como non se *enteran,* operan ou, mellor dito, deixan de operar; convértense en inoperantes ata o punto –política e adminis-

trativamente, como centro de decisión e como xestores– de non saber conducir politicamente a crise para evitar que acabasemos nunha moción de censura; e aí está.

Ata tal punto é así –estou infrinxindo as miñas propias pautas porque xa non quedan máis que catorce minutos e dicía que quería ser breve– que na última intervención do presidente, por unha banda dixo nun momento: "A censura carece de fundamento"; agora está demostrado que si. Dixo outras cousas polo medio e, de súpeto, di: "Teño que dicir –non sei se é literal, desculpe– que nos sentimos responsables pero non nós sentimos culpables". ¡Ah, séntense responsábeis! Por primeira vez, por fin, admiten vostedes a responsabilidade que teñen. Se admiten a responsabilidade, a responsabilidade é política. Polo tanto, de acordo co Estatuto e coa Lei do Parlamento e coa Lei da Xunta e do seu presidente, a moción de censura ten todo o fundamento do mundo. Por unha banda di vostede que chegou á conclusión, despois do debate, de que carece de fundamento e, por outra, acaba de dicir que está absolutamente fundada. Se vostedes mesmos se senten responsábeis, para esixir responsabilidades está a moción de censura, señor presidente. Mire vostede por onde, ao final... E comprendo o que lle pasa, porque vostede sabe que é responsábel, porque vostede toda a súa vida, a partir dun determinado momento, foi un home de Estado. Dicíase incluso aquilo de que lle cabía o Estado na cabeza. Sempre pensei que era moi difícil porque o estado é un Leviatán, e é difícil que lle colla aí dentro, ¿non? Iso si, si o concepto de Estado; o seu, claro, que tampouco é hoxe o mesmo de hai corenta anos. Vostede sabe perfectamente que é responsábel, e pode haber moitas razóns obxectivas e subxectivas para que, aínda así, vostede siga rexeitando a idea de dimitir, pero estou convencido –mire, non son adiviño e podo trabucarme totalmente– de que durante estes días, máis dunha vez, máis de dúas, lle pasou pola cabeza –e non así senón que o pensou seriamente–: ¿E se eu dimitise? ¿Non é o que debería facer, saír pola porta grande? Porque quen dimite fai algo que é moi honroso, e sae sempre pola porta grande. A chantaxe que se lles fai normalmente aos cargos políticos no seu contorno, ou en determinados segmentos do seu contorno, é que é indispensábel e non pode vostede dimitir. A min tenme pasado, sen ter poder político. É unha dinámica que existe. Non faga vostede caso, decida o que queira, pero non deixe que lle adubíen a cousa dicíndolle que vostede é indispensábel, porque todos somos mortais e, se eu morro mañá, o Bloque non vai desaparecer, ¿verdade? Se fose indispensábel escachizábase. Se vostede dimite –non se morre, que non é do que se trata nin o desexábel, por suposto–, o PP non se escachiza; a non ser que o PP non exista máis que con vostede, e entón non é un partido, entón é unha corte dos milagres valleinclanesca arredor dun personaxe case totémico. ¿Ve vostede como ao final retornamos ao concepto de democracia? E non dos libros, senón do que é realmente a realidade, a dinámica da realidade, e ao que é na práctica. Polo tanto, xa que vostede dixo que a censura carece de fundamento non lle vou dicir entón que voten a favor, pero polo menos queda claro que ten fundamento. E está ben que, polo menos, admita responsabilidade política. Logo xa se establecerá a qué nivel. Nós pensamos que ao nivel de reprobación e, polo tanto, debería prosperar esta moción de censura. Sabemos que non vai prosperar porque todos –non é exclusiva dun grupo parlamentario–, na práctica actual, os deputados e as deputadas non votamos en conciencia, votamos o que está establecido que hai que votar. ¿Ou non? Se se votase en conciencia, podían pasar cousas moi estrañas neste Parlamento e en calquera Parlamento ao longo dunha lexislatura; e non só dunha banda, de moitas bandas, de calquera, da nosa tamén. Finalmente dixo: "A nosa preocupación hoxe é a catástrofe da marea negra". Nisto coincidimos totalmente, tamén é a nosa. E, polo tanto, poñámonos a traballar. Agora non é tempo de se se dialoga ou non se dialoga; agora é tempo de se se traballa ou non se traballa.

Vostede sempre admirou moito a Winston Churchill. Sabe perfectamente cál foi a súa traxectoria durante a Batalla de Inglaterra, cando estaba só Inglaterra fronte ao monstro nazi, aguantando, con bombardeos todos os días, Londres ardendo, etc. Como o sabe vostede mellor ca min, non lle vou recordar nada diso, pero alí non se establecía que se se dialoga ou non se dialoga; alí o que había que facer era ver cómo se apagaban os incendios provocados polas bombas e ver cómo se lograba que os *spit fire* puideran saír a atacar no aire os bombardeiros alemáns, e ver cómo se organizaban os refuxios e a asistencia, etc. E isto está pasando neste país sen guerra, e os cidadáns percibírono e por iso reaccionaron así; pero sen ningún Churchill –que, por certo, era un carca terrorífico, foino sempre–. Efectivamente.

Moi ben, pois a nosa preocupación foi desde o primeiro día a catástrofe. Goréntame que agora tamén sexa a súa, porque, desde logo, o día 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19 non o foi,

porque *obras son amores y no buenas razones*. O que vostedes fixeron de ningún xeito demostrou que era a súa preocupación, senón todo o contrario. ¿Vostede cre que Winston Churchill durante a Batalla de Inglaterra tería marchado do sitio onde tiña que estar a todas horas? Non. ¿Por que? Porque vostedes pensaron que aquilo non era un problema grave. Durante eses días vostedes non calibraron o que se lles viña enriba. Pensaron: isto xa está, vano levar para... Creron as propias mentiras da propaganda oficial do Goberno do Estado, e caeron como pardais nas mentiras de Rajoy, de Aznar... Está ben, Aznar estaba calado. Claro, estaba en Corfú, exactamente no de *My Family and Other Animals* do autor que xa mencionei, Durrell, que non é o Durrell do *Cuarteto de Alejandría*, non, é outro. Nós si, desde o principio. Polo tanto, aí estamos de acordo. Pois a ver se choian un pouco porque nós levamos choiando tres semanas con toda a militancia posta en marcha e coa xente. Si, si, traballando, todo o mundo o que pode. Claro. *(O señor Pita pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, non sexa vostede vulgar, non sexa vulgar, por favor, señor Pita. A ver se vai resultar que vostede é menos listo do que eu pensaba. Non sexa vulgar. Está aí, a xente sábeo, sabe quén está *dando o callo* todos os días, sábeo perfectamente. *Ya, ya, las ursulinas también se soliviantan ahora a última hora*.

Non lle vou dicir aquilo que dixera –que foi xenial– o meu compañeiro Bautista Álvarez, que vostede, señor Fraga, debía ser o único granxeiro que tiña pitas que eran galos. Non quero frivolizar. Está claro que a censura ten todo o fundamento; está claro que son reprobábeis e que temos que reprobalos; está claro que xa recoñecen que teñen responsabilidades e, polo tanto, a censura ten fundamento –outra cousa é a gradación–; está claro que agora a súa preocupación é a que xa foi a nosa desde o principio: a catástrofe da marea negra; e está claro que, polo tanto, hai que facer todo o posíbel para que "nunca máis" volva ocorrer.

A catástrofe do *Prestige* non foi a primeira –eu relatei brevemente as que, cunha cadencia de catro anos, houbo intermitentemente desde 1970 ata agora–, pero ten que ser a derradeira –non a última; ollo á corrección semántica. Se é a última pode haber outra–. Iso é o que reclama a cidadanía, e iso ten un tempo que é o tempo desta catástrofe, que non cadra co tempo deste debate. Nin cadra a cadencia do problema creado pola catástrofe porque a carencia foi frenética durante todos estes días na realidade, mentres que a cadencia deste Parlamento foi a cadencia da máxima lentitude–, nin a duración, porque a duración do problema se vai estender durante moito tempo e este é un debate efémero; pero estou convencido de que vostedes saben o que significa efémero, non vaian pensar outra cousa: que dura o que dura. Pero como non fomos quen de convencelos de que debían dimitir e como teñen maioría maquinalmente absoluta neste Parlamento e a van exercitar, entón non vai resolver nada, pero non polo debate senón pola súa posición de *piñón fijo*, inconmovíbel.

Mentres tanto, a cidadanía seguirá facendo o que está a facer, o que non fixeron vostedes, o que vostedes din agora que van empezar a facer; e seguirá sendo a protagonista. Por iso a alternativa está na cidadanía, clarisimamente na cidadanía, nesa que deu todo ese recital de coraxe, de capacidade de reacción, de combate, de capacidade de presión política. De feito, o que empezan a facer vostedes é porque esa cidadanía se mobilizou, se non, seguro que non o facían.

Vostedes só respectan a quen temen, e neste momento vostedes temen esa cidadanía por primeira vez en moito tempo, e por iso intentan empezar a funcionar. E iso o que significa é que, con censura ou sen censura, con votación favorábel ou non favorábel, evidentemente vostedes están tocados, tocadísimos, supertocados, porque ademais ningún dos cidadáns que está traballando poderá dicir que o BNG intentou subir ao carro para aproveitar no Parlamento o traballo que estaban facendo os cidadáns, diversos ideolóxica e politicamente, diversos socialmente, que están sendo realmente a nación activa.

Desculpen a pedantería. ¿Lémbranse no debate de hai dous meses por aquilo do patriotismo constitucional que na réplica eu fixen unha referencia a Habermas, a Jürgen Habermas? Saben vostedes moi ben –polo menos don Manuel sábeo moi ben– que Jürgen Habermas fixo unha reformulación do concepto de nación distinguindo entre a "nación nacida" e a "nación querida", e tivo que facelo para poder facer unha constitución que recollese o feito nacional alemán despois da Guerra Mundial, cando falar de nación e nación alemana era imposíbel por toda a experiencia dos nazis e o trauma terrorífico que significou. Claro, Galiza é unha nación nacida e unha nación querida pola xente que toma conciencia da súa identidade e que quere que esa nación sexa efectiva. Só cando quere a suficiente porcenta-

xe da cidadanía, transfórmase na nación querida no sentido de que se plasma ese querer ser nun texto constitucional.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Ese proceso está en marcha e a crise do *Prestige* acelérao. E vostedes van ser varridos, *gone with the wind*, mesmamente por ese proceso, pouco antes, pouco despois; de momento nós non lles imos facer o favor de votar divididos na oposición. Non lles imos facer ese favor. Que saiban os cidadáns que, a pesar de todo, ante esta ruda adversidade urxente somos capaces de coincidir en que vostedes son censurábeis e que os cidadáns teñen a palabra cando lles toque.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Suspéndese a sesión ata a hora da votación

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Retomámo-la sesión.

En presencia dos membros da Mesa e dalgún deputado máis introducíronse neste saco 64 bólas, que son as que lles corresponden ós deputados polos cales hai que empeza-la votación, tendo en conta que os membros do Goberno que non son deputados e os membros da Mesa son os últimos en votar. Polo tanto, hai unha lista formada por 64 deputados e deputadas que comeza polo señor Álvarez Domínguez e remata polo señor Veiga Buxán, que ten o número 64. A votación farase desde o escano por chamamento individual e persoal. O chamamento vaise facer nominal e a resposta será que os que están de acordo coa moción de censura dirán "si", os que non están de acordo dirán "non", e os que queiran absterse manifestarán "abstención". Farase o chamamento desde o propio escano. Contestarán a pregunta que lles vou formular eu agora: ¿Están de acordo ou non coa moción de censura?

Imos saca-lo número que corresponde ó deputado ou deputada polo cal comeza a votación. (Pausa.) É o número 42, que corresponde ó señor Pose Mesura. O señor secretario procederá ó chamamento.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):

Pose Mesura, Modesto: si.
Ramallo Vázquez, María Pilar: non.
Rego González, Ismael: si.
Reviejo Ares, Miguel Ángel: non.
Rodríguez Corcova, Fernando: non.
Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo: si.
Rodríguez Fernández, Maximino: non.
Rodríguez González, Manuel Luis: si.
Rodríguez Peña, Xosé Henrique: si.
Rodríguez Seijas, María Dolores: non.
Rojo Nogueira, Pilar: non.
Ruíz Rivas, Manuel Santos: non.
Santalices Vieira, Miguel Ángel: non.
Seara Sobrado, Laura: si.
Sestelo Fernández, Ramón: non.
Sineiro García, Francisco: si.
Soneira Tajes, María Soledad: si.
Suárez Canal, Alfredo: si.
Sueiro Pastoriza, Alberto: non.
Tapia Fernández, María Jesús: non.
Trigo Durán, Francisco: si.
Varela Sánchez, Ricardo: si.
Veiga Buxán, Xesús Manuel: si.
Álvarez Domínguez, Bautista: si.
Álvarez Montes, Marta: non.
Amarelo de Castro, Fernando: non.
Baltar Blanco, José Manuel: non.
Barreiro Fernández, José Manuel: non.
Beiras Torrado, Xosé Manuel: si.
Bueno Berrío-Ategortua, Marisol: non.
Caldelas Fernández, María Josefa: non.
Carballo Páez, Ramón: non.
Casares González, Juan Manuel: non.
Castedo Carballo, Remedios: non.
Castro García, Roberto: non.
Cerviño González, Francisco: si.
Cortizo Nieto, Miguel: si.
Díaz Díaz, Xosé: si.
Díaz Vázquez, Manuel: non.
Fernández Davila, María Olaia: si.
Fernández Rosende, Jesús María: non.

Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco: si.
Gago Álvarez, Cástor: non.
Gallego Calvar, Carmen: si.
García Negro, María Pilar: si.
González Laso, Natividad: si.
González Loroño, Beatriz: non.
Gutiérrez Fernández, Eduardo: si.
Janza Muñiz, Paula: non.
Juncal Rodríguez, Juan Manuel: non.
Lobeira Domínguez, Bieito: si.
López Abella, Susana: non.
López Díaz, Victoria Eugenia: non.
López Outeiral, Manuel: non.
López Pérez, Emilio: si.
López Vidal, Pablo Xabier: si.
Louro Goyanes, Antón: si.
Madarro González, Elisa: non.
Méndez Romeu, José Luis: si.
Merino Mejuto, Domingos: si.
Novo Arrojo, María Tereixa dos Anxos: si.
Palmou Lorenzo, Xesús: non.
Pérez Herraiz, Margarita: si.
Pérez Touriño, Emilio: si.
Porro Martínez, María Corina: non.
López Besteiro, Manuela: non.
López Veiga, Enrique César: non.
Cuíña Crespo, Xosé: non.
Pita Varela, Jaime Alberto: non.
Fraga Iribarne, Manuel: non.
Villarino Santiago, Dolores: si.
Pedrosa Vicente, Juan: non.
Álvarez Blanco, Salomé: si.
Rodríguez Cuervo, Inmaculada: non.
García Leira, José María: non.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a escruta-la votación á primeira moción.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a moción.

Procedemos agora á votación da segunda moción presentada. Sacamos por sorteo o número que corresponde ó deputado ou deputada polo que comeza a votación. (Pausa.) É o número 19, que corresponde ó señor Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):

Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco: si.
Gago Álvarez, Cástor: non.
Gallego Calvar, Carmen: si.
García Negro, María Pilar: si.
González Laso, Natividad: si.
González Loroño, Beatriz: non.
Gutiérrez Fernández, Eduardo: si.
Janza Muñiz, Paula: non.
Juncal Rodríguez, Juan Manuel: non.
Lobeira Domínguez, Bieito: si.
López Abella, Susana: non.
López Díaz, Victoria Eugenia: non.
López Outeiral, Manuel: non.
López Pérez, Emilio: si.
López Vidal, Pablo Xabier: si.
Louro Goyanes, Antón: si.
Madarro González, Elisa: non.
Méndez Romeu, José Luis: si.
Merino Mejuto, Domingos: si.
Novo Arrojo, María Tereixa dos Anxos: si.
Palmou Lorenzo, Xesús: non.
Pérez Herraiz, Margarita: si.
Pérez Touriño, Emilio: si.
Pose Mesura, Modesto: si.
Ramallo Vázquez, María Pilar: non.
Rego González, Ismael: si.
Reviejo Ares, Miguel Ángel: non.
Rodríguez Corcoba, Fernando: non.
Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo: si.
Rodríguez Fernández, Maximino: non.
Rodríguez González, Manuel Luis: si.
Rodríguez Peña, Xosé Henrique: si.
Rodríguez Seijas, María Dolores: non.
Rojo Nogueira, Pilar: non.
Ruíz Rivas, Manuel Santos: non.
Santalices Vieira, Miguel Ángel: non.
Seara Sobrado, Laura: si.
Sestelo Fernández, Ramón: non.

Sineiro García, Francisco: si.
Soneira Tajes, María Soledad: si.
Suárez Canal, Alfredo: si.
Sueiro Pastoriza, Alberto: non.
Tapia Fernández, María Jesús: non.
Trigo Durán, Francisco: si.
Varela Sánchez, Ricardo: si.
Veiga Buxán, Xesús Manuel: si.
Álvarez Domínguez, Bautista: si.
Álvarez Montes, Marta: non.
Amarelo de Castro, Fernando: non.
Baltar Blanco, José Manuel: non.
Barreiro Fernández, José Manuel: non.
Beiras Torrado, Xosé Manuel: si.
Bueno Berrío-Ategortua, Marisol: non.
Caldelas Fernández, María Josefa: non.
Carballo Páez, Ramón: non.
Casares González, Juan Manuel: non.
Castedo Carballo, Remedios: non.
Castro García, Roberto: non.
Cerviño González, Francisco: si.
Cortizo Nieto, Miguel: si.
Díaz Díaz, Xosé: si.
Díaz Vázquez, Manuel: non.
Fernández Davila, María Olaia: si.
Fernández Rosende, Jesús María: non.
Porro Martínez, María Corina: non.
López Besteiro, Manuela: non.
López Veiga, Enrique César: non.
Cuíña Crespo, Xosé: non.
Pita Varela, Jaime Alberto: non.
Fraga Iribarne, Manuel: non.
Villarino Santiago, Dolores: si.
Pedrosa Vicente, Juan: non.
Álvarez Blanco, Salomé: si.
Rodríguez Cuervo, Inmaculada: non.
García Leira, José María: non.

O señor PRESIDENTE: Procedemos ó escrutinio da segunda votación.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a moción.

Remata a sesión ás once e dez minutos da noite.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Álvarez Blanco, Salomé	(BNG)
2.- Álvarez Domínguez, Bautista	(BNG)
3.- Álvarez Montes, Marta	(PP)
4.- Amarelo de Castro, Fernando	(PP)
5.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
6.- Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
7.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(BNG)
8.- Bueno Berrío-Ategortua, Marisol	(PP)
9.- Caldelas Fernández, María Josefa	(PP)
10.- Calvo Pouso, Diego	(PP)
11.- Carballo Páez, Ramón	(PP)
12.- Casares González, Juan Manuel	(PP)
13.- Castedo Carballo, Remedios	(PP)
14.- Castro García, Roberto	(PP)
15.- Cerviño González, Francisco	(PS deG-PSOE)
16.- Cortizo Nieto, Miguel	(PSdeG-PSOE)
17.- Cuíña Crespo, Xosé	(PP)
18.- Darriba Calviño, Rosa	(BNG)
19.- Díaz Díaz, Xosé	(BNG)
20.- Díaz Vázquez, Manuel	(PP)
21.- Fernández Rosende, Jesús María	(PP)
22.- Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco	(BNG)
23.- Fraga Iribarne, Manuel	(PP))
24.- Gago Álvarez, Cástor	(PP)
25.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
26.- García Leira, José María	(PP)
27.- García Negro, María Pilar	(BNG)
28.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
29.- González Laso, Natividad	(PSdeG-PSOE)
30.- González Loroño, Beatriz	(PP)
31.- González Solla, Salvador	(PP)
32.- Gutiérrez Fernández, Eduardo	(BNG)
33.- Janza Muñiz, Paula	(PP)
34.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
35.- López Abella, Susana	(PP)
36.- López Besteiro, Manuela	(PP)
37.- López Díaz, Victoria Eugenia	(PP)
38.- López Outeiral, Manuel	(PP)
39.- López Pérez, Emilio	(BNG)
40.- López Veiga, Enrique César	(PP)
41.- López Vidal, Pablo Xabier	(PSdeG-PSOE)
42.- Louro Goyanes, Antón	(PSdeG-PSOE)
43.- Mayán Santos, José Manuel	(PP)
44.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeG-PSOE)
45.- Merino Mejuto, Domingos	(BNG)
46.- Novo Arrojo, María Tereixa	(BNG)
47.- Palmou Lorenzo, Xesús	(PP)
48.- Pedrosa Vicente, Juan	(PP)
49- Pérez Herraiz, Margarita	(PSdeG-PSOE)
50.- Pérez Touriño, Emilio	(PSdeG-PSOE)
51.- Pita Varela, Jaime Alberto	(PP)
52- Pose Mesura, Modesto	(PSdeG-PSOE)
53.- Rego González, Ismael	(PSdeG-PSOE)
54.- Reviejo Ares, Miguel Ángel	(PP)
55.- Rodríguez Corcoba, Fernando	(PP)
56.- Rodríguez Cuervo, Inmaculada	(PP)
57.- Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo	(BN)G)
58.- Rodríguez Fernández, Maximino	(PP
59.- Rodríguez González, Manuel Luis	(PSdeG-PSOE)
60.- Rodríguez Peña, Xosé Henrique	(BNG)
61.- Rodríguez Seijas, María Dolores	(PP)
62.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
63.- Ruíz Rivas, Manuel Santos	(PP)
64.- Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
65.- Seara Sobrado, Laura	(PSdeG-PSOE)
66.- Sestelo Fernández, Ramón	(PP)
67.- Sineiro García, Francisco	(PSdeG-PSOE)
68.- Soneira Tajes, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
69.- Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
70.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
71.- Tapia Fernández, María Jesús	(PP)
72.- Trigo Durán, Francisco	(BNG)
73.- Varela Sánchez, Ricardo	(PSdeG-PSOE)
74.- Veiga Buxán, Xesús Manuel	(BNG)
75.- Villarino Santiago, Dolores	(PSdeG-PSOE)

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1696-3490